



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 92

Sesión plenaria
20 de novembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

38089 (10/CPP-000083)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das actuacións para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais (doc. núm. 19044, corrección de erros doc. núm. 21081, 10/PPLI-000003)

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 371, do 16.10.2018

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (doc. núm. 32947, 10/PPL-000026)

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 331, do 04.07.2018

Punto 3. Mocións

3.1 40031 (10/MOC-000112)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción a consecuencia da interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

3.2 40050 (10/MOC-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 23492 (10/PNP-001703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de 65 anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.2 29816 (10/PNP-002188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

4.3 30032 (10/PNP-002210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

4.4 33233 (10/PNP-002513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

4.5 34769 (10/PNP-002615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

4.6 35217 (10/PNP-002628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

4.7 39495 (10/PNP-002940)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

4.8 39685 (10/PNP-002961)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 27682 (10/INT-000892)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

5.2 36087 (10/INT-001202)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

5.3 38227 (10/INT-001266)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

5.4 38579 (10/INT-001276)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 40153 (10/POPX-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

6.2 40154 (10/POPX-000116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia de dotación de servizos e equipamentos sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

6.3 40155 (10/POPX-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 40130 (10/PUP-000202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.2 40132 (10/PUP-000203)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir as reivindicacións dos traballadores da CRTVG que os levan á folga no mes de novembro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.3 40096 (10/PUP-000200)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da misión especial a China encabezada pola Xunta de Galicia para participar na I Feira Internacional de Importación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.4 40105 (10/PUP-000201)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.5 36800 (10/POP-004348)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.6 37057 (10/POP-004372)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e catro deputados/as máis**

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

7.7 38820 (10/POP-004548)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

7.8 39173 (10/POP-004589)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da Política Agraria Común, no que se teñan en conta as características do país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

7.9 36641 (10/POP-004332)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica que non se xustificaron inasistencias e éntrase na orde do día. (Páx. 11.)

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das actuacións para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 20.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 24.), Sra. Quintero Araújo (EM) (Páx. 27.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 30.)

Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 34.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 40.) *Nesta rolda interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 40.), a señora Pierres López (S) (Páx. 42.), a señora Quintero Araújo (EM) (Páx. 44.), a señora Prado del Río (P) (Páx. 47.) e o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 49.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Rodríguez Álvarez. (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 56.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 58.), Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 61.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 64.)

Rolda de réplica: Sra. Rodríguez Álvarez (S). (Páx. 69.)

Votación da proposición de lei de iniciativa popular

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais: rexeitada por 20 votos a favor, 37 en contra e 14 abstencións. (Páx. 72.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 72.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 76.) e *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 78.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 80.)

O señor Sánchez González (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 82.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 87.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 89.) e *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 91.)

Nova intervención da señora Blanco Rodríguez (S). (Páx. 93.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e dezoito minutos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de 65 anos. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 98.) e *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 100.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 102.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a existencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 109.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 111.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 114.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 115.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 117.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 118.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 121.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 123.) e *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 124.)

O señor Moreira Ferro (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 126.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 128.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 128.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 134.) e *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 135.)

O señor Villares Naveira (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 137.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade. (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 140.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 143.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 147.)

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos. (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 149.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 152.)

Réplica da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 157.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión, de maneira que se debaterá en primeiro lugar a pregunta que figura como terceira. (Páx. 158.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da misión especial a China encabezada pola Xunta de Galicia para participar na I Feira Internacional de Importación. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 158.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 160.)

Réplica do autor: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 161.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 162.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia en Ferrol. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 163.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 164.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 166.)

Suspéndese a sesión ás oito e dous minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Damos comezo á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Sen máis, entramos na orde do día co punto 1.

Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das actuacións para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo —como acaba de dicir o presidente— en nome da Xunta de Galicia, e por petición propia, para informar á Cámara sobre as actuacións que se teñen desenvolvido, as que estamos desenvolvendo e, sobre todo —obxecto principal da comparecencia—, as que se van acometer dende a Xunta de Galicia, agardo que coa colaboración e as propostas de todos e de todas, nos vindeiros meses e nos vindeiros anos, en relación co desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Por desgraza, señorías —disto temos falado moitas veces—, a violencia machista segue hoxe moi presente na nosa sociedade, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. En definitiva, segue presente nas nosas vidas, non hai máis que —por aportar o dato máis doloroso, hai moitos máis— recordar que no que vai de ano foron xa tres as mulleres asasinadas en Galicia: Magdalena Moreira, María Judite Martins e Ana Belén Varela —tres en Galicia, corenta e tres no conxunto do Estado, e tres menores—. Polo tanto, señorías, estes datos arrepiantes fannos seguir pensando que hai que seguir artellando medidas.

Vou dar algún dato máis para enmarcar a situación que todos coñecemos. No primeiro semestre deste ano 2018, recibíronse en Galicia case tres mil denuncias por violencia de xénero, denuncias recibidas nos xulgados galegos. Isto é un bo dato no sentido de que crece o número de denuncias, non o é en que isto o que demostra é que tamén hai situacións denunciabes; pero, cando menos, crece o número de denuncias e cremos que iso é bo. O peor é que haxa

situacións que non se denuncian. 80.000 foron en toda España, xa digo que case tres mil nos xulgados galegos.

Tamén na rede pública de recursos asistenciais os datos dan idea da magnitude do problema. No primeiro semestre do ano, nos oitenta e un centros de información á muller que ten a Xunta de Galicia en colaboración cos concellos, recibíronse catro mil setecentas cincuenta e unha consultas sobre violencia de xénero. Os servizos de asistencia psicolóxica atenderon a case seiscentas persoas. E na rede de acollemento aloxáronse un total de noventa mulleres e setenta e catro menores. E un último dato: as axudas directas a vítimas foron concedidas a case trescentas, a duascenas noventa e tres mulleres, para axudalas a iniciar unha nova vida lonxe da violencia machista. Ademais —como dicía— sabemos que, por desgraza, estes datos son só a punta do iceberg da violencia machista, a parte máis visible, pero hai moitas mulleres que seguen sufrindo a violencia machista en silencio, silenciadas polo medo, silenciadas pola situación de dependencia na que están polo motivo que sexa; en definitiva, porque non ven unha saída á situación que están a sufrir. Polo tanto, a obriga das administracións é que saiban que existe o aparello administrativo e o clima de confianza que hai que darlles para que dean ese primeiro paso para saír da violencia. Que se van a unha comisaría ou aos xulgados, se chaman ao 016, se acoden ao seu CIM ou se acoden, en definitiva, a calquera recurso público ou a calquera servizo social, van ser debidamente escoitadas e atendidas para empezar a saír desa situación de pesadelo. A partir de aí, vaise activar unha rede integral de asistencia pensada para que, dentro do difícil que sexa a súa situación, todo se faga cando menos dunha maneira máis áxil e o menos dramática posible.

E, por outra banda, temos que seguir concienciando para previr estas situacións e evitar que pasen, ou polo menos evitar que pasen coa intensidade coa que están acontecendo moitas veces. Dende a escola —sen dúbida, esa é unha das claves, a educación—, pero tamén coas persoas maiores, cos adultos, para que saian sempre en defensa de quen estea sufrindo violencia machista; para que os veciños e as veciñas non calen; para que no traballo non se cale ante situacións de acoso; para que, en definitiva, non se considere normal o que durante moito tempo e en moitos ambientes, por desgraza, parecía algo normal.

Polo tanto, señorías, estas son obrigas que nos implican a todas as administracións. A vida dunha persoa non se compartimenta por competencias administrativas. Non se lle pode dicir a unha vítima de violencia machista: isto é competencia dunha administración, isto é competencia doutra.

Aquí trátase de abordar todo este escenario dun xeito integral, polo tanto, coordinación, coordinación e mais coordinación. O obxecto desta comparecencia e, por suposto, a obriga e o deber da Administración, é propoñer medidas dentro do Pacto de Estado, pero tamén agardamos as súas propostas. Eu agardo que ao final sexamos capaces de poñer en marcha, canto antes, todas estas medidas dun xeito consensuado e recollendo aportacións de todo o mundo, que aquí creo que todo o mundo ten moito que dicir.

Esta vontade de coordinación, esta vontade de consenso, está ademais na raíz, no punto de inicio, do Pacto de Estado. Recordar que no Pleno do Congreso dos Deputados, en novembro de 2016, se aprobou por unanimidade unha proposición non de lei para promover este Pacto

de Estado. Aí empezou todo. A partir de aí, as Cortes Xerais empezaron os seus traballos. No Congreso, nas comisións, sesenta e seis persoas expertas en materia de violencia contra as mulleres. No Senado, unha ponencia na que compareceron cincuenta e dúas persoas expertas. No propio Senado, ademais, prodúcese, tras o acordo da Conferencia de presidentes que tivo lugar en xaneiro de 2017, a convocatoria da Comisión xeral das comunidades autónomas para debater achegas ao Pacto de Estado. Aí tiveron o privilexio de representar a Comunidade Autónoma de Galicia, levando, ademais, a postura consensuada desta Cámara. Aprobámola o 1 de marzo por unanimidade e foi transmitida no Senado o 9 de marzo de 2017. Por iso insisto en que, se fomos capaces no seu momento de transmitir unha postura unánime da Cámara galega neste tema, deberíamos ser capaces agora de consensuar cando menos moitas das medidas a desenvolver dentro do Pacto de Estado.

Seguindo coa xénese do Pacto de Estado, recordar que o 13 de setembro o Pleno do Senado aprobou por unanimidade o seu Informe. E quince días despois o Congreso aprobaría tamén —esta vez non foi por unanimidade, coa abstención de Podemos e parte do Grupo Mixto— o seu Informe para un pacto de estado en materia de violencia de xénero. Despois o Goberno do Estado decidiu —creo que nun movemento absolutamente lóxico e entendible— consensuar as medidas de ambas as dúas cámaras nun só documento. E ao final o Pacto de Estado consistiu en dez eixes temáticos que conteñen preto de trescentas medidas a implantar polas diferentes administracións.

En xullo de 2017, o Goberno anunciou a dotación orzamentaria do Pacto de Estado imprescindible para levalo a cabo, un total de 1.000 millóns de euros para cinco anos. En total: 100 millóns para entidades locais, 500 para comunidades autónomas e 400 millóns para desenvolver as competencias estatais, todo isto, dentro dos orzamentos xerais do Estado. Acordouse ademais, coas comunidades autónomas, a creación de seis grupos de traballo para ir desenvolvendo eses eixes, e establecéronse tamén, xunto coa FEMP, unha serie de medidas prioritarias para desenvolverlas en primeiro lugar.

É certo, e non se pode obviar nesta cronoloxía do Pacto de Estado que agora remato xa, que unha moción de censura, o 1 de xuño de 2018, cambiou o Goberno. É certo tamén que, no mes de xullo, o novo Goberno convocou as comunidades autónomas para cuantificar o que xa quedara establecido antes; decidir e concretar a distribución dos fondos previstos segundo os criterios que estaban fixados previamente. É certo que outros compromisos, como a creación dos grupos de traballo e as medidas prioritarias que se ían facer en primeiro lugar, aínda non se levaron a cabo, pero é xusto recoñecer que se concretaron as cantidades que —insisto— xa viñan de antes, e os 8 millóns de euros que lle correspondían á Comunidade Autónoma de Galicia se ingresaron a finais de outubro. E lóxicamente, como teñen pedido todas as comunidades autónomas —non só Galicia, senón todas elas—, a finais de outubro estes fondos deben ser incorporables, para empezar a executalos xa parte este ano, na parte que dea tempo, pero, dende logo, abordando, xunto cos do ano que vén, unha actuación global ao longo do 2019. Insisto en que parte xa se poden empezar a executar —ímolo facer, e así o relatarei agora— neste ano 2018.

Hai que dicir unha cousa, temos moito traballo adiantado en Galicia. Moitas das previsións do Pacto de Estado, desas 300 medidas, xa estaban contidas na Lei 11/2007, para a prevención e

tratamento integral da violencia de xénero. Foi unha lei moi adiantada para o tempo en que se aprobou, hai máis de dez anos, aprobada por unanimidade —creo recordar— nesta Cámara, e, polo tanto, permítenos ter bastante traballo avanzado. Estamos a falar de aspectos tan relevantes, xa previstos en Galicia, como a consideración como violencia de xénero de formas de violencia contra a muller máis aló do ámbito da parella ou da ex-parella. E tamén a posibilidade de que os servizos sociais acrediten como tal a unha vítima sen necesidade dunha previa sentenza xudicial. Iso que agora se incorpora no Pacto de Estado, xa estaba previsto en Galicia.

Avanzamos tamén noutros eixos, durante estes anos, que veñen agora no Pacto de Estado: introdución no ensino de valores de igualdade de oportunidades no ámbito educativo; traballo cos medios de comunicación para evitar o sexismo; reforzo da formación en igualdade do persoal da Administración autonómica e do persoal das administracións públicas en xeral; mellorar a coordinación con outras administracións; atención aos fillos e fillas das vítimas, así como ás nais cuxos fillos e fillas son asasinados polo seu maltratador; promoción da coordinación entre diferentes administracións no ámbito rural e no ámbito local. Todo iso que vén agora como eixos do Pacto de Estado, xa estaba previsto e estíbese desenvolvendo dende a Lei galega do ano 2007.

Por facer un pequeno resumo do que acabo de dicir, poderíamos dicir que máis da metade —un 56 % aproximadamente— do disposto no actual Pacto de Estado que agora se empeza a desenvolver xa estaba iniciado ou estaba sendo desenvolvido en Galicia. Isto non quere dicir que non haxa marxe de mellora —por suposto que a hai— e que non haxa medidas novidasas que temos que acometer.

Cando comparecín na Comisión 1ª por mor dos orzamentos da Vicepresidencia, xa adiantei catro medidas, as catro que queríamos desenvolver inmediatamente, contando con que houbera xa unha aportación de cartos neste mesmo ano —que, xa digo, chegou hai apenas dúas semanas—, que se suman ás outras que compoñen o Pacto de Estado, que nós encadramos en catorce medidas, e que agora paso a relatar.

Desas catro medidas máis inmediatas —na liña tamén, por certo, do que se avanzara antes de aprobar o Pacto de Estado, dicindo que había unha serie de medidas prioritarias que había que facer xa—, a primeira é empezar a colaborar xa. Onte mesmo asinamos o convenio co Colexio de Psicoloxía de Galicia para poñer en marcha —para entendernos— unha quenda de garda psicolóxica —igual que a hai respecto dos avogados e dos procuradores—, que sexa especializada en atención a vítimas de violencia de xénero e que teña carácter permanente. Está no Pacto de Estado, é a medida 72. Imos destinar 350.000 euros en principio e veremos como evoluciona en función da demanda.

Empezamos xa, inmediatamente, coa formación destes profesionais para facer este labor específico, e con todos os labores de coordinación administrativa para que se incardinan nas quendas, igual que fan agora mesmo os avogados e procuradores; por suposto, tamén en contacto co Poder xudicial e coa Fiscalía.

Esta atención —que vai ter sempre, xa digo, carácter permanente e especializado, carácter de urxencia— vaise desenvolver en sede policial cando sexa necesario, en sede xudicial e no pro-

pio domicilio. E vaise activar, en principio, a requirimento das forzas e corpos de seguridade do Estado en canto teñan coñecemento dunha vítima que se achegue a facer unha denuncia.

A segunda medida que queríamos poñer en marcha de xeito inmediato é o Plan estratéxico de atención integral aos menores e orfos. Está nas medidas 172 e 210 do Pacto de Estado. ¿En que consiste? En que sempre que así o manifeste a familia dos ou das menores, a Xunta de Galicia vai asumir os custos, en primeiro lugar, do sepelio das súas nais, se foron asasinadas, incluíndo os gastos de traslado, inhumación e incineración. Isto que parece moi obvio, ata o de agora non se estaba facendo aquí nin se estaba facendo en ningún outro sitio, polo menos que nós teñamos noticia.

Imos activar, ademais, unha indemnización económica para os orfos e orfas; as persoas que asuman a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente son as que a xestionarán.

Imos proporcionar acompañamento e asesoramento aos fillos e fillas orfos, vítimas de violencia de xénero, e tamén ás persoas que asuman o seu coidado, para que se poidan facer cargo deles nas condicións axeitadas. Asistirémolos, polo tanto, en todos os trámites administrativos que precisen: solicitude de certificados, actos de últimas vontades, contrato de seguro e cobertura de falecemento, testamento, declaración de herdeiros, trámites no ámbito laboral e de Seguridade Social... Todo aquilo que botan en falta os orfos e orfas nunha situación xa de por si durísima, e necesitan esta axuda da Administración.

Tamén imos facilitar o apoio e a atención socioeducativa integral cos menores, orfos e orfas, que así o precisen, apoiando tamén nese eido as persoas que asuman o seu coidado durante todo o tempo que sexa necesario. Para o cumprimento destes fins, por suposto, a Administración ten os seus propios medios, pero tamén imos establecer convenios de colaboración cos profesionais que máis implicados poden estar directamente. Estou falando de colexios de xestores administrativos, graduados sociais, educación social e asociacións de auditoría sociolaboral.

A terceira medida que queremos poñer en marcha de xeito inmediato trátase dun plan de incentivos a empresas e concellos para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero. É a medida 175 do Pacto, cremos que é unha medida moi importante, e pensamos dedicarlle en principio, como previsión, ata 3 millóns de euros ao ano. Trátase de implantar axudas ás empresas que contraten mulleres vítimas de violencia de xénero durante un tempo mínimo de doce meses. Queremos estendelo ás empresas, e tamén aos concellos, para fomentar a inserción laboral das vítimas. Xa iniciamos unha medida parecida no 2016 e dende entón está vixente con entidades sen ánimo de lucro, pero cremos que agora pasar ás empresas e pasar aos concellos supón, sen dúbida, un salto cualitativo importante.

E a cuarta e derradeira medida inmediata é o Plan de acompañamento e asesoramento da vítima.

Queremos poñelo en marcha co Poder xudicial, coa Fiscalía, cos colexios de avogados e procuradores e tamén co Colexio de Psicoloxía de Galicia. Trataríase de implantar un protocolo

único de cooperación entre estes axentes. É unha medida, por certo, a 140 do Pacto, e o que queremos é evitar a vitimización secundaria, a segunda vitimización da muller que denuncia.

O proceso xudicial é un proceso moi duro e, polo tanto, queremos impulsar a coordinación entre o psicólogo, que xa estará nesa quenda de oficio e garda á que antes me referín, o avogado especializado, o procurador e os profesionais da xustiza. En definitiva, apoiar a muller e evitar unha declaración confusa que frustre o proceso. Asegurar que se achegan as probas necesarias, tratar de evitar que se acolla ao dereito a non declarar... tratar de evitar que renuncie ao proceso por causas que ás veces derivan dunha falta de asesoramento ou do axeitado acompañamento. En todo caso, é tamén un desenvolvemento da normativa de atención á vítima e cremos que ten unha plasmación moi necesaria e moi urxente.

Estas serían as catro medidas que queremos poñer en marcha, xa estamos en conversas, algunhas xa empezaron. Onte asinamos o convenio co Colexio de Psicoloxía, outras empezarán en breve. Estas son as catro máis urxentes, pero hai outras que loxicamente son urxentes tamén e que queremos poñer en marcha á maior brevidade posible, e, en todo caso, no vindeiro ano.

En total, catorce medidas, xuntando estas catro, que me gustaría resumir en tres bloques fundamentais. O primeiro, as que se centran en atención ás vítimas, pensando que o obxectivo último é que saian do pesadelo e que se reinserten laboral e socialmente. Tamén políticas encamiñadas á prevención das violencias machistas: campañas, iniciativas de concienciación, actividades no eido da educación, nos centros escolares. E, por último, ampliar o coñecemento das formas e incidencias da violencia machista en Galicia. Saber que pasa para evitar, precisamente, que pase.

Empezando polo primeiro bloque, atención ás vítimas, hai que seguir mellorando, sen ningunha dúbida, as medidas para facilitarlles unha saída, unhas expectativas vitais e tamén opcións habitacionais. Ás veces, que teñan un lugar onde acollerse, un lugar onde vivir, por aí empeza o principio do fin do pesadelo. Polo tanto, imos reforzar a Rede galega de acollemento coa posta en marcha de novos recursos para as mulleres vítimas de violencia e para os seus fillos e fillas. Estas son medidas que están no Pacto, a 168 e a 179. Polo tanto, imos ampliar os centros que xa existen e imos adicar tamén a esta medida, en principio, 500.000 euros. Imos ampliar as prazas dos centros que xa existen onde sexa posible e tamén imos poñer en marcha novos recursos. Por exemplo, no rural da provincia de Lugo e na Mariña lucense, un recurso dirixido a vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental asociada. Por desgraza, é un caso máis frecuente do que se poida pensar, e estas mulleres necesitan unha atención especial nun recurso especial, e, polo tanto, poñerémolo en marcha. E tamén imos reforzar con 150.000 euros, por darlles outro exemplo, o Centro de emerxencia de Vigo, que está adscrito ao Consorcio Galego de Servicios Sociais da Xunta de Galicia.

Dentro deste primeiro bloque dos tres, outra medida importante é deseñar e poñer en marcha un plan integral de acceso á vivenda. Por dicilo doutra maneira, garantir un lugar, cando non é un centro de acollemento, unha vivenda, de xeito inmediato. En lugar do centro de acollemento, ou cando saian do centro de acollemento, para todas as mulleres vítimas de violencia machista e tamén para os seus descendentes menores; e cando son orfos tamén —antes me refería a iso—, e para os seus cuidadores e cuidadoras.

A axuda vai ter carácter anual. Poderá percibirse unha subvención de doce bonos mensuais consecutivos, sendo susceptible, en función das circunstancias, de posteriores prórrogas. Unha medida tamén do pacto local —a 168—, e imos adicar en principio, xa veremos a evolución, 2,5 millóns de euros ao ano.

E, por suposto, tamén imos seguir avanzando nas medidas terapéuticas especializadas en relación coas vítimas de violencia machista; medidas 255 e 256 do Pacto. En principio imos adicar arredor de 250.000 euros. ¿Que queremos facer? Pois no ano 2019 ampliar a cobertura ás catro provincias, é dicir, a todo o territorio galego, dos programas de intervención terapéutica con mulleres que sufriron violencia sexual. Xa iniciamos esta experiencia neste ano coa Fundación Meniños e agora queremos xeneralizala e dirixila a todas as mulleres e menores vítimas de abuso e violencia sexual, para paliar os efectos sempre devastadores, acompañar as vítimas na adquisición de habilidades para afrontar as consecuencias da situación que sufriron e traballar todos aqueles traumas que se puideran ter producido para mellorar a súa saúde psicolóxica. É dicir, atención psicolóxica e atención terapéutica especializada e xeneralizada ás catro provincias.

Tamén imos colaborar coas federacións de mulleres rurais, é importantísimo facer actuacións neste eido no rural. Desenvolver programas de apoio ás vítimas de violencia de xénero no medio rural, en coordinación, por suposto, cos servizos públicos —aquí os recursos de servizos sociais dos concellos son importantísimos—, e o labor de información e de apoio que poden facer os centros de información á muller tamén o é. Tamén son medidas que están no Pacto, números 180 e 181, os eixos nos que se recollen.

E tamén imos promover estadias de tempo libre para as mulleres vítima de violencia de xénero con responsabilidades familiares non compartidas. Trátase de que estas mulleres e os seus fillos e fillas poidan desfrutar dunha estadia vacacional, acompañadas dun equipo especializado, para traballar e recuperar, cando sexa necesario, as relacións maternofiliais, que moitas veces están destrozadas pola violencia machista que sufriron. É unha medida tamén do Pacto, a 170. En principio investiremos arredor de 60.000 euros.

E por último, neste eido recordar que as axudas económicas directas que se dan ás vítimas de violencia de xénero, que agora mesmo, na contía e no xeito que se están dando só en Galicia se están producindo deste xeito, ímolo manter, vén de hai moitos anos e cremos que hai que mantelo, e imos adicar a estas axudas directas, que son as medidas 72 e 75 do Pacto —insisto, en Galicia levamos xa moitos anos con elas—, 4,5 millóns de euros. Ademais, dende unha emenda aos orzamentos do ano pasado, do BNG por certo, que foi apoiada polo grupo maioritario, as mulleres xa non teñen que esperar, cando se esgota a partida, a que se volva suplementar. Sempre hai partida, polo tanto, eses tempos de espera xa non se dan.

O segundo gran campo de actuación, dos tres aos que me refería, ten que ver coa prevención e a sensibilización. Actuacións concretas.

Como dicía, é fundamental —falámolo moitas veces nesta Cámara— prestar especial atención, á hora de prever a violencia machista, ao ámbito educativo. Hai multitude de medidas no Pacto de Estado que se refiren a isto. Concretamente todo un eixo, o eixo 1. Rotura do si-

lencio, prevención e sensibilización, todo o que ten que ver con isto, levará aparelado un investimento de 4,5 millóns de euros. ¿Para que? Para impulsar na totalidade de centros educativos programas de igualdade, programas de prevención e loita contra a violencia machista. Imos traballar tamén coas universidades moi estreitamente. Convocarase unha orde de axudas para que as universidades financien proxectos de investigación con perspectiva de xénero e sobre violencia machista. Imos promover a implantación dun máster interuniversitario en violencia machista e instauraranse novas liñas de colaboración, que se engadirán ás que xa temos, coas oficinas de Igualdade das tres universidades.

Imos facer tamén un esforzo, creo que moi importante, en traballar moi estreitamente cos concellos en materia de prevención, desenvolver campañas de sensibilización. Sempre dicimos que a Administración local —e é certo— é a máis cercana ao cidadán, polo tanto, é neste ámbito onde poden ter máis incidencia todas estas medidas. Hai moitos puntos do Pacto de Estado que inciden na colaboración cos concellos, polo tanto, nós imos seguilos, e aumentamos a colaboración neste eido da prevención desde o ámbito local, outorgándolle aos concellos axudas, a maiores das que xa se estaban dando, por 800.000 euros. Quero recordar que a cantidade anunciada, que aínda non ingresada, dende o Estado aos concellos galegos para loitar contra a violencia de xénero é de 1,2 millóns de euros na totalidade. A isto engadiríanse os 800.000 euros, que irían en campañas de prevención, dende a consignación que destina a Xunta de Galicia para exercer as súas competencias.

Xa digo, son múltiples as cousas que se poden facer: dirixirse especialmente á poboación infantil e xuvenil, favorecer a coeducación; tamén no uso das redes sociais, gran problema nestes momentos, e dispositivos electrónicos; dirixirse ás mulleres máis vulnerables, que son moitas veces as que están no ámbito rural, mulleres maiores, mulleres con discapacidade; mulleres vítimas de trata; en definitiva, ao conxunto da cidadanía dende a esfera máis próxima.

Hai que facer tamén protocolos de actuación contra a violencia sexual, para que todas as administracións saibamos exactamente o que hai que facer en cada momento de xeito coordinado e non se perda tempo. Prever tamén posibles agresións sexuais, posibles circunstancias de violencia machista en espazos públicos, establecendo puntos seguros e puntos de información sobre violencia sexual.

Tamén imos incrementar dende o Goberno galego as accións formativas e de sensibilización á mocidade. Imos ampliar a presenza que xa existe de puntos informativos nos festivais de música, nas grandes concentracións, nos grandes eventos, nas festas de interese turístico de Galicia. Imos implantar novas funcionalidades na APP Agresión Off para establecer sistemas de apoio á xeolocalización, por exemplo. Que sempre a posible vítima, ou calquera muller que leve esta APP, poida estar xeolocalizada. Isto ao final axuda a prever agresións e, en todo caso, a facilitar a súa denuncia e investigación se se produciran. Esta é unha medida concreta do Pacto de Estado e terá un custo de 230.000 euros.

Traballaremos tamén cos medios de comunicación. Sabemos que é un aspecto importantísimo. Traballaremos nunha dobre vertente, por unha parte, impulsando a formación dos profesionais do xornalismo, campañas de sensibilización nos medios de comunicación. En definitiva, buscar o compromiso dos medios nun tratamento informativo axeitado da

violencia machista cando se produzan informacións neste sentido. E colaborar tamén con eles na difusión de campañas que fagamos dende a Xunta de Galicia, de campañas que se fagan dende outras administracións con fondos da Xunta de Galicia, que estean dirixidas tanto á cidadanía en xeral como a públicos e colectivos concretos, que tamén os haberá, colectivos especialmente vulnerables, maiores de 65 anos, xente nova, mulleres do ámbito rural, aos que antes me referín.

Son tamén medidas do Pacto de Estado, traballo cos medios de comunicación; en concreto, medidas 24, 25, 26, 43 e 56 do Pacto. Cinco medidas referidas ao traballo cos medios de comunicación.

E tamén, ademais do ámbito educativo, ademais dos medios de comunicación, colaboraremos, imprescindibles neste eido, coa sociedade civil organizada. Estou falando das asociacións de todo tipo, para contribuír á súa concienciación, e que nos axuden a concienciar a sociedade sobre a igualdade e contra a violencia machista. Xa empezamos a facelo estes anos, pero en 2019 imos ampliar as axudas destinadas ás asociacións de mulleres de Galicia, 300.000 euros.

Abriremos —como dixen— unha liña específica para as federacións de mulleres no rural, e imos seguir colaborando —cremos que é fundamental— coas asociacións veciñais na loita contra a violencia machista. Tamén no eido deportivo estamos facendo convenios coas diferentes federacións deportivas. Cremos que sobre todo na mocidade e no deporte base se pode facer moitísimo neste eido. Faremos campañas específicas para fomentar a igualdade no deporte, e a través o deporte en todos os aspectos da vida. Faremos tamén unha mellor difusión a través do patrocinio de equipos e tamén de determinados eventos deportivos. Son tamén medidas do Pacto, e a estas actividades imos adicar arredor de 600.000 euros.

O terceiro gran grupo destes tres aos que me referín, no que se engloban estas catorce medidas, refírese á ampliación do coñecemento dispoñible sobre a violencia machista. Imos facer unha nova macroenquisa sobre a percepción da violencia machista en Galicia. Fíxose unha no ano 2006, fíxose outra no ano 2012, e cremos que cómpre nestes momentos, seis anos despois, facer outra nova macroenquisa; ademais é unha das medidas previstas no pacto, medida 169.

En paralelo, imos afondar en todo este eido do coñecemento. Imos facer un estudo da incidencia da violencia machista no ámbito rural. Como veño dicindo ao longo desta comparecencia, cremos que é un campo no que queda moitísimo por traballar e, polo tanto, dedicaremos unha especial atención a un estudo neste eido; ademais son medidas, dúas concretamente, previstas no Pacto de Estado.

En definitiva, señorías, e dun xeito resumido, esta é a enumeración das medidas que imos facer. Son catorce, que engloban, primeiro, moitas das que están contidas no Pacto de Estado. Non as trescentas, loxicamente, trescentas non se poden acometer, pero si moitas das que se están facendo e que cremos que son as que poden ter unha maior efectividade e unha maior incidencia en Galicia.

Temos a experiencia e a vantaxe de que —como dicía—, moitas das que agora se prevén como novidosas para moitos territorios do Estado, xa se viñan desenvolvendo en Galicia,

polo tanto, todo este traballo adiantado hai que aproveitalo, aproveitando tamén a disposición de fondos adicionais que agora existen e que se engade aos que xa se viñan consignando dende os orzamentos da Comunidade Autónoma.

Non pretendemos aquí —e xa o teño dito noutras comparecencias— ter a clave de todo o que hai que facer, acertar en todo. Esta é unha proposta aberta na que creo que todos nos podemos sentir incluídos; na que estamos dispostos, dende o Goberno galego, a recoller todas aquelas propostas que se estime facer desde os grupos parlamentarios. O único que solicitamos é, primeiro, que haxa un traballo en consenso; que intentemos apartar no máximo posible as diferenzas políticas. Fomos capaces de acadar acordos por unanimidade respecto á violencia machista e á loita pola igualdade neste Parlamento en máis dunha ocasión, e agardo que agora sexamos capaces de facelo tamén. Sería unha magnífica nova, e sería unha magnífica nova tamén que foramos capaces de acadar estes consensos rápidos e de poñelos en marcha inmediatamente.

Temos un enorme problema enriba da mesa. Xa estamos traballando, pero temos que seguir traballando e non perder un só minuto. Polo tanto, se foramos capaces de desenvolver todas estas medidas, algunhas xa digo que están iniciadas porque eran máis urxentes, pero se foramos capaces de facer todas as demais, e co maior consenso posible, creo que estaríamos facendo un gran labor para a xente que nos puxo aquí para que fagamos este tipo de cousas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.

Señor Rueda, o primeiro que teño que dicirle, con toda sinceridade, é que ao BNG lle parece positivo que un conselleiro veña comparecer ao pleno do Parlamento galego para falar da violencia machista. Eu podería vir aquí e dicirle que nos parece política de xestos porque non viña sendo habitual e porque estamos a portas do 25 de novembro. Pode que sexa así. Pero, en todo caso, nós entendemos que sempre que se fale nesta Cámara de violencia machista, é unha boa noticia.

E segundo, quizais iso axude a compensar un pouco a ausencia que tivo este tema nos dous debates máis recentes que tivemos nesta Cámara, que nos alarmaron profundamente ao BNG e que intentamos modestamente colocalos na palestra, que foi o Debate do estado da nación e que foi tamén o inicio do debate orzamentario, no que aínda nos atopamos.

Nós sempre insistimos en que aquilo que non se nomea non existe, e polo tanto, é importante que este pleno comece hoxe falando de violencia machista. Pero a verdade é que nos deixa tamén un sabor un tanto agridoce, porque nos dá a sensación de que este tema do Pacto de Estado non nos dá tanta marxe para chegar a cuestións concretas no inmediato

como se vostede viñera facer unha avaliación máis profunda das competencias máis propias, e, nese sentido, entendemos que nos dá un pouco de insatisfacción. E tampouco podemos deixar de preguntarnos se vostede viría comparecer se vostedes aínda seguiran gobernando en Madrid. Eu quero pensar que si.

En todo caso, vamos ao importante. Eu creo que é procedente, primeiro, facer unha valoración de como vemos este pacto contra a violencia machista do Estado desde o BNG, agora que xa pasou un tempo desde a súa aprobación. Vaia por diante —quero insistir nisto— o noso es-
crupuloso respecto a todas as persoas que participaron nela e a todas as forzas políticas, que estamos convencidos e convencidas de que o fixeron co mellor espírito construtivo, pero a verdade é que a avaliación de como estamos nos deixa un pouco insatisfeitas e certamente decepcionadas. Desde o BNG mantivemos desde o inicio unha posición un tanto crítica con este pacto, pero non con base en apriorismos, senón con base en feitos obxectivos.

Nós fixemos seguimento desde o primeiro momento, e creo que é bo recordar de que contexto nace e tamén facer un balance. Isto nace desde un contexto onde a dereita do Estado non tiña maioría absoluta; un contexto onde había un pico de violencia machista manifestado nunha vaga de feminicidios consecutivos que desatou grandes mobilizacións sociais, e, polo tanto, foi un pouco a saída para apagar certos debates en aras dun certo abrazo de oso. Para nós esa é a conclusión que tiramos dun tempo prolongado do seu partido no Goberno mediante o que non se aprobou nin un só cambio lexislativo e non se avanzara tam-
pouco na cuestión orzamentaria.

Houbo unha moción de censura, é certo que hai un cambio de actitude por parte do Goberno, pero tamén é certo que seguimos sen considerar que isto nos estea abrindo demasiadas portas no noso país. ¿Por que? Pois porque o principal problema —e vostede xa o avanzaba— é que aquí partimos dun marco moi superior. Aquí partimos dunha situación na que hai debates que este país xa pechou hai dez anos, ou xa abriu hai dez anos, mellor dito. Polo tanto, hai cuestións que son unha porta aberta, seguro, positiva para moitísimas mulleres no resto do Estado, e nós alegrámonos. Nós entendemos que Galiza ten que poñer aí toda a súa experiencia para sumar. Pero o que o certo é que, en cuestións concretas para a nosa comunidade, nos deixa un pouco insatisfeitas a respecto de cales serán as expectativas. A cuestión central, para min, é esa. Nós tamén temos botado contas e temos manifestado moitas veces que máis da metade deste pacto en Galiza xa está en vías de desenvolvemento, polo tanto, necesitamos un plus, necesitamos algo máis para que isto nos satisfaga.

Facía vostede mención —e eu quero insistir— a que hai cuestións que se están poñendo enriba do Estado, que se acaban de concretar nunha recente modificación lexislativa en agosto, que a nós, en termos reais, non nos supón nada. A acreditación da vítima sen denuncia previa en Galiza non nos supón nada novo. Eu alégrome polo resto do Estado, pero o certo é iso. Definición máis avanzada de violencia machista. Efectivamente, vímolos este verán, vímolos cando falabamos de casos tan dramáticos no noso país como o de Diana Quer, que transcendeu as nosas fronteiras; ou como o da Manada, ou como cando falabamos doutras cuestións e se debatía no Estado que como iso non era considerado violencia machista. Nós dicíamos desde aquí que nós xa o consideramos. O problema é que durante moitos anos, ao final, a política que se viña implementando desde o Estado español supuxo un parón en ma-

teria de igualdade e de violencia machista. Ao convenio de Estambul me remito, asinado polo Estado español en 2014, onde aparece toda esta cuestión da ampliación de definición de violencia, ¡no 2014! E en 2018 o Estado español segue incumprindo, segue suspendendo, en convenio de Estambul. Polo tanto, nós intentamos non mirar demasiado para a Meseta en cuestión de violencia machista e mirar un pouco máis a outras latitudes e á nosa propia experiencia. E con isto non quero restar importancia a que hai moitísimas cuestións, sobre todo no plano estatístico, no plano de organismos que dependen do Estado, que poden abrir portas, pero creo que tampouco temos que sobrevalorar o marco que abre este pacto.

Despois tamén teño que dicirlle que moitas das cuestións que dixo é avanzar na liña de recuperar cuestións que xa había e que vostedes deixaron de lado, ou nas que xa estaba traballando a Xunta. Pero antes quería facer mención a algo que nos parece relevante deste pacto e que nós pensamos que é un pouco o punto que máis nos pode achegar e que pode supoñer para o noso país un avance, que é a cuestión do financiamento. Respecto da comunidade, claro, nós arrastramos, por riba, un sistema de financiamento inxusto co Estado español, disto xa temos debatido; e, por outra banda, é obvio que o Estado ten máis capacidade de gasto que a comunidade. Polo tanto, nós entendemos, e facémoslle a proposta a posteriori, a próximos meses, que hai que reclamar maior financiamento para a comunidade. Nós entendemos que si, hai unha parte do financiamento propio da comunidade que está baseado na dispersión e nalgunha cuestión deste tipo, pero hai máis cuestións que debemos ter en conta, como o maior peso para a poboación maior, ter en conta tamén os salarios e as pensións medias deste país e reclamar que, se nós estamos moito por diante doutros puntos do Estado, necesitamos máis recursos para asumir esas funcións.

Despois tamén hai algo que nos parece importante e ao que non quero deixar de facer mención, aínda que sexa breve, as entidades locais. Vostede fixo algunha referencia e nós queriamos insistir tamén, aproveitando este foro. Parécenos que como país —e tamén os concellos galegos deben facelo, e así o estamos impulsando mediante mocións— debemos reclamar outra repartición para a cuestión dos concellos, a comezar por maior cantidade. A nós non nos pareceu suficiente a ampliación de 20 a 40 millóns. Hai máis de oito mil municipios en todo o Estado. Galiza ten a maior parte da concentración de puntos de entidades de poboación e, polo tanto, nós entendemos que hai que ir a outros criterios. Tamén tendo en conta a estrutural falta de financiamento dos concellos galegos.

Nese sentido, acaba de recuperarse nominalmente a competencia dos concellos nesta materia. Ao final é unha cuestión de sensibilización. Quen quería sensibilizar desde os concellos, xa o estaba facendo, pero se queremos que iso se faga realidade, hai que mellorar o financiamento, e nós entendemos que vostedes, como Xunta de Galiza, tamén deberían insistir nesta liña.

Quería facer mención, antes de centrarme nun dos aspectos que nos parecen máis importantes, porque é competencia compartida coa Xunta de Galiza pero condiciona moito o aspecto do Estado, que é a xustiza. Pero antes diso, algunha cuestión que comentaba vostede, principalmente da prevención. Falaba de que ían levar campañas á totalidade dos centros educativos. Nós esperamos que sexa así, porque hai cuestións que vostede referiu, campañas na totalidade de centros educativos, programas de investigación —que xa había, por certo, e vostedes quitarono—, tamén votaron recentemente en contra dunha lei do BNG que os promovía e votaron

en contra dunha lei de coeducación, cando agora nos fala de educación. Ben, en todas estas cuestións nós entendemos que é importante que rectifiquen e que as incorporen.

Falaba vostede tamén de trata. Eu convido a que, diante do atraso que está habendo no marco do Estado, impulsemos desde o noso propio país unha lei de trata específica. É unha demanda do sector e nós entendemos que é algo no que deberíamos incidir.

Unha dúbida á que vostede non fixo mención, porque falaba do tema do ensino e demais. Unha das medidas que contempla o pacto é incluír no máster de Formación Docente un módulo específico de violencia machista. Nós aprobamos neste Parlamento galego hai un ano, ou máis dun ano —creo recordar—, unha proposición do BNG para incorporar no máster docente que se desenvolve no noso país unha materia específica, a última vez que preguntamos isto estaba en vía de diálogo coas universidades, pero nós entendemos que lles corresponde un papel máis activo nisto, e ir un pouco máis adiante; un módulo non, necesitamos unha materia específica. Hai que ter en conta que neste tipo de máster hai materias que duran unha semana, quero dicir que tampouco estamos falando dunha loucura.

E por último, quixera centrarme —fareino máis na réplica— no ámbito da xustiza. No ámbito da xustiza, vostede, señor Rueda, ten unha parte moi importante. Parte da competencia é galega e ademais ten vostede un mandato previo ao Pacto de Estado, que é un pacto ao que chegamos en xaneiro de 2017 nesta mesma Cámara e onde había cuestións concretas, e vounas reiterar aquí, como dotación dos recursos necesarios para mellorar os medios xudiciais, garantía de existencia de mecanismos de separación entre vítimas e agresores, garantía de formación especializada, e aplicación dun protocolo forense de valoración de nivel de risco para os casos de violencia de xénero nas unidades forenses. Había propostas de mellora neste ámbito que están aínda sen desenvolver, polo tanto, queremos pedirlle un maior esforzo nisto.

E insistimos, hai poucos días eu escoitaba nunha charla á xuíza Paz Filgueira dicir que os erros na xustiza eran sistémicos e sistemáticos. Nós entendemos que, se hai algo que pode abrir o Pacto de Estado, e se hai algo no que teñen vostedes capacidade tamén de acción directa como Xunta de Galiza, é intervir na cuestión da xustiza.

En 2018 foi o ámbito clave que centrou todos os debates sociais. Vímolos por diversos casos que saltaron á palestra pública. Nese campo temos moitísimo por facer e é absolutamente fulcral. Polo tanto, reiteramos aquí unha vez máis que nos parece que a Xunta debería impulsar unha unidade de violencia machista específica, na súa consellería, onde se poida...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...avaliar o cumprimento real das leis e deste pacto de Estado e se poida facer un seguimento específico, que noutros ámbitos, como o protocolo de cooperación interinstitucional, a súa avaliación non é posible. Polo tanto, entendemos que menos mirar para a cuestión do Pacto. Nós agradecemos que nos veña explicar as medidas concretas que vai aplicar con ese orzamento de oito millóns, pero entendemos que temos que ir moito máis alá.

Máis orzamento e máis capacidade de incidencia en ámbitos que si poden responder ás nosas necesidades, como é o da xustiza.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Seguirei despois.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos. Eu boto en falta, de todos modos, neste debate a presenza de todos os conselleiros. Máis aínda cando sabemos que a igualdade é un tema transversal e tanto se di. Unha mágoa que non estean presentes.

Permítanme, de todos modos, que comece cunha frase de Minerva Mirabal, frase que pronunciou cando foi consciente de que a súa vida podía correr perigo. E dixo: «Se me matan, sacarei os brazos da tumba e serei máis forte.» O seu medo e a súa promesa cumpríuse. Ela foi asasinada un 25 de novembro, e hoxe os seus brazos somos todas e todos os que cremos na igualdade, as e os que vemos na violencia a peor das caras da desigualdade, e as e os que queremos cambiar a historia e facelo por mulleres coma ela, polas súas irmás, tamén asasinadas, e como as 57 mulleres, nenas e nenos asasinados en Galicia, dende o 2010, pola violencia machista. E porque foron moitos anos, demasiados na historia, os que serven de demostración plausible de que, se as mulleres estamos onde estamos, é unicamente pola decisión intencionada e interesada dos homes. Porque, nun mundo patriarcal, as mulleres ocupan o lugar que se lles outorga.

Por iso hoxe lle pedimos ao seu goberno, señor Rueda, que traballe por e para conquistar a igualdade de todas as galegas e galegos. E como non pode ser doutro modo, que vele, efectivamente, pola seguridade das mulleres que a día de hoxe se senten ameazadas. Que aquí en Galicia, como dicía a señora Presas, ten que supoñer ademais un plus.

Porque do ano 2017 en Galicia temos o seguinte balance: 3.473 mulleres que fixeron uso do 016; tres vítimas mortais, dúas mulleres e un menor, o mesmo número que no ano 2016. Case 800 as mulleres que sufriron agresións ou lesións. Adoptáronse 1.284 ordes de protección; 150 máis que no 2016. E 6.436 foi o número de denuncias por violencia que se presentaron.

Segundo as estatísticas, unha de cada 215 mulleres galegas padece violencia, e unha de cada 1.000 vive coa convicción de que a súa vida periga. E se atendemos aos datos dos últimos dez anos, algo máis de 60.000 foron as denuncias de violencia de xénero, o que afecta a unha de cada vinte e cinco mulleres galegas; unha cantidade que é alarmante e que, traducida a realidade das nosas vilas, fainos conscientes de que en cada comunidade, en cada barrio, pode ser que na porta ou no portal da casa do lado, se estea a exercer violencia contra unha muller. Por iso é tan importante traballar en todos os eidos e ser eficaces en todos os eidos,

e isto non se pode conquistar se non se sentan ben as bases, priorizando principalmente un apoio económico suficiente que permita a posta en marcha das medidas e accións que se prevén nos plans estratéxicos.

A aportación por parte da Xunta de Galicia para a loita contra a violencia está, incluso, por debaixo do incremento xeneralizado dos orzamentos deste ano. Apenas 144.000 euros máis do total de 5,57 millóns que aporta a Xunta de Galicia, porque os 14,11 millóns totais do orzamento de violencia só se poden explicar grazas aos 8.540.000 do fondo de repartición do Pacto de Estado. *(Aplausos.)* Isto é, o 60,5 % de aportación vén do Estado, fronte ao 39,5 % de aportación da Xunta de Galicia.

Por iso hoxe lle pedimos a este Goberno, señor Rueda, que non viva á sombra do Estado, que aporte ese plus. Que se o pasado 8 de marzo o señor Feijóo facía declaracións conforme vos tedes impulsan a igualdade con propostas e non con protestas, ou que tomaban nota do acontecido e animaba a todos os partidos a facer o mesmo, pois iso, que se note, non agarden a que outros o fagan por vostedes. Demostren cos números, e non só coas verbas, que as mulleres galegas si son unha prioridade deste Goberno.

Porque o Partido Socialista non só tomou nota ese día e desde ese día, senón que tomou nota desde moito antes, sendo —entre outras cousas— artífice de leis como a lei contra a violencia de xénero do 2004, a do matrimonio homosexual do 2005, a da dependencia do 2006, a de igualdade do 2007, ou a do dereito ao aborto do 2010. Todas impulsadas polo Partido Socialista e por un goberno, o do señor Zapatero. *(Aplausos.)* E dende entón non paramos de tomar nota e de facilitar os cambios lexislativos precisos para que se dean os grandes cambios sociais de cara á igualdade das mulleres deste país. Acompañando, por suposto, ao movemento feminista, ese que tanto rebentou a libreta, tamén a notas, a manchóns, a borróns, e que nos levou a todas o pasado 8 de marzo ás rúas. Bueno, perdón, a todas non, as mulleres e homes do Partido Popular quedaron a traballar duramente nas propostas e a tomar notas. *(Aplausos.)*

E esa, esa é a diferenza entre un Goberno Popular, que toma nota só cando ve que pode perder a titularidade no campo de xogo, e o Partido Socialista, que demostra estar preparado en todo momento para entrar no campo, porque son moitos minutos os que ten enriba este partido, e a experiencia suficiente, para saber como executar os cambios en pouco tempo e con eficacia, como xa ten demostrado. E como tamén demostrou liderando dende o inicio a necesidade dun pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Probablemente non é o desexado, pero si necesario. Pacto que conquistou unir a todas as forzas políticas e institucionais deste país para mellorar a situación das mulleres vítimas e para loitar contra unha situación indigna para calquera sociedade. Por iso o Partido Socialista entraba un 2 de xuño no Goberno do Estado e en menos de dous meses desbloqueaba o Pacto de Estado, tras un ano de parálise dende a súa aprobación. ¿E por que acontecía isto? Porque a nós si nos gusta tocar este tema. Non temos medo, senón interese real en que as cousas muden.

Así conquerimos activar os 200 millóns do Pacto de Estado para o 2018 e introducir medidas como a mellora da participación da vítima no proceso penal, a ampliación dos mecanismos de acreditación das situacións de violencia de xénero, a devolución das competencias da Ad-

ministración local, destinando eses 20 millóns de euros para programas dirixidos a erradicar a violencia de xénero e comprometendo, ademais, duplicar esa cifra no 2019 con 40 millóns. Tamén a modificación do artigo 156 do Código civil, para que a atención e a asistencia psicolóxica quede fóra do catálogo de actos que requiren unha decisión común no exercicio da patria potestade. Todas accións que amosan que querer e poder si poden ir da man.

E non dicimos que con isto sexa suficiente, por suposto que non, queda moito por facer, pero hai que deixar claro que para seguir impulsando cambios e reformas lexislativas é preciso o apoio de todos os grupos que permita a aceleración da posta en marcha das medidas e non o seu atranco, como xa ten acontecido. (*Aplausos.*)

En todo caso, o Goberno da Xunta de Galicia pode seguir o exemplo do Partido Socialista e ir máis alá, moito máis alá, e empezar por facer un bo uso dos fondos do Estado. Ese é un primeiro paso. Parécenos moi ben que grazas a ese financiamento estatal se poidan poñer en marcha iniciativas como as que hoxe anunciou, que nos parecen ben. Tamén é certo que unha boa forma de seguir o exemplo sería comezar por desautorizar as descualificacións machistas dos seus alcaldes, como aconteceu co señor Durán nos seus comentarios sobre a presidenta da Deputación de Pontevedra, cualificándoa de *chacha para todo*. Aínda agardamos, señor Rueda, polo seu rexeitamento explícito nesta Cámara (*Aplausos.*), porque esas declaracións non ofenden só a unha muller, senón que ofenden a todas as mulleres e homes de Galicia que cremos na igualdade. E só escoitamos un tímido comentario do señor Feijóo, a preguntas dos medios, *considerando* desacertadas as palabras, pero, polo que se ve, consideran que o señor Durán si é unha persoa apta para seguir gobernando un concello. Pois mire, velar polo uso da linguaxe non sexista nas institucións está entre as obrigas legais desta Administración e do resto das institucións galegas, e penso que o seu «deixar pasar as cousas» desbarata moito a súa implicación real coa igualdade. Antepoñer un alcalde que en ningún momento se desculpou, senón que aínda arremeteu con máis forza, fala moi ben de onde teñen vostedes os seus intereses reais: en defender os seus por riba de calquera cousa. O silencio, o seu silencio na sombra, faino cómplice, señor Rueda. (*Aplausos.*)

E sombras son as que este Goberno foi sementando no tempo, porque foron vostedes os que suprimiron o Servizo Galego de Igualdade; foron vostedes os que suprimiron as Oficinas de Igualdade e Benestar; e foron vostedes os que derrogaron a Lei 2/2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. (*Aplausos.*) Vostedes foron desdebuxando o camiño da igualdade que estaba trazado, por iso hoxe é máis intransitable.

Aproveite agora esta oportunidade que lle brindan os fondos do Pacto de Estado para despejar o camiño e para poñer en marcha medidas que respondan ao fin para o que foron adxudicados. Lembre, ademais, que un 40 % dos fondos se xustifican polo carácter rural de Galicia; máis de tres millóns de euros que deberían ir destinados a políticas de prevención e sensibilización no rural. Vostede acaba de apuntar algunha medida, pero non a cuantificou debidamente neste caso, e polo que vemos, ademais, os orzamentos presentados nada nos tranquilizan porque, realmente, nada comprometen.

Así mesmo, a aportación aos concellos supón —polo que ten agora anunciado tamén— uns 8.000 euros entre as aportacións da Xunta e do Estado. O Estado xa comprometeu 20 millóns

máis para o ano, probablemente tamén insuficiente, debería de ser moito máis, pero agardamos o mesmo xesto por parte deste Goberno para que estas aportacións realmente sirvan para algo.

Polo momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós saudamos esta comparecencia. A verdade é que temos dito moitas veces que a igualdade está demasiado ausente de moitos debates —mencionáronse aquí dous importantes moi recentes pero é unha cuestión xeral—, e realmente gustaríanos que compareceran en máis ocasións para falar desta cuestión. Se dicimos que a perspectiva feminista ten que atravesar todos os debates, apliquémoslo despois no día a día.

Concordamos nunhas cuestións que dixo. Nós cremos que este é un problema de todas e de todos, que todas as administracións deben de actuar coordinadamente nisto. Como dicía, estamos de acordo porque a situación non admite maior demora, pero moitas veces os pactos débense sustentar en realidades e en cuestións concretas, e, se hai diferenzas políticas, tamén hai que falalas. Para nós non serve de nada un pacto que despois non se concrete no día a día orzamentariamente. Despois entrarei a falar das cuestións que nós lle vemos non negativas, senón que quedaron inconcretas, do Pacto de Estado.

Tres mulleres asasinadas este ano en Galicia, a parte máis cruenta, a parte máis visible. Teremos que entrar a ver por que acontecen estas cuestións; por que as desigualdades atravesan a vida das mulleres en todos os ámbitos nos que participamos, e cremos que, obviamente, fai falta moitísima maior implicación, moitísimos máis recursos e tamén moita máis coordinación.

Despois, como primeiro apuntamento a unha das cuestións que sinalou, no relativo ao tema das denuncias, nós cremos que fai falla unha avaliación de por que hai algunhas mulleres que non denuncian. Creemos que moitas mulleres non se deben sentir identificadas con moitas das explicacións. É verdade que se avanzou moito en formación de xénero para os axentes que están neste sentido, pero cremos que segue habendo mulleres que teñen dificultades cando van denunciar e cremos que visibilizalo non é dar unha mensaxe catastrofista, cremos que visibilizalo é necesario para que moitas mulleres se sintan recoñecidas. Hai mulleres que, por desgraza, poñen unha denuncia e atópanse con comentarios machistas. Hai moitas mulleres que van pór unha denuncia e atópanse con que despois non teñen os recursos necesarios: recursos habitacionais, recursos económicos, e cremos que hai que dicilo.

Por suposto, hai que pór as medidas para que isto non aconteza, pero cremos que o tema do acompañamento tamén no momento da denuncia é fundamental. Non pode ser que ningunha muller se sinta soa nun momento tan importante coma este —mencionouno vostede—. Pero tamén cremos que o tema da formación segue sendo un asunto pendente.

Hai que insistir, non pode ser que nin unha soa muller conte un exemplo de comentarios machistas de: *Bueno, muller, non será para tanto. Bueno, muller...* Iso segue acontecendo, son testemuños reais que din algunhas mulleres que van denunciar, e isto non pode acontecer nin sequera nun só xulgado do país, ningún policía pode ter un determinado... É verdade que nós temos que saudar que hai moitos outros que incorporaron a perspectiva feminista, que están formados e que teñen sensibilidade, pero cremos que tamén hai que facer esa avaliación para que moitas mulleres —ou non moitas, pero algunhas das mulleres que viven esta situación—, cando vaian denunciar, se sintan recoñecidas e digan: a Administración é consciente de que segue habendo que mellorar.

Despois, como xa se mencionou, é verdade que, cando falamos de violencias machistas, temos que ter en conta que Galicia ten unha lei bastante máis avanzada. Hai moitas cuestións que se recollen no pacto por primeira vez e nas que nós xa tiñamos —como dicía a voceira do BNG— os debates dados e avanzados dende hai moito tempo. O tema da relación sentimental era unha evidencia. Non tes que ter unha relación sentimental cun home para que isto sexa violencia machista. Isto é un avance. Quizais por iso tamén nós necesitamos en Galicia abrir os traballos para avanzar moito máis. O Pacto de Estado queda atrasado nalgunhas cuestións. E sobre todo nós, que temos algunhas cuestións xa debatidas e avanzadas, tamén temos que avanzar nesta cuestión específica.

Como marco xeral, saudamos as medidas que se presentan hoxe nesta comparecencia: o acompañamento psicolóxico, a rede de acompañamento, pero temos que seguir insistindo en que non é suficiente. Tamén temos que seguir insistindo, un ano despois do pacto, en que cando se aprobou este pacto anunciouse que as medidas ían facerse de inmediato, que todas as medidas se ían levar adiante, pero un ano despois temos a maioría das medidas sen desenrolar e hoxe anúncianse a maioría das medidas sen un desenrolo legislativo e sen un orzamento específico.

Entón, nós temos que dicir que seguen sendo insuficientes e que ademais chegan bastante tarde, e que moitas das medidas non van á raíz do problema. Por poñerlle un exemplo, falan de avanzar na reinserción laboral das mulleres vítimas de violencia machista. Nós concordamos en que hai que actuar aí, pero quizais tamén onde hai que actuar, onde moitas veces se negan a actuar e rexeitan iniciativas deste grupo e de moitos outros grupos parlamentarios, nesta Cámara e tamén noutras cámaras, é en acabar coa fenda salarial e coa precariedade laboral que viven as mulleres, para, realmente, ir á raíz do problema, que é a dependencia económica das mulleres, por que as mulleres dependen economicamente dos homes. Haberá que actuar en todas as fases do proceso e non unicamente nas mulleres que acaban denunciando violencias machistas, porque a independencia económica debe de ser unha realidade para todas as mulleres do noso país.

No tema dos recursos de atención directa, falou dos CIM. A verdade é que, cando se fala dos CIM, cando é para falar ben, en parte aprópanse do traballo dos CIM, cando é para falar negativamente, son os concellos que fan os CIM. Eu creo que falta unha autocrítica moi importante no tema da relación cos CIM.

Sabe que moitos CIM do país non teñen os recursos suficientes, non teñen o persoal suficiente, falta coordinación. É moi importante a coordinación, e a Xunta de Galicia ten que

coordinar este recurso fundamental. E non o dicimos nós, dino os propios profesionais que traballan nestes recursos.

Despois, co tema dos medios de comunicación, é un dos temas que nos parece máis sangrante, e temos debatido sobre asunto neste Pleno. Teñen rexeitado iniciativas que falan destas cuestións, hai acordos xa levados adiante que non se cumpren, que se incumpren de maneira reiterada, e de feito as xornalistas galegas están organizándose xustamente porque a Administración leva moitos anos de deixadez de funcións neste tema, e nós levamos insistindo nisto moito tempo.

É urxente actuar nos medios de comunicación, son un dos axentes fundamentais e seguen reproducindo estereotipos de xénero cos que hai que rematar, por non falar de que se explican moitas das noticias de violencia machista como sucesos, e creemos que aí a Administración ten un suspenso.

A Administración, durante moitos anos, fixo unha deixadez de funcións absoluta con esta cuestión nos medios de comunicación. Agora, como digo, as xornalistas galegas están organizándose, e a verdade é que hai que agradecerlles todo este esforzo.

Como digo, esta comparecencia chéganos un pouco tarde, non só porque moi poucas veces se fala de cuestións feministas nesta Cámara, senón porque quizais fora positivo que esta comparecencia tivera lugar antes de decidir que medidas se van levar adiante no Pacto galego como prioritarias, porque máis que anunciar, isto debería servir como un espazo de debate. Se realmente queren chegar a un acordo, se queren dar un debate, quizais fora positivo que este tema se tivera debatido con bastante máis antelación e non cando xa está todo decidido.

Moitas veces o discurso —como digo— non vai da man dos feitos, porque por moito que agora digan que co Pacto de Estado se vai facer todo o posible coas medidas, nós temos memoria e temos tamén as noticias, e non foi hai tanto tempo, durante meses o Partido Popular tivo bloqueado este Pacto de Estado. Aprobouse o Pacto de Estado, difundíuse por todos os medios de comunicación os 1.000 millóns de euros que iamos ter por este Pacto de Estado, ¿e que pasou? Meses despois non había ningunha medida posta en marcha, non había nin un só euro orzamentado, só na memoria. Non tiveron ningún tipo de reparo en pór unha cousa, incumplir un acordo e un pacto que vostedes mesmos firmaron. E, de feito, as nosas razóns para abstermos o noso grupo no Congreso confirmáronse meses despois: faltaba dotación orzamentaria, faltaba concreción e faltaba aplicación real. Por iso nós o que cremos que hai que facer é que, unha a unha, todas as medidas teñen que ter unha dotación orzamentaria real, unha data real para porse adiante e un desenvolvemento lexislativo, unha calendarización, se non, non vai servir de nada. O Pacto de Estado só serviu para dar titulares. Un ano despois, a día de hoxe, ¿que medidas se levaron adiante deste pacto.

Nós cremos que faltou vontade política, porque para nós foi insultante que non tiveran ningún reparo —como dicía— en non incluír a promesa dos 200 millóns de euros para ese ano. Por iso nós sempre que falamos de cuestións feministas, de cuestións de igualdade, insistimos tanto na cuestión do orzamento. Non serve de nada que teñamos discursos a favor da igualdade se despois non hai dotación orzamentaria real. E tamén un dos problemas funda-

mentais é que, cando falamos de pacto, nós queremos que este pacto non sexa un pacto que se restrinja aos grupos parlamentarios, cremos que ten que ser un pacto do conxunto da sociedade. E ten que ser un pacto tamén do conxunto do movemento feminista, que foron realmente as mulleres que se mobilizaron as que nos deron o camiño e as que lle marcou o camiño ás institucións. Por iso nós cremos que, se abrimos un pacto galego, aspiramos a que este pacto se abra de verdade e que a comisión de seguimento do pacto, por exemplo, estea conformada polas mulleres que están mobilizándose polo movemento feminista, porque en demasiadas ocasións non as escoitamos.

Vou rematando. Diría que o fundamental, cando falamos destas cuestións, é que falta auto-critica. Nós non podemos facer borrón e conta nova, como se agora esta comparecencia non se sustentara en todas as políticas de recortes dos últimos anos. Non podemos falar de igualdade e falar de conciliación cando despois, reiteradamente, recortan en dependencia, recortan en sanidade, e cando isto afecta directamente na vida das mulleres. Non podemos falar tampouco de de rematar coa dependencia económica, cando sabemos que as reformas laborais aprobadas o único que fan é precariedade laboral, aumentar a brecha salarial, etc. Entón, nós cremos que non se pode facer como que o machismo naceu... o machismo atravesada toda a sociedade, atravesada todas as administracións. Pero tamén é verdade que moitos orzamentos e políticas públicas levadas adiante durante moitos anos non combateron o machismo, non era unha prioridade. Ogallá que grazas ao esforzo de moitas mulleres que saíron á rúa e que visibilizaron que é unha urxencia actuar contra as violencias machistas, realmente todos os grupos parlamentarios e o conxunto da sociedade avance nesta cuestión para pór en marcha todas as medidas.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor vicepresidente, grazas. Grazas por comparecer e por dar os datos, os bos e os malos. Os datos que vostede nos acaba de achegar á Cámara amosan que aínda queda moito traballo por facer. Tres mulleres asasinadas en Galicia, máis de 4.000 consultas nos centros de información á muller, case 600 asistencias psicolóxicas, 164 persoas que fixeron uso da rede de acollemento, das cales 74 eran menores, e case 300 mulleres foron beneficiarias das axudas directas que lles permitían iniciar unha nova vida lonxe do seu maltratador. E o que non coñecemos. Por desgraza, o que non coñecemos e polo que temos que seguir traballando.

Pero tamén son boas noticias coñecer que hai unha rede integral de atención ás vítimas espallada por toda a comunidade autónoma; que hai recursos para atender as vítimas; que non están soas, que están e estarán sempre acompañadas. E ademais, que se están a poñer en marcha máis recursos, máis especializados e espallados por todo o territorio, tamén polo rural, señor vicepre-

sidente. Vostede fixo aquí unha manifestación moi importante que a todos nos preocupa, e é que todos os recursos cheguen ao territorio e, sobre todo —como se comentou aquí— en Galicia, que temos a poboación dispersa e envellecida, e sobre todo ao noso rural. ¡Que mellor campaña que eses recursos que están poñendo vostedes á disposición de todas as mulleres en Galicia!

Outros enchen de pancartas as prazas das cidades, de carteis nos escaparates, de mandís, de camisetas, de chapas... camisetas, moitas camisetas. Sobre todo, o máis importante é contratarlle todo a unha empresa amiga. Esa é a forma de facer política... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Uqui Permui, Lucía Canoura —porque alguén quería o dato—. Ben, pois as campañas de sensibilización son importantes pero non o é todo. Porque a pregunta que nos debemos facer é se iso axuda en algo as vítimas, se non sería mellor sacar algúns cartos desas campañas e destinalas a ter máis persoal no centro de información á muller, a ter máis recursos de atención, de información, educativos. Son formas diferentes de entender como abordar esta problemática, uns fano con propaganda e outros facémolo con recursos. Parabéns, señor vicepresidente, por estar no segundo grupo, no que pon recursos e medios para a atención ás vítimas.

Señor vicepresidente, saiba que conta cun aliado, conta co Grupo Parlamentario Popular para erradicar a violencia de xénero. E como presidenta da Comisión non permanente para a igualdade atreveríame a dicir que conta co apoio de todos os grupos da Cámara, porque estamos facendo un traballo importante en achegar propostas para acabar co ditame dos traballos da comisión. Como vostede sabe, acabaron as comparecencias e estamos traballando no ditame, e eu agardo que ese ditame, coas súas recomendacións e coas súas conclusións, remate no que todos temos na cabeza, que é un pacto galego contra a violencia de xénero. (*Aplausos.*)

Eu agardo que os grupos aparquemos as nosas diferenzas e consigamos (*Murmurios.*) chegar a acordos. Lamento que a algúns non lles guste. Eu creo que é importante chegar a eses acordos, non deberíamos ter problemas. Creo que é mellor centrarnos no que nos une, non no que nos separa. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente. (*Murmurios.*)

Por estes antecedentes, señor vicepresidente..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

Escoiten a quen está no uso da palabra. (*Murmurios.*)

Silencio todos. Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Eu a verdade é que escoitei aquí cousas que tampouco me gustaron. Eu non sei se escoitaron a intervención da señora Pierres, que, menos construtiva e achegar posturas, foi de todo. E

parece impresentable que vostedes non deixen falar a unha portavoz cando fala. Sempre lles parece que lles molestan os demais. Eu estiven moi calada no meu asento, (*Murmurios.*) eu non interrompín a ninguén. (*Murmurios.*) E parece que lles molesta que fale. (*Murmurios.*) Ese é o seu sentido da democracia... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ...interromper ao que fala constantemente porque non lles gusta o que lles digo. (*Murmurios.*) ¡Pois é verdade! As verdades son as que son e teñen que escoltalas, igual que as escoitamos nós cando vostedes as din, aínda que non nos gusten.

E por estes antecedentes, señor vicepresidente, que eu lle dicía que estamos intentando chegar a acordos na comisión, lamentei profundamente que o pasado 6 de novembro o delegado do Goberno central en Galicia, o delegado do Goberno socialista, fixera unha reunión de coordinación para erradicar a violencia de xénero na nosa comunidade e excluía única e exclusivamente a Xunta de Galicia desa reunión de coordinación, algo, señor vicepresidente, que lamentamos profundamente. E non o lamentamos só os do Grupo Parlamentario Popular, porque eu lin tamén a algún membro —señora Presas, vostede en concreto— que puxo nas redes sociais que non lle parecía ben esa exclusión. Iso non nos pode parecer ben a ninguén. Non lle escoitei a vostede, señora Quinteiro, nin a vostede, señora Pierres, lamentar que a Xunta de Galicia non estivera presente nesa reunión de coordinación. Vostede, que pide aquí nesta Cámara rexeitamentos explícitos. (*Aplausos.*) Agardo que rexeite explicitamente esa actitude sectaria do Goberno de España. (*Aplausos.*)

Porque mire, señora Pierres, o do sectarismo ten que quedar fóra da loita contra a violencia de xénero. E así agardo que as deputadas socialistas llelo trasladen aos seus compañeiros en Madrid. Agardo que llelo trasladen e que lles digan que aquí en Galicia intentamos ter consensos e acordos en materia de igualdade e en materia de violencia de xénero. E que coa falta de respecto institucional ao Goberno de Galicia, que é o que máis está traballando en Galicia pola loita contra a violencia de xénero, así imos mal. ¡Basta xa de querer utilizar a igualdade como arma arrojadiza política! Todas as forzas políticas temos impulsado leis en favor da igualdade, señora Pierres, ¡todas! E se non as impulsamos, votámolas a favor, aínda que as impulsara o Partido Socialista ou outro partido, porque creo que é unha obriga de todos os responsables políticos. Deixen de poñerse medallas por sacar adiante unha lei ou outra. Efectivamente, cando goberna un partido ten a obriga de sacar adiante esas leis. ¡Vostedes gobernaron moitos máis anos en España que o Partido Popular, e, loxicamente, teñen que ter moitas máis leis no seu favor que o Partido Popular! Pero o Partido Popular, cando gobernou, tamén sacou adiante leis: a de conciliación, a orde de protección —co señor Aznar, señora Pierres, que vostede sabe que foi o grande avance na loita contra a violencia de xénero—, sacar o maltratador da casa —que antes era a vítima a que marchaba para unha casa de acollida—. Iso foi o Partido Popular.

Pero non estamos aquí para presumir dos avances, señora Pierres, porque todos tivemos nos nosos gobernos avances en materia de igualdade. Deixe de presumir diso porque iso non está ben, señora Pierres, non está ben.

Mire, vostede o outro día deu unha rolda de prensa dicindo que Galicia non ía ser capaz de gastar os fondos finalistas. Claro, porque o Goberno de España, do socialista Pedro Sánchez —ese Goberno tan feminista—, foi dar os fondos finalistas no último momento, señora Pierres. Foi o Goberno que máis tarde trasladou ás comunidades autónomas os fondos finalistas. E vostede, con esa lealdade que a caracteriza, sae e di: «o Goberno de Galicia non vai ser quen de executar os fondos finalistas». ¡Lamentable, señora Pierres! ¡Absolutamente lamentable!

Mire, señora Quinteiro, o Pacto de Estado asinou-se a pesar de Podemos. Vostede veu aquí xustificar a súa abstención. Pero, ¿como un grupo pode non votar a favor de 300 medidas para implantar en diferentes administracións? Poden parecerlle poucas, pode parecerlle que teñen pouco orzamento, ¿pero non lle parece un avance? É que se non hai avances, aínda que sexa pouco a pouco, nunca chegaremos a acadar a igualdade total.

Vostede lamenta o trato aos centros de información á muller. Mire, quero informala de que os centros de información á muller se crearon baixo un Goberno do Partido Popular, do señor Fraga Iribarne. E os centros de información á muller só estiveron en perigo nunha ocasión, cando gobernou o Goberno bipartito que era o que os quería pechar. Hai gobernos actualmente, como o Goberno socialista de Ponte Caldelas, que pechou o Centro de información á muller, e a vostede non lle escoitei aquí nin unha soa crítica sobre iso. *(Aplausos.)*

Señora Presas, vostede di que lamenta que non chegamos a acordos no Debate do estado da Autonomía. Mire, houbo grupos que si chegamos a grandes acordos no Debate do estado da Autonomía, e non foi o BNG. Eu lamento profundamente que vostedes non tiveran esa xenerosidade para poder chegar a un grande acordo de país no Debate do estado da Autonomía, eu laméntoo. Igual que o Grupo de En Marea, que tampouco tivo esa xenerosidade.

E, claro, que vostede veña dicir aquí que máis da metade deste pacto en Galicia está desenvolto e non sexa capaz de sentir o orgullo de pertencer a unha comunidade autónoma, que é a máis avanzada de España en materia de violencia de xénero. ¡Claro que temos moito avanzado, por suposto! Pero o que temos é que estar orgullosos e non facer críticas. ¿Que temos que seguir avanzando? Por suposto, señora Presas. Pero sintase orgullosa de pertencer a unha comunidade autónoma que somos a máis avanzada do Estado. *(Aplausos.)*

Eu lamento o discurso tan pouco construtivo que tivo a señora Pierres. Debeuse de equivocar de debate, porque di que o Goberno do Estado financia o 60 % do Pacto de Estado. Pero é que o que tiña que financiar, señora Pierres, era o cen por cento do Pacto de Estado, que para iso é un pacto de Estado. E a Xunta de Galicia pon os medios e os recursos que lle corresponden para levalo adiante.

E falando de Zapatero, xusto hoxe, señora Pierres, hai sete anos que o señor Zapatero tivo a opinión dos españoles nas urnas, ¿e sabe cal foi?, unha maioría absoluta do Partido Popular. *(Aplausos.)* Esa foi a opinión dos españoles... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...sobre a xestión do señor Rodríguez Zapatero. *(Aplausos.)*

E sobre cuestións explícitas, señora Pierres, eu pídolle que deixen a un lado o feminismo selectivo. Que deixe vostede de criticar que haxa un alcalde do PP que teña unha manifestación machista. Critique tamén o señor García-Page, do seu partido, que tamén fixo declaracións machistas respecto a chachas e demais. Critique vostede a señora Carmela Silva, que onte criticou que dúas mulleres do Partido Popular non podían estar en campañas de violencia de xénero.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Esa é a súa forma de entrar no campo, señora Pierres? Non, nós cremos que esa non é a forma. O feminismo ten que ser total e non selectivo para criticar uns e non outros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Critiquen dende a ministra de Xustiza, que non é a máis feminista do Estado, ata o señor García Page ou calquera membro do Partido Popular que faga manifestacións machistas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Xa rematou o seu tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: Pero non uns si e outros non. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a rolda de réplica do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Eu teño que agradecer sinceramente o ton construtivo da señora Presas e da señora Quinteiro nun tema no que —como dixen ao principio— entendemos que, dentro do debate político que ten que darse nun parlamento, se se escoita o que propón o Goberno e se fan críticas, pode parecer ben ou mal, pero se se fala do que se propuxo aquí, ao mellor podo chegar a un acordo; non o da señora Pierres, que traía un discurso escrito e así lle saíu, sinceramente. Non podo entender *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* os pronunciamentos, e agora falaremos diso.

Señora Presas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio. Se queren vostedes ser portavoces do seu partido teñen... poden cambialo e poden intervir no asunto que teñan. Por favor, garden silencio a quen está no uso da palabra. Escoiten quen está no uso da palabra. *(Murmurios.)* Silencio, por favor. Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Agora explicarei por que teño esa impresión.

Grazas, señor presidente.

Señora Presas, di vostede que espera que esta comparecencia non sexa unha política de xestos; eu pódolle dicir que non. A razón desta comparecencia é que si é certo que acaban de ingresar os cartos do Pacto de Estado e, polo tanto, para facer unha presentación de todas estas medidas estivemos traballando ata o de agora. Creo que é o momento agora, cando xa se poden executar, cando había que facer esta comparecencia, con independencia de que haxa que facer máis ou menos durante o resto do período parlamentario. Eu creo que era o momento agora mesmo, unha vez que están ingresados os cartos.

Di que o Pacto de Estado xurdiu porque o Goberno do Partido Popular no Estado, no Goberno de España, cando estaba non facía nada nesta materia. Non estou de acordo, pero, en todo caso, benvido sexa que de repente se faga un esforzo tan importante como foi o Pacto de Estado coas súas consignacións orzamentarias. É dicir, se é para xustificar que non se estaba facendo nada, creo que se fixeron moitas cousas de golpe, e agora o que nos corresponde é desenvolverlas.

Recoñece —creo que recoñeceron—, recoñecemos todos e todas que aquí partiamos dunha situación máis avanzada —creo que iso é bo—, dunha lei do ano 2007, do Goberno bipartito da Xunta, que o Partido Popular apoiou, que desenvolvemos despois durante anos e que nos coloca nunha mellor situación. Creo que iso é para felicitarnos todos e non perder esa situación dianteira. E que lles sabe a pouco que agora, se temos todo ese camiño avanzado, que é o Pacto de Estado, partamos todos da mesma situación. Eu non estou de acordo, eu creo que ao ter moitas cousas avanzadas podemos ir moito máis rápido, e creo que é bo que se diga e que todos recoñezamos que aquí iamos mellor.

Di que anunciei na comparecencia, na primeira intervención, cousas que en realidade existían e foron suprimidas. Algunhas si, pero a maioría, sinceramente, penso que non, o que imos facer agora é suplementalas; agora hai máis consignación orzamentaria e imos intensificalas moitísimas máis.

Di unha cousa na que estou de acordo: que quizais merecíamos máis financiamento. Pois esta é unha boa proposta, e eu agardo que eses grupos de traballo que aínda non se puxeron en marcha —dicíao tamén na primeira comparecencia— aborden unha avaliación de resultados do que está facendo cada un. E se os cartos —que parecen moitos, pero para o moito que hai que facer non son tantos— non se están utilizando axeitadamente por unha comunidade autónoma, que acrecente aquelas que estean ou esteamos facendo as cousas ben. Polo tanto, eu creo que esa é unha boa proposta e, dende logo, transmitirémola onde proceda.

Dicía que poucos cartos para os concellos; estou de acordo tamén, por iso os suplementamos cun corenta por cento: é que só dos cartos que lle corresponden á Xunta —isto non o van facer todas as comunidades autónomas— aportamos un corenta por cento do que aporta o Estado para todas elas. Anunciaron máis para o ano que vén, pero o certo e verdade é que, con datos da semana pasada —non sei esta semana—, o pouco que lles correspondía aos concellos para este ano nin sequera está transferido. E supoño que os farán tamén incorporables, pero tampouco parece normal que no día de hoxe os concellos non teñan nada deses 1,2 millóns que se lles prometeran.

Outra aportación que me parece positiva e que, dende logo, teremos en conta, non depende exclusivamente de nós, pero podemos facelo, xa que imos facer moitas cousas coas universidades: que haxa unha materia específica no máster de formación docente referida á igualdade e á loita contra a violencia machista.

Falaba tamén, efectivamente —e eu, dende as miñas responsabilidades directas, teño unha responsabilidade máis directa no eido xudicial—, das cousas que se poden facer. Estamos facendo cousas importantes na formación, estamos facendo cousas importantes. Por certo, non se poden adicar os cartos do Pacto de Estado —ou, polo menos, na súa concepción inicial dinnos que non; gustaríanos, imos insistir en que si—, en facer certas obras físicas que tamén son necesarias para que as competencias se distribúan axeitadamente. Estou referíndome a, alí onde sexa posible, nos xulgados, facer salas separadas. Xa as hai nos novos edificios xudiciais e, dende logo, nos que imos construír; xa as hai en moitas vilas, xa as hai nas cidades, pero cremos que —onde sexa posible— se debería poder facer en moitos sitios. Non ten moito sentido que o Pacto de Estado non permita este tipo de obras, e insistiremos nese sentido.

Sabe vostede que temos, nos xulgados de violencia de xénero, tanto os exclusivos como os mixtos, que reforzar o seu persoal, tanto en prolongación de xornada como un suplemento económico polo traballo especial que fan. Creo que non falamos moito, quizais pola premura de tempo que hai na comparecencia, pero creo que o esforzo que imos facer na quenda psicolóxica supón un antes e un despois; ten que supoñer para as mulleres vítimas de violencia machista ser atendidas dende o principio, dende a denuncia.

E estou de acordo en que é necesaria moita máis formación policial; estou de acordo, e vostede o recoñecía —non sei se era vostede ou a señora Quinteiro—, en que se mellorou na atención das forzas e corpos de seguridade do Estado, que atenden en primeiro lugar a muller, pero hai moito que mellorar. Temos na Academia Galega de Seguridade Pública programadas máis de cen accións formativas que van chegar a máis de dúas mil persoas. Non queremos tampouco que sexan moi amplas porque cremos que requiren un traballo máis persoa a persoa.

Tamén esas oficinas de atención á vítima que queremos reforzar con profesionais de todo tipo creo que son importantes, creo que iso é actuar no eido xudicial e, como dicía antes, ese é o obxectivo fundamental de que non haxa desistencia das denuncias, de que non haxa renuncias ao proceso, de que non haxa malas declaracións que poidan malograr unha condena cando esta proceda... Creo que isto é importante para facer un esforzo económico importante nisto, e iso tamén é actuar no ámbito xudicial.

Respecto do que apuntaba a señora Quinteiro, dicía que hai que facer unha avaliación de por que hai mulleres que non denuncian. Estou totalmente de acordo, esa avaliación hai que facela e o certo e verdade é que, aínda que subiu o número de denuncias, iso non quere dicir que todas as situacións de violencia machista se estean denunciando. Polo tanto, hai que seguir insistindo en que todas aquelas mulleres que estean pensando en denunciar non teñan medo en facelo, e por iso teremos que facer ese esforzo para que saiban que, dende o principio, van ser atendidas, dende que chegan a facer denuncias en sede policial ou nun xulgado

ata despois; que saiban que teñen esa axuda económica que só existe en Galicia no día de hoxe; que saiban que van ter solucións para vivir nunha casa de acollemento como recurso máis urxente, que despois van ter esas medidas que anunciei dun bono para que poidan ter un alugamento durante doce meses prorrogables, que van ter posibilidades de inserción laboral..., todo iso que as anime a denunciar e a non ter medo polo que poida pasar a partir do día seguinte.

Tamén estou de acordo... Vostede dicía que hai que facer esforzos cos psicólogos, oficinas das vítimas, o que lle dicía á señora Presas na formación policial..., creo que todo iso se está facendo. E tamén dicía vostede que o Pacto de Estado vai por detrás de nós; tamén estou de acordo, pero creo que son trescentas medidas. Pensar que todo esta feito aquí en Galicia... Non é así; hai moitas que están desenvolvidas que non están nin plantexadas noutras comunidades autónomas, pero tamén hai outras moitas. O Pacto de Estado é froito do traballo de moitas persoas expertas, tanto no Congreso como no Senado, e creo que hai moitas cousas que podemos seguir facendo. Hai boas ideas e creo que dentro desas trescentas hai moitas cousas que se poden desenvolver sen necesidade de dicir que hai que actuar xa fóra desas medidas do Pacto de Estado.

Dicía tamén que levamos moito atraso no seu desenvolvemento. O mesmo que lle dicía á señora Presas: hai dezaseis días que chegaron os cartos. Traballamos para poder facer estas presentacións; tamén puidemos esperar a que chegaran para empezar a ver. Algunha comunidade autónoma, porque falamos con elas, dicía que ata que non chegaran realmente as consignacións non se ían poñer a traballar neste eido. Nós, entre o traballo que temos adiantado coa lei do ano 2007 e que sabiamos que ía acabar chegando, creo que non aproveitamos mal o tempo.

Hai moitas dúbidas, por certo, sobre o seu uso, e estamos facendo consultas constantes ao ministerio: esa reclamación de que se poidan investir en gastos de construción dalgúns locais moi específicos e moi xustificados. Todo iso aínda non o sabemos e son cousas que nos gustaría que se aclararan canto antes.

Xa recoñecín aquí, efectivamente, que os cartos tiveron que chegar moito antes, e recoñecín aquí que foi no mes de xullo, xa coa moción de censura e co novo goberno, cando se chama as comunidades autónomas e se lles di —é certo que logo se tarda máis de tres meses, pero díselles— que os cartos se van librar e, polo tanto, podemos empezar a traballar. E por suposto que tiñan que chegar moito antes. Igual que foi un Goberno do Partido Popular o que propiciou o Pacto de Estado, foi un Goberno xa do Partido Socialista o que fai as consignacións xa previstas e chegan ás comunidades autónomas, e a cada un hai que recoñecerlle o mérito que ten.

Hai unha cousa que non entendín moi ben: di que cando hai que falar mal dos CIM falamos sen ningún problema e despois... Eu nunca falo mal dos CIM; visitei moitos durante estes anos, e non hai como visitalos para darse conta do traballo, moitas veces en circunstancias nada fáciles, que fan as profesionais, porque case sempre son mulleres as que están traballando alí. Un traballo vocacional, sen dúbida, e ten que haber unha parte importante de vocación e de crer o que fan para facer este traballo; é un traballo imprescindible. Nunca me

escoitará vostede falar mal, todo o contrario: dicimos que hai que amplialos, que teñen que asociarse entre concellos, que é o primeiro recurso moitísimas veces, sobre todo en zonas rurais, ao que as mulleres poden acudir. Se fai falta non ao do seu propio concello, senón ao do concello do lado se se estima oportuno, pero que acudan, que o teñen alí e que alí estarán amparadas por magníficas profesionais que as atenderán e lles empezarán a presentar un camiño que non vai ser nada sinxelo, pero que, polo menos, lles permite saír da violencia machista. Por iso insistimos na coordinación e por iso insistimos en que os concellos —ao final é un recurso municipal apoiado economicamente pola Xunta— se teñen que implicar aínda máis no recurso que teñen dos CIM.

Dicíame que é urxente actuar nos medios de comunicación. Xa llo dixen: imos adicar moitos cartos, está nas medidas do Pacto de Estado. E o panorama non é bo, e claro que hai que mellorar moitísimo no tratamento das noticias relacionadas coa violencia machista, pero non me pode dicir vostede —eu entendínlo así; se non foi así, pídolle desculpas— que o mal panorama en xeral que temos agora mesmo é culpa exclusiva da Xunta de Galicia e de ninguén máis. Creo que teremos a nosa parte de responsabilidade, pero todos teremos que mellorar aí, tamén os profesionais dos medios de comunicación, e por iso imos facer esas accións formativas e de posta en común.

Dicíame, por último, que a comparecencia tiña que ser antes e non agora. Xa lle expliquei a razón da comparecencia neste momento. E dicía que xa temos as medidas pechadas; non, todo o contrario. Loxicamente, eu teño que comparecer aquí como representante do Goberno cunha proposta. Agora, unha proposta aberta a melloras, a propostas dalgunhas medidas necesarias para empezar a executar xa, medidas urxentes —xa o dixen, esas catro—. Pero todo o que se pode aportar, pódese aportar en positivo; claro que o teremos en conta. Son moitos cartos, son recursos públicos, cartos de todos e de todas e, polo tanto, aquí non estamos, en ningún caso, en posesión das solucións nin da verdade absoluta; nin neste nin en ningún, pero neste especialmente.

E di que non se pode restrinxir aos grupos parlamentarios. Ben, acabo de contestarlle: efectivamente, aberto a toda a sociedade. Hai algunha serie de medidas nas que pedimos a implicación imprescindible —dicíao na primeira intervención— da sociedade civil organizada para chegar a tantísima xente que, se non, non coñecería este pacto e non podería beneficiarse del: moitas mulleres que seguen agora mesmo con ese medo a denunciar e que necesitan a sociedade civil para que poidamos chegar ata elas.

Polo tanto, xa digo, agradezo os comentarios, nalgunhas cousas podemos estar de acordo ou non, pero eu creo que se entendeu a mensaxe de que aquí se trata de poñelo en marcha canto antes, pois trátase de recoller todas as suxestións.

E, señora Pierres, voulle —se lle parece mal, síntoo moito— explicar por que non entendo unha comparecencia na que vostede... Agora entendo un pouco o que dicía a señora Prado. ¿Por que non nos convocan na Delegación do Goberno? ¿Por que se di que imos falar da coordinación da violencia de xénero e resulta que a Xunta non ten que ser chamada porque parece ser que non temos competencias en violencia de xénero e non merece a pena chamarnos? Despois dinnos que non, que se chamou a xente con competencias en ámbito estatal. Ima-

xínese vostede que eu a partir de agora dixera que xa non vou falar nunca máis coa Delegación do Goberno porque teñen competencias que non son do ámbito autonómico, son máis amplas. É tan absurdo como explicitar... Eu agardo que non sexa así; é así, pero agardo que se rectifique pensar que uns son os campións da igualdade e da loita contra a violencia machista e aos outros non hai que darlles nin carta, nin participación nin nada. Porque, se estamos pensando no rédito político, a nós aquí non nos van encontrar, señora Pierres, non nos van encontrar. Iso téño claro. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, vostede fala do alcalde de Vilanova, eu xa dixen o que pensaba dese asunto, e díxoo tamén o presidente da Xunta. Eu tamén podía preguntarlle a vostede que pensa de: *Perdona, bonita, por qué estás tan amargada, por qué eres tan infeliz*. Esas cousas que tamén din algunhas das máis egrexias representantes que din despois que moitas mulleres non poden falar: só unhas mulleres poden falar de igualdade e violencia machista, outras non. Carnés de igualdade e de concienciación contra a violencia machista.

Isto é unha cuestión de todos e de todas. Mentres non entendan iso verán isto cos ollos con que non hai que velos, dirannos cousas como que non gastamos practicamente nada, que non hai aumento dos orzamentos da Xunta de Galicia para loitar contra a violencia machista. Aumentamos moito, señora Pierres, aumentamos —e remato xa, señor presidente—, por darlle as cifras exactas: o presuposto en igualdade da Secretaría Xeral de Igualdade este ano é de 25,4 millóns de euros. Pero hai outro do Pacto de Estado, efectivamente. Pero se non houbera outro do Pacto de Estado seguirían sendo 17,4, que é un 7,83 % máis do que había o ano pasado. E en violencia de xénero temos 6,1; o ano pasado había 5,4, polo tanto, é un doce por cento máis do que había o ano pasado. Por iso, esas emendas que fan vostedes, dicindo que subimos só cen mil euros, a min lévanme a pensar que, sinceramente, ou non analizou ou directamente nin mirou os orzamentos que ten a Xunta de Galicia para loitar contra a violencia de xénero, contra a violencia machista e a prol da igualdade. Porque, se non, tampouco diría esa cousa que nos di dos fondos ASI, que son fondos finalistas e que os incorporamos para o ano que vén. ¡Pero se non é posible! ¡Pero se nos acaba de comunicar o Goberno este ano que nolo vai ingresar e que temos que gastalo en apenas corenta días, sen marxe practicamente e sen posibilidade de incorporalo! Vostede di que o imos incorporar, ¡ogallá nos deixaran! Se fala vostede co Ministerio de Facenda e os damos incorporado... Claro, así lle dá a suma tan absurda...

E con isto remato xa, e creo que isto é unha boa mostra da hipocrisía que gastan vostedes nisto, despois de dicir que non aumentamos os fondos en violencia machista e que non aumentamos os fondos a prol da igualdade: manexan máis de catrocentos millóns de euros dos cambios de partidas e, para loitar contra a violencia machista e a prol da igualdade, dedican cero euros. É o mellor resumo da súa postura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Agora imos saudar os alumnos e alumnas do centro de FP A Cancela, de Pontevedra, e os seus profesores que os acompañan hoxe. Son alumnos e alumnas dos ciclos superiores de Administración e Finanzas e de Xestión e Administración. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: A verdade e que é frustrante, con todas as cuestións que temos que falar, acordar e deliberar sobre violencia machista, que se acabe indo á anécdota e á confrontación con determinadas cuestións.

Vouno repetir, por se non quedou claro, por se alguén ten algún tipo de dúbida: efectivamente, ao BNG non lle parece normal que a Subdelegación do Goberno do Estado non contase coa Xunta de Galiza. Eu direino aquí e onde cumpra, e, de feito, presentamos unha emenda a unha proposición non de lei onde pedimos que esa cuestión se repare. Agora ben, eu, como o señor Rueda non fixera ningunha mención, imaxinei que xa estaba solucionado. A vía da solución é poñer as cousas enriba da mesa e facer propostas para que iso sexa así. Por enredar con isto non imos avanzar a ningún lado.

Máis cuestións que foron saíndo. A señor Prado intentou ir un pouco pola vía do consenso, pero ao final sáelle a vea. Pois claro, efectivamente, eu teño que dicir, señora Prado, que estamos aquí, vostede e eu, grazas ás pancartas que os movementos feministas colocaron nas rúas (*Aplausos.*), grazas a esas mobilizacións. Eu creo que non é un bo camiño deostar a mobilización popular —como xa fixeron o 8 de marzo e tiveron que rectificar— e non é un bo camiño criticar o que fan outros cando intentan facelo de forma positiva. En todo caso, iremos falando destas cuestións, pero leccións de igualdade, as xustas.

E o que me falta é que veña dicirme, cando dediquei a metade da miña intervención a poñer en valor o marco galego e a dicir que temos que mirar máis para as nosas propias capacidades que para a Meseta, que me veña vostede dicir que non teño orgullo da lei (*Aplausos.*) que impulsou, ademais, o nacionalismo galego, pero que é patrimonio de todos e de todas nós. Claro, eu o que lles pido é que sigan tendo orgullo, que teñan orgullo e que a defendan con orgullo por aí; pero tamén, por favor, que a cumpran. (*Aplausos.*) Porque, se de duascenas medidas do Pacto de Estado, máis da metade xa están contempladas no noso marco legal, isto o que nos di é que durante os dez últimos anos poderíamos ter feito moito máis como país, poderíamos ter feito moito máis.

Entón, por iso, nós imos estar aí facendo propostas, pero o que non nos gusta é que nos dean a razón case —como se di popularmente— como aos tolos e tolas, cando despois non se aplica o conto. E podemos poñer exemplos de cuestións que saíron hoxe. Porque claro, o señor Rueda viu aquí cun receitario; eu, unha parte del, podo compartila, pero claro, dime que concorda coa cuestión da materia de violencia machista no máster. Claro, concordamos todos e todas, foi un acordo deste parlamento. Entendemos que hai unha autonomía universitaria, si, pero hai marxe de negociación. Vostedes teñen agora unha conselleira de ensino que foi docente dese máster na universidade desta cidade. Conviden a que se tome isto en serio, a que se dialogue e a que iso sexa unha realidade, porque é fundamental formar os docentes que van formar a nosa mocidade.

Tamén, sobre cuestións que saíron aquí, polo menos vostede recoñeceu que hai algunha cousa que recuperan que quitaran. Iso xa é un avance porque recoñecen que algo quitaron

nalgún momento, porque ás veces vivimos nunha realidade paralela. Pero falan, por exemplo, do Plan de acollemento: pois digan que recuperan a rede de acompañamento ás vítimas, que xa recortaran. Asumamos que a época de recortes foi un hándicap para a igualdade e que demos pasos atrás.

Tamén hai cuestións como a atención psicolóxica. A min paréceme positivo que haxa unha quenda de garda; paréceme positivo, aínda que me parece que vai moi lenta a liña de intentar que haxa persoal estable para atención psicolóxica, independentemente dos convenios que poida haber co Colexio de Psicólogos e Psicólogas. Xa digo, aínda que me parece que vai lento. Pero claro, é que se vostedes cumpriran durante estes anos os preceptos que van na Lei de violencia machista, igual xa estabamos cunha plantilla máis estable e xa estabamos avanzados nese sentido.

Entón, eu pediríalle: si, é positivo que veña aquí darnos conta de que propostas traen, pero tamén, ademais dun recetario, veñan cunha maior capacidade de autocritica e de compromiso para o futuro. É simplemente iso, porque, se non, non imos avanzar.

Por comentar algunha cuestión —insisto— sobre financiamento: parécenos fundamental. E esta é unha mensaxe que nós non lle lanzamos só a Xunta de Galiza, tamén a todas as forzas estatais con representación no Estado e que van negociar os vindeiros orzamentos do Estado. Temos que exixir máis como país. Non podemos conformarnos co catro por cento dos recursos cando somos o seis por cento da poboación. Non podemos conformarnos con eses recursos cando, ademais, temos maior capacidade de implementar medidas máis ambiciosas. Polo tanto, nós entendemos que Galiza debe reclamar máis contías, tendo en conta, ademais, a situación económica das mulleres galegas —en indicadores á cola do Estado, o que debe ser compensado— e tendo en conta tamén a cuestión estrutural de fondo da nosa inxusta relación económica co Estado e a falta de financiamento.

Agora, o que non lle compro é que nos diga, por exemplo, que, claro, se puideramos investir ese diñeiro en reformas nos xulgados... A min paréceme estupendo, paréceme estupendo que iso sexa así, pero vostedes teñen capacidade orzamentaria propia, señor Rueda, e non pode ser unha desculpa para que cuestións como as que acordamos xa en xaneiro de 2017 non sexan unha realidade máis avanzada. Porque vostedes teñen moita máis capacidade que oito millóns e, se quixeran, poderían poñer oito millóns máis de fondos propios, ou se quixeran, podíamos —e ímolo propoñer mañá novamente— dedicar máis recursos económicos ás cuestións de violencia machista.

Polo tanto, terannos ao seu lado facendo propostas —desde o punto de vista crítico, para avanzar—, sexan de ámbito galego ou sexan de ámbito estatal, pero, desde logo, seguiremos a pedirilles máis compromiso a todos e todas.

E remato, simplemente, facendo unha referencia —que antes non tiven demasiado tempo— á cuestión do ámbito xudicial nun plano máis amplo. Nós entendemos que aí debe ir boa parte dos esforzos que veñan dados deste marco do Pacto de Estado, pero tamén das competencias propias. Eu creo que todas e todos puidemos ler hai pouco —eu recoméndolle, se non o fixo, que o faga, señor Rueda— un artigo de Iria Pinheiro, unha actriz galega que retratou nun

artigo que se chama «Crónica da inmundicia» a peripecia que tivo que vivir durante unha denuncia de acoso sexual. É paradigmático todo o que ela conta, cunha valentía envexable...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...sobre como viven as mulleres desde dentro o proceso xudicial. Temos que tomar esas cuestións absolutamente en serio e dar pasos máis contundentes, porque temos marco legal, temos capacidade orzamentaria e temos, teoricamente, un consenso político arredor desta cuestión.

Polo tanto —e remato, simplemente, nunha frase, señor presidente—, nós tamén lle traemos unha proposta. Fixémolo hai pouco a través dunha moción —non sei se recorda que tivemos unha interpelación no final do período de sesións anterior sobre violencia sexual—, e unha das cuestións que propuña o BNG, e o Partido Popular votou en contra, é que anualmente —nós propuñamos nos dous primeiros meses do ano— nos remitan tamén un informe sobre a secuencia de cumprimento deste Pacto de Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pode ser, igual, incorporar algo ao propio informe da lei galega, pero a cuestión é que temos que facer un seguimento rigoroso e calendarizado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E, por iso, convidámolo a que se comprometa hoxe...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a facer esta comparecencia, mínimo, unha vez ao ano, neses termos e acompañada dun documento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Señora Presas, terminou o seu tempo. Mire o reloxo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Ben, grazas presidente.

Señor Rueda, vostede debería saber como funcionan os orzamentos. As nosas emendas, esas que acaba vostede de comentar que non existen, si están, están nas emendas parciais, aquí as ten. (*A señora Pierres amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Son máis de tres millóns os que nós solicitamos que se incrementen nos orzamentos da Xunta de Galicia en temas, ademais, como a violencia de xénero. (*Aplausos.*) Eu invítoo a que as vexa. Acostumado como está a ignoralas e a pasar o rodillo, entendo que vostede non tivese coñecemento. (*O señor Rueda Valenzuela pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Claro!

Por outro lado, señora Prado, eu a verdade é que, escoitándoa, me desubico. Eu desubícome porque parecera que fose vostede a deputada máis construtiva da historia deste parlamento. (*Murmurios.*) E, francamente, ¿sabe o que realmente lamentamos dende o Grupo Socialista? O que lamentamos é que sexa a Xunta a que leve fóra da igualdade tanto tempo. Iso é o que lamentamos dende o Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Pero permítame que analice agora a xestión das políticas de igualdade, cun espírito construtivo. Dous anos levamos xa de lexislatura e dous anos levamos reclamando o plan de igualdade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Plan que segue na sombra e sobre o que onte mesmo, ademais, recibimos unha resposta por escrito —¡que oportuna, onte mesmo!— para anunciar que están traballando nel, pero que precisan de máis tempo para analizar a realidade previa. En fin, sombras que se cernen sobre as sombras que xa había. Tomen nota e exemplo doutras administracións públicas —¿por que non?— como a Deputación Provincial de Pontevedra, que si conta con el dende decembro de 2017, e non será polo traballo que deixou feito o señor Louzán, e vostede sábeo. (*Aplausos.*)

E tomen nota, tamén, do que significa favorecer a igualdade, que dista moito dese intento do señor Feijóo de rebentar a folga feminista do 8-M con servizos mínimos ilegais, tal e como acaba de confirmar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que sentenza que o Goberno galego actuou con vontade de privar de repercusión apreciable os paros para intentar boicotealos. Supoño que terá unha boa explicación para isto, pero a nós o que nos parece é que é un síntoma máis do descaro co que vostedes actúan, e que o seu respecto pola igualdade se manifesta só cando hai micros, cando hai titulares e cámaras por diante.

E, se seguimos a analizar as accións desta lexislatura, atopamos como, no ano 2014, se realizou un estudo exploratorio sobre a trata, pero a verdade é que dende entón nin unha soa actuación ou acción se realizou contra a mesma dende ese momento.

Con respecto á Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como vostede sabe, é obriga presentar informes anuais, e así se está facendo. A pesar de que cada ano se completan os datos estatísticos pouco a pouco, estes seguen a ser escasos e pouco detallados. Segue sen coñecerse a verdadeira situación de desamparo dos menores fillos de vítimas de violencia de xénero, o que impide un seguimento efectivo por parte dos servizos sociais, así como coñecer a situación real de desamparo en que poidan atoparse despois do asasinato das súas nais. Eu entendo que a medida que hoxe anunciou vai neste sentido, e alégrome.

En canto aos xulgados específicos de violencia de xénero, tan só existen dous, na Coruña e Vigo, sendo necesaria a súa implantación tamén en todas as grandes cidades de Galicia. Lembremos que foron 6.436 as denuncias do pasado ano por violencia de xénero. Isto supón un 13,3 por cento máis de sobrecarga para os xulgados, xa de por si saturados, cuestión que xustifica —cremos— enormemente o aumento do número dos mesmos.

Tamén é preciso un impulso claro á formación específica que é precisa neste tipo de casos no ámbito xudicial, pero tamén en todos os ámbitos. Como detalle, será coñecedor vostede de que dos corenta e cinco profesionais que forman parte do equipo técnico da Secretaría

Xeral de Igualdade, tan só catro persoas contan con formación en igualdade. Nós pensamos que hai que tomar en serio o que temos entre as mans, señor Rueda, e exixir a profesionalidade e especialización que merece este labor. Se un non fai os deberes na casa, dificilmente vai poder trasladar credibilidade fóra da mesma.

É unha reivindicación, a da mellor formación, que estendemos aos CIM, onde é precisa unha maior presenza —tamén cremos— de axentes de igualdade. E precisamente respecto a estes, cremos que é importante comentar como dende a Xunta se traslada a idea dunha rede integral de CIM a nivel territorial. Sen embargo, tan só oitenta concellos reciben subvencións e cento trinta e sete carecen dun CIM. Moitos son mantidos con servizos e recursos propios dos concellos. Dende o Grupo Socialista cremos que é preciso fortalecer esa rede de CIM real, e non ficticia, e é preciso, ademais, que a Secretaría Xeral deixe de facer partidismo e demagogia co peche e apertura dalgúns deles. Porque moito reclama cando os servizos son de concellos onde non goberna o PP, pero moito cala e moito asente ante o peche dalgúns, como o CIM de Vilanova de Arousa (*Aplausos.*), onde nos volvemos atopar co señor Durán, ese home do Partido Popular tan implicado co feminismo e coas mulleres, e que, polo visto, tamén ten o silencio da secretaria xeral de Igualdade do seu lado.

Melloren a coordinación entre os CIM, potencien esa verdadeira rede de centros, e fágano, por favor, sen partidismos, para que sexa garantía dun servizo integral para as mulleres en toda Galicia.

En definitiva, señor Rueda, aproveiten a oportunidade que lles outorgan os fondos do Pacto de Estado contra a violencia para poñer en marcha con efectividade as medidas que vostede acaba de anunciar, pero tamén o resto de medidas contidas no pacto, para cubrir tamén todas as carencias que acabamos de relatar, e abandonen, iso si, esa actitude que parece que veu para quedar, de vivir á sobra do Estado.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

A verdade é que ogallá non tiveramos que contestarlle á voceira do Partido Popular e ogallá tiveramos un debate construtivo e un debate realmente para falar da situación tan importante que temos por diante, que é loitar contra as violencias machistas, pero a incoherencia non ten límites.

Ou sexa, vostede quere chegar a acordos e a consensos insultando. E, ademais, é que non insulta os grupos da oposición, hoxe atacou cento dous concellos galegos, atacou tres deputacións e atacou moitísima xente que está traballando nunha campaña polo 25 de novembro. Esta é unha campaña que creo que non aceptan e que non queren sumarse a ela por partidismo, por partidismo cutre, para que o Partido Popular non apareza nunha campaña que xa

é plural, heteroxénea, con concellos de todas as cores políticas, e que sabe que fai un labor fundamental de sensibilización e de visibilización, pero tamén de loita real contra as violencias machistas. Que apareza un cartel non é que apareza un cartel, é que ese cartel vai acompañado de moitísimas outras medidas, de moitísimas outras cuestións. Entón, por favor, teña un pouco de respecto, non polos grupos da oposición, senón por todos os concellos do país, que están facendo os maiores dos seus esforzos para loitar contra as violencias machistas. (*Aplausos.*) Ademais, é que tanto que di da actitude construtiva, que aquí non falou ninguén da campaña marabillosa que sacou a Xunta de Galicia o ano pasado o 25 de novembro. ¡É que de verdade! Se queren falamos desa campaña, esa campaña tan útil para as mulleres deste país.

Esta comparecencia vai ir acompañada, e, por sorte, neste pleno hai bastantes iniciativas de igualdade. Dende En Marea presentamos dúas, e nós esperamos que voten favorablemente, porque as dúas propoñen medidas que entendo que van acordes ao que expresaron hoxe na súa intervención. Entón, esperamos que tamén a comparecencia e as palabras que hoxe se expuxeron aquí vaian acompañadas do voto favorable a estas dúas iniciativas.

Despois, por falar en relación coa abstención do Pacto de Estado, nós abstivémonos por moitas razóns, e ratificámonos na nosa decisión; un ano despois ratificámonos e creo que temos máis razóns de peso para abstermos nestas cuestións. Existían diferenzas de enfoque profundas, porque negáronse a incorporar moitas medidas que falaban de prevención e de igualdade, falando de que era un pacto contra a violencia. Nós non entendemos esa diferenciación, cremos que a prevención e a igualdade obviamente van da man da violencia. A violencia só é unha consecuencia final, a consecuencia máis explícita, a consecuencia máis cruenta, pero, obviamente, aséntase nas desigualdades que vivimos as mulleres, porque se deixaron fóra formas de violencia recollidas no propio Convenio de Istambul; iso pasou. Xa se comentou aquí que o Convenio de Istambul está ratificado, e no día de hoxe temos que seguir insistindo en que se leve adiante un convenio do que temos obriga de levar adiante.

Despois, porque ademais este pacto foi un avance. Pero non foi un pacto realmente de Estado, e un ano despois compróbase que non foi un pacto de Estado porque non tiña o apoio do Estado, porque basicamente non hai vontade política para levar adiante as medidas, que —como digo— eran insuficientes, que non eran todas, que tiñan un enfoque diferente ao que nós plantexariamos, pero incluso estas non se levaron adiante.

Un ano despois, ¿que concreción legislativa, que orzamento concreto para cada medida e que calendarización? Porque naquel momento vendeuse este pacto como que de inmediato se ía levar adiante todo. Iso é o que se vendeu nese momento, e os titulares e a hemeroteca están para todo o mundo. Entón, nós o que exixiamos para votar favorablemente este pacto é que cada medida tivera un orzamento concreto. Se imos facer isto, con canto diñeiro; se non, non serve de nada dicir que se vai facer algo se despois non hai un orzamento concreto que vai da man. Os orzamentos incumpríronse; os orzamentos que se puñan alí, que eran insuficientes, tamén; a pesar de ser insuficientes incumpríronse. E eses douscentos millóns despois non apareceron por ningún sitio.

Tampouco había calendarización. Se asumimos que non se poden levar todas as medidas adiante de inmediato, pois poñamos un calendario, poñamos un horizonte temporal, porque

nós o que non queremos é que dentro de dous anos isto se olvide, as medidas do Pacto que se levaron adiante e que se levan, e as que non.

Non hai tampouco desenvolvemento lexislativo. É que non serve de nada o que poñamos nun papel, porque, por exemplo, aquí en Galicia temos das lexislacións máis avanzadas, que nós saudamos e que é moi positivo, porque tamén empezar a nomear diferentes tipos de violencia xa ten unha implicación directa, pero é que iso non se acompañou despois moitas veces das políticas públicas levadas adiante nos últimos anos. Entón, a pesar do que poñen os papeis, tamén necesitamos que eses papeis teñan unha tradución real, material na vida das mulleres; orzamentos reais, non recortes en cuestións fundamentais que afectan as mulleres e en cuestións fundamentais para a igualdade. E no desenvolvemento lexislativo sabe vostede moi ben que hai moitas cuestións da lei que quedan por desenvolver, que quedan por concretar sobre todo.

Quería preguntarlle tamén pola cuestión dos recursos habitacionais —que non me deu tempo na primeira intervención—, un pouco se pode profundar nesa cuestión e dicirnos como teñen pensado mellorar a rede de acollemento. Falou dalgúns casos puntuais, pero se pode profundar e falar algo máis, porque nós insistimos moito en que é fundamental, non só obviamente as casas de acollida, que son o recurso máis urxente e que debe ser temporal, senón un recurso habitacional estable, onde as mulleres poidan tamén vivir en liberdade de maneira efectiva.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: E despois —como dicía— entre o Pacto e entre moitas das cuestións que se fan existen contradicións. É que é moi evidente, ou sexa, ¿como pode dicir que ese pacto non saíu adiante grazas a Podemos? Nós traballamos moitísimo por ese pacto galego. O noso grupo estivo traballando, estivo en todas as xuntanzas e estivo propoñendo moitísimas mulleres, moitísimas expertas, e escoitou moitísimas comparencias, propuxo moitísimas medidas das aprobadas. E é máis: unha vez que se pechou o Pacto todas as medidas lexislativas que quedaron fóra, o noso grupo presentou proposicións de lei, presentou iniciativas para que todo iso que quedara fóra se levara adiante. E o Partido Popular moitas veces bloqueouno, bloqueou medidas para a igualdade.

Entón, non digan que o consenso e o pacto, cando vostedes sistematicamente só queren o pacto das súas propostas. Si, é verdade, Paula...

O señor PRESIDENTE: Grazas

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...E falar do pacto cunha actitude de ataque constante pois, a verdade, dificulta bastante.

Entón, nos pactos, se realmente queremos un pacto, traballemos en pé e igualdade, non aplicando o tema da cuestión maioritaria. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señora Pierres, onte mesmo nesta cámara debatemos as emendas transversais. O Grupo Socialista presentou un orzamento alternativo ao orzamento que trouxo o Goberno do Partido Popular a esta cámara. E vostedes nese orzamento alternativo que querían para Galicia, non o que trouxo o Goberno do Partido Popular, mobilizaron catrocentos millóns de euros, dos que destinaban cero euros á igualdade e á violencia de xénero, señora Pierres. (*Aplausos.*) ¡Que me vén falar agora vostede das emendas parciais! Falamos do orzamento alternativo que vostedes presentaron onte nesta cámara, onde mobilizaban catrocentos millóns de euros máis, e cero para igualdade e violencia de xénero. Eses son os datos. E os datos son incuestionables, porque están por escrito, e o debate de onte produciuse, e ademais está no *Diario de Sesións*, e pode vostede comprobalo.

Que veña vostede aquí falarnos de peches de centros de información á muller. Mire, señora Pierres: o CIM de Vilanova de Arousa é un dos primeiros CIM de Galicia; había cinco. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Si, era un dos primeiros; xusto, pero non pechou. Non minta, non pechou, integrouse na Mancomunidade do Salnés. (*Murmurios.*) ¿Sabe cal é o CIM da provincia de Pontevedra que pechou? O de Ponte Caldelas, (*Murmurios.*) baixo un goberno socialista, señora Pierres. O CIM de Vilanova non pechou, señora Pierres; non minta porque non pechou.

Señora Presas, eu non critiquei as pancartas nin as mobilizacións do asociacionismo e do feminismo, non. Eu critiquei concretamente que hai un concello en Galicia que gasta centos de miles de euros en pancartas, chapas e camisetas, e no Centro de Información á Muller do Concello de Santiago houbo meses en que non había atención xurídica ás mulleres vítimas de violencia de xénero. (*Protestas.*) Iso é o que eu critico. Hai que destinar cartos á atención, e non á propaganda e á publicidade. Esa é a miña crítica, señora Presas. E seguro que tamén vostede o critica. E seguro que tampouco vostede está de acordo con que o Centro de Información á Muller de Santiago non tivera atención xurídica ás mulleres vítimas de violencia de xénero. ¿A que está de acordo comigo, señora Presas? Si, non o vai dicir, pero estou segura de que si.

Eu coincido con vostede no financiamento, eu coincido en que hai que abrir ese debate, eu coincido en que as comunidades autónomas teñen que ter outro financiamento, e Galicia ten que poñer enriba da mesa o problema da dispersión poboacional. Claro que coincido con vostede, o que pasa é que temos un Goberno do Estado que está noutras cousas, está no márketing, na propaganda e na política de xestos. E dificilmente vexo o señor Pedro Sánchez sentando ás comunidades autónomas para abrir o debate do financiamento. (*Aplausos.*)

Señora Pierres, pois esta deputada, de verbo duro, si que ten chegado a moitos acordos nesta cámara, porque con esa *vocecita* que vostede vén aquí, que parece que ten a man tendida... (*Protestas.*) ¡Ah!, é machista. Igual é machista que lle diga... Eu xa digo que son unha deputada de verbo duro, eu son de verbo duro; vostedes son de mandíbula de cristal, non aguantan nada calquera crítica. ¡Ah!, é porque a digo eu, que se o dixera un compañeiro meu dirían

que é machista, pero como o digo eu aínda suavizan. Pero, ben, hai tamén mulleres que teñen actitudes machistas, e podemos ir á presidenta da Deputación de Pontevedra todos os días. Non por ser muller non se é machista.

Agora, dígolle unha cousa, señora Pierres: esta deputada, nos anos que leva nesta cámara, ten chegado a moitos acordos, e nesta lexislatura vostede tamén formou parte de acordos que asinamos todos os grupos. Vostede e mais eu chegamos a acordos, así como a señora Quinteiro e a señora Presas. Mesmo as achegas a este pacto do Estado do que hoxe estamos a falar foron por consenso de todos os grupos.

Señora Quinteiro, non diga que facemos rodillo. Coas súas achegas no Pacto do Estado para Galicia, ¿vostede non estaba de acordo?, ¿non lle incorporamos as súas achegas? ¡Claro que si, señora Quinteiro! Non diga que non metemos as súas achegas. Iso non é verdade, non falte á verdade. Nós, en pé de igualdade, asumimos e intentamos chegar a acordos en todas as propostas.

É certo que temos diferenzas ideolóxicas, é certo que nalgunhas cousas non imos chegar nunca a un acordo, pero no que estamos de acordo, estou convencida de que seremos capaces de poñer o negro sobre branco nun documento, e estou convencida de que chegaremos a un pacto galego para a violencia de xénero. *(Aplausos.)* Estou absolutamente convencida.

Señora Pierres, vostede di que a Xunta está fóra da igualdade. Iso é o que queren vostedes: poñer a Xunta fóra da igualdade. E por iso non a convocan a reunións de coordinación da Delegación do Goberno. Pero non o vai conseguir, a Xunta de Galicia seguirá traballando pola igualdade, traballou sempre; co Goberno do Partido Popular sempre traballou pola igualdade, seguirá traballando pola igualdade e está traballando pola igualdade. E os datos que lle acaba de dar o señor vicepresidente demostran que Galicia está traballando a prol da igualdade a pesar do Partido Socialista e a pesar do Goberno do Estado, que quere excluír a Xunta do traballo de coordinación da violencia de xénero. Non o van conseguir, señora Pierres.

Señora Quinteiro, eu creo que das trescentas medidas que tiña o Pacto de Estado algunha lle gustaría. Mesmo hoxe o señor vicepresidente xa dixo que hai algunhas que xa están en marcha. A quenda de atención psicolóxica, por exemplo, vén do pacto do Estado, vén das achegas que fixemos dende Galicia. ¿Vostede non cre que iso merece a pena votalo a favor? Eu entendo que vostede quere máis, pero eu creo que todos os avances da igualdade, porque nos custa moito traballo chegar a avanzar na igualdade, ¡claro que nos custou moito traballo!, pero, precisamente por iso, calquera avance que haxa en igualdade creo que temos a obriga de apoialo, creo que temos a obriga todos os representantes políticos de apoiar calquera medida por pequena que sexa que avance na igualdade e, sobre todo, que sirva para a atención das vítimas de violencia de xénero.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu estou convencida de que a pesar do meu verbo duro, todas chegaremos a un acordo, e teremos moi pronto un pacto galego contra a violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peche desta comparecencia, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, a convocatoria da Delegación do Goberno excluindo a Xunta non é anecdótica, é un síntoma, era un síntoma. Por iso eu creo que é bo que falemos diso, porque alí cada un como quere tratar esta cuestión. Por iso vólvolle agradecer o ton construtivo. Pero era todo un síntoma. Despois houbo unha mesa redonda, e tamén fomos excluídos para falar alí. Agora parece que empezan a rectificar. E eu alégrome, porque do que se trata é de acertar entre todos. E agradecemos ademais que se constatará que, efectivamente, non é normal que a Xunta de Galicia estea excluída do que convoca o Estado. Todos temos que estar no que convocan todos; isto é unha cousa de todos.

Dime que vin cun recetario. Recetario non, senón unha serie de medidas que queremos facer —e algunhas que non as dixen por cuestión de tempo—, e facer moitas cousas. Por iso digo que todo aquilo que nos propoñan e que creamos, e explicareilles se cremos que non pode ser a razón, é bo. Falei das universidades porque é a que vostede me propuxo, se propón algunha máis... E, desde logo, estou de acordo con que imos falar moito coas tres universidades, imos facer moitas cousas que non se estaban facendo ata o de agora. Polo tanto, temos capacidade negociadora para pedir iso. Non depende de nós, porque o acordo ten que ser entre dúas partes pero, dende logo, ímolo propoñer.

E fala da rede de acollemento —tamén o falaba a señora Quinteiro—. Hai algúns problemas cos concellos, hai problemas en Ferrol, hai problemas en Lugo... E o que imos intentar é solucionarlos e ampliar a rede de acollemento. Este ano foi un ano especialmente difícil, por desgraza para todos, porque houbo que acudir a este recurso con máis frecuencia que outros anos. E, polo tanto, aquí necesitamos a colaboración imprescindible dos concellos, e onde haxa problemas detectados —Ferrol e Lugo— hai que intentar arranxalos. E vai haber cincocentos mil euros máis para ampliar estes recursos, que son de urxencia, case como primeira solución.

Porque despois estaba a segunda. Preguntábame a señora Quinteiro que detallara un pouco máis —agora fareino na parte na que intentarei contestarlle a ela— sobre as propostas en materia habitacional que facemos dentro do Pacto de Estado.

Falaba tamén a señora Presas dos equipos dos xulgados. Acabamos de reforzar os catorce profesionais que están xa con carácter estrutural, acabamos de aprobar a relación de postos de traballo da Vicepresidencia, vaina aprobar o Consello da Xunta, e iso xa vai alí consolidado. E fan falta máis, pero son catorce que se incorporan xa dun xeito definitivo. E eu estou seguro de que, unha vez que se poñan en marcha estas propostas sobre os equipos da quenda psicolóxica e sobre as oficinas de atención ás vítimas, todo iso se irá consolidado.

Estou de acordo nunha cousa —paréceme que non foi vostede a única que o dixo— sobre os xulgados de violencia de xénero. Efectivamente, hai dous en Galicia nada máis exclusivos, despois están os mixtos e despois están os que teñen que atender en moitos partidos xudiciais os casos de violencia machista. Creo que é unha boa proposta —e xa o temos falado na Conferencia sectorial— que, primeiro, en todas as cidades houbera un xulgado en exclusiva e que, despois, intentáramos comarcalizar aqueles, para que non se dea a situación actual. Nós estamos de acordo con iso. Non depende de nós, primeiro, a creación de unidades xudiciais e, segundo, dicir exactamente onde teñen que ir. Pero se está de acordo tamén o Tribunal Superior de Xustiza —e creo que isto ten que funcionar con criterios obxectivos— era bo plantexalo, e probablemente plantexalo a nivel estatal, para que cando menos nas cidades existira un xulgado en exclusiva. Nós, mentres tanto, imos reforzando o persoal deses xulgados con prolongación de xornada e con dotacións económicas suplementarias.

Propón vostede: «e un informe de seguimento do cumprimento do pacto». Eu estou de acordo, e creo que é bo que unha vez ao ano eu compareza ou quen teña as responsabilidades en cada momento para dar conta de como se vai executando. Polo tanto, adquiero hoxe aquí este compromiso, que me parece unha proposta lóxica e unha proposta que debe ser aceptada.

Señora Quinteiro, todas as campañas son respectables, tanto as que vostede está de acordo con elas como as que non lle gustan e non está de acordo con elas. Creo que hai que respectalas todas, porque todas teñen a intención de acabar coa violencia machista e denunciar as situacións que se están dando. A Xunta de Galicia —ao final, o Goberno e todos os galegos e galegas— vai facer unha andaina o domingo, vai estar o presidente da Xunta. Eu invítoa a que veña a esta andaina porque vai estar fóra de cores políticas e vai haber moitas asociacións de mulleres, e supoño que —se é que teñen ideoloxía— de todas as ideoloxías políticas, non son asociacións ideolóxicas. Van estar alí. Eu invitaríaa. Sería un moi bo sinal que vostede e todos os parlamentarios e parlamentarias acudiran a esa andaina tamén, que é unha andaina institucional e non de ningún partido político. E entón veríamos que, efectivamente, todo o que está dicindo é certo e se sustenta con feitos.

E está ben que xustifique a abstención do seu grupo no Congreso. Eu prefiro non entrar niso. Eu simplemente digo que trasladando o que temos que facer nós, a min non me gustaría que xa viñera o Pacto de Estado calendarizado e con cantidades exactas en cada sitio dicindo o que hai que facer. Eu prefiro que sexa un marco aberto e que despois cada comunidade autónoma poida decidir aquilo que cre que é máis necesario e máis urxente facer no seu territorio. Porque, ademais, se fomos con ese sistema, pois probablemente o que pasaría é que esa vantaxe que temos de cousas que xa están feitas se convertería nunha desvantaxe porque partiríamos todos da mesma situación e todos teríamos que facer o mesmo cos mesmos cartos. Oia: hai cousas que aquí xa se están facendo con fondos propios, e podemos ir a máis en cousas que outras comunidades non van poder facer porque parten practicamente de cero. Polo tanto, eu creo que este é un bo sistema. E agora a nosa responsabilidade é dotalo de contido, agora que hai dotación orzamentaria, e intentar que veña tamén máis dotación orzamentaria. Volvo dicir que me parece bo que ese avalíe o que está facendo cada un. E o que está facendo mal as cousas non ten por que ter máis recursos ou igual de recursos que o que as está facendo ben. Intentemos estar no grupo dos que intentan facer ben as cousas.

O do recurso habitacional, que me preguntaba. Xa lle dixen —e dicíallo agora á señora Prezas— que as casas de acollemento van ter un incremento —entre as que xa hai e as que queremos abrir, ese centro da Mariña para mulleres con discapacidade e con problemas de saúde mental, mulleres vítimas de violencia de xénero— de cincocentos mil euros máis; en principio, partida aberta, e se é necesario haberá que poñer máis cartos. E despois tamén, á parte dos centros de acollemento, os recursos de urxencia —como lle dicía—, ese Plan integral de acceso á vivenda, que será para as mulleres vítimas de violencia de xénero, para os seus descendentes orfos e para os seus coidadores, se as mulleres foran asasinadas. E vai consistir en doce bonos mensuais consecutivos e prorrogables para situacións que así o demanden, 2,5 millóns de euros, ampliables tamén. En principio, é o que poñemos. Sabemos que é unha partida que necesita consignación, e vaise facer a través dunha orde do IGVS, un bono social e con acceso preferente entre todas as ordes que convoque o IGVS. Se quere máis detalles podémolos dar, pero isto é un pouco máis de concreción.

E rematando, señora Pierres, eu pídolle un respecto para o persoal da Secretaría Xeral de Igualdade. O persoal da Secretaría Xeral de Igualdade ten formación para o que está facendo. Acaba de dicir vostede que non ten ningunha formación e que, polo tanto, está facendo as cousas como as podería facer calquera. Eu pídolle un respecto, xa sei que non ten respecto para a maioría das cousas, non teñen respecto por entender que a violencia machista é unha cousa de todos. ¡Home!, un respecto para os funcionarios e funcionarias. Iso o mínimo.

Despois gustárame que me dixera a que centro de información da muller se vai incorporar o Concello de Ponte Caldelas. O de Vilanova incorporouse á mancomunidade. E gustaríanos sabelo, porque o certo é que no día de hoxe as mulleres de Ponte Caldelas non teñen ningún recurso onde acudir no seu concello, nin saben onde acudir noutro sitio. Esta é a verdade. E aí está moi calada, porque sabe que non pode dicir absolutamente nada. O de Vilanova está na mancomunidade. Eu preguntolle: ¿onde está o de Ponte Caldelas? E mentres non responda a iso estamos vendo a incoherencia das cousas que vostedes sosteñen. (*Aplausos.*)

Do orzamento xa lle contestou a señora Prado: vostedes movían cero euros. E agora di que moven tres millóns nas emendas transversais. Arrepentíronse, déronse conta do erro e agora danse conta de que algo hai que poñer. (*Murmurios.*) Agradecemoslle moito esa rectificación, ¡benvida sexa! Igual que a da convocatoria que nos fai o Estado a partir de agora; este deuse conta de que así non podía ser. E, polo tanto, mentres se rectifique, ¡bravo! Se aquí o que interesa é acertar, señora Pierres.

E remato xa, señor presidente, sinalando que eu vin aquí en nome do Goberno galego cumprir a obriga de dicir que queremos facer con esas consignacións e que queremos facer para desenvolver o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que ten que ser un pacto galego contra a violencia de xénero. Por iso eu volvo facer esa invitación, por última vez, a que se fagan aportacións, a que se fagan propostas, a que acertemos entre todos. Nós propoñemos a axuda de inserción laboral a través das empresas e dos concellos —esa é unha novidade—; propoñemos os bonos vivenda —que agora lle detallaba á señora Quinteiro—; propoñemos facer moito máis no eido da prevención e na educación para previr situacións de violencia machista; propoñemos facer moito máis e poñer equipos estables nos xulgados; propoñemos

incidir moito máis na violencia machista, tan esquecida no medio rural pero tan presente por desgraza; propoñemos, en definitiva, que acertemos entre todos.

Creo que era necesario neste momento e agora que acabamos de ter as consignacións. Este é un pacto de anos, este é un pacto que ten que durar, ten que intentar solucionar moitas cousas, e farémolo se somos capaces de facelo entre todos. Desde logo, por parte do Goberno da Xunta de Galicia non vai quedar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Pasamos ao punto 2 da orde do día, textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Para a presentación e defensa da proposición de lei ten a palabra dona Virxinia Rodríguez Álvarez —a quen lle rogo que se achegue á tribuna de oradores— por un tempo de quince minutos.

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rodríguez Álvarez): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Son Virxinia Rodríguez, presidenta de Adegas, e comparezo nesta cámara para defender a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais.

Falo en nome da Comisión promotora da iniciativa, integrada por representantes da Alianza por un Medio Rural Vivo (Adegas, a CIG, a Fruga, a Organización Galega de Comunidades de Montes e a PDR) e apoiada por máis de sesenta organizacións que integran a rede Cousa de Raíces: entidades ambientalistas, asociacións culturais, sindicatos agrarios e de clase, comunidades de montes, empresas e universidades, e que me acompañan hoxe na tribuna.

Síntome particularmente orgullosa de ser a voz de preto de corenta mil persoas que deron un apoio explícito coa súa sinatura a esta iniciativa lexislativa popular, ás que quero agradecer dende aquí o seu compromiso e entusiasmo.

Trátase dunha das ILP ambientalistas máis apoiada na historia do noso autogoberno, superando as sinaturas recollidas na ILP de defensa dos ríos, aprobada no 2006, e a máis recente, a do 2013, a favor da reciclaxe. É ademais a segunda ILP de carácter forestal presentada nos últimos trinta anos, o que sinala a preocupación que polos bosques e o monte ten a sociedade galega.

Por iso, esta proposición de lei, independentemente de ser ou non aprobada, xa acadou un dos seus obxectivos: implicar a milleiros de persoas de todo o país e a centos de colectivos e entidades de diversas sensibilidades na defensa do bosque. Persoas e colectivos que asumiron como propias as mensaxes e os obxectivos desta proposición de lei, e ás que novamente que-remos trasladar o noso agradecemento.

Conseguimos tamén levar á rúa un debate que ata agora semellaba tabú, sobre todo en ámbitos rurais: o monocultivo do eucalipto como problema de país, chegando a situar a problemática forestal galega nas axendas políticas locais, do Estado e da propia Unión Europea.

Permítanme agora debruzar brevemente as razóns das propostas articuladas nesta proposición de lei:

Constatamos que a pesar da importancia da superficie de monte en Galiza, por volta dos dous terzos do total do territorio, as políticas sectoriais non conseguiron compatibilizar os aspectos produtivos do monte coa conservación dos hábitats naturais, e particularmente dos bosques autóctonos, historicamente degradados e cada día máis diminuídos en relación coas plantacións de árbores de crecemento rápido.

Constatamos tamén a escasa superficie ocupada polos montes de xestión pública. A vocación primeira destes espazos debería ser a conservación dos valiosos hábitats naturais, chave para o amortecemento dos efectos do cambio climático, a conservación da biodiversidade e a redución dos impactos dos lumes forestais. Faise pois preciso clarexar os principios reitores da xestión do monte para garantir unha compatibilización real dos seus distintos usos, así como incrementar a xestión pública mediante acordos con propietarios e comunidades de montes. O reforzamento da figura dos montes veciñais en man común, o fomento do asociacionismo e da formación resultan chaves para unha xestión integral e sustentábel do monte, dende o monte e para o monte.

O vixente Plan forestal de 1992, cun horizonte de aplicación de corenta anos, e actualmente en revisión, visaba unha extensión máxima do eucalipto dunhas duascentas corenta e cinco mil hectáreas. No primeiro Inventario forestal nacional (IFN1), de 1972, o eucalipto estaba presente nun total de 131.181 hectáreas. Para o máis recente, o IFN4, realizado en Galiza no 2009, o eucalipto estaba xa en preto de 433.915 hectáreas, entre masas puras e mixtas. Nestes intres, a estimación é que en Galiza a superficie de eucaliptais pode superar as cincocentas mil hectáreas, duplicando, á falta de catorce anos, as previsións máximas do Plan forestal de 2032. En proporción ao total do territorio, esta especie cobre xa o dezasete por cento do conxunto do territorio galego, mentres que en Portugal só chega ao nove por cento. Este dato subliña non só a importante superficie ocupada polo eucalipto, senón o feito anómalo de que, de todos os estados europeos, só España e Portugal permiten o monocultivo desta árbore.

Constatamos tamén que o incremento da superficie eucaliptizada se ve favorecida por un modelo de aproveitamento do monte intensamente forestalista, que aposta pola produción de madeira de pouco valor engadido, esquecendo outros usos. Esta disfunción ten que ver

coas consecuencias da política agraria común (PAC) e a falla de expectativas das economías familiares no rural, que levan ao abandono agrario e ao despoboamento do rural galego. Este é precisamente o caldo de cultivo para os lumes forestais, favorecidos por unha mudanza climática e o carácter maioritariamente pirófito das especies empregadas. Temos asistido xa ás catastróficas consecuencias dunha nova tipoloxía de lumes, que afonda no fracaso actual dun modelo forestal e de loita contra os incendios.

Deste xeito, a falla dun modelo produtivo sustentábel, multifuncional e socialmente inclusivo fai que o destino de moitos montes e terras agrarias remate sendo o monocultivo, nomeadamente de eucalipto, e finalmente o lume. Esta invasión está a atinxir tamén os espazos protexidos e as terras agrarias, contravindo unha lexislación por veces demasiado permisiva e discrecional. É pois necesario regular o cultivo do eucalipto, comezando por decretar unha moratoria para novos plantíos desta especie, tal como acaba de facer Portugal. Aproveitando o proceso de elaboración do novo plan forestal, esta moratoria tería como obxectivo avaliar os impactos de case cincuenta anos de monocultivo sobre os hábitats naturais e os servizos ecosistémicos que os montes presentan á sociedade, para deste xeito establecer condicións para un aproveitamento compatíbel desta especie.

Con respecto ao *Eucaliptus nitens*, esta variedade está a ocupar os novos espazos dada a súa maior resistencia ao frío, alongando a eucaliptización ao interior da Galiza. Malia non ter a consideración legal de especie exótica invasora, o *nitens* éo, tal e como acaba de recoñecer nun ditame o Comité Científico de Flora e Fauna Silvestre do Ministerio español do Ambiente. En consecuencia, as administracións públicas deberían prohibir o seu cultivo en todo o territorio polo seu recoñecido carácter exótico e invasor, así como poñer en marcha plans de control e erradicación naquelas áreas nas que está xa presente.

Somos conscientes de que o aproveitamento forestal intensivo con especies alóctonas, pirófilas e de crecemento rápido comporta a deterioración dos servizos ecosistémicos, que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo ou a calidade paisaxística son importantes para a vida e o mantemento das actividades económicas da nosa sociedade. Os monocultivos, quer para madeira, pasta ou biomasa, inciden tamén na maior frecuencia e intensidade dos lumes, na contaminación de terras e rías con agroquímicos e verteduras das celulosas, no empobrecemento da biodiversidade e no avance da erosión, provocando perdas económicas directas e lucro cesante. Este modelo forestal contribúe tamén a fosilizar importantes cantidades de recursos públicos a través do Pladiga, que custa anualmente arredor de cento sesenta millóns de euros.

Faise pois imperativo aumentar as cautelas e clarexar as determinacións legais, mellorar e garantir o cumprimento das normas e abordar a recuperación dos usos orixinais e a rexeneración dos hábitats degradados por plantíos ilegais. Tamén é urxente abordar a mitigación dos efectos dos incendios forestais e a protección do patrimonio natural e cultural. Non podemos esquecer que o pedregal de Irimia, un patrimonio natural e cultural, está aterrado por unha plantación, que para nós é ilegal, de eucaliptos. Ben, saín do guión e entón teño que volver. Perdón. Pois o Pladiga, Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, debería incidir preferentemente na prevención, ter carácter anual e aprobarse no último trimestre do ano anterior ao da aplicación.

Constatamos tamén que, malia o aprobado no Plan forestal de 1992, vinte e seis anos despois seguimos sen contar cun inventariado de masas de frondosas autóctonas, ferramenta fundamental para poder planificar non só medidas de conservación, senón tamén para deseñar estratexias de xestión que maximicen os beneficios do bosque autóctono.

Os modelos de aproveitamento do monte que apostan pola multifuncionalidade de usos, pola utilización de especies autóctonas e polo mantemento dos servizos ecosistémicos deberían estar primados con incentivos directos e indirectos, exencións, mesmo sen ter un fin produtivo. Os nosos bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, polo que semella lóxico que esta repercuta parte dos seus beneficios a aquelas comunidades de montes e propietarios que apostan pola súa conservación e aproveitamento sustentábel.

En consecuencia, debería abordarse con carácter urxente a elaboración do inventariado de masas de frondosas autóctonas, xa previsto no Plan forestal de 1992, e incorporar as súas conclusións ás futuras planificacións. Fomentar o mantemento do arborado autóctono, mesmo sen un obxectivo produtivo, debería compatibilizarse co aproveitamento das materias primas e do bosque, con especial atención ás pequenas e medianas empresas da transformación da madeira, á industria do moble de calidade e aos aproveitamentos doutros recursos, como froitos, cogomelos, plantas medicinais, etc., e mais tamén aos culturais e aos científicos.

Señoras e señores deputados, tendo en conta estas consideracións e dado o peso territorial do monte galego, entendemos que é urxente adoptar as medidas contidas nesta proposición de lei para garantir a súa xestión sustentábel e, moi especialmente, unha adaptación o menos traumática posible aos retos do cambio climático. Dicímoslles tamén que esta non é unha proposición de lei contra o eucalipto, senón contra a xestión que se está a facer del, é pois a favor do bosque autóctono e do aproveitamento sustentábel do monte. Recoñecer o fracaso do Plan forestal de 1992 e as grandes eivas derivadas do modelo imperante nestes últimos trinta anos é o primeiro paso para corrixilas.

Dende a Comisión promotora estamos abertas a debater e consensuar as propostas aquí debuzadas, sabendo que se existe vontade sempre é posíbel chegar a un acordo. Por iso, pedímoslles que tomen en consideración esta ILP para procurarmos entre todos e todas un futuro sustentábel para os montes e bosques de Galiza. Agardamos que nesta segunda ocasión non lle deamos as costas a este futuro. Porque ¿poden dicirme, señores e señoras, quen seremos nós sen os nosos bosques?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Álvarez.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Tal día como hoxe, hai xa non sei cantos anos, aquel home de cara de curuxa que coñeciamos co triste alcume de Carniceiro de Málaga saía naquela televisión en branco e negro dar a noticia que non daba chegado. E bebemos champán co corazón nun puño, e celebramos e sentimos a esperanza ao comprobar que o bicho era mortal. Quero lembralo en voz alta todos os anos da miña vida. (*Aplausos.*)

Señorías, o brutal proceso de desagrarización tardía que sufriu o noso país levou parella unha masiva forestación con piñeiro e mais con eucalipto, que deixou a nosa superficie agraria útil nun perigoso vinte e un por cento do territorio. Mais esta acelerada desagrarización non trouxo como consecuencia unha modernización do campo, tampouco unha mecanización aceptable nin unha revitalización económica nin social; mudou o modo de vida dun xeito acelerado e radical. Foi un fenómeno sufrido en solitario sen asistencia, sen apertura de novas vías, sen medidas estruturais que reconducisen a transformación que se dera en toda Europa, que aquí tardiamente convulsionaba a economía e a sociedade dun xeito traumático e deixaba como saldo o abandono de amplas zonas de territorio e o transvasamento da súa poboación a áreas periurbanas do Atlántico.

Mentres, as autoridades do tardofranquismo do Partido Popular ollaban para outro lado. Non ía con elas. Todos soñaban con saíren do campo. Iso si, a alternativa de desenvolvemento industrial podrecía en subvencións aos amigos, na falsidade política, na precariedade, na frustración crecente.

Xa o Icona, nunha operación de falta de realidade e de descoñecemento deste noso país, tiña iniciada a moda dos lumes: forestar á forza terras que serviran desde sempre para alimentar o gando e para complementar os cultivos e a vida das familias galegas. Agora, os descoñecidos piñeiros chegaban ata a porta das casas, e o lume foi protesta xorda e o fin do problema.

Pero andando os oitenta, nese xiro radical de desagrarización, de abandono da actividade agraria, aparece un conselleiro que nun claro servizo ao *lobby* Ence-taboleiro inicia un tempo de subvención ao eucalipto e de destrución do tecido transformador, léase: serradoiros, móbiles. Pagan por abandonar a actividade, por deixar de producir, por ocupar terras cunha planta que todos vemos que acaba co bo terreo e expande os lumes, o *alcolitro*. Acábase o mundo, o mundo ao revés.

Hoxe andamos polo dezasete por cento de superficie ocupada por esta especie. Pero esta porcentaxe hai que explicala, porque hai no país vastas zonas que non admiten esta árbore, o cal explica que outras, como a Mariña, Arzúa, Boimorto e a franxa atlántica, teñan unha ocupación de eucalipto de case o cincuenta por cento do seu territorio. E sei do que falo.

¿Como se conseguiu esta rápida desagrarización e abandono? Pois pagando, si, pagando, e convencendo a xente de que a permanencia no campo non tiña futuro, fomentando o rexeitamento polo propio. Vivir no rural é un atraso, e mentres: ¡veña eucalipto! E así hoxe temos consumado este case suicidio colectivo.

¿Como fomos quen de chegarmos a semellante estupidez? Si, señorías, é estupidez que un territorio con gran parte do seu monte apto para cultivos forestais de calidade estea ao ser-

vizo da inframadeira, sen asomo de práctica silvícola ningunha e renunciando a un equilibrio necesario, a unha multifuncionalidade que diversifique o seu uso sostible e a unha biodiversidade que asegure unha economía de transformación da nobreza das nosas madeiras tradicionais.

Van sendo horas de que alguén pense en positivo no rural galego e lexisle para a súa permanencia e riqueza, que o faga desde o coñecemento real del e que xogue a favor da súa existencia como nicho de progreso. Non é comprensible que este monte de calidade, en vez de servir á diversificación de funcións, se malgaste nun cultivo sen xeito de inframadeira que acabou coa industria de primeira e segunda transformación nun prazo de case vinte anos. Porque a brutal desagrarización propiciou que gran parte da propiedade da terra pasase a mans de absentistas, que non viven nin no rural nin do rural. É así que esa grande parte de superficie agraria de monte está en mans mortas, improdutivo. ¡E así nos pinta! Velaí o programa resumido do Partido Popular.

Porque tendo un grave problema de país co noso rural e co noso monte, o Goberno do PP, con décadas de responsabilidade nas políticas aplicadas, continúa negándolle solucións. Opta, si, por políticas atrasadas no tempo; opta por negarse a mirar para diante xogando a favor da riqueza da diversidade, da sostibilidade e do equilibrio; mantén un territorio sen ordenación nos usos da terra, ordenación indispensable para calquera país moderno con proxectos de futuro; mantén un uso da terra —é un falar— sen lle dar saída á atomización da propiedade con solucións axeitadas na súa xestión, que non violenten a identidade do noso pobo; mantén un monte sen ordenación debida das masas forestais que aposte pola diversidade do mosaico, a riqueza das madeiras nobres e a multifuncionalidade nos usos que intercalen a prevención de incendios con actividades, cultivos e aproveitamentos, que fixen poboación, proporcionen renda no primario e na transformación deste.

Porque Galicia ten dereito á esperanza, ten dereito a aproveitar os seus recursos en beneficio da súa xente, tirando o maior proveito do seu territorio sen hipotecalo e respectando a súa permanencia no tempo das xeracións futuras. Pero vistas as políticas acordadas e pactadas nas comisións dos lumes, que significan máis do mesmo, máis forestación sen orde, en definitiva, máis do fracaso de trinta anos de crecemento do forestal do eucalipto, cun único destino: fabricar celulosa para vender a empresas de fóra, sen aproveitar valor engadido ningún.

Porque Galicia ten dereito a un desenvolvemento integral do seu rural, onde o monte xogue un papel crucial: mellorar a produtividade das árbores propias autóctonas, capaces de producir madeiras e froitos de calidade, estimulando as cadeas de valor, transformando aquí, fixando na nosa poboación o valor engadido desa transformación.

Porque os galegos temos dereito a superar a atomización da propiedade con fórmulas de cooperación voluntaria que sexan respectuosas coa nosa idiosincrasia, que nos permitan sacar un rendemento sostible dos nosos montes, defendéndonos ao mesmo tempo das ameazas do lume ao propiciaren unha ordenación arredor dos núcleos. Claro que si, estamos a falar das Uxfor, ¿como non?, esa fórmula de cooperación entre propietarios que tanto lle amolaba ao PP de Ence. E así tiveron que inventar un híbrido insulso chamado Sofor, que en nove anos non chegan a media ducia e que non van.

Porque o noso monte pode producir pastos aproveitables polo gando extensivo —porcos, ovellas, cabras, vacas...—, que é fonte de recursos cárnicos e defensa contra a vizosidade do noso hábitat, que de tanto que nel medra pode volverse en contra nosa a xeito de lume, xestores naturais de biomasa.

Porque no noso monte teñen cabida os cultivos de arandos, cogomelos, kiwis, feixoas, oliveiras, abrindo mercados de produto en fresco ou en conservas, ou ben noutros derivados que deixen en nós o valor engadido e noutros as súas excelencias.

Porque para todo isto e moito máis imos necesitar dos nosos técnicos e investigadores que poñan os seus coñecementos, creatividade e esforzo en transformar este abandono e este monopolio de insensatez na tarefa común de poñer en valor as potencialidades antes citadas e infravaloradas por quen se cre dono das conciencias e dos soños dun pobo que esmorece polo sono e pola apatía, conveniencia dos silenciadores da liberdade.

Pero para dar cabida á esperanza necesitamos de políticas valentes, decididas, fundamentadas no coñecemento e no amor a este país e as súas xentes. Non é na negación do eucalipto, nin no repudio da forestación desordenada onde nace a esperanza que temos no BNG no noso rural; nace no convencemento das súas potencialidades, nace da terra e mais da xente.

Imos votar a favor desta iniciativa popular que remove o corazón e renova o sentido común, claro que si. E animamos á reflexión de todos e todas, señorías, porque este país do que falamos é de todos e todas nós. E todos e todas nós temos o dereito e o deber de aproveitar racionalmente os seus recursos de maneira que sirvan aos fillos dos fillos dos nosos fillos. Amén. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bo día a todos e a todas.

Queremos tamén saudar e dar a benvida aos promotores desta proposición de lei que hoxe nos acompañan.

Quero comezar a miña intervención resaltando un certo paralelismo entre o que hoxe estamos a debater e o que hai un par de meses debatemos nesta mesma cámara. Desta, abordamos o texto lexislativo do debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono e racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais. Daquela, o 11 de setembro de 2018, abordamos o debate e votación do Ditame emitido pola Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017. Ambas as dúas iniciativas, a de-

batida e a que estamos a debater, semellan polos seus enunciados ter un certo grao de similitudes e coincidencias. Por iso quixen e quero establecer ese dubidoso paralelismo entre ambas as dúas iniciativas. Pero, dende o noso punto de vista, as similitudes e coincidencias entre ambas as dúas iniciativas son anecdóticas e relegadas ao papel de testemuñais.

A posición do Grupo Socialista non é partidista nin electoralista, nin está sometida a condicionantes; é unha posición que ten que ver co pasado, co presente e co futuro do medio rural. Vaia por diante que non poñemos en dúbida as formas desta proposición de lei. É máis: consideramos as ILP, as iniciativas legislativas populares, como unha ferramenta moi útil da sociedade civil. Tampouco poñemos en dúbida a sa intencionalidade desta iniciativa, aínda que temos dúbidas sobre a oportunidade temporal deste debate.

As discrepancias con esta proposición de lei teñen que ver co seu contido, co fondo da iniciativa, coas súas propostas, tal e como explicarei máis adiante. Teñen que ver tamén coa nosa convicción política nestes eidos e escenificada no pasado recente. E o pasado recente ao que quero recorrer para visualizar a nosa posición, nas formas e no fondo, foi a Comisión especial de estudo e análise das reformas do Plan forestal e outras máis.

A nosa posición está baseada na experiencia do pasado, nos obxectivos do futuro e nas propostas do presente. As propostas do presente do Grupo Socialista foron recollidas nunha alta porcentaxe no ditame da Comisión, en forma de recomendacións, aprobado por esta cámara o 11 de setembro de 2018.

Señorías, a vaga de lumes de outubro de 2017 xerou alarma, dor, situacións dramáticas e unha conciencia de inseguridade na cidadanía e nas institucións. Calou a sensación, mesmo a certeza, de que os futuros incendios con base no cambio climático serán devastadores se permanecemos inmóbiles e reacios a mudar políticas. Xeraron alarma, dor, dramatismo, pero tamén xeraron unha oportunidade e unha necesidade ao redor dos incendios, ao redor da política forestal, ao redor do rural.

E xerouse unha comisión de estudo, non unha comisión de investigación; xerouse unha comisión para construír, non para derrubar; unha comisión para aportar solucións, non culpables. Daquela, o Grupo Socialista non tivemos dúbidas, instalados na convicción de que a política forestal debería ser un asunto de país no que todos deberíamos facer un esforzo.

Sabiamos dos riscos da operación iniciada, das peaxes por pagar, da incompreensión, pero púidonos máis, moito máis, o convencemento de aproveitar unha oportunidade única. Unha oportunidade única para reformar a política forestal na prevención e extinción de incendios e para acadar un monte multifuncional vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais e para o conxunto de Galicia.

E con esa convicción, con eses riscos, con ese convencemento e con eses obxectivos implícamos decididamente na tarefa de aportar, de escoitar, de dialogar e de acordar, (*Aplausos.*) de consensuar como símbolo interno- externo de fortaleza. Quixemos ser máis ambiciosos na Comisión de estudo, pero sacrificamos esa ambición polo consenso.

E xa quixemos dar visibilidade á nosa decidida implicación dende a primeira oportunidade que tivemos ao nomear os dous deputados que nos correspondían na Comisión. Un deles, coa máxima presenza, co compromiso e relevancia que significa, o voceiro do grupo parlamentario, o señor Fernández Leiceaga.

Fixen e fago referencias á Comisión, porque no ditame dela están recollidas moitas das nosas propostas en forma de resolucións. Debo recoñecer e recoñezo que parte das nosas propostas son consecuencia da aportación plural dos comparecentes na Comisión. Tamén dos representantes do sector que asistiron ás xornadas organizadas sobre este tema polo Grupo Socialista. Tamén somos conscientes de que os demais grupos tamén tiveron xornadas similares. E tamén outras propostas de colleita propia do grupo parlamentario.

Atendemos ao que nos dixeron os técnicos, o que nos dixeron os profesionais universitarios, o que nos dixeron os representantes sectoriais, o que nos dixeron os grupos ecoloxistas, o que nos dixeron todos aqueles que acudiron a estas xornadas ou acudiron á Comisión. Coa riqueza destas visións diversas de todos estes axentes configuramos unha proposta única, con cen propostas individuais que atenden ao aportado dende o noso criterio.

Señorías, hai unha parte do ditame que nós non compartimos plenamente, pero en conxunto parécenos que posibilita un cambio de tal magnitude á política forestal que merece a pena asumir riscos. (*Aplausos.*)

E cambiar a política forestal comeza ben con dous recoñecementos: primeiro, rectifícase en profundidade a política destes anos, unha política de deixar facer onde había normas que non se aplicaban, e, en segundo lugar, pónense en valor as políticas do Goberno, entre 2005 ao 2009, presidido polo señor Pérez Touriño e sendo conselleiro o señor Suárez Canal. A maioría das cento vinte e tres recomendacións representan unha recuperación das políticas do Goberno de Emilio Pérez Touriño e da consellería de Alfredo Suárez Canal.

Permítanme que concrete o paralelismo que manifestei ao principio da miña intervención. Xa manifestei que as similitudes só superficiais rematan no enunciado, pero o importante, o comparable en termos de similitude ou discrepancias é o contido, o fondo. E por iso vou relatar as propostas do Grupo Socialista para determinar esa posición, soamente algunhas, relacionadas coa política forestal: realizar —unha das propostas— unha planificación integral do territorio rural, dos usos do solo rural; desenvolver os plans de reordenación dos recursos forestais; impulsar a ordenación dos montes galegos; debe promoverse activamente por parte da Administración forestal a certificación forestal do monte galego; relacionadas coa ordenación das especies forestais, establécense límites á proporción de eucalipto no conxunto das novas plantacións nos plans de ordenación das directrices forestais, de xeito que se garanta a existencia de masas pluriespecíficas —estas limitacións permiten presentar zonas do territorio que dificultan a expansión excesiva do eucalipto—; incentivar novas fórmulas para a xestión conxunta do monte; regular a figura do silvicultor activo.

Señorías, o límite de tempo non me permite máis que dar unha pincelada sobre as nosas propostas. Só me permitiu relatar algunhas das máis de cen propostas que fixemos. No camiño quedan as resolucións relacionadas co fomento do uso dos produtos forestais, coas

franxas de xestión de biomasa, co papel das comunidades veciñais de montes en mancomún, co dispositivo de prevención e extinción de incendios e os servizos de emerxencias e protección civil, coa estrutura da propiedade, coa protección do medio ambiente natural, co cambio climático, coa formación, a educación, a concienciación e a sensibilidade da sociedade civil, cos incentivos fiscais e financeiros para a mellora do rural, etc.

E remato como empecei: o fondo, o contido marca as diferenzas. E nós cremos que o noso fondo, as nosas propostas abranguen de forma moi completa as actuacións que se deben levar a cabo no medio rural, e non vemos ese mesmo fondo na ILP que estamos a debater. O Grupo Socialista temos unha alta consideración das iniciativas legislativas populares, polo que podemos non apoialas, pero non impediremos que continúe a súa tramitación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Deputados e deputadas, convidados e convidadas e, ¿como non?, promotores e promotoras desta proposición de lei, moi bo día a todos e a todas.

Hoxe, dende En Marea, compartimos a fonda preocupación reflectida polos promotores nesta proposición de lei. Despois de ver nesta primeira revisión o que será o novo plan forestal de Galicia, vemos que se detectan omisións e deficiencias en relación coa política do eucalipto, que lastran a creación desta figura de monte multiprodutivo e que se están a obviar outras oportunidades de desenvolvemento forestal ligadas ao incentivo de masas caducifolias autóctonas ou a outros usos tradicionais e respectuosos co medio.

Enumerou moi ben a señora Rodríguez que no texto do anterior Plan forestal non se fala de que nas últimas décadas se rexistrou unha grande expansión do eucalipto no noso país. Somos a rexión con maior superficie de eucalipto de toda a Península. No primeiro Inventario forestal o eucalipto estaba presente nun total de máis de cento trinta e unha mil hectáreas. No terceiro Plan forestal roldabamos as trescentas noventa e seis mil, que correspondía ao vinte e oito por cento da superficie arborada galega. Máis de catrocentas mil hectáreas no ano 2002. E no día de hoxe entramos xa en caos e estamos por riba das cincocentas mil hectáreas.

No texto do que será o novo plan forestal galego non se mencionan as plantacións de eucaliptos en Galicia, non se menciona que supoñen máis da metade das existentes no Estado, o cincuenta e dous por cento. E só por especie na península Ibérica localízase o cincuenta e tres por cento da superficie mundial de eucalipto branco —o *globulus*—, máis que en toda Australia, de onde é orixinario.

Nos últimos tempos chega unha nova ameaza, unha nova especie de eucalipto, o *nitens*, capaz de adaptarse a terreos onde non se dá o *Eucalyptus globulus*, dada a súa maior resistencia

ao frío. Pero resulta que este eucalipto é unha especie exótica e invasora, e así o di unha sentenza da Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional; incluso tamén o *Eucalyptus globulus* é considerado invasor no *Atlas das plantas autóctonas invasoras de España*, publicado en 2004 pola Dirección Xeral para a Biodiversidade.

Sobre o texto da revisión do Plan forestal, señor González, non se fala da relación entre o aumento imparabile do eucalipto e ao mesmo tempo a perda de superficie agraria útil. Se a Xunta non cre nun modelo produtivo, xa non forestal, senón no modelo de país, ¿para onde vai ir toda a nosa terriña cultivable? Para Ence e para as empresas. Pero a Xunta isto non só lle dá igual, a Xunta celebra que sexa así. Se non, non se entende que vostedes non cumpran as súas propias leis, as leis que vostedes aprobaron, as leis que vostedes promoveron neste parlamento: a Lei de comunidades de montes, a Lei de incendios forestais, a propia Lei de montes do ano 2012.

Pero é que na revisión deste plan tampouco se brinda a protección das masas autóctonas caducifolias. O actual conselleiro xurou e perxurou neste parlamento, cando era portavoz de Medio Rural, que mentres el estivera aquí non se ía plantar unha hectárea máis de eucalipto. Agora presentan un borrador onde nos presentan un oito por cento de incremento da superficie de eucalipto e un vinte e seis por cento de incremento de masas mixtas: piñeiro e eucalipto. É materialmente imposible pegar un bandazo de tales dimensións en tan pouco tempo. Claro, despois véndennos que, nas masas caducifolias, o castiñeiro se vai incrementar un cincuenta por cento. ¡Home!, un oito por cento de máis de cincocentas mil hectáreas é bastante máis que o cincuenta por cento de cincuenta mil hectáreas. Non sei a quen queren vostedes enganar. No seo da revisión do Plan forestal non existe unha verdadeira intención de crear outro tipo de monte ou outras actividades que non sexan Ence.

Se queren ser vostedes valentes, señoras e señores do Partido Popular, coa revisión deste Plan forestal e recoller os apoios da sociedade galega téñeno moi fácil. ¿Como? Moi sinxelo: teñen que apoiar a toma en consideración desta proposición de lei. O Goberno ata o de agora xa podía ter feito moito, podía cumprir a actual lexislación, non o fixo; podía prohibir as plantacións en repoboacións con especies de xénero de *Eucalyptus* nos espazos pertencentes á Rede galega de espazos protexidos —as que teñen eucalipto hai que arranvalo, e hai que multar a quen os puxeron alí, non queda outra—; a eliminación inmediata de eucaliptos ventureiros ou asilvestrados fóra de plantacións, que son un verdadeiro perigo, unha polvoreira; a catalogación formal do *Eucalyptus nitens* como unha especie exótica e invasora; e ademais é urxente a aprobación de medidas para protexer os nosos bosques autóctonos con alternativas ao eucalipto. Se non fan isto, seguiremos sufrindo a degradación do noso chan, a contaminación do noso ríos, o abandono do noso rural e os incendios forestais.

Despois, faremos unha comisión de incendios como a que acabamos de saír, e logo de ver unha diagnose deste ditame, que —dende En Marea así o dixemos— reflicte bastante ben o que os comparecentes e as comparecentes —aquelas que non foron vetadas— puxeron de manifesto na dita comisión. Pero non entendemos dende En Marea como o Partido Popular non foi quen de redactar un ditame que fora resolto, que fora valente e que estivera á altura do que este país se merece.

De aí que dende En Marea fixemos emendas a gran parte das recomendacións, no senso da proposición que hoxe o grupo redactor presenta aquí. Algunhas delas son que non se vai permitir máis arborización co xénero da especie *Eucaliptus*; recuperar —como dicía o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego— as unidades de xestión forestal como figura para a xestión conxunta do monte; paquete de medidas fiscais que incentiven a xestión conxunta, calquera que sexa a súa fórmula xurídica, sempre que ninguén dos socios supere ese cincuenta por cento; que non se contemple no dito plan a utilización de cultivos enerxéticos para a produción de biomasa. Pedimos potenciar as comunidades de montes veciñais en man común, un plan de rehabilitación fronte á dinámica do abandono á que están sometidas por parte do Goberno da Xunta. Pedimos recoñecer estes montes como unha titularidade veciñal comunitaria distinta e en pé de igualdade ás públicas e ás privadas.

Durante a Comisión quedou claro que existe unha atomización e unha privatización do servizo público de incendios contra os incendios forestais, algo que non queda reflectido no ditame redactado, xa que non se fala, primeiro, das empresas privadas que están a sacar tallada dos incendios forestais e que están incluso operando en bases heliotransportadas propiedade da Xunta de Galicia, ou, segundo, das brigadas municipais, moitas delas privatizadas pola falta de xestión técnica e económica dos concellos. Tampouco se falou da UME ou da operación Centinela, que, por certo, á parte de que levan fondos da Xunta de Galicia para apagar eses incendios, se negaron a comparecer neste parlamento.

Pero unha cousa está clara: isto non é froito da casualidade, isto obedece a unhas políticas que están instaurando dende o Partido Popular, que é a de traballar para o capital, para os intereses de fóra e para as grandes empresas que depredan todo o que collen por diante; chamémoslle, por exemplo, Ence. ¿Como o conseguiron? Coa eucaliptización. Traballaron para empresas e abocaron o noso medio a un proceso de degradación que transformou o rural galego hoxe nun deserto de actividade agraria, en favor dun monocultivo forestal baseado no eucalipto e no piñeiro.

¿Onde está esa multifuncionalidade dos nosos montes, da que o PP se gaba, e o PP di que así queda reflectido nesta revisión? ¿Onde está a verdadeira industria da transformación? ¿Onde quedou ese valor engadido que está a xerar rendas que asentan poboación no noso medio rural? Non están. E as súas políticas tiveron máis ben o efecto contrario: desertizando non só o noso medio ambiente, senón a Galiza social e económica.

¿Onde nos leva isto? A gastar centos de millóns de euros en apagar incendios forestais ou a intentar arranxar os danos causados por estes, que non son máis que unha consecuencia do seu modelo, o modelo do actual director xeral de Montes, o modelo do señor Couto.

Son numerosas as voces e mobilizacións de denuncia do que está a pasar. E estas dan conta de que, en realidade, a sociedade galega non quere un monte que estrague o seu patrimonio cultural, ambiental e económico para o beneficio dunhas poucas empresas, que pouco chegan ao benestar do noso país. O obxectivo final do Partido Popular con este plan é o de entregar unha enorme superficie de monte, hoxe gobernado pola veciñanza comuneira, a estas empresas.

Pero, ben, temos o labor continuado e autoorganizado de entidades que xorden para defender o que é a realidade do monte galego dende unha perspectiva propia, crítica coa actualidade, e dende unha perspectiva positiva.

Promotores desta iniciativa trouxestes a esta cámara unha bocanada de aire fresco diante das políticas asfixiantes da Xunta de Galicia no que atinxe os nosos montes. Fostes quen de abrir ao conxunto da sociedade galega algo que o Goberno galego quería agochar. Fostes quen de propor un cambio de rumbo cara a unha mellora na economía e no medio natural galegos, e no benestar social dos e das que vivimos nel.

Agradecer a Adegas, a Asociación pola Defensa e pola Ría, a a Asociación Galega de Apicultura, a CIG, Soporcel, Fruga, Organización Galega de Montes Veciñais, Ovica, mestres da Politécnica, Ríos con Vida, Verdegaias, Amarelante —sociedade cooperativa da cal formo parte e me sinto tremendamente orgulloso de que tamén entrara a promover esta iniciativa— e a decenas de entidades que promoveron este manifesto. Que o traballo que trouxestes hoxe aquí pase ou non pase este trámite, eu penso que non caeu en saco roto. Só desta maneira imos poder planificar un monte e un rural vivos, fronte aos intereses especuladores e esquilma-dores do noso territorio e do noso futuro.

Contade co noso apoio. Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos, e benvida á señora dona Virxinia Rodríguez Álvarez.

Debatemos hoxe unha iniciativa lexislativa popular, presentada por Adegas, Asociación para a Defensa da Ecoloxía de Galiza, que se define como ecoloxista, democrática e independente.

En primeiro lugar, queremos recoñecer o traballo e o interese dos proponentes en querer aportar solucións e ideas, e agradecemos a oportunidade que nos brinda esta ILP para seguir debatendo sobre un ámbito de tanta actualidade como son as políticas forestais. E nós, desde logo, estamos encantados, porque temos o orgullo do noso rural galego.

O texto foi presentado o 19 de outubro de 2017, dous días despois da comparecencia da conselleira do Medio Rural —por aquel entón Ánxeles Vázquez—, para dar conta da terrible vaga de lumes que sufriu Galicia na fin de semana do 14 ao 16 de outubro. Pero o certo é que desde aquela moito ten mudado e acontecido, polo que nestes intreos este texto, este proxecto de lei, en moitos dos seus puntos do articulado se atoparía superado polos acontecementos.

O 7 de novembro, vinte e cinco días despois da vaga de lumes, o presidente Feijóo compareceu no Pleno, onde propuxo trinta medidas no eido da prevención, ordenación e dinami-

zación; vinte e dúas delas xa están cumpridas, seis nun trámite bastante avanzado e dúas iniciadas pendentes do seu desenvolvemento a longo prazo.

O 14 de novembro creouse a Comisión especial de estudo da política forestal. E tras oito meses de traballo finalizou no mes de xullo, coa aprobación do ditame, con cento vinte e tres recomendacións para acadar un monte multifuncional, vivo, dinámico, sustentable e rendible. E, señorías, señora Rodríguez Álvarez, non digo eu que este ditame sexa o oráculo da política forestal, pero si un documento moi valioso e importante, tanto pola amplísima información que contén como polas propias recomendacións e propostas de futuro que plantexa.

Por iso, como dixó o señor Fernández, do Grupo Socialista, convén non ignoralo, porque pódese caer no erro, especialmente algúns grupos políticos, que despois de votar en contra e omitir o expresado nesas recomendacións traían unha e outra vez propostas que xa debatemos e foron aprobadas, facendo gala dun negacionismo ao que nos teñen acostumbrados, negando a realidade, por ter unha verdade incómoda ou terse quedado fóra dese grande acordo de país acadado entre o Grupo Socialista e o Grupo Parlamentario Popular, que supón as tres cuartas partes do arco parlamentario.

Desde o noso punto de vista, ademais dalgúns cuestións que xa estarían recollidas no ditame, a intención deste proxecto de lei para nós é clara: camiñar cara á erradicación e a prohibición do eucalipto en Galicia, que ademais foi tratado aquí como un problema de país. Pola contra, nós pensamos que a solución dos problemas do monte galego non pasa polas prohibicións indiscriminadas. Por iso, se o que se pretende é plantexar unha falsa dicotomía entre os que están en contra do eucalipto e os que están a favor, aí non nos atoparán. Nós estamos a favor de aceptar a realidade e a singularidade de Galicia, e traballar para regular e ordenar o monte galego, mantendo o necesario equilibrio e compatibilidade entre as diferentes especies forestais e toda a actividade agrogandeira.

Señora Rodríguez, señorías, hoxe voulles revelar unha novidade: non vou dar resposta cos argumentos do Partido Popular, que seguramente estarán agardando, non; é máis: vou copiar ao señor Fernández, do Partido Socialista. Vou facelo co ditame da Comisión de estudo, aprobado nesta cámara despois de escoitar máis de sesenta persoas de todos os ámbitos da sociedade e recibir decenas de informes. Lembro que foi aprobado por cincuenta e cinco deputados dos setenta e cinco.

Señor Rivas, di vostede —e despois parécelle mal cando collemos frases que cita vostede—: «Vai sendo hora que alguén lexisle dunha vez». Pero, de verdade, ¿como pode dicir isto, despois do que levamos traballado neste último ano neste parlamento?

¿Que di o ditame sobre o eucalipto? Por suposto, refírese ás dúas posturas totalmente enfrontadas na propia sociedade galega: entre os que sinalan o eucalipto como unha especie facilitadora da expansión dos incendios, pirófita, invasora e destrutora, e os que defenden a súa existencia.

A este respecto, o profesor Juan Pico sinalou que habería que precisar o concepto de «pirófito», que é a capacidade dunha planta para adaptarse e sobrevivir despois do lume. E en-

gadiu que a matogueira ten un maior potencial para a propagación do lume que as especies arbóreas, e que ten máis incidencia na propagación a cantidade de biomasa que se atopa baixo as árbores que a propia especie.

O catedrático en Silvicultura da USC, o señor Rodríguez Soalleiro, sinalou, no relatorio da Comisión técnica creada en Portugal tras os incendios de Pedrógão, que é moito máis importante a xestión forestal que se faga que as especies arbóreas.

Nesa mesma liña, o catedrático emérito de Edafoloxía da USC, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, tamén publicou a ese respecto: «Sobre o carácter incendiario do eucalipto utilizarei como única fonte o relatorio que se presentou nunha comisión internacional independente sobre os incendios do pasado ano en Portugal. Nel, sen negar a facilidade de propagación do lume nas plantacións desordenadas de piñeiro e eucalipto, onde realmente se poñía o acento era no control da matogueira, podendo atoparse con casos nos que unha carballeira con matogueira dabondo era máis pirófila que un eucalipto limpo de matogueira». (*Murmurios.*)

En relación cos danos producidos polos incendios forestais durante o período 2000-2013, a incidencia sobre os eucaliptos foi do 7,8 por cento, que contrasta co dezoito por cento da ocupación do eucalipto, como aquí se dixo. Ademais dos dezanove distritos forestais de Galicia, os dous distritos que menos incendios e superficies queimadas rexistran son os que acumulan preto do cincuenta por cento das existencias de madeira de eucalipto. Outro dato relevante é que moitos dos grandes incendios forestais que se producen en Galicia, principalmente, foron na provincia de Ourense, onde son moi escasas as plantacións de eucalipto.

No período 2006-2016, como na vaga de 2017, as maiores porcentaxes corresponden ás superficies de matogueiras, cun 43,49 % e un 47,49 %, respectivamente.

Eu quixera que viran os mapas de distribución do eucalipto en Galicia. Aquí temos onde se pode estender. (*O señor Blanco Paradelo amósalle á Cámara un folio cun mapa de Galicia.*) E aquí temos os puntos onde foi a vaga de incendios. (*O señor Blanco Paradelo amósalle á Cámara outro folio cun mapa.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Como podemos comprobar...

O señor PRESIDENTE: Señor Rodríguez, por favor, silencio.

(*O señor Rodríguez Estévez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Rodríguez, ¡silencio!

O señor BLANCO PARADELO: ...estes dous planos demostran que para nada existe esa correlación que nos queren facer crer entre o eucalipto e os incendios.

Seguindo coas recomendacións da Comisión, dicía algún voceiro que a lexislativa foi permisiva. Eu quero recordar o que di esta: «Manter a eliminación de todas as axudas á forestación ou reforestación de todas as especies de eucalipto. Manter a prohibición de plantación de eucalipto en terras agrarias ou en montes previamente poboados con frondosas tradicionais, nas faixas próximas aos cursos da auga e dos núcleos de poboación, nas zonas de Rede

Natura e outros espazos protexidos. Incorporar á normativa a prohibición de plantación de eucaliptos en plantacións previas de piñeiro. Prohibir as novas plantacións nos montes de utilidade pública e de xestión pública. Establecer límites á proporción de eucaliptos no conxunto das novas plantacións nos plans de ordenación dos distritos forestais».

Tamén se fala e se recolle a polémica sobre a declaración da especie invasora. Esquecéuselle dicir que despois houbo un informe da Subdirección Xeral de Política Forestal que contradecía o anterior informe. En ningún caso pode considerarse —polo menos na actualidade— unha especie invasora, dado que nin rebrota de cepa en cepa ou de raíz logo da súa corta, nin tampouco as súas sementes se caracterizan por ter unha elevada capacidade de xerminación ou de dispersión a longas distancias.

O Plan forestal, que foi aprobado en 1992 co consenso do sector, errou nas súas estimacións. Pero eran iso: estimacións —que neste caso non se poden tomar como norma executiva— para dicir o que se debe plantar. Por iso acordouse na propia Comisión pór en marcha un sistema de información estatística forestal, que deberá ademais facerse antes do 30 de xuño de 2019. E ademais di que, rematada a revisión do Plan forestal de Galicia, é preciso desenvolver plans de ordenación dos recursos forestais dos diferentes distritos forestais galegos, dentro dunha ordenación integral do territorio rural. A revisión do plan veu a esta comisión, señor Rodríguez, e vai volver antes da súa aprobación.

¿Cales son os motivos do incremento do eucalipto, que nós non agochamos? Fundamentalmente, a demanda, que foi moi superior á inicialmente agardada, e, por outro lado, a alta rendibilidade, moi atractiva para os propietarios, que xeran importantes rendas para moitas familias: mil oitocentas empresas vinculadas a esta especie e cinco mil cincocentos empregos. (*Murmurios.*)

(*O señor presidente bisba silencio.*)

O señor BLANCO PARADELO: Segundo o informe de Confemadera, en 2015, o volume de cortas no monte galego ascendeu a 8,25 millóns de metros cúbicos, que supuxeron uns ingresos de preto de trescentos millóns de euros. Destas cortas, máis do cincuenta por cento corresponden ao eucalipto, é dicir, máis de cento cincuenta millóns de euros, que fixeron que oitenta mil familias galegas percibiran ingresos. ¿Son estas oitenta mil familias grandes empresarios ou grandes terratenentes? ¿Están vostedes dispostos a renunciar a isto?

Hai que insistir e lembrar que desde hai vinte anos a Xunta de Galicia non subvenciona ningún tipo destas plantacións, así como en que as limitacións están contempladas na Lei de montes. Pero, ademais, quero dicir que aquí non existe ningún tipo de complexidade nin de desleixamento por parte da Xunta de Galicia. Incoáronse expedientes sancionadores relativos á plantación de eucaliptos. E desde o ano 2012 realizáronse un total de 1.649 notificacións, con multas que foron oscilando desde os cen euros ata os sete mil euros.

E referido á biomasa como fonte enerxética, tamén no ditame se recolle que o aproveitamento da biomasa forestal é competitiva, con baixas emisións de carbono. A Comisión considera necesario, como paso previo á explotación, o desenvolvemento dun programa

estratéxico para o fomento da biomasa forestal, que non incluíra cultivos enerxéticos, como modelo de eficiencia ecolóxica, económica e social para o monte e os recursos de Galicia. Pero tamén convida que aclararan: nucleares, non; térmicas, nin falar; eólicos, tampouco; biomasa, tampouco. Tamén tiñan que aclaralo un pouco.

As Uxfor, volven á carga coas Uxfor. Na comparecencia da señora García Hermida na propia comisión, esta comentou as dificultades de implantación que tiveron estas unidades de explotación, incidindo en que a maior resistencia por parte dos propietarios viña provocada pola necesaria presenza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...dun funcionario público na súa composición. As Uxfor non se consideran unha figura adecuada para as agrupacións de propietarios forestais. Tiveron que paralizarse, señor Rivas, (*Murmurios.*) os traballos que se iniciaran na época do Bipartito... (*Murmurios.*)

(O señor presidente bisba silencio.)

O señor BLANCO PARADELO: ...porque estaban sendo realizados en situación de manifesta ilegalidade... (*Murmurios.*)

(O señor presidente bisba silencio.)

O señor BLANCO PARADELO: ...asociacións de propietarios sen constituír... (*Murmurios.*)

(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Rivas, por favor.

A vostede ningún dos dous o interromperon. Ningún dos dous. Polo tanto, silencio.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, presidente.

Tiveron que paralizarse porque —insisto— estaban en situación de manifesta ilegalidade... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Xa está ben. ¡Silencio!

O señor BLANCO PARADELO: ...asociacións de propietarios sen constituír, polo tanto, sen personalidade xurídica, e sen unha autorización dos donos para a disposición dos terreos.

Remato, señor presidente.

Quero dicirlles que tamén temos en conta que hai que regular esa nova figura para a asociación de montes veciñais. E queremos que se introduza unha regulación de arrendamento

dos montes que garanta a súa explotación rendible, así como o investimento para pór en produción os montes que se atopan en estado de abandono.

Antes de rematar, agradezo novamente a presentación desta iniciativa e queremos recoñecer o traballo. Tamén lembrarilles as trinta medidas do presidente, as cento vinte e tres medidas da Comisión. E, desde logo, desde o Grupo Parlamentario Popular a nosa man tendida...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BLANCO PARADELO: ...para que se sumen a ese grande acordo alcanzado co Grupo Parlamentario Socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco.

O señor BLANCO PARADELO: ...e o Grupo Popular. E, desde logo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco.

O señor BLANCO PARADELO: ...que poidamos traballar todos xuntos por ter un monte atendido e funcional.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor BLANCO PARADELO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da persoa designada pola comisión promotora, dona Virxinia Rodríguez.

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rodríguez Álvarez): Ben, o primeiro —aínda que perda un minuto—: eu son mestra, e a verdade é que o que ás veces escoito aquí paréceme bochornoso. Eu son profe e estou sempre dicíndolles aos alumnos e ás alumnas: hai que escoitar a quen ten a palabra, temos que ser respectuosos. E eu —que é a primeira vez que veño aquí— quedome sorprendida co comportamento que teñen vostedes. Paréceme que iso teríamos que corrixilo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando, estou na miña palabra. E aos meus alumnos tamén lles digo que cando estou na palabra, falo eu; do mesmo xeito, cando eles falan, tamén falan eles. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Que favor me acaba de facer a min! ¡Que favor! *(Aplausos.)*

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rodríguez Álvarez): Nada máis. Preferín perder un minuto.

Non creo que poida responder a todos pero, obviamente, si que agradezo aos grupos parlamentarios de En Marea e ao Bloque o seu apoio porque, practicamente, as súas comparencias baséanse na esencia que ten esta ILP.

Por outro lado, pediríalle ao Grupo Parlamentario do PSOE que recapitara, pois entendo eu que van absterse, non me quedou claro. E dicir que aprobar esta ILP non implica aprobar todo o que se di na ILP. Permitiría acordar e consensuar —dado que non está o novo plan forestal aprobado— un novo plan forestal que tivera en conta moitas das recomendacións e moitas dos articulados que propoñemos aquí na nosa proposición de lei. Polo tanto, podería ser un documento de síntese entre esa revisión do novo plan forestal, que nós, obviamente, non apoiamos, e fixémoslle alegacións. E, polo tanto, pediríalles que recapitaran o seu voto.

Obviamente, non podo estar de acordo co dito polo Grupo Parlamentario do Partido Popular. Eu estiven en Pedrógão, estivemos alí, e aquilo realmente... A planificación forestal que se fixo foi nefasta. Eran eucaliptais, quilómetros e quilómetros de eucaliptais, e non había matogueira nas zonas que arderon. Só se salvaron determinadas zonas onde o bosque autóctono serviu de franxas verdes de protección, das que tamén se fala, efectivamente, no Plan forestal.

Por outro lado, esta ILP vai moito máis alá, non é baleira, non está superada. Todo o contrario: ten máis forza que nunca vendo como foi a revisión do Plan forestal, que foi alegado, e se me dera tempo indicaría punto por punto cales son as condicións que entendemos que non se cumpren. E, de feito, parte do grupo promotor da ILP tamén alegamos xunto con outras entidades, neste caso, como o Sindicato Labrego, que tamén se sumou.

Por outro lado, o eucalipto semella que non arde. Vamos ver: é que se me presentas un mapa onde estamos comparando a Galicia atlántica coa do interior... Obviamente, non podemos ter en conta as condicións climáticas da Mariña lucense coas condicións climáticas do Macizo Central ourensán. Á marxe da tipoloxía de incendios diferenciados que poidan darse, non podemos facer utilización de datos de forma nesgada.

O Comité Científico do Ministerio di que é invasor, non di o que vostede dixo. Claro que hai despois unha segunda lectura, e infórmese de quen fixo ese segundo informe.

¿Alta rendibilidade?, ¿para quen é o lucro cesante?, ¿e os gastos da loita contra os lumes quen os estamos a pagar? Do eucalipto non se vive, sobrevívese; hai outras posibilidades de vivir no rural. (*Aplausos.*)

E se me dera tempo —que non sei— si que presentaría todas as alegacións que lle fixemos ao Plan forestal —que foi citado por varios dos parlamentarios—, porque entendemos que é totalmente contrario a esta ILP:

Nós si temos vontade de consensuar. Nós si que cremos que a posibilidade de que se leve adiante esta iniciativa lexislativa popular permitiría consensuar co novo Plan forestal medidas que entendemos que son estratéxicas para o noso país.

A revisión do Plan forestal fixo unha diagnose falsa da situación actual da superficie forestal galega. Remóntase a datos do 2009. ¿Non cambiou o noso país dende o ano 2009? Estamos no 2018, son case nove anos.

Hai falta de representatividade dos axentes sociais na avaliación da proposta de revisión. Houbo un comité de sabios, efectivamente, pero ¿onde estaba o movemento ecoloxista?, ou incluso: ¿onde estaban os sindicatos agrarios?

Hai unha falta de instrumentos de control e seguimento do cumprimento forestal. Non os hai, estaban previstos no Plan forestal de 1992, e aínda non se fixo neste novo plan; non o cita.

Hai unha falta de rigor na linguaxe, pois fálase de bosque autóctono e cítase o carballo americano. ¡Por favor!

E favorece exclusivamente a industria da madeira e de baixo valor engadido, a biomasa forestal e os cultivos enerxéticos. Promove o aproveitamento da biomasa forestal con fins exclusivamente enerxéticos.

Seguimos: segue a favorecer o monocultivo do eucalipto e a non establecer zonas de exclusión. Iso cítase no Plan forestal actual.

Estamos superando nun cincuenta por cento as previsións de 1992, je séguese falando de aumentar a produción de eucalipto! ¿Onde?, ¿nas terras agrarias?, ¿nos pasteiros? Porque non recoñece os pasteiros tampouco. Os pasteiros teñen a súa función. ¿E o monte? Nós entendemos que o plan non debería ser un plan forestal, tería que ser un plan do monte, onde os pasteiros e a matogueira cumpren a súa función, tanto ecolóxica como produtiva.

Despreza a conservación da diversidade ecolóxica e apoia de fachada a diversidade forestal.

Fala de masas consolidadas, aquelas que teñen que ser superiores a quince hectáreas en couto redondo. É que nin as zonas de espazo desprotexidas de alto valor ecolóxico cumpren ás veces estas funcións, non chega a haber quince hectáreas de superficie en couto redondo.

É especialmente preocupante a expresión «xestión activa do bosque de ribeira». ¿Que implica iso?, ¿que tamén imos poder forestar o bosque de ribeira?

Non se avanza no control das especies exóticas invasoras no voso Plan forestal. Só prevé incentivos e medidas fiscais favorábeis para a industria da madeira e da enerxía, e non para o valor ecosistémico que ten o monte galego.

O señor PRESIDENTE: Ten que ir rematando, por favor.

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rodríguez Álvarez): Vale.

Promove un modelo continuísta e fracasado para a prevención e defensa contra os lumes forestais, favorecendo a (...) (*Inintelixible.*) do lume. Non contempla a creación dun selo de certificación forestal público e galego. Favorece políticas agresivas cos montes veciñais en man común —e pediría aquí que na disposición transitoria se puidera facer fincapé en que non perdan a titularidade os mancomuneiros por ter terras abandonadas; teríamos que entender qué son terras abandonadas—. Exclúe a cultura comuneira da formación da socie-

dade na cultura forestal. Só permite fórmulas de asociacionismo forestal nas que intervéñ o capital privado —aquí xa se falou, as Sofor fronte ás Uxfor—. E a educación e a investigación —eu son educadora, son mestra de secundaria— sobre os montes límitase ao eido forestalista. Nos centros de ensino podemos facer moito máis que falar dos beneficios que ten o eucalipto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rodríguez Álvarez): Non me quero estender moito máis. Agradézolles a posibilidade de defender esta iniciativa lexislativa popular e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Álvarez.

Votación da proposición de lei de iniciativa lexislativa popular

O señor PRESIDENTE: Deixaremos que chegue a señora proponente á tribuna antes de votar. *(Pausa.)*

Agora si, imos votar.

Pechen as portas, por favor.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 37; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei de iniciativa lexislativa popular.

O señor PRESIDENTE: Terminou a votación. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda

O señor PRESIDENTE: Presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 40031).

Emenda de adición:

Engadir ao final da moción dous puntos, co seguinte texto:

«—Demandar do Goberno do Estado a revisión e reformulación do Plan Estatal de Vivenda co obxecto de combater a burbulla do alamentugo e asemade reclamar a aprobación dunha nova Lei de vivenda que estableza a dación en pagamento retroactiva, a regulamentación e promoción do alugamento a prezos estábeis e accesíbeis, o fomento da vivenda social e a garantía de subministracións básicas impedindo cortes de luz, auga e gas a familias sen recursos.

—Establecer unha moratoria nos desafuzamentos e o cumprimento das recomendacións do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU para evitar desafuzamentos sen alternativa a persoas e familias vulnerábeis.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 40031).

Emenda de modificación do terceiro parágrafo.

Débase modificar o terceiro punto da moción que quedará redactado co seguinte contido:

«—Modifique a Lei 2/2016 do solo de Galicia co obxectivo de fixar no 30 % a porcentaxe mínima de reserva de solo para vivenda con algún tipo de Réxime de protección pública, contemplando a revisión das excepcións contempladas no artigo 42.9»

Emenda de modificación do cuarto parágrafo.

Débase modificar na primeira liña do cuarto parágrafo da moción o seguinte contido:

Onde di: «...do Goberno do Estado a cesión das vivendas...», debe dicir: «...do Goberno do Estado a negociación de cesión das vivendas...»

Emenda de modificación do sexto parágrafo.

Débase modificar o sexto parágrafo da moción que quedará redactado co seguinte contido:

«—Fomentar o programa de vivendas baleiras a un maior número de concellos con independencia da súa poboación e mellorando á vez as medidas de incentivo ás persoas propietarias para a posta a disposición das súas vivendas. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

No debate da interpelación sobre vivenda poñía un exemplo concreto do que é a política de vivenda que se levou a cabo nos últimos anos —diría décadas—, e exemplo do que é a situación actual para moita xente. Poñía ese exemplo dunha situación dunha muller con dous fillos a cargo, en Vigo —muller con fillos a cargo, un dos colectivos máis vulnerables actualmente—, unha muller que cobraba unha risga e que pode ser desafiuzada por un fondo buitree —un fondo buitree que seguramente investiu en vivenda coas bonificacións fiscais e as vantaxes fiscais que se lle outorgaron polas reformas dos gobernos no Estado español—.

É exemplo esta situación da inexistencia dun parque público de alugamento verdadeiramente significativo, nin sequera como alternativa habitacional para estes casos —xa non falemos de que sirvan como elemento regulador dos prezos—. Porque que a esta muller, como solución ante un desafiuzamento, con dous fillos, se lle ofrecese unha vivenda en Vila de Cruces, a 131 quilómetros do lugar onde vive —en Vigo—, é como dicir que a Xunta de Galicia non ten solucións para estas persoas e para moitas máis persoas que en Vigo están sufrindo este drama. Polo tanto, son exemplos de políticas que abandonan a xente.

Xa poden, señoras e señores do Partido Popular, tentar xogar ao «ti máis» cando veñan falar aquí, tratar de escorrer o vulto e de non recoñecer as súas responsabilidades. Pero a realidade que se repite moito é que a carencia dun auténtico e significativo parque público de vivendas con alugueiros sociais provoca estas situacións. A carencia dun parque público de alugamento de vivenda social supón, ademais, non contar cun elemento fundamental para a regulación dos prezos nun mercado onde non paran de medrar.

Estamos inmersos nunha burbulla do alugamento —que se visibiliza sobre todo nas cidades—, que fai que o crecemento dos prezos, conxugado coa precariedade laboral de moita xente, supoña un incremento espectacular dos desafiuzamentos debidos a impago de alugueiros. Nos últimos cinco anos a porcentaxe de mozos e mozas que accede á vivenda mediante alugamento medrou máis de 30 puntos porcentuais. E iso é, sobre todo, porque están excluídos da posibilidade de optar a unha hipoteca, e —non só pero tamén— a que a crise da burbulla inmobiliaria serviu de lección para moita xente; pero, sobre todo, porque non poden ter unha hipoteca.

Ante esa situación, co incremento da demanda de alugamento e sen medidas públicas de vivenda que garantan a regulación dos prezos, o que está a acontecer é unha subida espectacular —que se ve sobre todo nas cidades— dos prezos do alugueiro; unha subida espectacular, evidentemente, que non é correlativa á subida dos salarios de moita xente. Polo tanto, é unha situación que non ten solución á vista.

Un potente parque público de vivenda serviría de elemento regulador, para o mesmo que debería servir a vivenda de protección oficial e a reserva de solo para incrementar o patrimonio público. Cremos, ademais, que esta carencia de políticas de vivenda non é casual. Como case todo na política, hai que escoller, e aquí tamén hai intereses contraditorios. Hai moitos intereses no negocio da especulación no mercado da vivenda, que non ve con bos ollos medidas que rebaixen os prezos da vivenda. Por exemplo, se as vivendas da Sareb —ese banco malo que rescatamos con diñeiro público, con miles de millóns de euros— non se utilizaron para servir á xente que o necesitaba, nos anos en que foron desafiuzadas de media cinco persoas

ao día en Galicia, foi pola influencia dos mesmos bancos que presionaron para que non se liberase esa vivenda, porque significaría unha baixada do prezo da vivenda. Por iso ás veces hai que escoller. E neste caso hai que escoller entre o negocio e a especulación ou o dereito das persoas. Nós cremos que, dunha vez por todas, hai que dar un xiro de 180 graos, hai que ter políticas públicas de vivenda potentes, comezando polos orzamentos.

Nos orzamentos de 2010 —xa non digo de 2009, senón de 2010— o peso da función da vivenda era dun 0,37 % do PIB de Galicia. No de 2019, que vostedes venden como de incremento, será dun 0,13 % do PIB, tres veces menos de peso sobre o PIB. E aquí non vale a escusa da crise. Aquí non vale a escusa da crise porque estamos falando en relación coa riqueza que ten este país. E isto di moito do que vostedes aspiran a facer en política de vivenda, que é reducir o peso dos orzamentos de vivenda, que foi o que fixeron constantemente: orzamentos ridículos cando despois se nos quere facer ver ou crer que hai unha verdadeira política pública de vivenda —que non existe— que defende o dereito constitucional a unha vivenda digna. Pero xa sabemos, a Constitución só se cumpre se convén, e se convén, sobre todo, ás oligarquías e aos intereses de bancos, fondos buitre e construtoras. Queremos, polo tanto, e na nosa moción propoñemos, que se dedique a políticas de vivenda un 0,5 % do PIB de Galicia, moi lonxe aínda do 2 % que dedican en moitos países europeos.

Despois seguimos pola execución deses orzamentos, que sistematicamente foron dos de menor grao de execución dos orzamentos da Xunta de Galicia. Sen ir máis lonxe, no ano 2017, cando volveron incrementarse os desafiuzamentos en Galicia, no programa de acceso á vivenda, ese que debería garantir que non houbera desafiuzamentos, deixaron sen executar 3 dos 5 millóns de euros orzados; é dicir, un grao de execución do 40 %. En 2016 executouse un 15 % do programa de rehabilitación de vivenda; e, por exemplo, o 3,2 % de execución do programa de vivendas baleiras.

Queremos que se incremente o parque público de vivenda, e para iso tamén propoñemos a modificación da Lei do solo 2/2016, para que se eliminen as excepcións na reserva de solo para algún tipo de protección, para que a reserva deste tipo de solo sexa como mínimo dun 30 %. Esa modificación que fixo o Partido Popular nada máis chegar ao Goberno de exceptuar, para aqueles concellos que o quixesen, esta reserva foi unha das cuestións clave que fixo que Galicia estea no furgón de cola da construción de vivenda de protección oficial. Se en Galicia se iniciaban, en 2010, 2.900 vivendas de protección oficial, en 2015 foron 5 e en 2016 foron 4. Estas cifras creo que falan por si mesmas.

Tamén cremos que é preciso que se estableza outro sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e máis xusto, axustando os criterios obxectivos de necesidade e modificando, con eses obxectivos, os decretos que agora o regulan.

Queremos tamén que se conte con esas vivendas que se rescataron, que se pagaron co diñeiro de todas e de todos, para que se utilicen aquelas que conveñan para o parque público de vivenda. Queremos que pasen a formar o parque público de vivenda porque foron rescatadas con diñeiro de todas e de todos e deben beneficiar a aqueles que lles interesen e non telas ao albur dos intereses dos bancos.

Queremos tamén —e temos nesta moción— medidas destinadas ao Goberno do Estado. Queremos que, dunha vez por todas, se cumpra a Lei de facendas locais e que se regule o concepto de vivenda baleira para que así os concellos que queiran poidan recargar no IBI as vivendas baleiras dos grandes posuidores. Actualmente, por non cumprir a lei —lei que tivo bloqueada o Partido Popular durante todos estes anos—, os concellos non poden facer políticas para favorecer a mobilización de vivenda baleira. Esta medida é moito máis útil que o seu programa de vivendas baleiras para a mobilización da vivenda. Mentres siga sendo o mesmo de barato ter unha vivenda baleira que unha vivenda ocupada, os especuladores manterán as vivendas baleiras sempre que lles conveña.

E tamén queremos demandarlle ao Goberno español a modificación da Lei de arrendamentos urbanos, que vostedes reformaron pero cunha reforma regresiva que quitaba estabilidade aos arrendatarios reducindo a duración mínima dos contratos de cinco a tres anos. Queremos darlles estabilidade, porque esta reforma que vostedes fixeron da Lei de arrendamentos urbanos tamén é responsable da burbulla do alugamento que estamos vivindo.

Queremos tamén que o censo de vivendas baleiras se estenda a todos os concellos independentemente da súa poboación e que haxa unha intervención obrigatoria do Instituto Galego de Vivenda e Solo na mobilización do dito parque de vivendas. E habería que tamén reformular ese programa, porque é un auténtico fracaso. Máis alá das excusas que poidan poñer, non funcionou. Algunha modificación se fixo pero segue sen funcionar e, polo tanto, hai que repensar por que non funcionou.

E tamén hai que desenvolver un novo programa para a prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz. Hai un problema, un problema moi grave: hai xente que ou ben está no paro, que cobra unha risga ou ben teñen traballos precarios con salarios que non lles dan para vivir, e os prezos do alugueiro seguen medrando e iso provoca a exclusión de moita xente do dereito a unha vivenda digna. Poden dicir aquí o que queiran, poden negar esta realidade, pero é unha realidade que precisa medidas. As medidas tomadas ata o de agora non fixeron senón agravar o problema e, polo tanto, hai que dar un xiro de 180 graos. Iso é o que pretendemos con esta moción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Vén a debate a este Pleno de novo a realidade dramática da vivenda en Galiza, e lamentamos que a conselleira do ramo, a conselleira de Vivenda, non tivese media hora na súa axenda para asistir a este debate. Debe ser que está moi ocupada en recibir alcaldías do Partido Popular, como vemos todos os días na prensa, para repartir os fondos do Plan Hurbe. Ese debe ser o motivo da ausencia da conselleira. *(Aplausos.)*

A realidade dramática da vivenda agravouse na última década como consecuencia das decisións políticas e económicas adoptadas en resposta a esa mal chamada crise, desa política dereitista, ultraliberal, que levou a un saqueo, a un auténtico saqueo das contas públicas para salvar os bancos e ao mesmo tempo ao saqueo das rendas das clases traballadoras para pagar a factura. E nesta rapina os voitres están facendo o seu festín. A principal inmobiliaria galega chámase Blackstone e ten a súa sede nas illas Caimán. E asistimos, ademais, a outro círculo vicioso, que é o da posición de dominio no mercado destes grandes fondos de investimento e tamén dos grandes tedores de vivenda da banca, que ao que levan é á especulación, á suba dos prezos e tamén ao incremento da burbulla do alugamento. Ao mesmo tempo segue agravándose ese drama invisíbel e oculto dos desafiuzamentos, que, máis alá dos casos concretos, nos fala de case 2.500 familias e persoas que perderon as súas casas no ano 2017 en Galiza, cun incremento do 5 % respecto do ano 2016. Uns desafiuzamentos executados polos bancos untados con miles de millóns de fondos públicos, bancos protexidos, ademais, por sentenzas infames dunha xustiza que serve aos seus amos políticos e financeiros. E, por se non estaba claro como funciona o poder xudicial, xa o explicou con precisión o señor Cosidó, o ex-director xeral da policía e voceiro do Partido Popular no Senado, co seu famoso watshapp. Constatamos, polo tanto, o fracaso das políticas públicas en materia de vivenda, que podemos dicir que son fundamentalmente inexistentes no caso da Xunta. A proba do fracaso é que mesmo lle quitaron as competencias de vivenda a Infraestruturas polo desastre que estaba sendo esta política, e porque son, ademais, medidas parciais, son parches, son medidas temporais, con retrasos, tardías, para a galería. E non se fai unha verdadeira política pública de vivenda, que supón a intervención pública no prezo do solo, no mercado da vivenda, na oferta pública da vivenda e, sobre todo, que pase pola recuperación dos dereitos sociais, dos dereitos laborais e das rendas roubadas.

Miren, a realidade do gasto público en vivenda, en Galiza e no Estado, é que estamos á cola de Europa, só por diante de Malta e Chipre. E, ademais, a Xunta —como xa se dixo— reduciu drasticamente o investimento en vivenda nos últimos nove anos e ten unha moi baixa execución orzamentaria. E constatamos tamén o fracaso do que ía ser o plan estrela da Xunta, que acabou sendo un plan estrelado: o Programa de vivendas baleiras. Temos 90.000 vivendas baleiras nas cidades. En Vigo o 20 % son propiedade da Sareb e dos bancos, e non hai capacidade por parte do Goberno para intervir, para cambiar esa situación. Crearon un programa e bótanlles a culpa aos concellos, pero en realidade quen ten as competencias, quen pode facelo, é a Xunta e tamén o Estado.

E agora véñenos co *bluff*, co grande anuncio, co novo mantra da rehabilitación. Din que a prioridade da Xunta vai ser a rehabilitación. Anunciáronos no seu programa de goberno do ano 2016 a rehabilitación de 1.500 vivendas co Plan Rexurbe. ¿Saben cales son os datos que nos deu a conselleira na súa comparecencia? Son 28 vivendas; 1.500 prometidas no seu programa e 28 vivendas anunciadas pola conselleira.

O modelo do Partido Popular é o modelo de Betanzos ou o da Tinería, en Lugo, con dez anos para rehabilitar menos de dez vivendas. O modelo do Partido Popular é o de Telmo Martín, o alcalde de Sanxenxo, condenado por estafa a 62 familias por sobrepresos en Navia. Estamos esperando aínda a dimisión do alcalde de Sanxenxo, do Partido Popular, e que lle pidan a dimisión. O modelo do Partido Popular é o das socimis, eses paraísos fiscais non lonxanos senón aquí, no Estado es-

pañol, para a especulación inmobiliaria coa exención do imposto de sociedades e a bonificación do 95 % en imposto de transmisións. O modelo do Partido Popular é ese modelo de repartición partidista e caciquil, no que é experta a señora Vázquez, de repartición de fondos públicos.

E o BNG, fronte a isto, ten propostas que poñemos nas emendas e que tamén levamos defendido aquí. Defendemos a intervención pública, defendemos o cambio de modelo no legislativo, defendemos combater, de verdade, as burbullas e os desafiuzamentos, a mobilización das vivendas baleiras, a construción de vivenda pública e, sobre todo, a verdadeira política social e de vivenda que é a recuperación da renda, a recuperación dos dereitos da clase traballadora e a realidade de que as políticas da dereita van no sentido contrario: xeran máis precariedade, máis desigualdade, máis exclusión, máis especulación e máis negocio para os depredadores deses fondos de investimentos voitres.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Por parte do Partido Socialista, manifestamos o noso apoio, aínda que cos matices que xa presentamos na nosa emenda, á proposición que hoxe se presenta. É practicamente a mesma que se presentou no debate do estado da Autonomía e que xa no seu momento achegamos a unha transacción de modificación co grupo de En Marea. E agardamos que volva ser aceptada. É certo que se introducen dous novos puntos. Un fai referencia ao incremento da dotación orzamentaria para fixala nun 0,5 % do PIB. Nós cremos que este tipo de peticións entran no campo dos desexos e que, postos a desexar, ¿por que non máis? Entendemos que sería mellor falar de orzamento suficiente para desenrolar a política de vivenda, tal e como, por certo, fan vostedes no primeiro punto da iniciativa, no que solicitan un incremento substancial e xeración suficiente do parque público de vivenda en alugamento.

Eu quero lembrar aquí que nas resolucións do debate do estado de Autonomía deste ano se apoiou tamén por unanimidade unha iniciativa que partía do Partido Socialista e que compromete o Goberno galego a duplicar o parque de vivenda pública actual no horizonte de cinco anos. Penso que o reto que asume o Goberno é importante, máxime se lembramos que no pasado ano só se cualificaron nove vivendas de promoción pública. Pero se o Goberno se comprometía este 9 de outubro con esta resolución, só dez días máis tarde presentaba un proxecto de orzamentos no que sorprendentemente o obxectivo de vivenda pública para o 2019 se establece, segundo a partida correspondente, en tres vivendas. ¡Si, escoitaron ben, en tres vivendas! —e vanme permitir a brincadeira—, pero sorprende ver como no orzamento se explicita, ademais, que estas tres vivendas serán construídas entre as catro provincias galegas. É un reto francamente interesante. (*Aplausos.*)

O certo é que nin sequera os cartos previstos cubrirían máis ca o 16 % do total das 600 vivendas anuais que serían precisas para conquistar que nesos cinco anos se duplique o actual

parque de vivenda pública. É, polo tanto, unha mostra máis de que as boas intencións deste Goberno non son máis que publicidade e propaganda. Penso que é un bo exemplo o anuncio de hoxe do Ministerio de Fomento para promover 5.000 vivendas de alugueiro social, comezando polas cidades onde existe unha maior urxencia, as primeiras 5.000 vivendas das 20.000 comprometidas. Se de verdade quere cumprir este Goberno coas galegas e galegos, apoien economicamente como é debido as políticas de vivenda. Con ese 0,5 %, con máis ou co que sexa preciso, conquiran unha maior execución dos programas. Porque de nada serve prever os millóns orzados se logo, como aconteceu no pasado ano, só se consegue un 41,3 % de execución. Eviten resultados tan bochornosos como esas sete vivendas adxudicadas en dous anos dentro do Plan de vivendas baleiras: 53 concellos adheridos e tan só sete vivendas adxudicadas, cando soamente entre cinco dos concellos participantes, entre Vilagarcía, Culleredo, Santiago, Ames e Ourense, xa suman entre eles unha demanda de algo máis de 1.500 persoas. Se se sumasen todos os concellos de Galicia, ¿que se conseguiría?, ¿que se conseguiría?, ¿unha estatística maior? ¿Que fai pensar que o comportamento será mellor que o destas cinco vilas ou cidades? ¿O problema é o de adherir máis concellos ao programa ou o problema estará nos incentivos aos propietarios de vivenda? Porque, ¿quen pon as vivendas á disposición?, ¿a Xunta ou os particulares interesados en ofertar as súas propiedades? *(Aplausos.)*

Nós si cremos que é preciso conquistar poñer no mercado de vivenda todas esas vivendas baleiras e destinalas preferentemente ao alugamento social, pero cremos que se ten que facer con incentivos suficientes para a cidadanía que lles permita declinarse por esta opción e non por outras. De feito, vexan o exemplo de Zaragoza, do Concello de Zaragoza, tamén con dous anos de percorrido no seu plan «Alegra a túa vivenda». Acadou a cesión de 415 vivendas, precisamente para o alugamento social, e ten 730 expedientes de cesión iniciados por propietarios e propietarias. E ¿por que? Porque ofertan oito beneficios ou incentivos que si interesan á cidadanía.

E si que cremos que desde o Estado se debe impulsar a incorporación conveniada de vivendas pertencentes á Sareb, especialmente naqueles concellos onde as hai e onde existe demanda de vivenda pública. Porque entendemos que son, ademais, os grandes propietarios de vivenda os que teñen que aportar eses recursos xa construídos e en estado, moitos deles, de absoluto abandono. E para iso hai que ver o rexistro de demandantes, actualizado día a día e concello a concello. Os datos que se reflectían a 3 de maio de 2018 eran 11.800 demandantes, e a 15 de novembro sitúase xa en 12.713, algo máis de 900 demandantes en tan só seis meses, o que supón un ritmo de cinco novos demandantes de vivenda ao día. E ¿cal é a resposta deste Goberno? A previsión, da que falabamos antes, de cualificar tres vivendas novas de promoción pública para o 2019. Nós cremos que isto só ten un nome, que é desidia, que é deixar pasar o tempo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: É esa estratexia que o señor Rajoy cría que lle funcionaba e que ao final lle acabou pasando factura.

Por iso nós —xa remato—, aínda concordando en gran parte co texto de En marea, entendéndoo como un impulso máis aos necesarios cambios de estratexia nas políticas de vivenda,

presentamos unha emenda de modificación que matiza as cuestións xa comentadas, así como a modificación da Lei do solo, coa que non concordamos plenamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: ... e da que solicitamos, en todo caso, a revisión do artigo 42.9 e non tanto a súa eliminación completa.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señora Pierres, unha vez máis teño que dicir que me decepcionou. E decepcionoume porque vostede sabe perfectamente a diferenza entre unha vivenda de promoción pública e unha vivenda protexida de promoción privada. Sábeo perfectamente, de sobra. E se aquí vén confundir, é que está manipulando e facendo populismo barato. Non esperaba iso de vostede, non o esperaba. (*Aplausos.*) Iso é manipular.

Mire, só en Santiago está a Xunta pendente de se o Concello a ver se algunha vez se lle ocorre permitir facer 72 vivendas de promoción pública. Esas si que, se van en réxime de alugamento, se sumarían ao parque de vivenda pública. As vivendas protexidas de promoción privada non se suman ao parque de vivenda pública, non, nin as de promoción pública que son para a venda. Non confundamos, vostede sábeo.

Do señor Bará non podo esperar nada. Levan vinte anos gobernando en Pontevedra e non foron capaces de adaptar á Lei do solo o plan xeral. ¡¿Que política de vivenda nos pode vir vostede dicir aquí?! (*Aplausos.*) ¡Se foron incapaces!, ¡se vostedes o único que fixeron, cando gobernaron, foi ir a Cuba a tomar mojitos! Iso é o que fixeron, señor Bará, ¡por favor, non veñamos aquí dar leccións! Esa é a realidade.

E, señor Sánchez, efectivamente, desafiuzamentos... Fala vostede da señora de Vigo, si. Hai outra tamén en Ferrol, coa que tamén está a Xunta a ter conversas con ela para buscar unha solución. Desa non se acordou. E á de Vigo, efectivamente, ofrecéuselle unha vivenda en Vila de Cruces, que foi vela. E tamén en Cambados, e séguense a buscar outras solucións.

Por certo, ao mellor hai que darlle as grazas ao Concello de Vigo, señora Pierres, xa que vostede ten liña directa co señor iluminado, co señor Abel. Entón ao mellor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), con don Abel Caballero. Entón ao mellor, en lugar de vender as vivendas públicas que tiña, en lugar de vendelas, ao mellor tiña para dar unha solución. Ao mellor incluso, e fíxese, na emenda que vostede fai na moción —que se fala do

censo de vivendas, non do Programa de vivendas baleiras — vostede incorpora aí un apartado do Programa de vivendas baleiras. Se iso o presenta nunha iniciativa independente, pode estar segura de que a imos apoiar, porque me parece o que nós levamos defendendo desde sempre. Veña por aí e a ver se convence a don Abel Caballero, a ver se o convence de que se sume dunha vez a ese Programa de vivendas baleiras.

Porque, mire, cando hai un boicot a un programa de todos os partidos que están na oposición e que están gobernando noutras administracións, dificilmente se poden facer políticas sociais. E neste caso é un boicot sistemático dos gobernos das Mareas, do BNG e do Partido Socialista. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señor Losada, ¡que se sabe defender moi ben a señora Pierres, home! Non se preocupe. *(Murmurios.)*

Pero quero dicirlle que hai ano e medio que saín de concelleiro do Concello de Lugo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

Desculpe un momento, por favor, señor Castiñeiras.

Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra, escoiten a quen está no uso da palabra. Non teñen a palabra, só a ten quen está aquí. Escoiten o que dicía a ponente hai un pouco, que nos debeu de poñer colorados a todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Por favor! ¿Non? Pois entón temos un problema máis grave.

Continúe, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Dicía que no Concello de Lugo se aprobou por unanimidade, estando eu de concelleiro naquel momento —hai ano e medio que deixei o concello—, unha iniciativa para sumarse ao Programa de vivendas baleiras. A día de hoxe aínda non se sumaron. ¿Quen goberna? O Partido Socialista. ¡Home, non me fastidie, non me fastidie que iso non é tomar o pelo á xente! Polo tanto, falemos con propiedade.

Mire, a Xunta de Galicia ten neste momento un parque de vivenda pública de 3.500 vivendas. E segue crescendo, porque a el se incorporan as vivendas que se están rehabilitando, e neste momento hai arredor de 200 entre as que se están rehabilitando e as que están en fase de construción, ou nova construción. Polo tanto, cando me fala de tres, sinceramente, non sei de onde o saca. É o mesmo que cando fala de 9 ou de 14 o señor Sánchez. ¡Son vivendas de promoción privada! Por certo, para o cal hai solo, tanto en Santiago coma en Lugo, coma en Ferrol, coma en Pontevedra ou na Coruña. Por certo que a ver se o parque ofimático son capaces de desarrollalo os señores de En Marea, porque están incumprindo sistematicamente esa planificación. Entón, a ver se son capaces de desarrollalo. Por certo, a política de vivenda de En Marea queda moi claramente reflectida no Concello da Coruña. Si, iso si, vostedes chámmalles fondos buitres, e poden ser buitres e incluso podo estar de acordo con algunhas cousas que se lles asignan. Na Coruña eu creo que lles podíamos chamar «fondos mofeta». Xa

saben por que. Cando un ve que a política de vivenda social de todo o Concello da Coruña é a compra de seis vivendas con fondos públicos, das cales dúas son dos amigos, ¿que quere que lles diga? Máis ben parecen fondos mofeta. E a política de En Marea de Ferrol, onde hai un parque de vivenda pública importante nese concello dende os anos corenta e pico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...e que os desahucios consisten en tapiar as portas cando os veciños saen —tapiar as portas para que non entren—... Ese é o sistema que teñen de política de vivenda en En Marea, señor Sánchez. Non me confunda.

Por certo, e sen presumir, nin moito menos, quero agradecer a algúns compañeiros seus o recoñecemento do que se está facendo na Xunta de Galicia e en Galicia. Algo estará facendo ben o Goberno da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Remato xa, señor presidente, só medio segundo.

Algo se estará facendo ben, porque nunha iniciativa, na propia exposición de motivos, recoñecen que o esforzo económico que teñen que facer a nivel nacional, en España, é do 35 % do soldo medio; e en Galicia, o 24 %, a nivel de Canadá e Reino Unido. Non é que esteamos orgullosos, seguiremos traballando para melloralo. Pero loxicamente hai moitas comunidades que teñen moito que aprender.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castiñeira.

Por parte do grupo autor da moción, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, en primeiro lugar, quero agradecer o apoio do Partido Socialista e do BNG.

En canto ao Partido Socialista e á pregunta de por que o 0,50 % e non máis, pois eu tamén lle pregunto, señora Pierres, ¿por que 20.000 vivendas públicas e non 40.000? ¿Por que 5.000 este ano e non 10.000, xa que facían falta moitas máis? Bueno pois a nosa referencia é que en 2009 se dedicaba o 0,47 % do PIB a políticas de vivenda, e polo tanto é unha referencia que temos para inmediatamente poñernos nese sitio, xa que o que é a riqueza deste país está aos niveis de 2009. Esa é a única referencia pola que a tomamos. Evidentemente non é algo estático —con «s»—.

En canto ao Partido Popular, xa non sei o que contestar, xa non sei o que contestar. Porque, claro, cando levan gobernando dende 2009 ininterrompidamente, cando dende o 2009 a 2015 maioritariamente tiveron o Goberno da Xunta, os gobernos das principais cidades —de 2011 a 2015— e o Goberno do Estado, nos peores anos, onde máis desafiuzamentos houbo, cando

teñen as competencias en vivenda, cando son os responsables de ter un parque público de vivendas e teñen a responsabilidade principal da política de vivenda neste país, que vostede veña aquí falar de «fondos mofeta», de que a culpa é dos concellos das Mareas, de que o Programa de vivendas baleiras fracasa polo boicot dos concellos das Mareas, jé ridículo, señor Castiñeira! Vostede fai o ridículo cada vez que vén aquí. E falta ao respecto, falta ao respecto á cidadanía que está pasando por situacións como a desta señora, como a de Ferrol, como a de Santiago, como a de Ourense e como a de Lugo, como a de calquera lugar onde está pasando todos os días neste país, e que esperan solucións. Vostedes, en vez de ir á verdade e ser honestos, veñen aquí a esparcir a tinta de calamar.

Mire, é moi sinxelo: vostedes defenderon estes anos os bancos por riba das persoas que quedaban na rúa, vostedes fixeron leis a favor dos fondos buitres para que investiran con bonificacións fiscais, vostedes compráronlles aos bancos as vivendas que non querían con diñeiro público e non os liberaron para facer un parque público de vivendas e vostedes reduciron o presuposto dedicado a políticas de vivenda un terzo dende que chegaron, comparado coa riqueza deste país, señor Castiñeira. Esa é a realidade. ¿Por que? Xa llo dixen: hai contradición de intereses.

Para facer políticas públicas de vivenda é necesario tomar partido: ou tomamos partido polo dereito á vivenda ou tomamos partido pola vivenda como negocio. E vostedes sempre tomaron, sistematicamente, partido polo negocio da especulación coa vivenda. Son especialistas en fomentar burbullas. O mesmo que fixeron a burbulla inmobiliaria coa lei de Aznar, fixeron a burbulla do alugamento coa reforma da Lei de arrendamentos urbanos e coas súas políticas.

Polo tanto, vostede non veu aquí a dar ningunha solución á situación que eu lle expliquei. É dicir, os alugueiros están subindo nas cidades principalmente, e espectacularmente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estou rematando.

E os salarios de moita xente non soben, ¿verdade? E hai moita xente excluída. Hai un 23 % de poboación en risco de exclusión social. Para esa xente é para a que hai que ter solucións e vostede non dixo nin unha —non xa hoxe, nos últimos anos— nin fixo ningunha.

Mire, o do Programa de vivendas baleiras vostede dixo que era polo boicot. Mire, 53 concellos adheríronse, 53. ¿Sabe cantas vivendas se puxeron á disposición do programa? Puxéronse 16, e 7 adxudicadas. ¡Vergoña debería de darlle vir con estes argumentos, señor Castiñeira! ¡É lamentable, lamentable, a súa posición con respecto á vivenda!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Pódese posicionar sobre as dúas emendas?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Impórtalles ben pouco o que lle pase á xente.

Acepto as emendas do PSdeG e do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(*A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.*)

Si, dígame, señora Vilán, ¿para que quere o uso da palabra?

A señora VILÁN LORENZO: Para pedirlle ao señor Castiñeira que retire a expresión «iluminado», que ou ben é unha persoa que pertence a unha seita ou alguén que se cre cunha forza sobrenatural. Efectivamente, sobrenaturais son os resultados en Vigo. Simplemente lle pido que retire esa expresión.

Grazas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Eu non entendín iso coma un insulto, senón que se refire a todo... (*Fortes murmurios.*)

Perdón, ao que lle toca interpretar é a min, para sorte ou desgraza. E neste caso non o entendín como un insulto, senón en relación coas luces do Nadal, que deu tantos titulares e do que tanto temos falado. Non era un insulto, estou seguro de que non era un insulto. E espero que se tome así. Doutro xeito sería retirada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non hai explicación de ningún tipo, non hai explicación de ningún tipo.

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas. Para formular a moción ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Iluminado, efectivamente, señora Vilán, é ter unha forza sobrenatural, como a que ten o PSdeG en Vigo. E, claro, iso doe. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Esa forza doe, e aínda vai ser máis sobrenatural nas vindeiras eleccións. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!, que, ao igual que antes pedíamos que se escoitara a quen estaba no uso da palabra, agora tamén.

Moitas grazas, pode continuar.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Non sei se lembran, señorías, unha canción dos anos noventa, de Loquillo, que se chamaba *El hombre de negro*, que eu non vou cantar. Aquí o que ten boa voz é o señor Rivas Cruz, eu sería un auténtico desastre. Pero aquela letra viña dicir algo así como «*voy de negro y me preguntas el porqué*». Pois, durante seis meses, cada venres os traballadores e as traballadoras da CRTVG visten de negro. E fano contra a manipulación informativa do Goberno do señor Feijóo, fano contra a represión daqueles e daquelas que a denuncian, como a señora Tati Moyano e agora o señor Carlos Giménez, os xornalistas, fano contra a privatización do propio ente público.

E nós hoxe, dende o PSdeG, no primeiro día de mobilizacións nestas xornadas planificadas, aínda que haxa deputados do Partido Popular aos que non lles guste o que queremos facer, imos, primeiro, dar o apoio ás súas reivindicacións. Porque, señorías, cando os traballadores e as traballadoras públicas, neste caso da CRTVG, se manifestan por uns medios de comunicación libres de manipulación informativa, non o están facendo soamente para defender a súa profesionalidade, fano por toda a cidadanía. (*Aplausos.*)

Quero, en segundo lugar, dar a benvida aos membros da Asociación Galega de Atención Temperá que hoxe nos acompañan para seguir este debate. Como non o poden facer, ademais, a través da CRTVG, pois convidámoslos dende o Grupo Socialista a que viñeran aquí.

Esta moción que substanciamos agora é o resultado daquela interpelación do anterior pleno, e ten como obxectivo garantir unha atención pública de calidade aos nenos e nenas con trastorno de desenvolvemento ou en risco de padecelo. E facémolo hoxe precisamente, que é o Día internacional dos dereitos dos nenos e das nenas. Facémolo para que se garanta que haxa unha rede galega de atención temperá que sexa pública, accesible e próxima.

Trinta anos despois da creación deste primeiro servizo na Pobra, no ano 1987, máis de trinta anos, de 314 concellos só 92 contan con estes servizos de atención temperá —tal como di ese decreto do ano 2013—, pero a maioría nin sequera teñen claridade sobre o seu futuro.

Vendo o mapa de cobertura desta rede, faise necesario un plan de consolidación e extensión da rede galega de atención temperá que garanta a cobertura do 5 % da poboación infantil no ano 2020. Isto non se pode facer como ata o de agora, de maneira unilateral, improvisando, sen diálogo coa propia AGAT e tamén cos concellos. Hai que facelo coas persoas que están en contacto con esta realidade. E por iso nesta iniciativa o que pedimos é que en todo momento se consensúe coa Asociación Galega de Atención Temperá e tamén coa propia Fegamp.

E ¿por que? Porque hai un desequilibrio territorial, consecuencia desta falla de planificación; unha dotación que non está equilibrada nos propios equipos, o que ten como consecuencia que haxa comarcas que non teñen ningún medio, outras que teñen un exceso de medios e outras cunha gran sobrecarga asistencial, o que leva a que nalgúns casos haxa unha lista de agarda para a primeira consulta de máis de cincuenta días, cando o recomendado internacionalmente son trinta. Lembramos que se trata dunha atención que ten que ser precoz.

Deste xeito, está a suceder que cun mesmo número de profesionais, tres —que é o mínimo necesario para formar un equipo—, se atendan comarcas de 10.000 habitantes e outras de 100.000. E pónolles un exemplo, señorías: para atender os nenos de Antas de Ulla, hai tres profesionais para catro nenos. E para atender os do Salnés, hai tres profesionais para 257 nenos e nenas; é dicir, o mesmo número de profesionais.

Isto é consecuencia de que a Xunta de Galicia non escoita os profesionais, de que toma decisións electoralistas creando unidades ao chou, sen estudar as necesidades do noso territorio, e de que destrúe outras debido á inestabilidade das axudas dos concellos, que cobran meses despois de teren formado os equipos.

A nosa comunidade autónoma, con 1,9 millóns de euros —que é o que está no proxecto de orzamentos para o ano 2019—, é, señorías, a segunda comunidade autónoma, só por detrás de Canarias, que menos inviste en atención temperá. Pódeno ver clarísimamente neste gráfico. (*A señora Blanco Rodríguez amosa un documento desde a tribuna.*) É, ademais, a que o fai peor, a que menor índice de cobertura ten, e das que peor paga o traballo das profesionais que hoxe nos acompañan, menos de 20 euros á hora. (*Aplausos.*)

O de facer máis con menos, señorías, está probado que é imposible. E, por iso, para facelo igual de ben que as outras comunidades autónomas, hai que investir máis, hai que investir moito máis. Outros gobernos entenderon que isto era necesario, prioritario, e que era básico para o futuro do noso país. E pónolles un exemplo, o do Goberno socialista de Castela-A Mancha. Ten unha poboación infantil moi semellante en número á da nosa comunidade autónoma. Galicia inviste 14 euros por neno e ano; e Castela-A Mancha, 68, cinco veces máis, señorías. Nesa comunidade autónoma teñen 54 centros, fronte aos 16 que temos nós, tres veces máis tamén.

Hai que estender este servizo e garantir a súa calidade. O que necesitamos é un sistema estable de financiamento, e nós pedímolos a través dunha emenda que onte o Partido Popular rexeitou. Hai que pasar de 1,9 millóns de euros a 8 millóns de euros —é dicir, catro veces máis do que se está investindo—, para estar ao nivel do resto do país. (*Aplausos.*)

Ademais, señorías, a atención temperá require tempo para o traballo dos propios equipos, para orientar a familia e os nenos e as nenas, para coordinarse cos servizos comunitarios, para coordinarse cos centros escolares, e cos propios centros de saúde tamén. Porque o tempo de intervención non se circunscribe á intervención presencial con ese neno ou nena, é tamén o tempo onde se introducen os cambios positivos, todos os cambios positivos, para a súa socialización.

Pero resulta que ás persoas que traballan nestes equipos non lles chega o tempo a nada. Non lles chega o tempo porque pasan a metade da súa xornada movendo papeis dun lado para outro en vez de estar centrados e centradas —neste caso centradas, porque a maior parte delas son mulleres— en xustificar estas subvencións en lugar de estar atendendo estes nenos e nenas. Para reducir esta burocratización e facilitar esta prestación tan complexa, porque se reúne a parte social, a sanitaria... (*Murmurios.*)

Señor presidente, é moi difícil, de verdade, falar con este ruído de fondo.

O que pedimos tamén nesta iniciativa é un *software* actualizado e profesional de xestión. Claro, hai dúas semanas, cando interpelabamos a conselleira de Política Social, dicíanos que se ía poñer en marcha de maneira inmediata. Tivemos que traer aquí unha interpelación para que un *software* que teñen dende hai dous anos —non sei onde— sen poñer en marcha e cedido pola Asociación Galega de Atención Temperá se poña en marcha. Por se acaso —como xa non é a primeira vez que nos acontece que din unha cousa e que despois fan a outra—, volvémoslo incluír tamén nesta moción. E tamén a creación dun organismo administrativo específico que se dedique completamente ao desenvolvemento, á xestión, á coordinación e á avaliación desta Rede galega de atención temperá.

Hoxe, Día internacional dos dereitos do neno e da nena, a conselleira de Política Social estao celebrando —non van imaxinar onde— en Ourense. Estao celebrando en Ourense. Dende o PSdeG —non sei se sendo malpensados— non sabemos se é realmente polo compromiso cos nenos e coas nenas ou por esa misión que emprendeu todo o equipo do Goberno do señor Feijóo para salvar o «soldado Vázquez». Hoxe teñen vostedes a oportunidade de dar a entender, de explicar, se a conselleira de Política Social realmente está alí postуреando porque é o Día internacional dos dereitos dos nenos e das nenas ou se realmente hai un compromiso do Partido Popular cos nenos e coas nenas; con todos pero, en particular, con aqueles que teñen necesidades especiais como os que se tratan nesta iniciativa. Os datos son nefastos e alarmantes. Nós pedímoslles, señorías do Partido Popular, que amosen ese compromiso cos nenos e coas nenas deste país, e tamén coas súas familias e coas profesionais —con todas e coas que nos acompañan hoxe tamén—; pero sobre todo con eses nenos e nenas que teñen neste país problemas no ámbito da linguaxe, da conduta afectivo-emocional ou mesmo con retraso evolutivo, para que dispoñan dunha rede de atención pública, accesible e próxima; e todos e todas, vivan onde vivan, tanto se viven na Coruña coma se viven no Bolo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu, antes de máis nada, tamén quero saudar os representantes da AGAT, que foron os que se puxeron en contacto cos grupos parlamentarios aquí neste Parlamento e os que nos trasladaron a súa preocupación por como estaba a Rede galega de atención temperá, e os que nos demandaron que, desde esta tribuna e aquí no Parlamento, presentáramos iniciativas e que incidíramos en cal era a situación para tentar modificar esa situación. E trasladáronos a súa preocupación a respecto da situación.

Primeiro, o que nos fixeron chegar é que a atención temperá non soamente vai dirixida a aqueles nenos con déficit físico, psíquico ou sensorial, senón tamén a aqueles nenos e nenas con problemas madurativos ou de adaptación. É dicir, dedicada a todos aqueles nenos e nenas con problemas tamén de evolución ou de alteracións na súa contorna.

A segunda preocupación que nos trasladaron é o déficit orzamentario e, por outra parte, a cantidade de orzamentos que se deixaban sen executar; é dicir, poucos orzamentos e unha parte deles sen executar.

Outra preocupación era que se estaba intentando crear unha rede cunha vía de financiamento imposible —porque unha parte deste financiamento viña a través de fondos Feder e a súa xustificación era imposible; é dicir, cunha serie de trabas de moi difícil xustificación— e a inexistencia dunha aplicación informática, a pesar de que por parte da propia AGAT se lle fixera chegar á Xunta unha aplicación, que a tiñan na Xunta e que estaban a expensas de que se fixera algo con ela. É moitísimo o traballo administrativo, que lles quita tempo para poder facer outros labores. Efectivamente, hai un custo por hora, dende logo, máis que insuficiente, 19 euros por hora; cando, por exemplo, en dependencia estamos falando de 33 euros por hora. Ou se facemos a comparativa con outras partes do Estado, dende logo, resulta avermellante, pois podemos ver en Aragón que estamos falando de 38,78 euros/hora, ou en Cataluña, 33,47 euros. Estamos falando duns prezos normais. Estamos falando de persoal especializado. Entón, ¿como se pode estar falando dunha rede de profesionais especializados onde as achegas por parte da Xunta sexan de 19 euros/hora para profesionais especializados, e especializadas! Dende logo, estou dando estes datos —que xa se deron aquí— para que vexamos que estamos falando de algo tan sensíbel como é a atención a nenos e a nenas, e con este tipo de recursos a todas luces insuficientes.

E fixéronnos chegar un informe que elaboraron, que tomaron a decisión de trasladárnolo aquí ao Parlamento, ao presidente da Xunta e ao Consello Autonómico de Atención Temperá, para que, evidentemente, fomos conscientes de en que estado está a rede, en que estado está esta atención. E —simplificándoo— estamos falando dun escaso esforzo investidor —como acabo de dicir—, un investimento en atención temperá da Xunta de Galiza de 14 euros por neno e nena. E estamos falando de que con outras partes do Estado español non aguanta a comparativa: 91 euros en Cataluña, 84 en Aragón ou 74 en Navarra. Estamos falando dunhas contías, dende logo, que non aguantan a comparativa.

Estamos a falar dunha escasa extensión da rede trinta anos despois da súa creación, cando no anterior pleno estaba aquí a conselleira e ela dicía que estaba presente xa en 92 concellos. Cando, evidentemente, por parte da rede dicían que, trinta anos despois, só se está en 92 concellos. A conselleira dáalle a volta e dicía: ¡Xa estamos en 92 concellos! É dicir, dende logo, parece obvio que, trinta anos despois, só estar presentes en 92 concellos é insuficiente. A incerteza e a inestabilidade de estar pendentemente dunhas subvencións e dun sistema de financiamento totalmente baseado nunhas achegas que non se sabe se van repetirse ou se non van estar, dende logo, non é válido. Hai un desequilibrio no territorio, onde nunhas comarcas existen uns recursos que son máis que suficientes, e, noutras, totalmente insuficientes.

Hai que reequilibrar esa falta de programa informático, como dicía antes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Hai falta de formación para os profesionais e falta de desenvolvemento normativo; unha falta de desenvolvemento do decreto de creación, do decreto do ano

2013, que dende logo fai que a estas alturas a rede sexa totalmente insuficiente, estea infra-dotada e haxa desequilibrio territorial. O que fai que sexa necesario que o tema, que xa foi tratado aquí no Pleno e foi tratado na Comisión, volva ser tratado no Pleno. E, dende logo, seguiremos insistindo en tanto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...non se solucione a cuestión.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

Están en trámite parlamentario os orzamentos da Xunta. Dende logo, os recursos que están nestes orzamentos son insuficientes. Por parte do BNG e doutras forzas políticas presentamos emendas para mellorar eses recursos. E, dende logo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...se non se atenden as mesmas, seguiremos insistindo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...porque é de xustiza que así sexa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o tempo.

A señora PRADO CORES: Apoiamos a iniciativa do Partido Socialista, como é de xustiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, onte no debate de orzamentos falabamos de se estabamos no día da marmota. Onde si estamos no día da marmota é no debate sobre a atención temperá durante esta lexislatura, porque esta lexislatura foi a parálise do desenvolvemento da atención temperá. E a Xunta, por riba de non investir o suficiente neste recurso esencial, por riba, gábase en lugar de recoñecer o seu atraso histórico respecto doutras comunidades autónomas.

Os datos son ben claros: 14 euros por neno e nena no 2018 fronte a comunidades como Castela-A Mancha —xa se dixo aquí—, cun número de infancia similar, con 68 euros. ¡Está

clarísimo! Pero é que, lonxe de admitir estes datos —que están en negro sobre branco—, a Xunta mesmo se gaba do desenvolvemento da atención temperá.

Pero o que sucede é que non é o día da marmota, non, é o Día dos dereitos da infancia. E para nós este é un servizo esencial. É un servizo esencial non só, como habitualmente se cre, para nenos e nenas con diversidade funcional, senón para toda aquela infancia que precise un apoio no seu desenvolvemento porque teña calquera tipo de trastorno de desenvolvemento. É un servizo esencial, ademais, que debe ser comunitario e accesible porque se trata dunha atención integral biopsicosocial que non só atende as necesidades específicas de cada neno e nena, senón tamén que atende —como xa se dixo aquí— esa socialización, fai tamén de educación familiar e debe coordinarse cos servizos sociais comunitarios.

Por iso falabamos de día da marmota, porque presentamos unha proposta de resolución no debate do estado da nación, votada en contra sen debate polo Partido Popular. Temos presentado emendas de ampliación de crédito dos orzamentos para garantir un financiamento suficiente para a Rede de atención temperá, votada en contra onte polo Partido Popular. Veremos o que fan nas emendas parciais. Porque o caso é que falamos de moi pouco investimento. Fíxense que no ano 2019 apenas nin se chega aos 2 millóns de euros para a Rede comunitaria de atención temperá, e farían falta uns 10 millóns de euros. ¿Que é iso para os orzamentos da Xunta? ¿Que é iso? Pois 10 millóns de euros, ou menos, 8 millóns de euros, como pide a moción do PSdeG, é o que nos separa da dignidade, ¡8 millóns de euros!

Pero, en fin, non só iso. A situación é surrealista, porque o Partido Popular e a propia Xunta confunden a rede comunitaria coa rede total, que inclúe os servizos específicos de hospitais e de educación, afondando nun modelo, ademais, hospitalocentrista pero obviando a importancia da Rede comunitaria para a atención temperá. Por iso, pola vía dos feitos, non admite que debe aumentar o orzamento. É máis, a Xunta non é consciente da desorganización do sistema, desa burocracia excesiva para a xustificación da subvención, que orixina —como xa foi exposto aquí— que as profesionais deste servizo especializado —digo profesionais en feminino porque son fundamentalmente mulleres— teñan que dedicar horas do seu traballo, ou fóra del, facer horas extra —como nós vimos na Pobra, e ás profesionais utilizando domingos para xustificar a subvención—, en lugar de centrar todos os seus esforzos na atención temperá.

Tampouco é consciente o PP do sistema de financiamento inestable que obriga os concellos a adiantar fondos durante meses. Acaba a subvención o 31 de outubro, ata abril ou maio non se volve tramitar a do seguinte ano e isto orixina graves disfuncións. Xa ten pasado, por poñer dous exemplos: vimos o que sucedeu coa Unidade de Atención Temperá en Burela, en Cuntis, os problemas que tivo o Concello das Pontes... E a Xunta, en lugar de admitir que debe asumir este servizo como central, coordínalo xunto coa AGAP e coa Fegamp e facer que estea presente en todo o territorio, o que fai é botar balóns fóra e botarlles a culpa aos concellos.

Pero é que ademais hai unha desorganización e descompensación da rede. Xa se dixo aquí tamén: o Salnés, cun servizo sobreesaturado, mentres que se abre outro en Antas de Ulla para moi poucos nenos e nenas. Pero é que ademais se deixa todo o sur de Lugo sen cubrir; todo o sur de Lugo non ten un servizo comunitario de atención temperá.

En fin, xa por non falar do mínimo custo por hora traballada. Estamos a falar dun servizo moi especializado e que a Xunta converte en *low cost*. Así non se pode traballar. Tampouco se pode traballar ben sen a estabilidade deses equipos, que necesitan un traballo continuado para facer seguimento de nenos e nenas.

Por iso estamos totalmente de acordo con todos os puntos da moción do PSdeG; non fixemos emenda porque recollen no esencial as que temos presentadas En Marea coas achegas que nos fixo a Asociación Galega de Atención Temperá, á que lle agradecemos que nos fixeran conscientes desta realidade, do atraso histórico que sofre o noso país a respecto deste tema. E por iso imos votar a favor, porque hai que aumentar o orzamento, hai que desenvolver a Rede, hai que desenvolver normativamente todas estas cuestións, hai que ter un software actualizado. E aquí é tremendo que a propia Asociación Galega de Atención Temperá trasladara á Xunta e á empresa Indra un software, e a Xunta non fora quen de dicir ata hai pouco tempo, ata hai un escaso mes, que se está estudando este software para ver se así reducimos a burocracia. En fin, tamén se precisa un organismo administrativo específico e, en definitiva, precísase ter en conta que este é un servizo esencial.

Estamos no Día dos Dereitos do Neno e da Nena; garántanos. Oito millóns de euros é o que os separa da dignidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Benvidos tamén os membros da Asociación Galega de Atención Temperá.

Señora Blanco, ao principio da súa intervención non sabiamos exactamente se ía vostede falar da atención temperá, un tema que parece que lle preocupa tanto, pero ao final gastou máis da metade do seu tempo falando dos traballadores da Televisión de Galicia, dos grandes resultados do Partido Socialista no concello de Vigo —por certo, dos de Ourense vostede non falou—, e tamén para atacar a Consellería de Política Social. (*Aplausos.*) Realmente demostrou vostede ao principio da súa intervención que lle preocupaba moito a atención temperá. Por certo, se cualifica vostede un acto da conselleira de Política Social de «postureo», eu, escoitando a súa intervención, tamén podería cualificar a súa moción de «moción postu-reo». Polo tanto, falemos en serio da atención temperá, que nós consideramos que é un asunto para tratar coa seriedade que merece.

Mire: hoxe, a situación do Servizo de Atención Temperá non ten absolutamente nada que ver coa situación que tiña no ano 2009. Hai nove anos non existía ningunha unidade de atención temperá financiada entre a Xunta e os concellos. Si, só funcionaban nove unidades hospitalarias a través do Sergas e outras dúas unidades xestionadas pola Asociación Galega de Atención Temperá nas comarcas do Salnés e do Deza. Esta información xa lla deu a conselleira no pleno pasado en relación coa súa interpelación.

E tamén falamos de que hai un punto de inflexión, que é o ano 2013. Nese ano a Xunta de Galicia aproba o Decreto da creación da Rede galega de atención temperá. Este decreto supuxo un cambio, un antes e un despois. Porque mire: á parte de establecer a coordinación entre o sistema sanitario, o sistema educativo e os servizos sociais implicados na protección dos menores, establece a coordinación entre todos os recursos da Xunta de Galicia, dos concellos e das entidades de iniciativa social implicadas neste asunto. Ademais, ese decreto estableceu que o ámbito municipal era o máis axeitado e o máis eficaz para a atención temperá pola súa proximidade e coñecemento da situación das persoas. Por iso, a Xunta de Galicia, no ano 2016, o que fai é lanzar unha orde pioneira para axudar os concellos a financiar as unidades de atención temperá.

Entre o ano 2016 e 2017 a Xunta puxo a disposición dos concellos 1,1 millóns de euros para poñer en marcha seis unidades de atención temperá. No ano 2018, a Xunta de Galicia incrementa a dotación desa orde de axudas aos concellos nun trece por cento para financiar o funcionamento desas seis unidades que se puxeran en marcha o ano anterior e, ademais, para poñer en marcha outras sete novas unidades de atención temperá. E hoxe, cinco anos despois da creación desa Rede galega de atención temperá, existen en Galicia dezaseis unidades que dan servizo a noventa e dous concellos, que son seis veces máis do que había no ano 2009.

Por suposto que nós consideramos que aínda queda moito por facer en relación coa atención temperá. O que non nos parece xusto é que non se recoñeza o traballo que se fixo para avanzar neste tema, non só dende a Xunta de Galicia, senón tamén dende os concellos e dende a Asociación Galega de Atención Temperá. Porque, pola súa intervención, parece ser que hai trinta e seis anos que en Galicia non se fai nada pola atención temperá.

Por certo, ¿cantas unidades de atención temperá puxeron vostedes dende a Xunta de Galicia entre o ano 2005 e 2009? Porque, segundo a conselleira, puxeron vostedes cero unidades de atención temperá en marcha. E, xa que estaban tan preocupados, poderían tamén ter aportado algo neste sentido.

Miren: nos orzamentos do ano 2019, a orde de axudas para financiar esas unidades de atención temperá dos concellos incrementábase un dezasete por cento, e a Xunta destina 1,9 millóns de euros. Con ese incremento o que se vai facer é consolidar as dezaseis unidades de atención temperá que están en funcionamento neste momento e, ademais, poñer en marcha outras cinco novas unidades. Sabemos que aínda queda moito por facer, pero tamén consideramos que é xusto que aquí se expliquen os avances que se teñen feito: hoxe, máis de trece unidades de atención temperá entre a Xunta e os concellos, que atenden noventa e dous concellos; no ano 2009 eran quince. En 2019 Galicia contará con vinte e unha unidades de atención temperá. En 2009, cero unidades de atención temperá financiadas entre a Xunta e os concellos.

O software informático do que vostedes están falando: xa llelo explicou a conselleira no pleno anterior, nas vindeiras semanas a Rede contará con esa ferramenta informática que reducirá a burocracia.

E, ademais, o Consello Autonómico de Atención Temperá ten previsto reunirse no primeiro trimestre do ano 2019, e entre as propostas que nesa reunión presentará a Consellería de

Política Social figuran a análise e revisión do estado da execución da Axenda de atención temperá e a posta en marcha do terceiro Plan de formación continua da Rede galega de atención temperá que se desenvolverá no ano 2019.

É certo que aínda queda moito por facer, pero tamén é certo que se avanzou moitísimo nos últimos anos; polo tanto, non apoiamos a súa iniciativa e, dende logo, non compartimos a súa intervención.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Quero, en primeiro lugar, agradecer o apoio ao BNG e a En Marea a esta iniciativa.

Eu non quería falar de Vilagarcía, pero se quere, como me dixo que non podíamos falar de Ourense, que non podía falar aquí... Home, non sei se hai maior sonroxo que ser a única capital de provincia de toda España cun alcalde que foi incapaz, durante o seu mandato, de aprobar uns orzamentos. *(Aplausos.)* Eu creo que iso saca as cores a calquera. Pero se quere falamos da situación política, se quere falamos tamén da situación política en Vilagarcía, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* se me deixan os deputados e as deputadas do Partido Popular, sen ningún problema.

Míre... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E non vou falar dos servizos sociais, porque hai un desmantelamento total e absoluto e xa llo teño contado outras veces.

Frivolizar non é defender os dereitos dos traballadores e das traballadoras da CRTVG e da cidadanía a ter uns medios de comunicación públicos; *(Aplausos.)* frivolizar é actuar como noutros tempos, é pasar listas negras de traballadores e traballadoras que apoian estas reivindicacións; frivolizar é dicir que se vai celebrar o Día dos Dereitos dos Nenos e das Nenas mentres hai un Goberno que nin sequera con aquelas capas máis sensibles dentro da infancia, como son os nenos con necesidades especiais, é capaz de apoiar esta iniciativa, cando vostede mesma acaba de dicir aquí que queda moito por facer. ¡Que contradición! Queda moito por facer, e inmediatamente despois dixo: non imos apoiar esta moción, non comparto a súa intervención.

Entón, o problema de todo isto, señora deputada, é un problema de falta de vontade política, é un problema de que a vostedes os servizos sociais non lles importan.

Míre: ademais vostede mentiu; mentiu porque se proxectaron e se crearon tres unidades durante o Goberno do señor Touriño: a do Deza, a do Salnés e a de Ordes. Levan trinta e un anos gobernando este país e veñen falar de tres anos e medio, catro anos onde gobernou o Bipartito. Non descubriu nada, non descubriron a Rede, leva trinta e un anos en marcha. Dos dezaseis servizos existentes, once existen dende antes do 2016. E agora vén vostede aquí contar

que cun pouquiño máis, cunha miseria máis... ¿Con canto? ¿Con trescentos mil euros van crear cinco unidades novas? ¿Que van facer? ¿Vostede cre que os orzamentos se estiran como chicle? ¿Vostede cre que se pode facer máis con menos? Xa lle temos dito que é imposible; para crear esas unidades e que non sexan *low cost* o orzamento mínimo de cada unha delas tería que ser de cento vinte e cinco mil euros, o que suporía un incremento de seiscentos mil.

E si, electoralismo na creación de unidades, porque vostede me dirá: seguramente será casualidade que, na comarca do Salnés, o Partido Socialista governe a maioría da poboación desta comarca e que teñan tres profesionais para atender douscentos cincuenta e sete nenos, e que se vaia crear unha unidade en Mondoñedo, gobernado polo Partido Popular, onde dende outubro de 2016 ao 2017 se atendeu un neno, señora deputada, ¡un neno! Así que tomadas de pelo e posturos, os xustos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación destas mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez.

Aceptáronse as dúas emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noela Blanco.

Non hai emendas.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as catro e cuarto, as 16.15.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e dezaioito minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto 4 da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de 65 anos

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada García Miguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a desenvolver no eido do persoal dos servizos sociais a aplicación do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quintero Araújo e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

«4. Desenvolver un programa de formación, dotado orzamentariamente, para a detección temperá de violencia machista para todos e todas as profesionais da rede de centros sanitarios. A formación terá en conta as especificidades da violencia machista que sofren as mulleres maiores.

5. Incluír na próxima macroenquisa que se realice sobre violencia de xénero preguntas que permitan identificar as especificidades da violencia machista que sofren as mulleres maiores».)

O señor PRESIDENTE: Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Antes de nada, quero pedir desculpas á Presidencia e á Mesa polo erro que cometeu o meu grupo parlamentario. É certo que a señora Pierres é a voceira de Igualdade, pero é máis certo aínda que o Grupo Socialista entende a loita contra a violencia de xénero como unha cuestión transversal, por iso fala a voceira de política social. *(Aplausos.)*

Ás portas do 25 de novembro, do Día internacional pola eliminación das violencias cara ás mulleres, o PSdeG trae agora a esta Cámara unha iniciativa para intentar atallar, ou mitigar, unha situación silenciada non soamente por aquelas que a sofren, senón tamén por toda a sociedade, a das mulleres que levan trinta, corenta ou cincuenta anos soportando golpes, insultos ou outro tipo de humillacións, a das nosas maiores, a das que ás veces nin o detectan, a das que todo o calan, a das que todo o perdoan.

Se calquera forma de violencia, señorías, aínda que dure semanas ou meses, xera indefensión, impotencia e mina a autoestima da muller que a padece, imaxinen por un momento, señorías, sentir ese medo cada día da túa vida, ese medo a cando escoitas a chave entrar na pechadura da túa propia casa. É a violencia machista silenciosa e relegada á intimidade, a que impón neste caso unha dobre discriminación, unha dobre invisibilización, a de xénero e a de idade. É un sufrimento que non remata nin sequera co falecemento do agresor, do maltratador, porque as viúvas tamén son vítimas en presente. Despois de corenta ou cincuenta anos sufrindo ese maltrato seguen tendo tensión postraumática, terrores nocturnos ou secuelas físicas irreparables.

É unha realidade da que non adoitamos tampouco falar nesta Cámara. Seguramente será porque xera máis alarma social cando as asasinadas son mulleres máis novas. Ten unha certa lóxica, e é debido a que as máis novas son o presente pero están formando tamén os alicerces da sociedade do futuro do noso país.

Segundo o informe de feminicidios e outros asasinatos de mulleres en España do ano 2015, as maiores de 60 anos asasinadas entre o período de 2010 a 2015, foron 175 mulleres. Se miramos a taxa de prevalencia nese período, é de 4,9 mulleres asasinadas por millón. É superior á prevalencia total, de 4,4 por millón. Na maior parte dos casos, os asasinados son as súas parellas, e en moitos son tamén os seus fillos ou incluso os seus xenros, ou ex-xenros.

Galicia, señorías, ten unha das taxas de prevalencia máis altas de toda España: 6,63 mulleres asasinadas por millón. Somos a cuarta comunidade autónoma con maior taxa, superior a esa media estatal de 4,9.

Máis aló de incluílo nalgúnhas guías, ou nalgúnhas charlas puntuais, non se tomou ata o de agora ningunha medida concreta para atallar este problema; nada específico para dar formación concreta para detectar esta violencia; nada para articular unha atención especiali-

zada; nada para axudas concretas para estas mulleres, axudas específicas para elas, contribuíndo desta maneira a manter no silencio e no esquecemento miles de galegas que levan décadas sufrindo maltrato.

Segundo os datos que figuran no Informe anual de violencia de xénero 2017, o ano pasado beneficiáronse do programa de axudas periódicas un total de 417 mulleres. Se nos preguntamos cantas foron as de máis de 60 anos que tiveron estas axudas, foron 18 soamente, señorías, pouco máis do 4 %. Axudas de pago único: de 66 mulleres, 2 mulleres, o 3 %. Na Rede galega de acollida, ¿cantas maiores de 60 anos? Foron 3, o 2,07 %.

Os datos indícanos que non é suficiente o que se está facendo, indícanos que non imos polo camiño axeitado, quizais porque, cando se tratan os temas de violencia machista, se xeneraliza e non se teñen en conta tamén as condicións concretas de cada segmento da poboación. Iso é o importante para prestar atención e desenvolver as políticas públicas máis axeitadas para facer fronte a esa violencia, e por iso nós presentamos esta iniciativa específica neste tema.

Algunhas non nacemos aínda cando estas mulleres estaban crescendo. Precisamente hoxe, que se cumpren corenta e tres anos desde a morte do ditador, hai que lembrar que a maior parte das nosas maiores se educaron no franquismo, que se educaron nun catolicismo extremo que asume que o matrimonio é para toda a vida, no que ten o deber a muller de coidar a familia, de sacrificarse polo ben dos fillos e das fillas, e de estar sempre, e pase o que pase, á beira da súa parella. Mulleres que creceron escoitando: «Non sexas desagradecida, pero se tes unha casa, pero se non che falta de nada», mentres recibían golpes no seu propio fogar. Mulleres que, cando intentaban, ou simplemente pensaban ou comunicaban a algún familiar ou amigo ou amiga que querían escapar desa situación, escoitaban: «¿Onde vas ir ti?¿Onde vas ir ti sen el?»

É por iso polo que presentan maiores dificultades para pór fin ás relacións de violencia, pola falla de detección e pola invisibilidade, pola dependencia económica, polo maior illamento social. Tamén por esa soidade, por eses roles tradicionais de xénero e, sobre todo, por ese dano producido durante décadas de maltrato, cunha vulnerabilidade que se acentúa nos casos de mulleres con discapacidade e de mulleres que viven no rural.

A dependencia económica —e quérome deter aquí un momento— é, señorías, unha das barreiras máis infranqueables entre as mulleres e a denuncia da súa parella; mulleres que traballaron toda a súa vida coidando dos seus fillos, encargándose das tarefas do fogar, mulleres que non cotizaron e que agora cobran as pensións mínimas. Non cotizaron porque no accederon ao mercado laboral ou, en moitos casos, incluso porque traballaron en empresas familiares sen estar dadas de alta na seguridade social.

Así explican as expertas na última macroenquisa de violencia de xénero, elaborada no ano 2015 polo entón Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que as mulleres denuncien menos —o 1,4 % de denuncias do total fronte ao 14 % de mulleres maiores de 65 anos asasinadas—. Piden menos axudas aos médicos e médicas, e aos psicólogos e psicólogas. Cóntano menos no seu entorno familiar e de amizades. E cando o contan, atopan moita

menos comprensión e empatía que as máis novas. Os datos dispoñibles sinalan, ademais, que estas mulleres descoñecen en gran medida os recursos para saír desa espiral de violencia.

Hoxe, dende o PSdeG, non soamente queremos poñer enriba da mesa esta realidade, senón tamén comezar a loitar contra tanto sufrimento mellorando os mecanismos para detectala nesta ratio de idade, e introducíndoa de maneira transversal en todos os servizos de atención aos maiores, enfrontando ese descoñecemento, esa desprotección, a través de protocolos adaptados ás necesidades destas mulleres. É algo que ten que ir sempre, señorías, acompañado dun maior investimento.

Esta iniciativa quere poñer en marcha a formación para todas aquelas profesionais —e refírome en feminino porque a maioría son mulleres— de atención aos maiores, para as que son profesionais de axuda a domicilio, da teleasistencia, para as que están en contacto diario cos nosos maiores e son as que mellor poden detectar estas situacións, para as residencias de maiores e centros de día, para coñecer esas alertas e actuar o máis axiña posible.

Hai recursos económicos para isto, a Xunta de Galicia ten recursos económicos para isto. Pero, ademais, o Goberno Socialista activou xa os 200 millóns de euros do Pacto de Estado para 2018 (*Aplausos.*), e dentro deses 200 millóns hai unha partida de 100 millóns de euros para as comunidades autónomas. Esta comunidade recibe 8,5 millóns de euros.

De forma excepcional, o real decreto publicado o 3 de agosto o que vai permitir é que eses fondos se executen no 2019 sen ser descontados. Hai recursos, señorías. O noso deber é apoiar estas mulleres con medidas concretas para contribuír á ruptura dese silencio tan doloroso que están soportando moitas delas, proporcionarlles un apoio eficaz que lles faga poder vivir sen medo e desfrutar con tranquilidade dos derradeiros anos da súa vida. Debémosllelo, señorías.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós o primeiro que queremos dicir é que imos votar a favor desta iniciativa. Concordamos con que estamos ante un colectivo que leva aínda máis tempo invisibilizado, un colectivo que quizais leva moitos anos sufrindo a violencia dunha maneira máis persoal, máis silenciosa. O rol de xénero atravesa o conxunto da sociedade, e, de feito, moitas veces temos falado sobre actuacións específicas para a mocidade, porque é preocupante que os mozos e mozas perpetúen estes roles. Pero é verdade que falamos menos veces de como viven esta situación as mulleres maiores, mulleres que moitas delas teñen un nivel de dependencia económica moi importante. Como mencionou a voceira do Partido Socialista, moitas mulleres traballaron toda a súa vida, durante moitos anos, de maneira gratuíta no fogar, e obviamente esas mulleres teñen máis dificultades para rachar coa violencia. ¡Cantas mulleres

levan moitos anos soportando o maltrato en silencio! ¡Cantas mulleres que non poden ou teñen os recursos suficientes para poder ter unha vida con independencia económica!

E, como dicía tamén a voceira do Partido Socialista, os datos evidencian que non estamos chegando a este sector tan importante da poboación, que os recursos hai que socializalos máis. Moitas veces temos falado sobre o rural e as dificultades que hai de acceso a un determinado tipo de recursos no rural. Existen eses problemas, temos que mellorar a accesibilidade para que, independentemente da zona do territorio no que estás, poidas acceder a todos os recursos, e para que todas as mulleres, independentemente de se viven na cidade ou se viven nun pobo, poidan acceder a recursos como os CIM ou como as casas de acollida.

Cremos que esta iniciativa tamén axuda a saír un pouco do silencio que leva tanto tempo instalado nestas mulleres. Poucas veces se fala da situación de tantas mulleres que leván moitos anos de maltrato en silencio sen que haxa as axudas necesarias para que poidan saír dese círculo.

Nós concordamos coa iniciativa, que centra as propostas en materia de formación, especificamente nos ámbitos das persoas que traballan nas residencias, das persoas que traballan nos centros de día, ou tamén das que coidan nos fogares, por exemplo, a través da teleasistencia. Parécenos que é fundamental, porque tamén é verdade que creo que debemos facer autocrítica. Moitas veces falamos da necesidade de formación en violencias machistas no ámbito xudicial, que é fundamental, no ámbito das forzas e corpos de seguridade do Estado, pero a verdade é que outras veces esquecemos quizais esta pata. Eu teño mencionado en moitas ocasións, nos debates que temos na Comisión de Igualdade, a importancia de actuar tamén dende o ámbito sanitario. Os protocolos que existen non son coñecidos, e en moitos sitios non existen os protocolos necesarios. Por iso, nese sentido, nós concordamos en que as residencias, os centros de día e os propios fogares das traballadoras que realizan a atención a domicilio son un eido fundamental para detectar e para poder axudar a romper con esas violencias machistas, pero engadimos na nosa emenda un apartado máis, que son os centros sanitarios, porque sabemos que non é suficiente, que non existen, que moitos profesionais non coñecen eses protocolos para romper, para detectar a violencia machista.

E outra das nosas emendas vai xustamente porque, como dicía, moitas veces temos en conta o tema da mocidade. Cando falemos da macroenquisa que se vai levar a adiante, tamén queremos incluír propostas específicas para estas mulleres, porque, como tamén digo sempre, se non coñecemos a realidade de maneira concreta, cuantitativa e cualitativamente, non imos poder actuar para mellorar a situación destas mulleres.

Entón, neste sentido, a outra parte da nosa emenda vai encamiñada a que nesta macroenquisa que o Goberno galego ten previsto facer tamén inclúa a avaliación específica para poder coñecer mellor, porque moitas veces fáltannos datos, fáltanos coñecer como está a situación. Hoxe, no debate da comparecencia de Rueda, eu creo que chegamos a ese acordo. Hai que facer unha macroenquisa galega contra as violencias machistas, hai moitos anos que non se fai unha macroenquisa destas características, e necesitamos tamén que esa macroenquisa sexa o máis útil posible.

Hoxe esta iniciativa pon enriba da mesa un sector concreto, un sector específico. Nós concordamos en que hai que abordar tamén as violencias machistas desde esas particularidades. É estrutural, aféctanos a todas as mulleres. Pero tamén temos que entender como podemos ser máis útiles para chegar a todos os sectores, e nese sentido, como dicía, nós presentamos esta emenda, pero imos votar favorablemente, e agardamos e cremos que é unha proposición non de lei que pode ser asumida por todos os grupos parlamentarios, e agardamos que este sexa o primeiro acordo de moitos, como sempre dicimos, en materia de violencias.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Ola, boas tardes.

Sorpréndeme a intervención da señora Blanco, porque dicía ao inicio da súa intervención que a Xunta de Galicia non fai nada, que non hai orzamentos, que non hai formación.

Mire, nada é o que está a facer este grupo parlamentario agora mesmo en materia de igualdade, porque a súa iniciativa, a iniciativa que presenta, non é súa realmente; é unha iniciativa que se debateu na Comisión da Muller do 12 de marzo, e así aparece reflectido no *Diario de Sesións* da Asemblea de Madrid, na Comunidade de Madrid, e, ademais, é unha iniciativa do Grupo de Ciudadanos, co cal nada e o que fai o Partido Socialista nesta Cámara, en materia de igualdade, é todo un, co cal a crítica á Xunta de Galicia creo que neste eido está de máis, co cal fan un copia e pega literal da proposición non de lei de Ciudadanos —repito— do 12 de marzo. Piden exactamente o mesmo: formación e orzamento para a detección temperá da violencia machista para os auxiliares de axuda a domicilio, formación e orzamento para a detección temperá da violencia machista na rede de residencias públicas de maiores, e solicitan elaborar un programa específico para a detección e intervención nos centros de maiores e centros de día —ben, vostedes non, outro grupo parlamentario noutra cidade, outra comunidade autónoma—.

Como dicían Os Resentidos na súa canción, Galicia é un «sitio distinto», e, dende logo, en materia de igualdade, moi por riba de moitas comunidades autónomas, e debemos ter a cabeza ben erguida.

Miren, con respecto á formación, na Comunidade de Madrid teñen un plan de formación con accións formativas específicas para a detección precoz, pero en Galicia somos a primeira comunidade autónoma de España que está recollido por lei que toda a Administración pública ten formación para a prevención de loita contra a violencia de xénero e en materia de igualdade, co Decreto 70/2017, do 13 de xullo, que supoño que todos e todas coñecerán.

E tamén o xeito de facer da nosa comunidade autónoma é diferente. A Estratexia madrileña contra a violencia de xénero 2016-2021 ten un orzamento asinado de 272 millóns de euros. Na nosa comunidade autónoma aprobamos o pasado ano o VII Plan estratéxico de igualdade

de oportunidades 2017-2020, cun orzamento de 392 millóns de euros. Como ben se pode extraer da cifra, temos 120 millóns de euros máis para preto de catro millóns de persoas menos. Clarísimo, señorías, que Galicia non é Madrid e que estamos nun «sitio distinto».

Ademais deste copia e pega, no seu texto fala de que existen numerosas iniciativas que xa se están impulsando no noso país e máis aló das nosas fronteiras. E fala dun programa específico, Stop View, contra a violencia nas mulleres maiores, un proxecto dunha organización afín ao Partido Socialista, que é a Unión de Asociacións Familiares, vinculado a un enorme grupo de entidades como Mulleres Progresistas, a Fundación Mulleres e a Asociación de Mulleres Separadas e Divorciadas.

Este maravilloso estudo é un estudo do ano 2011, publicado no ano 2013 e con datos do Imerso de 2004. Eu pídolle, por favor, que actualicen os datos e que, cando queiran traer investigacións interesantes para os seus antecedentes nas proposicións non de lei, poidan aportar algo de cara a 2018, que é o ano onde estamos —e non no ano 2011—.

O traballo do Partido Socialista —resúmeo esta proposición non de lei— é mediocre, manipulador e rancio, porque plaxia, porque copia e porque empregan datos caducos de organizacións afíns.

Dende logo, dende o Grupo Popular, presentamos unha emenda e imos votar que si á formación en igualdade para todo o sector público da Administración galega, para o persoal docente, para o persoal estatutario do Sergas; imos votar que si para toda a formación para todo o persoal da Xustiza de Galicia e para o corpo de Policía de Galicia; e imos votar que si ao VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, onde aparece a especificidade na formación para os corpos directivos, para o persoal de novo ingreso e para os equipos. E, por suposto, imos votar que si a máis de 59 millóns de euros que está neste plan de igualdade, onde se integra o principio de igualdade nas políticas e accións do Goberno da Xunta de Galicia.

En definitiva, señorías, imos votar que si a traballar arreo contra a violencia de xénero, como sempre o fai o Partido Popular. Non esquezan que os orzamentos do Pacto de Estado que se están poñendo en vigor son os orzamentos do Partido Popular.

E por iso e por todo o demais, o Goberno de Galicia é pioneiro, innovador e vangardista en moitos eidos, na formación tamén, porque hai formación para as mulleres maiores, para as mulleres xoves, pero en todos os eidos, en educación, en sanidade, para a atención na axuda a domicilio, nas universidades, e para todo o persoal sanitario e en todos os ámbitos.

Dende logo, xa para rematar, non imos apoiar o seu texto, porque a súa proposición non de lei é un si contra a violencia machista, pero para todas as mulleres de todas as idades, para os maiores e para as xoves. O noso non ao seu texto é un si ás mulleres rurais, ás mulleres do mar, ás mulleres inmigrantes, ás empresarias, ás desempregadas, aos colectivos LGTBI e, por suposto, á diversidade, porque cabemos todos contra a violencia. E o noso non ao seu texto é un si ao traballo de toda a sociedade galega contra a violencia machista, é un traballo de todos e todas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Eu, así a modo de introdución, creo que, se hai algo que temos que agradecerlle ao Goberno do señor Pedro Sánchez, é que o Partido Popular aquí en Galiza está a punto de abrazar o dereito á autodeterminación deste país (*Aplausos.*), e saben que aí vannos atopar ao BNG sempre.

Por suposto, Galiza, «sitio distinto». Imos por partes. Eu creo que aquí se dixo algo alén de desafortunado —eu creo que a deputada do Partido Popular podería meditalo desde o seu escano agora—: que votar esta iniciativa é un si á violencia machista para todas as mulleres de todas as idades. Eu creo que non estaba vostede pensando o que dixo e creo que pode meditalo agora desde aí.

Nós, desde o BNG, imos apoiar esta iniciativa que presenta o Partido Socialista. Poñen o foco nun colectivo concreto, nas mulleres maiores de 65 anos, que son no noso país — efectivamente, Galiza, «sitio distinto» — unha parte importantísima da nosa poboación, nomeadamente en moitas localidades e en moitas comarcas do noso país. Compoñen unha parte fundamental da estrutural piramidal do noso país, e debe, polo tanto, centrar a nosa atención en todos os ámbitos con carácter transversal e integral, e tamén, por suposto, na loita e no combate á violencia machista.

E, despois, o que se pon de manifesto ou onde queren centrar tamén desde o PSdeG a iniciativa é na formación do conxunto de profesionais que traballan neste ámbito en política social. E aquí comezabamos a sesión plenaria con esa comparecencia do vicepresidente da Xunta, do conselleiro Rueda, e poñiamos todas as forzas políticas —a miña compañeira Noa Presas tamén— o foco na vangarda que resulta Galiza en materia de prevención e loita contra a violencia machista desde hai practicamente máis dunha década. E precisamente nesa lei do ano 2007, nesa Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, hai un capítulo, o capítulo II, que é integramente dirixido ao plano da investigación e ao plano da formación da totalidade das profesionais e dos profesionais que traballan directa ou indirectamente en mulleres que se poidan atopar en situación de violencia machista.

Dicíao a señora Presas, a miña compañeira, pola mañá: é un dos ámbitos, un dos aspectos menos desenvolvidos na última década desa lei. E eu quixera aquí facer unha matización a respecto do que dicía a deputada, a portavoz neste caso, do Partido Popular, porque vostedes centran a súa emenda no Decreto 70/2017, que vai dirixido á formación do profesional público, do persoal público. Pero é que en materia de servizos sociais hai moitísimas traballadoras e traballadores que son do ámbito privado, ou ben porque traballan desde servizos

externalizados ou directamente residencias, centros de día ou calquera outro tipo de atención dirixida á poboación dependente, ou ás mulleres de máis de 65 anos, que son parte da propiedade, de empresas privadas —xa me sae aí o subconsciente—, que fan parte dos cadros de persoal de empresas privadas. E, polo tanto, temos que ter esa visión desde o ámbito público de formación de todo o persoal, sexa do ámbito público como tamén do ámbito privado.

É un exemplo precisamente ese decreto de formación do persoal público do lento que vai o desenvolvemento da propia lei, porque a lei é do ano 2007, ese decreto é do ano 2017, e, como ben referenciaba vostede, señora Míguez, onde se dirixiu ou onde se enfocou a formación do persoal público foi no persoal estatutario do Sergas, no persoal funcionario de Xustiza, todo con moitos matices —xa teremos oportunidade tamén de falar máis de vagar disto—, na Policía Autonómica e tamén no persoal docente. Quedan fóra todas esas persoas que traballan onde quere poñer o foco hoxe a iniciativa do PSdeG-PSOE, que vai centrada nas mulleres de máis de 65 anos e principalmente esa poboación dependente.

Falábase aquí do ámbito sanitario. Tamén temos a mostra de que aquí o que se fixo practicamente foi o que quedou feito desde o ano 2007, 2008 e 2009. Hai unha guía de detección e de intervención en casos de violencia machista desde o ámbito da sanidade pública e, sobre todo, desde o ámbito da atención primaria que quedou feito cando era secretaria xeral de Igualdade a compañeira Carme Adán, e que non volveu nin ser revisado nin ser analizado, nin ser abordado, para introducir as modificacións que correspondesen.

E, simplemente —insisto en que imos apoiar esta iniciativa tal e como foi presentada—, un matiz, porque vostede dicía que se se traía isto desde outra latitude, outra comunidade, outra formación política, e a min pois refrescoume vostede a memoria, señora Míguez, e véuseme á cabeza *díxolle o pote ao caso*, porque hai precisamente un ano, con motivo do 25 de novembro do ano pasado, o Partido Popular traía unha iniciativa cortada e pegada do protocolo da Fegamp. Así que creo que non era o máis oportuno que vostede dixese iso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

É que aínda estou un pouco impactada; desculpen, señorías. (*Murmurios.*)

Se me deixan falar, por favor. Grazas.

Respecto á emenda de En Marea, ímola aceptar porque é certo que eses datos na macroenquisa sería interesante dispoñer deles, posto que nin sequera no ámbito da violencia machista a nivel estatal hai datos concretos. Tamén as actuacións nos servizos médicos consideramos que son importantísimas porque as persoas maiores acoden moito a estes servizos.

Ben, hoxe dicíanos o señor Rueda que fixeramos aportacións e propostas. Eu escribino tal cal. Cando facemos unha aportación e unha proposta insúltanos. Chamounos mediocres, manipuladores e rancios por tomar unha proposta —que se equivocou vostede—, efectivamente, das miñas compañeiras da Asemblea de Murcia, do Partido Socialista. E hai que ter a suficiente humildade, señora García Míguez, para, cando noutras latitudes —como dixo a señora Rodil— se están facendo cousas ben, mirarse nese espello —como dicía o outro día un deputado do Partido Popular— e copiar de quen o está facendo ben. (*Aplausos.*)

Ademais diso, vostede veu aquí —que xa se me puxeron os pelos de punta— mencionando Os Resentidos. E é que vostede hoxe soou moito máis a un *La vida sigue igual*, de Julio Iglesias, que a un *Galicia, sitio distinto*, dos Resentidos. Porque «sitio distinto» só pode selo polo seu discurso, porque o que non dixo vostede é que o Partido Popular apoiou esta iniciativa tanto na Asemblea de Murcia como na Asemblea de Madrid. ¿Por que? Porque alí non teñen maioría absoluta, porque alí non teñen rodillo, (*Aplausos.*) porque alí non se poden permitir a soberbia que vostede e o seu grupo tiveron hoxe para tratar un tema tan serio, señora García Míguez, como este.

E, encima, presentan unha emenda... Eu fixen a miña intervención dicindo que se invisibilizaba as mulleres maiores de sesenta e cinco anos. Pois o Partido Popular, ás portas do 25 de novembro, presenta unha emenda, unha iniciativa moi básica —hai que dicilo así—, que non pedía grandes cousas —simplemente empezar a incidir neste tema—, invisibilizando as mulleres maiores, porque en ningún momento fala delas. Invisibilizando a realidade da política social deste país, un país onde, nos últimos anos, o Goberno do señor Feijóo non creou nin unha soa praza de xestión pública en residencias de maiores. ¿Quen forma as persoas que están atendendo os nosos maiores en residencias privadas con prazas concertadas pola Xunta de Galicia? (*Aplausos.*) ¿Quen as forma a elas, señora García Míguez? ¡Unha guía de actuación! (*A señora Blanco Rodríguez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) (*Murmurios.*) Isto é o que hai: unha guía de actuación da Xunta de Galicia do ano 2011 que, por certo, estivo nun caixón (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —a min gustárame que a señora deputada do Partido Popular me deixe rematar, señor presidente—; unha guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores. Esta guía estivo tres anos, señorías —¡tres anos!—, metida nun caixón, ata o ano 2011, cando se sacou porque houbo un caso moi mediático dun asasinato dunha muller. Unha guía que non só contempla o caso do maltrato ás mulleres maiores, senón todos os tipos de maltrato ás persoas de máis de sesenta anos. Unha guía que, ¿saben quen a fixo? Fíxoa ese malo malísimo Bipartito cando estivo gobernando esta comunidade autónoma. (*Aplausos.*) Isto é o único. Non hai nin un só recurso público para atender as nosas maiores.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Señora García Míguez, non merecían as mulleres que están soas agora mesmo, onte e cando nós estabamos nacendo, que vostede fixera esta intervención.

E unha reflexión para o Grupo Popular: mentres vostedes sigan votando en contra destas iniciativas, seguirá habendo mulleres que sintan medo cando as súas parellas metan a chave na cerradura das súas casas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a existencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do propio grupo propoñente, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a implantar e aplicar todas as medidas normativas e regulamentarias pertinentes para que, a partir do seguinte curso escolar 19-20, todos aqueles centros educativos que decidan que o alumnado leve uniforme escolar, non obriguen a un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos, contemplando en todo caso a opción de que as alumnas poidan elixir acudir ao centro educativo con pantalón.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de supresión.

Suprimir na parte resolutiva o seguinte: «18-19».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado César Fernández Gil, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno de Galicia:

1.- A lembrar aos centros educativos a importancia de incluír normas sobre a vestimenta nas aulas, que deben aprobar os consellos escolares, co fin de regular que o seu uso polo alumnado non atente contra a súa dignidade, non supoña una discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa

saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.

2.- A trasladar ao Goberno central a necesidade de afrontar unha regulación en materia de vestimenta nos centros educativos, coa implicación dos consellos escolares, coa que se garanta a non discriminación por razón de sexo, tal e como acordou a Comisión de Igualdade do Congreso en setembro de 2017.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Hoxe, na semana do 25 de novembro, Día Mundial contra as Violencias Machistas, dende En Marea queremos poñer o foco, novamente, na escola, como o espazo fundamental no que traballar pola sociedade feminista que queremos e precisamos. Son varias as iniciativas que xa trouxemos nesta materia, e agardamos que sexamos quen de sacar algunha adiante.

Unha trincheira que —como temos dito en numerosas ocasións— consideramos fundamental contra o machismo, na que cada día ir dando pasos pola igualdade. Un espazo no que —temos que insistir— todos os esforzos son poucos para mellorar a vida das que están e das que veñen. Precisamente porque a escola é un espazo no que, no día de hoxe, se seguen perpetuando e transmitindo roles de xénero en virtude dos que as nenas de hoxe —as mulleres de mañá— aprenden a modelar comportamentos, desexos e actitudes. Para elas, o que se di que é de nenas; para eles, o que se di que é de nenos; o fútbol para eles, a danza para elas; os coches para eles, as bonecas para elas; a forza para eles, a delicadeza para elas; a ciencia para elas, as letras para elas; e tamén, por suposto, o pantalón para eles e a saia para elas. Chámase división de roles e, por suposto, chámase machismo. Non é igualdade e, dende logo, non é unha decisión libre.

Porén, esta división de roles tradicional está chocando cunha sociedade que pide cambios a ritmo acelerado. Lembremos que este foi o ano do grandísimo 8 de marzo, foi o ano do «yo sí te creo», foi o ano do «me too». O ano no que se fixo evidente que a revolución feminista está en marcha, que hai miles de mulleres aí fóra dicindo: abonda xa, abonda xa de desigualdade, abonda xa de machismo, abonda xa de chamarlle democracia se non é con nosoutras, abonda xa de chamarlles dereitos se non son para todas. E as que estamos aquí temos a obriga de traer as súas reivindicacións e apostar decididamente por unha sociedade inclusiva para todas.

Doutra banda, a lexislación, paseniño, avanza. Así, a Resolución do Parlamento Europeo, do 12 de marzo de 2013, sobre a eliminación dos estereotipos de xénero na Unión Europea, desagraa numerosas consideracións, peticións e recomendacións en materia de lexislación para a adopción de medidas específicas en diferentes ámbitos —político, económico, laboral...—, facendo especial fincapé na esfera educativa e na infancia, ao entender que —cito textualmente— «os nenos se enfrontan a estereotipos de xénero a idades moi temperás, que inflúen na súa percepción de como deben comportarse homes e mulleres e que teñen repercusións durante toda a súa vida e sobre as súas aspiracións futuras». Así, na devandita

resolución insítese na importancia de promover a igualdade entre mulleres e homes dende unha idade temperá para loitar de maneira eficaz contra os estereotipos, e considera que deben eliminarse todas as formas directas e indirectas de discriminación por motivos de xénero a fin de garantir o dereito das mulleres á igualdade de trato.

Nesta liña, os uniformes escolares diferenciados por sexo están a ser obxecto de crítica crecente en diversos estados europeos por considerarse determinantes para manter os estereotipos de xénero na escola. Existe un claro vínculo entre a saia ou o vestido e o estereotipo dunha feminidade tradicional, na que resultaría impropia a vestimenta catalogada de masculina, como son os pantalóns. Desta forma, a segregación de roles comeza co uniforme escolar e coa imposibilidade de que as nenas poidan escoller se acudir con pantalón. Isto afecta a inmensa maioría dos centros educativos que imponen o uso de uniforme durante toda a súa escolarización, dende os tres ata os dezaseis, ou mesmo os dezaioito anos.

É un debate que —como dicía— está emerxendo en numerosos países do noso contorno e mesmo no noso Estado, en diferentes territorios. De feito, no inicio do pasado curso, numerosas institucións escolares públicas do Reino Unido eliminaron a referencia sexual nos códigos de vestimenta, de forma que se dá liberdade a cada nena e neno á hora de escoller como queren vestir para acudir ao colexio.

Precisamente, a Sentenza do Tribunal Supremo, do 19 de abril de 2011, considerou contraria ao principio de non discriminación por razón de sexo, que se contén no artigo 14 da Constitución española, a práctica habitual na sanidade privada pola cal as auxiliares e enfermeiras se vían obrigadas a vestir un uniforme consistente en cofia, mandil con peto, saia e medias, sen posibilidade de elixir unha vestimenta sanitaria de pantalón e camisa que empregaban os seus equivalentes homes e que si é de uso común na sanidade pública. É dicir, o Tribunal Supremo determinou que obrigar a que as mulleres levaran saia no traballo era contrario ao principio de non discriminación, contrario ao dereito constitucional, e acabou obrigando a que moitas empresas privadas tiveran que mudar as súas normas de vestiario.

A pregunta é clara: ¿por que nas empresas non e nas escolas si? ¿Acaso non é unha contradición, á luz desta sentenza, o feito de que case a totalidade dos centros educativos decida que o alumnado leve uniforme escolar e manteña de forma obrigatoria un código de vestimenta diferenciado por sexo entre nenas e nenos? ¿Non podería incorrer en vulneración das garantías constitucionais, ademais de fomentar os estereotipos de xénero contrarios á igualdade efectiva entre mulleres e homes, tal e como detalla a resolución do Parlamento Europeo xa citada? Dende En Marea pensamos que si, e que as nenas e as mulleres que iniciaron este debate en numerosos escenarios merecen e precisan o noso respecto e apoio.

Pero sigamos coas leis, porque ademais da citada Constitución española, a propia lexislación actual educativa en materia de igualdade, mesmo o propio Estatuto de autonomía de Galicia, poñen de manifesto diversas premisas legais que deben asegurar a igualdade de trato e non discriminación entre alumnas e alumnos no ámbito educativo. Así, por exemplo, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe entre os seus fins o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na non discriminación e a igualdade de dereitos e

oportunidades entre homes e mulleres, contemplando, así mesmo, entre as funcións da Inspección Educativa, a de velar polo cumprimento e a aplicación dos principios e valores destinados a fomentar a igualdade real entre homes e mulleres.

Pola súa banda, na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os seus artigos 23 e 24 indican, respectivamente, que o sistema educativo incluírá dentro dos seus principios de calidade a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre uns e outros, e que as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa nos obxectivos e nas actuacións educativas do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes. Para nós é evidente que a eliminación destes obstáculos debe pasar tamén pola eliminación da vestimenta diferenciada.

Finalmente, o Estatuto de autonomía de Galicia inclúe que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Na mesma liña, a Lei de igualdade de Galicia, no artigo 18, establece que non se admitirán no centro docente as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada dos papeis entre os sexos e dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

É dicir, o marco legislativo é claro. Hai marco legislativo máis que suficiente para poñer en marcha unha iniciativa como a que traemos hoxe a este parlamento. Non podemos obviar que o uso da saia... *(Murmurios.)* Señor presidente, é que non paran un segundo.

O señor PRESIDENTE: Si, ten vostede razón. Entón, silencio porque se escoita moito aquí. *(Murmurios.)* ¡É que se escoita moito! Escóitase moito aquí e molesta, á deputada moléstalle. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teñen que entendelo, se lle molesta... *(Balbordo.)* Por favor, silencio, é que se escoita moito aquí. *(Balbordo.)* ¡Poñan a man diante para falar! *(Balbordo.)*

A señora CHAO PÉREZ: E aínda encima teñen máis que dicir, entre risitas e comentarios. ¡É alucinante! *(Murmurios.)*

Non podemos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Sánchez, xa está. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! Prosiga, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Non podemos obviar que o uso da saia condiciona de forma evidente a liberdade de movemento das nenas, o que está directamente relacionado en moitos casos co abandono de xogos en horas de recreo —como o fútbol, o baloncesto, as carreiras, etc.—

e de calquera outra actividade dificilmente compatible cunha peza que, ao menor movemento, as limita, incluíndo o feito de deixar ao aire a súa roupa interior, o que provoca risos e comentarios entre os seus compañeiros. O que está no fondo é —como di a presidenta da asociación Gafas Lilas— que o que pesa a beleza, a finura e a feminidade está por encima da igualdade. Estamos a ensinar ás nosas fillas nos colexios a ser guapas antes que felices, e iso está tan profundamente enraizado na sociedade, nos nosos corpos e nas nosas mentes que vai ser moi difícil de superar.

Dende En Marea queremos nenas felices, si, que xoguen nos patios, corran, dean chimpos; nenas felices que aprendan a ser mulleres libres, donas de si. Por iso presentamos esta proposición non de lei na que instamos o Goberno galego a implementar e a aplicar todas as medidas normativas regulamentarias pertinentes para que, a partir do seguinte curso escolar, todos aqueles centros educativos que decidan que o alumnado leve uniforme escolar non obriguen a un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos, contemplando, en todo caso, a opción de que as nenas poidan elixir acudir ao centro educativo con pantalón.

É dicir, estamos poñendo sobre a mesa unha iniciativa de mínimos, toda vez que a nosa postura sería claramente a do uniforme único, posto que somos conscientes da ilusión que supón falar de elección libre nunha sociedade machista; porque somos conscientes do difícil que sería para as nenas opoñerse á presión grupal.

Coñecemos casos como o de Sina, unha nena de 8 anos que puxo este asunto nos medios de comunicación cando un día decidiu gardar a saia no armario por considerar inxusto ter que ir ao cole con saia e non con pantalón. Non todas as nenas son Sina, non todas as nenas teñen a mesma fortaleza e valentía suficiente para contradicir as normas. Pero en busca do consenso, coa pretensión firme de ser quen hoxe de dar un pequeno paso polas nosas fillas, fixemos unha iniciativa máis flexible.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Teñen, señorías, a ocasión de posicionarse. Nós pedímoslles que o fagan coa igualdade e cos dereitos de todas; pasos pequenos pero firmes.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Unha reflexión previa, porque ademais é algo que sempre que temos oportunidade de dicilo, dicímolo. Creo que esta é, de novo, unha boa oportunidade.

Se algo queremos avanzar en promover a igualdade real e efectiva nos centros de ensino do noso país, o primeiro é acabar co financiamento público dos centros que segregan o alumnado por aulas. Ese debería ser o primeiro punto, case condición *sine qua non*, para poder seguir avanzando neste debate. Porque nun país que con fondos públicos segue mantendo mulleres e homes separados nas aulas, creo que até dentro dese marco, dentro dese contexto, a iniciativa que presenta hoxe En Marea ata parece demasiado pedir.

Nós, desde o BNG, imos apoiar esta iniciativa. Presentamos unha emenda apenas para suprimir a referencia que se facía, en concreto, a un curso escolar que está agora en andamento. Xa recollen na súa autoemenda, ademais, o próximo curso, 2019-2020, e a nós parécenos ben.

Dicía que imos apoiar esta iniciativa, e, alén do que xa expuxo a señora Chao, eu engadiría unha cuestión máis, que é ir superando tamén o binarismo no que ten que ver coa vestimenta en xeral, máis alá dos uniformes dos centros escolares.

E a respecto do que ten que ver estritamente cos uniformes escolares, maioritariamente —case me atrevería a dicir que no noso país en exclusiva— naqueles centros privado-concertados, no texto refundido en materia de igualdade do ano 2015, no artigo 18 —xa o dicía a señora Chao tamén— da Lei de igualdade do ano 2004, que aparece recollido expresamente no primeiro plan de igualdade no ámbito educativo aprobado pola Xunta de Galiza no ano 2016, eu creo que fai expresamente referencia á cuestión exacta que está detrás do mantemento non só dos uniformes escolares, senón desa asignación ou distribución sexual das prendas que o compoñen entre as mulleres e os homes. E hai un elemento central que é sobre o que se sostén ou se pretende soste, aínda en pleno século XXI, no ano 2018, esa distribución ou esa asignación de roles de xénero e tamén o seu correlato nas prendas de vestir, que son esas tradicións ou prácticas consuetudinarias, eses costumes, iso que levamos arrastrando xeración tras xeración e que parece... (*Murmurios.*) (*Soa unha campaña.*)

O señor PRESIDENTE: Hai moito ruído, demasiado ruído. Comprendo que a quen estea no uso da palabra lle ten que molestar, sexa do grupo que sexa. ¡Hai demasiado ruído! Dígoos en xeral para todo o mundo. Demasiado ruído. A ver se, por favor, podemos ir con máis... porque molesta ao que está aquí. ¡Moléstame a min e non estou falando...!

Cando queira, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Dicía que ese artigo 18 da Lei de igualdade de 2004 vai á raíz da teoría sobre a que se pretende soste ou coa que se pretende xustificar a pervivencia desa distribución das prendas e dos uniformes escolares por razón de sexo. Son esas tradicións ou esas prácticas consuetudinarias —é o que di o texto legal—, eses costumes, que son transmisores e van reproducindo, xeración tras xeración, unha distribución estereotipada dos papeis entre mulleres e homes.

Pero é que ademais diso, se se me permite... —se se me permite non, que o vou facer igual— en referencia á emenda que presenta... —estou no exercicio da palabra e fago o que quero,

¿non?— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En referencia á emenda que presenta o Partido Popular, na Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista do ano 2007, que de novo nos sitúa á vangarda non só do conxunto do Estado español, senón de moitos países da Unión Europea, no artigo 22 sinálase expresamente a responsabilidade que ten a Xunta de Galiza para garantir que os consellos escolares dos centros impulsen medidas dirixidas, tendentes, a promover a igualdade no ámbito educativo. Insisto en que facemos esta mención expresa precisamente ao fío desa emenda que presenta o Partido Popular, que semella derivar nos consellos escolares case por enteiro a capacidade de decisión, cando a Xunta de Galiza e o Goberno galego, de acordo tamén coa lexislación da que nos temos dotado e que hai máis dunha década que se ten aprobado, sitúa en mans do Goberno galego tamén a capacidade de promover e impulsar medidas dirixidas a rachar con estereotipos de xénero tamén no que ten que ver coa vestimenta.

No fundamental —insisto—, a asignación desa saia para elas e dese pantalón para eles preténdese sustentar sobre eses costumes, esas tradicións, mesmo escoitamos non hai moito tempo argumentos dunha pretensa ou suposta liberdade de escolla para as persoas que levan o uniforme.

Nese sentido, si que nos sorprendía ao BNG cando limos a segunda parte da emenda do Partido Popular, que instaba o Goberno español a lexislar. E sorpréndenos nun primeiro termo porque temos capacidade. Di o Estatuto do ano 1981 —non é nada revolucionario nin separatista— que Galicia ten competencias plenas e capacidade plena para regular e administrar o ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, evidentemente, sempre no marco das súas competencias. E, nese sentido, hai que lembrar —falaba a señora Chao do Reino Unido— que temos aquí tamén o caso de Euskadi, que no ano 2016, no mes de novembro, xa dirixía unha recomendación aos centros privado-concertados para que permitisen a libre escolla do uniforme: polo tanto, levar pantalóns no caso das mulleres.

En segundo, porque se apela a un acordo no Congreso. Eu buscaba o Diario de Sesións da Comisión de Igualdade e foi o PP a única forza política que votou en contra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—xa remato— desa iniciativa, presentada naquel momento por Unidos-Podemos. Tamén é verdade que estabamos falando do ano 2017, en que era o señor Mariano Rajoy o inquilino da Moncloa. E ademais era esa forza política, era o Partido Popular, quen apelaba a unha suposta liberdade de escolla que non é tal, na medida en que xa se asignan as saias para elas e os pantalóns para eles.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

En primeiro lugar, gustaríame comezar a intervención —e creo que é necesario— sinalando que no Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia consideramos que os profesionais docentes do sistema educativo galego son persoas responsables e comprometidas coa igualdade de xénero, porque escoitándoas a vostedes, escoitando afirmacións como que estamos a ensinar aos nosos fillos nos colexios a ser guapas antes que felices, danos que pensar que vostedes están cuestionando a profesionalidade dos profesionais docentes do sistema educativo galego.

Aquí volvemos unha e outra vez ao conto de sempre. Subímonos aquí e dicimos o primeiro que nos vén á cabeza, sen ter en conta que en ocasións as argumentacións que se esgrimen poden resultar ofensivas. ¡Oian!, podemos estar de acordo en moitas cuestións das que se falan, pero eu creo que vostedes tamén teñen que ter certa moderación á hora de expoñer os seus argumentos porque, repito, existe unha comunidade de profesionais no ensino galego comprometidos coa defensa a igualdade e co cumprimento das leis, e, escoitándoas a vostedes, calquera persoa de fóra de Galicia que non coñecese a realidade do noso sistema educativo pensaría que estamos vivindo nunha sociedade totalmente distorsionada, na que existe unha discriminación por razón de xénero brutal, na que se afoga á feminidade... Non sei, case non teño apelativos para pensar como sería esa sociedade que vostedes queren trasladar.

Miren, nós —como ben dicían— presentamos unha emenda. Presentamos unha emenda porque entendemos que hai que poñer as cuestións nos seus xustos termos. Vostedes falan sobre a necesidade de eliminar estereotipos de xénero, e estamos de acordo; falan sobre a necesidade de camiñar e avanzar cara á igualdade, e estamos totalmente de acordo niso tamén; pero hai que ter tamén presentes outros aspectos que están recollidos no marco lexislativo vixente e que nós consideramos que non lles hai que dar a espalda.

Por exemplo, ¿cantas veces nesta Cámara falamos sobre a necesidade ou a importancia da participación da comunidade educativa na toma de decisións en todo o que ten que ver coa organización e funcionamento dos centros educativos? En múltiples ocasións. Estou seguro de que ademais, se repasamos o *Diario de Sesións*, vostedes trouxeron moitísimas iniciativas nas que pide precisamente maior implicación ou que se lle dea maior voz a toda a comunidade educativa dentro da toma de decisións da organización dos centros. En Galicia, afortunadamente, temos unha ferramenta lexislativa, temos unha lei, que é a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que regula precisamente cal é o grao de participación da comunidade educativa na toma de decisións para a organización dos centros educativos en Galicia. E nese caso non é que queiramos —como dicía a señora Rodil— derivar a responsabilidade por enteiro nos consellos escolares. Non, non, ¡nin moito menos! Pero si entendemos que os consellos escolares e a comunidade educativa, en cuestións concretas sobre a organización do centro, ten que manifestar a súa opinión. Por iso, dicíao vostede e recóolloo, e eu creo que nese sentido a emenda que nós presentamos vai na liña do que vostede dixo. Vostede sinalaba o exemplo de Euskadi, de que Euskadi enviaba unha recomendación... Ben, ¿que dicimos nós no primeiro punto da nosa emenda? Lembrarlles aos centros educativos a importancia de incluír normas. É unha recomendación. Estase instando o Goberno galego a que faga unha recomendación para o cumprimento da

Lei galega para a igualdade de mulleres e homes. Por certo, imaxino que foi un erro tipográfico porque entendo que vostedes leron a lei, pero estiveron falando permanentemente da erradicación dos prexuízos nos centros docentes facendo referencia ao artigo 18 da lei, e vostedes saben perfectamente —por iso digo que foi un erro tipográfico— que é o artigo 10 o que fala dos centros docentes; o artigo 18 fala da erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social. Entón, entendo que sería un erro tipográfico. Eu tamén levo o traballo de ler as cousas e de informarme para despois argumentar.

Nese sentido, como dicía antes, eu creo que é positivo que adoptemos acordos que nos permitan avanzar cara á igualdade entre homes e mulleres. ¿A importancia do ámbito educativo? Dende logo, fulcral o ámbito educativo para isto. Pero ¡fracó favor lle facemos ao ámbito educativo e á súa importancia se estamos permanentemente cuestionando as medidas que toman os profesionais do ámbito educativo para camiñar a prol da igualdade!

En definitiva, nós presentamos esta emenda porque entendemos que é necesario chegar a un acordo para, dentro do marco competencial existente e respectando a figura dos consellos escolares, instar o Goberno a que se dirixa á comunidade educativa e lembrarllles aos centros a importancia de incluír normas sobre a vestimenta nas aulas que deben aprobar —como digo— os consellos escolares coa finalidade de que regular o seu uso polo alumnado non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.

E, por último, trasladar ao Goberno central a necesidade de afrontar unha regulación en materia de vestimenta nos centros educativos coa implicación dos consellos escolares.

E non teño tempo, pero gustaríame facer unha reflexión tamén. Porque miren, falaba vostede de que o Grupo Popular votou en contra disto no Congreso dos Deputados, certo. Isto debatíase, ademais, curiosamente, o mesmo día que o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no que o grupo proponente desta iniciativa non votou a favor. Vostede sábeo tamén perfectamente. Entón, hai outra cuestión, esta iniciativa que trae En Marea hoxe ao Parlamento de Galicia rexistrouse —é que as datas ás veces son simbólicas ou importantes— un mes despois de que En Marea e PSOE decidiran levantarse do Pacto social político pola educación no Congreso dos Deputados. Se realmente existisen ganas de traballar dende o ámbito educativo a prol dunha igualdade real efectiva, ¿que mellor marco para facelo que ese pacto social e político pola educación?, ¿que mellor marco para iso? Non, pero decidiron levantarse e marcharse. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Remato xa, señor presidente.

En definitiva, eu creo —e reiterareino sempre que teña ocasión— que todos os que estamos aquí defendemos do mesmo xeito a necesidade de traballar a prol da igualdade. Se estamos todos no mesmo camiño, eu creo que podemos e debemos chegar a acordos. Nese sentido, a nosa emenda é, dende logo, construtiva, agardamos que a teñan en consideración. E, dende

logo, pedímoslle, iso si —se ten ocasión na súa última intervención—, que rectifique esa imaxe tan negativa que quere trasladar do ensino galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Fomos o único grupo que non emendamos esta proposición non de lei porque entendemos que a referencia ao curso no que se está era consecuencia do momento no que se rexistrou. Pero, francamente, non contabamos coa torcedura da argumentación do Partido Popular na súa emenda.

Entendemos que este é un debate sobre un aspecto concreto dos uniformes escolares, nin tan sequera un debate sobre se uniforme si ou uniforme non, como dixo a señora Chao perfectamente explicado. Sobre isto hai posturas a favor e en contra tanto no ensino público como no ensino concertado. Exemplos hai, pola comunidade autónoma adiante, de centros públicos que voluntariamente —como non podía ser doutra maneira— deciden empregar uniforme escolar, e é voluntario para os alumnos e as alumnas. Polo tanto, non é un debate sobre o uniforme, senón sobre a obriga de que as alumnas poidan elixir libremente se levan saia ou levan pantalón. Nese sentido, evidentemente, o noso partido, o noso grupo político, está a favor da iniciativa e así a vai votar.

Pero chámame a atención algunha das consideracións que se fixeron aquí, dando a entender que o temos todo xa arranxado porque temos unha lei de participación da comunidade educativa, a Lei 4/2011, que di literalmente «que se aborda a cuestión que deu lugar a importantes polémicas educativas...» —leo literalmente— «...da regulación da vestimenta do alumnado». E automaticamente o que di o articulado é que se deixa en mans do Consello Escolar de cada centro a decisión sobre un aspecto que deu lugar a importantes polémicas educativas. Isto é a autonomía entendida en nivel extremo.

Despois —coa urxencia que caracteriza o Partido Popular regulando as leis— publicaron un decreto catro anos máis tarde. Como o tema era de suficiente transcendencia, publican catro anos despois, no ano 2015, un decreto. (*Aplausos.*) Esa é a transcendencia que se lle dá. (*Aplausos.*)

En todo caso, gustaríame facer unha referencia ao que dixo sobre o asunto a directora do Centro Interdisciplinar de Investigacións Feministas e Estudos de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela, que acaba concluíndo, logo de facer unha serie de consideracións sobre o uniforme escolar, que, en todo caso, o xusto é que as alumnas poidan elixir que tipo de vestimenta empregan.

Aínda que non me toca a min posicionarme sobre a emenda, si quixera facer unha referencia a algunhas das cousas que dixo o señor Fernández Gil. En primeiro lugar, está vostede utilizando a doutrina Casado, que consiste en recentralizar competencias. A súa propia emenda vén sendo un recoñecemento explícito, no punto 2, de que regule papá Estado o que nós non nos atrevemos a escribir. Polo tanto, que veña o Goberno do Estado a sacarnos as castañas do lume, porque vostedes na propia normativa, tanto na lei do 2011 como no decreto do 2015, nada din ao respecto.

Mire, non estivo vostede sublime, pero sublimou desde o punto de vista físico, que é cando algo pasa de estado sólido a gas directamente; é dicir, non pasa polo estado líquido. Vostedes din, en primeiro lugar, que se respecte a autonomía dos centros, e despois que sexa o Estado o que regule a cuestión da vestimenta nos centros escolares. E polo medio —que sería o estado líquido— quedou a Administración da Xunta de Galicia, que ten plenas competencias pero que desaparece do mapa. Esa é a súa proposición non de lei, esa é a súa modificación. Mire, francamente, para esa viaxe non necesitabamos alforxas, as cousas como son.

Vaime permitir que lle diga que isto que vostedes presentan é unha auténtica autoemenda á lei de 2011, unha lei ditada polo Partido Popular, porque resulta que agora esa lei debe ser modificada ou superada, en todo caso, por unha lei que debe ditar o Estado. Son vostedes con esta emenda, señor Fernández Gil —perdoe que llo diga—, os que cuestionan a profesionalidade que non cuestionou a iniciativa de En Marea en ningún momento. Porque son vostedes os que din que lles hai que recordar aos centros cal é a normativa que teñen que regular para o uso do uniforme escolar. É así de sinxelo.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio do Grupo Socialista e do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. E, por suposto, entendemos que a emenda do BNG se aclara coa nosa propia emenda.

Respecto da emenda do Grupo Popular, señor Fernández Gil, a verdade é que unha non deixa de abraiarse coa súa postura, nada sorprendente vendo o riso que lle produciu o asunto a vostede e ao seu compañeiro que agora case vai botar a sesta. *(Murmurios.)*

E nada sorprendente escoitando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

Ninguén bota a sesta aquí... no hemiciclo.

A señora CHAO PÉREZ: Nada sorprendente escoitando a súa intervención... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora CHAO PÉREZ: Nada sorprendente escoitando a súa intervención, na que o único que fai é o de sempre: tratar de confundir en lugar de entrar no debate concreto, que neste caso era clarísimo.

Respecto do primeiro punto, ¿que quere que lle diga? Boas palabras e poñer sobre a mesa o evidente, que non pode haber unha vestimenta discriminatoria. Pero é que a cuestión que traíamos nós era moi moi concreta: ¿pensan que o uso do uniforme diferenciado é unha forma de discriminación ou non? Sobre isto era sobre o que había que posicionarse, e sobre isto vostede non dixo nada. Dende En Marea entendemos que si, por iso traemos esta iniciativa parlamentaria. E sobre isto é sobre o que queremos que se posicionen os grupos.

E o segundo xa roza o esperpento. Reclama responsabilidades ao Goberno do Estado lembrando unha proposición non de lei que o noso grupo confederal levou ao Congreso e que saíu adiante co voto en contra do Partido Popular. ¡Co voto en contra!

Nós queremos que o Estado actúe, si, por suposto, pero queremos que o Goberno autonómico tamén o faga, toda vez que é evidente, o marco competencial é claro, amplo, suficientemente amplo, para que se posicione nun asunto que afecta de xeito tan directo ao ensino igualitario. Vostede, señor Fernández Gil, o que nos pide é que aceptemos unha emenda que é tanto como non facer nada. Por favor, reflexione.

Hoxe falamos do uniforme, da saia, e temos que facer unha pausa. Señores deputados, señoras deputadas, saben ben que detrás da saia hai moito máis que un símbolo. A saia é un instrumento que reproduce e visibiliza o modelo de como queremos que sexan as nosas nenas: finas, educadas, guapas, tranquilas, coas pernas pechadas... Disto era do que estábamos falando, non dos profesionais.

Esas construcións e etiquetas vense nos colexios todos os días, só fai falta mirar a distribución do espazo nos patios escolares. Por exemplo, unha reprodución a escala do que acontece na sociedade, onde os nenos ocupan o espazo central que non ocupan as súas compañeiras. Se os adultos non somos quen de propiciar que os espazos sexan repartidos de forma igualitaria, que se ocupen de forma igualitaria, estamos perpetuando os modelos que condenamos; non os profesionais do ensino, non os profesores e as profesoras, a sociedade.

Quero rematar collendo como propio un exemplo da Asociación Gafas Lilas, que, na nosa opinión, axuda ben a comprender do que estamos falando. ¿Alguén entendería que os nenos brancos estivesen obrigados no cole a levar pantalóns de cadros e os nenos negros estiveran obrigados a levar pantalóns de círculos? A priori pareceríanos unha animalada. Entón ¿por que toleramos que iso pase cunha diferenza de sexo? Como di María Xosé Silvar nos seus concertos, SES, esta técnica é unha boa maneira de aclarar perfectamente cando nos enfrontamos ao machismo; no que todos caemos —non unha parte, senón todos, eu a primeira—, toda a sociedade, porque é a sociedade na que vivimos. Cando teñamos dúbidas sobre se un feito concreto responde ao machismo, mudemos a palabra muller por negro. Se o que pasa nos violenta, a resposta é clara, é machismo. Que as nenas, polo feito de selo,

teñan que ir á escola con saia ou vestido; se cada vez que se poñen saia escoitan: ¡que guapa estás!, seguimos perpetuando unha sociedade machista.

Temos hoxe a ocasión de dar un pequeno paso...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...a ocasión de dicirlles ás nenas deste país que estamos con elas, que estamos no camiño da igualdade. (*Murmurios.*) Que non vai mudar todo mañá, é verdade. Por que cambiemos o uniforme escolar non vai cambiar todo mañá, pero estamos traballando para que finalmente si sexan iguais aos seus compañeiros.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: Estamos traballando para que poidan ser sempre o que queiran. Para que sexan, en definitiva, mulleres libres. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (*Murmurios.*)

¿Que pasou? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pero non é nada transcendente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois xa está. Se non é nada transcendente, seguimos. (*Murmurios.*)

Entón, ¿volvo empezar a ler a proposición ou xa...? ¿Entenderon de que ía? (*Asentimento.*)

Pois entón hai dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 30032)

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver a coordinación necesaria con ambos concellos coa finalidade de que, considerando a área metropolitana de ambas as dúas cidades, o ser-

vizo de transporte urbano e o metropolitano se configuren conxuntamente como un servizo eficiente para a cidadanía.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 30032)

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear senllas comisións técnicas bilaterais cos concellos de Pontevedra e Ferrol para elaborar un estudo de propostas que poida ser avaliado e posto en marcha polas administracións con competencias e por unha Mesa polo transporte público na que participen as empresas operadoras, as entidades veciñais, as organizacións sindicais, os concellos e outros axentes para garantir a máxima interlocución.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Moreira.

Hai que tirar de campá de vez en cando, se non non...

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Despois de escoitar a portavoz de En Marea, non nos estrañaría que a seguinte proposta fora propoñer como deporte olímpico, por exemplo, romper retrovisores pola noite en Santiago de Compostela. (*Protestas.*) (*Aplausos.*)

Traemos esta proposta para reclamar (*Murmurios.*) a dous concellos de Galicia, ao Concello de Ferrol e ao Concello de Pontevedra, nada máis e nada menos que que cumpran unha lei do ano 1985, unha lei de hai 33 anos, a Lei reguladora de bases de réxime local, que establece no seu artigo 26 que os municipios de máis de 50.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros. É unha obriga legal, logo reiterada na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 5/1997, na que se repite practicamente o mesmo teor literal da Lei de bases de réxime local. E hai dous concellos, dúas cidades de Galicia, Ferrol e Pontevedra, que trinta e tres anos despois non veñen cumprindo esta obriga legal.

Quero facer tamén referencia a outra lei galega, á Lei 6/1996, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos, que é unha lei que o que persegue e busca é coordinar as competencias que ostentan as distintas administracións públicas en materia de transporte público de viaxeiros, para evitar distorsións na xestión do transporte público e coa finalidade de atender o interese público en xeral. Particularmente, o que se busca é dar solución ás frecuentes interferencias e coincidencias entre os servizos públicos de transporte interurbano, que necesariamente penetran nos núcleos urbanos en continua expansión.

Ademais di esta lei, na súa exposición de motivos, que hai que aplicala nos supostos en que o establecemento ou ampliación do transporte urbano afecte a servizos interurbanos pre-

viamente establecidos. Pero non estamos neste caso, non é o caso desta lei, porque a situación na que nos atopamos nestas dúas cidades dista moito destes supostos, posto que actualmente estamos ante a elaboración dun novo Plan de transporte público de Galicia que o que persegue é crear un novo mapa concesional, e, polo tanto, este é o momento acaído para que estas dúas cidades poñan en marcha este transporte público urbano, co fin de que se poida coordinar coas novas concesións que se están preparando nese plan na segunda fase.

Por tanto, despois de ler estas leis, non cabe dúbida da obriga legal imposta aos municipios de máis de 50.000 habitantes xa non só pola normativa básica estatal, senón tamén pola normativa autonómica. E, como acabo de dicir, é precisamente neste momento, este é o máis acaído, para establecer os servizos de transporte público urbano garantindo, en calquera caso, a necesaria coordinación destes co novo mapa concesional.

Quero facer tamén referencia ao que gastan os concellos e as cidades de Galicia en transporte público. A cidade de Ourense gasta 6,9 millóns de euros ao ano; Lugo, 2,2 millóns; Santiago, ao redor de 5 millóns de euros; A Coruña, 9 millóns; Vigo, 14,7 millóns; Ferrol, menos de 300.000 euros; e Pontevedra, 86.000 euros —dos cales, por certo, soamente executa 46.000—. Por tanto, está clara a diferenza entre o servizo que prestan algunhas cidades e o servizo que prestan outras, cando todos son cidadáns galegos que pagan os seus impostos e todos deberían ter dereito —e, de feito, teñen dereito— a ese servizo de transporte urbano.

No caso de Ferrol, carece deste servizo de transporte público urbano, e o ano pasado, cando rematou a concesión das actuais liñas, tivo a oportunidade de asumilas, pero o Goberno municipal das Mareas non o fixo. E o Concello de Ferrol debería comprometerse a reactivar aquelas liñas que quedaron desertas e que na cidade son demandadas por gran parte dos veciños; como son, por exemplo, a liña a San Felipe, a liña ata o Hospital Naval, a liña ata o Ferrol Vello; e tamén establecer maior número de frecuencia de liñas nas zonas do rural.

Hai que dicir que o Concello de Ferrol está adherido ao Plan de transporte metropolitano impulsado pola Xunta de Galicia; un plan que se puxo en marcha no ano 2005, ao que posteriormente se engadiron dous concellos máis no ano 2010, e que hoxe en día presta servizo a veciños de once concellos. No último ano, no 2017, constatouse un incremento no número de viaxes próximo ao 2 %. E do total das etapas realizadas durante o último ano, 2017, o 82 % das viaxes corresponden a cancelacións realizadas coa Tarxeta metropolitana de Galicia. ¿Isto que quere dicir? Que ten un alto impacto, que ten unha grande aceptación a utilización da Tarxeta metropolitana. Por tanto, que é rendible en termos sociais a utilización e implantación do transporte público, e que propiciou, por tanto, un incremento do uso do transporte público.

Trátase dun plan social no que a Xunta contribúe co 80 %, o Concello pon o 20 % e o Goberno galego contribúe coa bonificación do cen por cento dos transbordos, con descontos adicionais aos usuarios habituais e ás familias numerosas, e ademais coa gratuidade que supón a Tarxeta Xente Nova, que supón que os menores de 19 anos viaxen gratis grazas a esta tarxeta.

O caso de Pontevedra é notoriamente peor porque Pontevedra non ten transporte urbano, pero aínda por riba tampouco está adherida ao transporte metropolitano nin o quere facer.

Desde logo, temos que resaltar a actitude de deslealdade institucional do Concello de Pontevedra, que está tratando de boicotear a implantación deste transporte metropolitano e, por tanto, está impedindo non só aos veciños de Pontevedra, senón dos outros dez concellos, a posibilidade de que os seus veciños de menos de 19 anos se poidan beneficiar da gratuidade no transporte.

Polo tanto, a única nota discordante que se puxo de manifesto nas reunións con todos estes concellos púxo a o Concello de Pontevedra, que foi o único que trasladou dúbidas ao borrador do texto do convenio, por iso tamén foi o único co que a Xunta de Galicia mantivo reunións para tratar de explicalo, e tamén se lles intentou explicar que a liña de transporte que vai a Monte Porreiro non vai sufrir un incremento de custo para os usuarios.

En definitiva, a día de hoxe a ausencia de transporte urbano e a actitude creo que egoísta do Concello de Pontevedra está a privar aos seus veciños e aos outros doce concellos de poder gozar das vantaxes do Plan de transporte metropolitano de Galicia.

En todo caso, nós estamos convencidos de que desde o Goberno galego se seguirá a traballar para impulsar o Plan de transporte metropolitano nas áreas onde aínda non está implantado, como é o caso que acabo de dicir de Pontevedra, e proba disto é a partida recollida nos orzamentos que se están tramitando nesta Cámara para o 2019, nos que se establecen para o Plan de transporte metropolitano un total de 10,5 millóns de euros, e que, por tanto, se permitirá ampliar a esta área de Pontevedra, se é que o Concello de Pontevedra está polo labor de prestar este servizo.

Por tanto, ante todo o exposto, considerando —como se ten dito— que este é o momento acaído porque se está a desenvolver unha completa planificación das concesións de transporte por estrada, a segunda fase do Plan de transporte público de Galicia que está a desenvolver a Xunta, traemos a debate esta proposición non de lei para que, tanto o Concello de Ferrol como o Concello de Pontevedra, as únicas grandes cidades de Galicia que aínda non teñen transporte urbano, ao que están obrigados pola lei, doten os seus veciños dun servizo de transporte urbano, porque ademais é a súa responsabilidade e tamén a súa obriga.

Sobre as emendas, imos agardar a que as expoñan e na vindeira quenda pronunciáronos, porque a verdade é que estamos bastante expectantes, especialmente pola explicación da emenda do BNG, unha emenda que podíamos cualificar de emenda *procastinare*, porque do que trata —parece ser, xa nolo explicará o portavoz do BNG— é de diferir a entrada á aplicación do transporte urbano, e, polo tanto, de impedir aos veciños que teñan o dereito e a posibilidade de usar un transporte público urbano na súa cidade, e nas cidades e pobos que están preto, o transporte metropolitano.

Por tanto, agardamos o apoio a esta proposta e agardaremos tamén á explicación das emendas que están presentadas. Polo momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Eu fixen o outro día a promesa de non dicir nunca a palabra *procastinación*, pero o señor Moreira parece que me obriga a dicila.

Señor Moreira, esta é unha proposta que eu chamaría Zumosol, proposta Zumosol. Agora vai empezar a tempada Zumosol no Parlamento, porque o Partido Popular das cidades, neste caso de Ferrol e de Pontevedra, acode ao seu primo de Zumosol do Parlamento para facer oposición nas cidades onde están na oposición.

Pero claro, neste caso, señor Moreira, vostede non fai de primo de Zumosol, vostede veu aquí [*facer o primo*]. (*Palabras retiradas polo señor Bará Torres*). Non sei se é que bota de menos a súa época de portavoz do Partido Popular no Pleno de Pontevedra, desde que foi defenestrado deste posto, e quere volver aquí traer os debates do Pleno de Pontevedra.

O PP o que pretende con esta iniciativa é utilizar o Parlamento para facer campaña nas municipais, utilizar o Parlamento como ariete... Bueno, como ariete non, como gharabullo, (*Aplausos.*) para arremeter contra os gobernos municipais das cidades, gobernos lexítimos que teñen os seus propios debates dentro da autonomía municipal.

A nós, desde logo, parécenos unha mostra de debilidade, de frustración, de febleza e de incapacidade para facer oposición nas cidades que teñan que traer aquí as iniciativas para converter o Parlamento nese gharabullo, e á Xunta, para atacar os concellos que teñen os seus gobernos lexitimamente...

Mire, se queren ideas, eu propóñoalles a lectura dun texto que eu utilizo moito como libro de cabeceira, que é *En Galicia, si*, non sei se lles soa. Pois ben, aí vostedes fan propostas sobre o transporte público. Por exemplo, unha nova lei de mobilidade. ¿A que están esperando? Fagan unha lei de mobilidade. Plan Renove das estacións de autobuses. Fagan un plan renove das estacións de autobuses, que teñen partidas míseras nos orzamentos nos últimos anos. Sistemas de pagamento intelixente, ¿a que están esperando? Fagan unha proposición non de lei para sistemas de pagamento intelixente.

Billete único, outra idea que lles deixo aquí para que tramiten. Billete directo. Esta realmente me gusta moito, e ánimoo, señor Moreira, a vostede que vive en Pontevedra e quere traballar por Pontevedra, impulsaremos a implantación final do billete integrado tren máis bus, e bus máis bus, que permita a un usuario chegar, por exemplo, desde Pontevedra a Peinador cun billete único, achegando así os nosos aeroportos ás grandes cidades. ¡Adiante con esta iniciativa! Se queren ideas, aquí as teñen. *En Galicia, si* é un libro que lles recomendo que lean e que utilicen nas súas propostas, porque parece que o escribiron un día pero non o cumpren nunca.

Dedíquense a gobernar en serio, a solucionar os problemas de Galiza e da xente, e deixen gobernar aos demais. Por certo, deixen gobernar, no caso de Pontevedra, a un goberno que está desenvolvendo un modelo de cidade compacta, cohesionada e dinámica que é unha referencia mundial. Non acaban ou non queren enterarse de que é unha referencia mundial. Deixen de poñer atrancos e pexas como levan facendo todos estes vinte anos, por iso a xente os mandou á oposición, mandouno a vostede á oposición en Pontevedra, señor Moreira.

Fálanos vostede aquí dunha lei do ano 1985. Pero se vostedes estiveron gobernando catorce anos, desde 1985 ata 1999, ¿a que estiveron esperando para facer ese marabilloso transporte público? A vostedes o único que se lles ocorreu foi a idea brillante e feliz de poñer o autobús gratuito en Pontevedra. O señor Pedrosa, no último mandato do Partido Popular, pagou con fondos públicos un autobús gratis desde a praza do Concello ata a Audiencia. ¿Sabe que pasou? Que tiveron que pechar o tenderete porque ía o autobús e dous amigos máis que lle ían facendo compañía, porque a xente non o utilizaba, aínda que era gratis, pois non hai distancias, porque é unha cidade compacta e porque no centro urbano non é necesario nin eficiente o autobús, señor Moreira, non se acaba de enterar.

Desde a Xunta levan dez anos a voltas co famoso Plan de transporte metropolitano en Pontevedra, por certo, e tamén en Ourense, e vostede non falou aquí nada de Ourense. Mire, 2011, o señor Feijóo: «*En tres meses poremos en marcha o transporte metropolitano de Ourense.*» Volveuno prometer en 2015: «*Feijóo y el alcalde de Ourense acuerdan agilizar el Plan de transporte metropolitano.*» Estamos no ano 2018 e aínda están esperando en Ourense polo transporte metropolitano. Miren tamén para Ourense, non miren só para Pontevedra, ¡que obsesión teñen con Pontevedra!

O alcalde de Pontevedra —e nese sentido vai a nosa emenda— o que lle propuxo ao presidente da Xunta de Galiza nunha reunión, e tamén á conselleira, foi facer unha análise e un estudo serio da situación do transporte en Pontevedra e na súa área, relacionando o transporte urbano co transporte metropolitano. Hai moitas concesións actualmente do transporte metropolitano e interurbano que son concesións urbanas, por exemplo a de Montecelo, a do Campus ou a de Monte Porreiro son liñas interurbanas, foron concesións aprobadas polos gobernos do Partido Popular ao longo destas décadas. Todo iso hai que analízalo, o Concello mesmo ofreceuse a pagar ese estudo e a coordinarse coa Xunta para buscar unha solución global a esa problemática.

Iso é o que propoñemos na nosa iniciativa, unha comisión técnica bilateral e despois unha mesa do transporte público que, tendo en conta que agora se está analizando o futuro do transporte público en Galiza e na área de Pontevedra, traballe en serio e busque solucións para este problema.

E remato xa, dicíndolles que o que pretenden con esas iniciativas é desviar a atención sobre a incapacidade da Xunta para resolver o xigantesco lío que teñen coas concesións —que ese é o verdadeiro problema— e para crear un sistema moderno de transporte público do século XXI, porque vostedes aínda están no século XX, e intentan ocultar con estas propostas as súas vergoñas, a súa incapacidade no Goberno da Xunta e a súa incapacidade na oposición nas cidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Unha cuestión, señor Bará. É o asunto este, sendo os dous de Pontevedra..., isto de *facere o primo*. Aquí non fai ninguén o primo, isto podémolo retirar. Non queda demasiado ben, ímolo retirar. (*O señor Bará Torres mostra o seu acordo.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que, cando vin a proposición non de lei que presenta o Partido Popular, estiven a punto de dicir: bueno, facendo un alarde de sagacidade política, pode pensarse que se trata dunha iniciativa con certas connotacións electorais. Cando vin que en vez de saír o señor Fernández Prado, portavoz habitual de infraestruturas, saía o señor Moreira, disipoume toda dúbida. É dicir, non é necesario aplicar a navalla de Ockham, a explicación máis sinxela é a máis probable, é unha iniciativa electoral, jas cuestións así de claras! (*Aplausos.*)

É dicir, veñen vostedes falar aquí do transporte urbano de Ourense... —perdón, de Ourense falarei dentro dun momentíño, de Pontevedra e de Ferrol— e conseguíu vostede entenderme, as cousas como son, porque ver aquí o Partido Popular defendendo o cumprimento da lei é realmente meritorio. É o mesmo que fan, por exemplo, cando se trata de cumprir a Lei de medios ou o mesmo que fan cando traemos aquí unha iniciativa para que se aprobe o Plan de estradas, que tamén está na lei. Aí votan en contra, pero aquí, como é unha cuestión que lles interesa... Facendo uso, evidentemente, da Lei de bases de réxime local á que vostede fixo referencia, no artigo 26.1d., para concellos maiores de 50.000 habitantes é obrigatorio que se preste ese servizo.

Tamén deberíamos abrir un debate sobre como é posible que, estando na lei, non se cumpra esa previsión despois de tantos anos. Evidentemente, estou de acordo con vostede en que iso habería que analizalo.

Pero mire, díxoselle aquí que tamén poderían incluír vostedes o concello de Ourense, que ten aprazada *sine die* a implantación do transporte metropolitano, e ademais o señor alcalde de Ourense, que parece incapaz de aprobar ningún orzamento, di que se responsabiliza persoalmente —e así figura na prensa do día 26 de xaneiro deste ano— da incapacidade de poñer en funcionamento o transporte metropolitano, porque di que o necesita vincular ao proceso da nova adxudicación do servizo municipal. E iso vén reforzar o que nós propoñemos nesta emenda: é dicir, que se coordinen estes concellos coa Xunta de Galicia para que o transporte urbano que se debería poñer en marcha, e o transporte metropolitano, funcionen á perfección.

¿E isto por que? Creo que tampouco desvelamos nada se dicimos que no caso do concello de Pontevedra, que ten aproximadamente —o señor Bará me corraxirá se me equivoco moito— uns 80.000 habitantes, dos cales 23.000 viven nas parroquias rurais, ten unha certa continuidade urbana tanto con Poio, ou cunha parte do concello de Poio, como con Marín, e, polo tanto, parece oportuno que ese transporte urbano se estenda a eses dous concellos.

Máis evidente é o caso de Ferrol, que ten unha continuidade urbana cos concellos de Narón, de Neda e de Fene, e eventualmente tamén cos de Mugardos e Ares.

Por certo, ¿como é que vostedes non se preocuparon polo transporte urbano do concello de Ferrol cando era alcalde o señor deputado hoxe, Rey Varela? Porque a realidade era a mesma, pero, evidentemente, a súa preocupación parecía ser distinta.

Por iso a nosa emenda o que entende é que se debe instar a Xunta de Galicia a desenvolver esa coordinación á que facía antes referencia, coa finalidade de que, considerando as áreas metropolitanas —ás que fixen referencia someramente— de ambas cidades, os servizos de transporte urbano e metropolitano se configuren conxuntamente como un servizo eficiente para toda a cidadanía.

En todo caso, nós imos apoiar esta proposición non de lei. Cremos que a nosa emenda mellora a proposta que trae o Partido Popular porque deben coordinarse ambos servizos. Pero, en todo caso, ímola aprobar. Ademais, insisto, nós, a diferenza do Partido Popular, defendemos que o que se publica nas leis se cumpra de forma efectiva e non que se deixe á interpretación e que teñan que vir ao Parlamento de Galicia, neste caso, iniciativas para instar a Xunta a que, á súa vez, inste o cumprimento da normativa.

Pero tamén nos gustaría moitísimo que, cando traemos algunha iniciativa para instar que se cumpra a normativa que está publicada e aprobada pola Xunta de Galicia, se nos aprobe tamén por parte do Partido Popular. Sería un *quid pro quo* realmente bonito e certamente entenecedor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Como xa comentaron os voceiros do BNG e do PSOE, o Partido Popular trae hoxe outra iniciativa electoralista. Volve utilizar o Parlamento de Galicia para facer campaña municipal. Xa llo temos dito noutras iniciativas porque isto xa é demasiado habitual por parte do Partido Popular, traer iniciativas a este Parlamento que non defenden os intereses dos galegos e das galegas senón que defenden unicamente os seus intereses electoralistas.

Podemos entender a frustración do Partido Popular, sendo unha minoría minoritaria nas cidades galegas e estando á cola en canto ao que ten que ver con gobernar nas cidades de Galicia, porque tan só gobernan nunha das sete cidades de Galicia, que é a de Ourense, que é ademais a única cidade que non é quen de aprobar nin un só orzamento no que vai de lexislatura, amosando a ineficiencia e a ineficacia do Partido Popular no único Goberno que ten nas cidades e a súa incapacidade para chegar a acordos.

Entendemos que lles frustre estar nesta situación nas cidades e entendemos que lles frustre que As Mareas gobernen en tres desas sete cidades. Entendemos perfectamente a súa frustración, dende unha situación de minoría minoritaria nas cidades de Galicia, porque nós gobernamos en tres desas sete cidades, porque, como di o señor Tellado, «*pudimos*» —pois si que «*pudimos*»— desaloxar o Partido Popular de Compostela, da Coruña e de Ferrol e po-

demos gobernar en tres cidades, cousa que vostedes non poden. Pero todo isto non xustifica para nada que traian iniciativas a este Parlamento para facer campaña electoral, porque este Parlamento non está concibido para iso, a vostedes non se lles paga para iso e a vostedes non os elixiron para iso.

En Galicia fan falla moitísimas actuacións en mobilidade, fan falla melloras no transporte público en cuestións que son competencia da Xunta de Galicia. Pero vostedes nunca traen iniciativas para instar a Xunta de Galicia a que faga todas estas melloras que si serían iniciativas útiles para os galegos e para as galegas.

Vostedes inician a súa exposición de motivos —é o único momento que me vou referir á súa iniciativa porque non lles vou colaborar na súa campaña electoral— dicindo: «nos últimos anos, dende o Goberno galego véñese apostando con forza por iniciativas encamiñadas a facilitar e facer máis doados e económicos os desprazamentos cotiáns dos galegos». ¡Que barata lles sae a demagogia! Porque vostedes todo o que veñen facendo nestes anos vai en dirección totalmente contraria a este enunciado.

Deberían traer iniciativas a este Parlamento para sacar a Xunta de Galicia da súa parálise e do seu inmovilismo no que ten que ver co transporte e coa mobilidade. Para facer os desprazamentos máis doados e económicos, que é para o que segundo vostedes traen esta iniciativa, deberían pedirlle á Xunta de Galicia que saque do caixón o Plan MOVE, porque leva moito tempo nun caixón e non o dá retirado, e é fundamental para facer os desprazamentos máis doados e económicos.

Poderían traer unha iniciativa tamén para que a Xunta de Galicia saque do seu caixón o Plan director de estradas, que tamén favorecería desprazamentos máis doados e económicos. E poderían tamén instar a Xunta de Galicia ou apoiar a proposta do noso grupo de crear a Mesa do transporte para sacar do afastamento no que está o Plan de transportes de Galicia; un auténtico fracaso e un auténtico despropósito desde que comezou todo este periplo do Plan de transportes.

Poderían vostedes traer iniciativas para que a Xunta de Galicia dote de orzamentos as intermodais das distintas cidades. E deixen de facer tamén campaña electoral con mentiras na Coruña e doten de orzamentos a intermodal da Coruña, entre outras.

Poderían vostedes traer iniciativas para que o Goberno do Estado recupere a falta de investimentos que os 6-7 anos do Partido Popular en Fomento deixaron de aplicar en Galicia, para sacar do abandono no que está o ferrocarril en Galicia e para poder conectar, por exemplo, os portos á rede ferroviaria.

Poderían vostedes tamén traer a esta Cámara unha iniciativa para que a Xunta de Galicia faga un estudo para impulsar un transporte de cercanías no ferrocarril de Galicia, que, dende logo, iso faría desprazamentos máis doados e económicos.

E se teñen vostedes tamén tanto interese no transporte en autobús e no transporte que ten que ver con Pontevedra, non sei se vostedes saben canto custa un billete de autobús de Pon-

tevedra a Lalín. Pois custa 6,8 euros. Moito máis caro por quilómetro que comunidades, por exemplo, como Madrid, como Cataluña e Andalucía, tres comunidades gobernadas por partidos diferentes. ¿Por que vostedes non aplican aí, onde si teñen unha capacidade directa, isto que lles din aos concellos que teñen que cumprir?

Nós, nos nosos orzamentos, introducimos diferentes propostas que van nesta liña, para poder acadar desprazamentos máis doados e económicos, como un estudo de viabilidade do rescate público da AP - 9. ¿Por que vostedes se negan a facer isto? Porque non teñen ningún interese, dende logo, nos desprazamentos máis doados e económicos.

Propuxémoslles tamén a implantación dun tren de cercanías en Galicia, actuacións de mellora en paradas en estacións de autobuses, a creación da compañía galega do transporte, ou —como lles dicía antes— o incremento de recursos destinados ás intermodais, e vostedes rexeitáronos absolutamente todos.

Remato xa, señor presidente.

Traian iniciativas a este Parlamento para mellorar a vida dos galegos e das galegas e deixen de facer campaña municipal nesta Cámara.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Antes de pechar esta proposición non de lei saudamos os alumnos e as alumnas de quinto e sexto de primaria do Colexio San Pío X, de Ourense. Boa tarde a Ourense, por suposto.

E, sen máis —agora si—, ten a palabra o grupo proponente, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Saudamos tamén os alumnos e profesores do colexio. E ademais aproveitamos para constatar e lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia si promove a igualdade nos colexios de Galicia. (*Aplausos.*)

En canto ás emendas, señor Álvarez, eu dicíalle que era bo que as expuxesen. E sobre a do Partido Socialista, dígolle que a imos aceptar, e logo sigan dicindo que nós pasamos o rodillo e que non aceptamos as propostas da oposición. Ímola aceptar, ¿por que? Porque engadíndoa ao texto orixinal da PNL contribúe a reforzar que un dos obxectivos que se persegue co Plan de transporte público de Galicia é buscar a coordinación dos servizos de transporte urbano ou interurbano para facer un mellor servizo á cidadanía. E como se ten dito e defendido desde este grupo parlamentario, consideramos que este é, precisamente, o momento máis propicio para lograr esta coordinación entre o transporte urbano e o metropolitano, por iso traemos agora esta iniciativa.

Vostede plantexábame por que cando gobernou o Partido Popular en Ferrol non o fixo. Sábeo perfectamente, porque había unhas concesións en vigor e non se poderían implantar novas

concesións que concorresen no traxecto con esas concesións porque había uns servizos adquiridos. Pero o ano pasado —como vostede coñece— quedaron liberadas esas concesións por unha sentenza xudicial, por tanto, ese era o momento, se houbera vontade de implantar transporte urbano, de asumir esas liñas existentes e melloralas por parte do Concello de Ferrol, e o mesmo polo Concello de Pontevedra. Por iso non se fixo, señor Álvarez. *(Aplausos.)*

E agora imos co señor Bará, co Che Bará, como din por aí. O señor Bará está exiliado no Parlamento de Galicia. Era concelleiro en Pontevedra, quitáronlle a carteira e é un concelleiro sen carteira. Bueno, déronlle unha cousa testemuñal por dicir que ten algo. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* E vostede, aínda así, non deixa a acta. É que vostede non pilla as indirectas, señor Bará. *(Aplausos.)* ¿Non se dá conta de que o queren limpar de alí? *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Non as pilla!, pero bueno.

¿E dime que traemos iniciativas locais? Mire, señor Bará, entón eu plantéxome por que vostedes trouxeron aquí unha iniciativa local como é a Comisión do Marisquiño. É verdade que vostedes mesmos se contradín. O que buscan son escusas, vímolos cando plantaron a Xunta de Galicia, na reunión no pasado 27 de xullo, con escusas tan peregrinas como que Pontevedra, ¡coidado!, necesita un transporte diferente aos demais. ¡Home!, é un modelo que está funcionando en todas as cidades, o transporte metropolitano, pero aos señores do BNG de Pontevedra non lles vale. Moi complicado non debe de ser para Pontevedra se funciona na Coruña, Lugo, Ourense e Ferrol.

A vostedes de verdade que non os entendemos, o que buscan son escusas porque o que queren son comisións para adiar —por iso digo *procrastinare*— a implantación do transporte. Buscan comisións bilaterais pero non explican para que son as comisións bilaterais; suponse que para o transporte pero non o explican na emenda, e o que queren é adiar isto *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* o máximo posible.

Claro, é que traballar e BNG son conceptos incompatibles. *(Protestas.)* E vostedes din: hai que poñer transporte urbano e, ¡puff!, isto significa traballar, ¡que o faga a Xunta! Claro, a Xunta xa reforma o edificio Benito Corbal, con saneamento, manténlle a depuradora e vaille ampliar a depuradora. ¡Todo que o faga a Xunta! Ao BNG isto de traballar... *(Aplausos.)* ¡Non vai con vostedes! *(Aplausos.)*

Vostedes viven moi cómodos na inoperancia, non facer nada e pensar que as cousas se van arranxar. E o que están facendo é privar a veciños de once concellos da comarca de ter un transporte público. É inconcibible que neste século haxa algún político que poida opoñerse ao transporte público. É que isto se conta fóra de aquí e non o entende ninguén, señor Bará. *(Murmurios.)* ¿Como é posible que alguén se opoña ao transporte público? *(Murmurios.)*

Eu o que lles podo dicir é que esta proposta vai ser aprobada e sabemos que se vai cumprir. Se non é agora, será o ano que vén, cando tomen posesión os novos alcaldes. *(Murmurios.)* Estou convencido e estou seguro de que os novos alcaldes van poñer en marcha este transporte urbano para os veciños de Ferrol e de Pontevedra. *(Aplausos.)* Pero ¿sabe por que, señor Bará? Seino, sabémolo todos, porque van ser alcaldes do Partido Popular, por iso o van facer. *(Murmurios.)*

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Julia Rodríguez Barrreira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 33233))

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Que se sigan levando a cabo, segundo a capacidade actual das infraestruturas en uso, aquelas reformas necesarias nas dependencias xudiciais galegas para evitar o cruce entre vítimas e agresores.*
- 2. Que se contemplen actuacións de modernización e evolución das tecnoloxías configurando a videoconferencia como un servizo básico nos termos previstos nas leis.*
- 3. Que se habiliten, no marco da capacidade real en cada edificio xudicial, espazos axeitados nas dependencias xudiciais para os menores que teñen que acudir a procedementos xudiciais».)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes e moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Esta mañá o conselleiro Rueda explicaba unha serie de medidas —algunhas xa existentes e outras a implementar— no desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero tan necesarias como xustas, que sempre precisan ser acompañadas de recursos suficientes. Nós propuxemos, por outra parte, incrementalas esta mesma semana, na xornada de onte, coa nosa emenda á totalidade e foron —como vostedes saben ben— rexeitadas pola maioría Popular.

Esta situación non nos fai renunciar a presentar iniciativas que melloren a atención ás vítimas da violencia de xénero, entendida esta e entendidas estas nun sentido amplo que xa recolle hoxe a lei. É dicir, non soamente é a muller obxecto de maltrato ou de situación de violencia en calquera das súas formas, senón tamén os seus fillos e fillas menores.

Esta iniciativa, polo tanto, leva a ocupármonos dun aspecto concreto da intervención institucional nos casos de violencia de xénero. Estamos a falar das instalacións xudiciais, que non foron obxecto de tratamento na intervención do vicepresidente esta mesma mañá, máis que cunha pequena alusión na quenda de réplica e simplemente de pasada, para dicir que era un asunto no que se ía traballar. Polo tanto, resulta neste caso altamente pertinente e complementaria da intervención que tivo lugar esta mañá.

En efecto, os xulgados son os lugares onde discorren momentos fundamentais do proceso de reacción fronte á violencia machista. Ten lugar nos xulgados a denuncia en moitas ocasións e, en todo caso, a súa ratificación en sede xudicial. Ten lugar a obtención de información relevante das persoas declarantes en calquera condición procesual. Ten lugar a investigación do feito, a exploración da vítima, a realización material —é dicir, se son ou non son efectivos os dereitos recoñecidos ás vítimas nas cartas e nas distintas leis vixentes—, e, finalmente, o desenvolvemento do proceso con todas as garantías. Por isto, para nós prestar unha atención integral nos espazos xudiciais, para que sexan uns verdadeiros espazos de garantías, de seguridade e de confianza, é unha exigencia material da realización dos dereitos recoñecidos ás vítimas, para que o que se escribe no papel non sexa papel mollado.

Unhas instalacións inadecuadas provocan efectos adversos negativos no proceso penal e social de saída do círculo vicioso da violencia de xénero. Estamos falando, por exemplo, do encontro fortuíto —que a veces non é fortuíto, é fortuíto pero é certamente previsible— entre a vítima e o agresor nas instalacións xudiciais, no mesmo corredor, na mesma entrada do edificio, nas mesmas escaleiras, o cal ocasiona ás veces unha sensación de medo, de pavor, de inseguridade e de pánico a ese momento que pode ocorrer, aínda que non sempre sucede.

En segundo lugar, a concorrencia espacial na mesma sala entre a vítima e o agresor con ocasión da vista do xuízo, sen elementos físicos que garantan unha mínima protección visual, o que causa coacción e cohibición á hora de ratificar e de explicar a situación de humillación e de violencia á que vén sendo sometida, con carácter previo á denuncia, a vítima que nese momento vai declarar sobre o seu maltrato.

En terceiro lugar, tamén a coincidencia nas mesmas instalacións volve o feito especialmente ruboroso para o poder público cando se trata, no caso de persoas menores, dos menores vítimas da violencia, xa que neste caso a capacidade de coacción do proxenitor agresor sobre o menor é infinitamente maior polo ascendente que este exerce sobre a vítima e condiciona, ás veces fatalmente, o desenvolvemento do procedemento.

Esta situación determina ademais unha evidente segunda vitimización das mulleres e dos menores, un sufrimento innecesario que pode ser evitado mediante un cumprimento dun compromiso institucional transversal do que, como vemos, as instalacións xudiciais non poden estar ausentes. En efecto, a vitimización secundaria, como lembra Beristain, como forma de violencia institucional fai referencia á mala ou inadecuada atención que recibe a vítima unha vez entra en contacto co sistema de xustiza. Neste caso falamos dunha vitimización secundaria consistente en danos ou prexuízos psicolóxicos, sociais, xudiciais ou económicos que se producen nun momento posterior ao delito, por exemplo, o feito de realizar diferentes declaracións e explicar os feitos revivindo a situación de violencia sufrida. Con

este concepto podemos ver, ademais, que unha parte importante da revitimización é consecuencia das malas ou das inadecuadas prácticas que proveñen das institucións, das que as instalacións xudiciais forman parte, así como daquelas accións que amosen ben unha discriminación ou ben un impedimento ou unha obstaculización para que as mulleres exerzan os seus dereitos. Estamos falando, evidentemente, de dereitos que se recollen nas leis e que non sempre se fan efectivos.

Neste caso, formulado o problema, a cuestión que cómpre resolver é como afrontalo. Existen dous contextos normativos de referencia que deben ser implementados sen demora. En primeiro lugar, o estatuto xurídico da vítima do delito e, en segundo lugar, a normativa do Ministerio do Interior sobre o denominado bloque de seguridade das instalacións xudiciais. Existe ademais un contexto político, do que se falou esta mañá, que é o Pacto de Estado contra a violencia sobre a muller, que contén prescricións explícitas sobre as instalacións xudiciais e cal debe ser a súa forma.

Ambas as indicacións normativas e esta indicación política teñen un correlato arquitectónico, espacial e tecnolóxico que se sintetiza nas seguintes características:

En primeiro lugar, a necesidade da existencia dunha parte das instalacións de cada edificio xudicial que garanta o traslado seguro e non mesturado, dende o exterior e dentro das dependencias ata a sala de vistas, das persoas detidas, sen mestura co resto de cidadáns que empregan as instalacións, o que inclúe necesariamente dependencias de espera separada para persoas detidas e acceso directo ás salas sen pasar por estancias comúns.

En segundo lugar, o acondicionamento de salas de espera para denunciante e testemuñas separadas do conxunto das persoas usuarias dos xulgados.

En terceiro lugar, o acondicionamento das instalacións xudiciais para a adaptación dos espazos de espera á declaración das persoas menores de idade.

En cuarto lugar, o acondicionamento técnico dos xulgados para a disposición de salas de declaración por sistema de videoconferencia que permita a interacción coa sala onde se produce a declaración do denunciado, sen necesidade de confrontación visual directa, incluso sen necesidade de estar no mesmo espazo.

E, finalmente, da dispoñibilidade de elementos que impidan a confrontación visual entre vítima e agresor.

Vendo este contexto cómpre agora preguntármonos se todas as instalacións xudiciais de Galicia están adaptadas a estes requirimentos, nalgúns casos xa ben antigos normativamente, como as prescricións do Ministerio do Interior, que xa son dos anos noventa. A resposta a día de hoxe, en 2018, segue sendo en moitos casos negativa.

Tal e como teñen denunciado en numerosas ocasións distintos profesionais —facémonos agora cargo dos servizos psicosociais do Imelga—, a primeira carencia estrutural —aínda que aproveitamos para facer a denuncia e a reivindicación unha vez máis— é que Lugo e

Ourense non dispoñen aínda de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller. Dito isto con carácter xeral, indo cidade por cidade, na cidade de Ourense, e transcribo literalmente opinións dunha operadora xurídica, dunha avogada especializada en violencia sobre a muller: «A sala para falar coa vítima non está nada ben acondicionada, ten unha mesa e dúas sillas e xa está pegada na segunda planta onde están os funcionarios, e aquí ademais é onde declaran as vítimas diante de todos os funcionarios de Instrución 3. Non hai biombos e non hai infraestruturas axeitadas para que os menores declaren por videoconferencia no propio edificio». Facendo unha salvagarda técnica, habería que comentar que neste momento soamente existe unha sala específica de declaracións para menores en Ourense, non especificamente acollida para casos de violencia, pero que se emprega tamén para iso nalgúns ocasións. Deberíamos avanzar neste caso na multifuncionalidade no resto das cidades e vilas.

Como sala de espera, algo que prevé a propia lei específica para menores, soamente existe unha en Pontevedra, dotada por certo —como elas mesmas sinalan— con xoguetes e recursos educativos achegados polas propias funcionarias —«creo que as fan máis acolledoras e que contribúen a crear un clima de sosego para o menor cando acode ás dependencias xudiciais»—.

En Pontevedra están arestora coas obras de realización do novo edificio pero, lamentablemente, non se consultou cos servizos psicosociais do Imelga para o deseño da infraestrutura, non obstante o cal, evidentemente, non perdemos a esperanza de que se observe a normativa. Situación análoga á que é denunciada noutras instalacións en proceso de construción, como en Vigo.

En Ferrol as queixas sobre as instalacións son xeneralizadas no que a violencia de xénero se refire, tanto no relativo aos lugares de espera, comúns en moitas ocasións para vítimas, agresores e testemuñas. Incluso, tal e como denuncian os operadores xurídicos, en cidades onde existen dependencias físicas separadas non sempre se cumpren as medidas de seguridade relacionadas na normativa. Lembro eu, particularmente, aínda a ben intencionada pero insuficiente sala de espera para vítimas de violencia en Instrución 3 en Lugo, que era simplemente un cuarto de arquivos xudiciais e de expedientes que estaba habilitado como sala entre os numerosos arquivadores para que as vítimas non se puidesen cruzar cos seus agresores.

Se isto sucede así nas cidades imaxínense nas vilas, nos xulgados das vilas do noso país; as queixas son aínda máis xeneralizadas pola insuficiente dotación de infraestruturas malia que moitas delas foron xa construídas nos anos noventa, momento da aprobación definitiva da normativa sobre o bloque de seguridade.

Por todo isto, desde En Marea consideramos que cómpre acordar un compromiso incondicional no seguinte sentido —que ademais se formulou con amplitude para poder buscar un acordo entre todos os grupos—, en tres partes:

En primeiro lugar, reformar as instalacións xudiciais existentes no noso país para que estas contén con dependencias separadas, para que denunciante e menores, denunciados e familiares non se crucen.

En segundo lugar, facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciadas. Estámonos encontrando coa situación paradoxal de que se poden facer videoconferencias de xulgado a xulgado ou de xulgado a outras localidades, pero que non se poden facer dentro do propio edificio xudicial, e iso é algo que, desde logo tecnoloxicamente, debería de ter fácil solución.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: —Remato xa—.

E, en terceiro lugar, habilitar dependencias de agarda para os menores nas instalacións, apropiadas á súa condición de menores e onde se poidan obter declaracións xudiciais nunha soa vez evitando a dobre ou a tripla declaración a nivel xudicial dos menores no proceso penal, sobre todo, no que agora respecta, nos casos de violencia sobre a muller.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Villares, di que non renuncian a presentar iniciativas, pero se presentan sistematicamente a mesma están renunciando a esa posibilidade. E digo isto porque esta iniciativa que trae hoxe aquí En Marea é unha copia literal da que se ten debatido na Comisión 1ª o pasado 3 de outubro de 2018. Isto lévanos a pensar que se limitan a cubrir o trámite de presentar neste pleno unha iniciativa sobre violencia de xénero, reiterando unha proposta xa debatida hai apenas uns días.

Nós coincidimos na conveniencia de que hai que reformar as sedes xudiciais, coincidimos na conveniencia de que hai que dotar de salas separadas para as mulleres vítimas de violencia de xénero, tamén de dotar de dependencias apropiadas para os menores. E entendémolo así porque é necesario evitar esa nova vitimización das mulleres vítimas, hai que evitar que sufran a intimidación á que se poden ver sometidas, mesmo por intimidación visual dos seus agresores, que as pode levar non só a retirar as súas denuncias senón mesmo a non declarar por medo. E ademais entendemos que hai que procurar entornos apropiados, entornos agradables para os menores antes das súas declaracións ou das súas exploracións.

Ben, pero nós o que levamos dicindo e dicimos nas nosas emendas respecto a estas dúas cuestións, é que isto hai que facelo con arreglo ás capacidades das infraestruturas xudiciais. Evidentemente, hai xulgados que teñen espazos que permiten facilmente a adaptación e a dotación, a habilitación destes espazos —e aquí gustaríame recordar e poñer de manifesto

o traballo, a profesionalidade e a sensibilidade de tantos profesionais da avogacía, da procuradoría, funcionarios xudiciais e tamén membros das forzas e corpos de seguridade do Estado, que todos os días favorecen que non se produzan estas situacións de tensión ou de enfrontamento entre as vítimas e os seus agresores—, pero é evidente que hai outros xulgados que polo seu grao de ocupación ou mesmo pola súa configuración non favorecen estas actuacións. E nós entendemos que aí é necesario recorrer a outros mecanismos como pode ser implicar tamén a autoridade xudicial, ¿para que? Pois para que se tomen medidas organizativas, como pode ser procurar que as citacións se fagan en momentos diferentes ás vítimas e aos agresores.

O que queremos deixar á vista é que o contido da nosa emenda, unha vez que estamos todos de acordo en que é necesario dotar destas salas separadas, evidentemente está en función deste elemento das capacidades de cada infraestrutura. E isto que é o contido da nosa emenda vostedes xa o teñen votado a favor, todos os grupos. E, de feito, temos acadado acordos unánimes tanto en pleno como en comisión sobre esta cuestión incorporando esta particularidade. Logo nós non entendemos que é o que lle molesta da emenda que nós presentamos hoxe e que xa os levou na pasada comisión, en outubro, a rexeitala, cando incorpora un elemento que vostedes mesmos xa votaron a favor.

Piden tamén que se facilite a declaración por videoconferencia. Nós coincidimos en que a videoconferencia debe ser recoñecida como un servizo básico á disposición tamén nestes casos, por suposto, de violencia de xénero. Pero mesmo imos máis aló na nosa emenda porque solicitamos que se contemplen actuacións de modernización e de evolución das tecnoloxías. ¿Por que? Porque entendemos que hai outros mecanismos, como os mecanismos de gravación, que poden servir para evitar que as vítimas teñan que reiterar as súas declaracións; que mesmo poden servir para evitar que teñan que asistir a xuízos onde a súa presenza non é imprescindible.

Tamén aquí lle preguntamos, ¿que é o que non lles parece ben desta emenda, deste punto concreto no que mesmo imos un paso máis adiante do que vostedes propoñen na súa iniciativa?

Ben, nós, señorías, estamos aquí repetindo un debate que nin sequera se xustifica na inacción do goberno. E digo isto porque esta mañá o vicepresidente daba conta, precisamente..., non como vostede dicía, señor Villares, de que era un asunto no que se ía traballar, non, non, el o que dixo era que se estaban habilitando salas separadas, nas grandes cidades pero tamén en vilas máis pequenas, que non lle vou relatar agora porque non teño tempo, pero que hai vilas como Bande, Ordes e outras nas que se están habilitando estas salas separadas para atender ou para a agarda das mulleres vítimas de violencia. Tamén salas Gesell, que se están habilitando en Ourense e en Santiago, precisamente para que as vítimas, os menores, poidan ser sometidas a exploración ou a declaración nunha sala diferente á que está o xuíz trasladándolle as preguntas que se lle deben formular.

Por tanto, chegados a este punto, nós entendemos que hai dúas opcións para entender a reiteración deste debate: unha primeira opción, se rexeitan a nosa emenda, o que evidenciará é que só perseguían con esta iniciativa pasar o trámite de presentar unha iniciativa sobre violencia de xénero neste pleno, repetindo unha proposta e un debate xa celebrado, co único

fin de sacar rédito político. A outra opción, señor Villares, se aceptan a nosa emenda, é que verdadeiramente tiñan un afán construtivo de favorecer outro acordo unánime sobre esta cuestión, na que xa temos adoptado acordos unánimes antes e, por tanto, amosarían unha verdadeira preocupación por traballar a prol da maior protección...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...e da maior seguridade das vítimas nas sedes xudiciais.

E xa remato, señoría. Eu, señor Villares, estou segura de que a súa opción será a segunda e de que coincidirán connosco en seguir impulsando esa maior protección e seguridade das vítimas de violencia de xénero nas sedes xudiciais.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Barreira.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Nós imos apoiar, como xa temos feito noutras ocasións, esta iniciativa. De feito, como sinalaba agora a voceira do Partido Popular, este é un debate que xa se ten suscitado en máis dunha ocasión dentro desta Cámara e, evidentemente, temos chegado a acordos arredor del mesmo neste pleno. Hai máis dun ano xa recordabamos aquela moción que impulsou o Bloque Nacionalista Galego en xaneiro de 2017 e que culminou con ese grande acordo adoptado por unanimidade dentro desta Cámara e no que se incluían melloras e medios, tanto humanos como recursos económicos, que debían achegarse no ámbito xudicial e que se concretaban nunha serie de puntos que tiñan que ver, entre outras cuestións, coa mellora das infraestruturas e coa garantía dun dereito fundamental, porque, á fin e ao cabo, do que estamos falando é de que non se está a garantir no conxunto dos xulgados do noso país un dereito fundamental que teñen todas as persoas, e nomeadamente que teñen as mulleres que se atopan en situación de violencia machista. Eu a verdade si que quixera dicir algo porque de maneira recorrente, cada vez que se abre este debate, fálase das limitacións das infraestruturas e das limitacións da capacidade para intervir e para actuar na garantía e no respecto dese dereito. E nós cremos —tamén o dicimos— que hai que actuar de maneira decidida, e que, se todas as forzas políticas e se todas as persoas aquí representadas nesta Cámara estamos de acordo en que non é aceptable que en pleno 2018, con todo o que se ten avanzado no marco normativo e no marco xurídico do noso país, que se estean a vulnerar en cidades ou en vilas ou en pequenas localidades eses dereitos fundamentais que teñen as mulleres que se atopan en situación de violencia machista no ámbito xudicial, tamén é verdade que é hora de pasar máis do discurso aos feitos e de poñer enriba da mesa os recursos económicos, os recursos materiais, os recursos humanos e adoptar todas as medidas que

correspondan, tanto á Xunta de Galiza como ao Goberno do Estado español, que tamén ten responsabilidades nesta materia.

Nós seguimos defendendo que é necesario pasar dos discursos aos feitos, que hai que impulsar que se garanta o cumprimento real e efectivo desas leis e que, polo tanto, se garanta o exercicio dos dereitos que teñen esas mulleres. E votaremos —insisto— a favor como xa temos feito noutras ocasións.

Tamén é verdade —diciámolo desde o BNG pola mañá, co gallo da comparecencia do vicepresidente da Xunta— que é preciso ir máis alá. Necesitamos ser máis ambiciosas. E nós volvemos insistir, non podemos dicilo máis veces máis claro, pero o que nós consideramos que é absolutamente fulcral é que dentro desa Vicepresidencia, dentro da área do Goberno da Xunta de Galiza que leva ou desenvolve as competencias en materia xudicial, é necesario crear unha unidade específica en materia de violencia machista. Primeiro, para que vele polo cumprimento real e efectivo das leis no que ten que ver coa adecuación dos espazos, efectivamente, pero tamén, e sobre todo, na formación dos operadores xurídicos. E hai tamén unha cuestión que nós temos defendido moitísimas veces nesta Cámara e que cremos que non pode seguir adiándose no tempo, que é a creación deses xulgados específicos en todas as cidades do noso país, tanto en Lugo como en Ourense, e comezar a despreparar, a desenvolver, os servizos públicos no noso país axustándonos tamén á realidade social, á realidade demográfica e á realidade poboacional que temos no noso país.

A realidade poboacional é a que é, moitas veces é imposible, por unha cuestión de demografía, que se alcancen esas ratios, pero o que non se pode é impedir o acceso das mulleres a un servizo específico como son eses xulgados en Lugo e Ourense, porque temos a posibilidade —e ademais así o contempla a lei se existise vontade política— de comarcalizar eses xulgados.

Insisto en que nós imos apoiar esta iniciativa, pero tamén queremos deixar enriba da mesa que necesitamos ir máis alá, ser máis ambiciosas. Galiza estivo historicamente á vangarda na loita, na prevención e no combate da violencia machista, e cremos que hai que poñer enriba da mesa medidas que nos permitan seguir avanzando da mesma maneira que o fixemos até o de agora.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos os deputados e deputadas.

Quizais cada intervención sería necesario facela comezando polo número de mulleres mortas, asasinadas, e polo dos seus fillos.

Dende que temos datos oficiais, no ano 2013, 972 mulleres foron asasinadas e 27 nenos e nenas. E no que levamos do ano 2018, en España, 44 mulleres asasinadas, 3 nenos e nenas. E en Galicia 3 en total, 2 mulleres e un fillo. Son datos desta mesma mañá da Vicepresidencia, da web da Vicepresidencia do Goberno.

De evitar precisamente este tipo de cousas é do que vai esta iniciativa, e como a conciencia é fundamental, eu voules relatar unha historia que non é unha historia porque é a vida real.

Unha rapaza duns 20 anos vai á comisaría poñer unha denuncia contra a súa parella, que é o pai da súa filla, da súa filla pequena. Di que el a maltrata psicoloxicamente. Vai soa, el acaba de botalas do seu piso, do piso onde vivían os tres, e ela ten que deixar a nena coa súa nai. A denuncia ten pouco máis de media carilla.

Os policía citan o home denunciado. Vai con avogado, evidentemente. El nega calquera tipo de maltrato e o asunto vai ao xulgado de garda. Os dous son citados para o día seguinte. Ela volve soa e deixa á nena coa avoa, ¿onde a ía deixar, que no xulgado non hai lugar? El irá media hora máis tarde. Non hai separacións físicas, hai separacións no tempo para evitar, precisamente, que se crucen, porque non hai onde colocar a cada un deles por separado. E cando a letrada lle vai lendo a denuncia e lle vai facendo preguntas, ela di que ten medo, que el a ameaza con quitarlle a custodia da súa filla e que quere unha orde de protección.

Isto é reiterado porque é o que todas as vítimas que chegan ao xulgado acaban pedindo.

A letrada é consciente de que con esa raquílica denuncia non vai haber nin orde de protección e probablemente se archive todo o procedemento, por iso trata de ir indagando —nese labor que fan os letrados a veces de familiar-psicólogo— nos feitos, e descobre que hai moito máis e que incluso hai unha testemuña que podería ir prestar declaración. Pero cando esta rapaza presta declaración ante a xuíza e a fiscal, o único que pode facer é chorar, non é capaz de responder a nada do que lle preguntan. Vaise achegando a hora da declaración do denunciado e o que fan a fiscal e a xuíza é apiadarse desta rapaza e citala para o día seguinte.

Un non pode depender da boa vontade nin da piedade das persoas, e diso vai precisamente esta iniciativa que trae En Marea e que nós imos apoiar. Vai sobre o último eslabón da cadea antes de chegar a esas 44 mulleres asasinadas en España.

Chegar ao proceso penal ten que ser o último, pero necesitamos o de antes, porque se non chegaremos de novo a máis mulleres asasinadas.

Dentro do proceso penal, en todo caso, a loita contra a violencia e o trato ás vítimas debe ser inescusable, é algo que nos ten que preocupar. Parece moi básico, pero a semana pasada o Consello Xeral do Poder Xudicial sacaba unha Guía de boas prácticas para xuíces e xuízas que son de perogrullo, de absoluto perogrullo, precisamente para evitar unha segunda vitimización nos tribunais, para tratar de que as mulleres se sintan acompañadas e perciban —e entrecomillo porque é así, literal— «sensibilidade» e non «indiferenza» por parte dos representantes do sistema legal.

Pois ben, esta proposición non de lei vai precisamente diso, de dependencias separadas, de comparecencias por vídeoconferencia dende salas anexas e de dependencias apropiadas para os fillos e as fillas.

En Pontevedra, no Xulgado de Garda, por exemplo, non hai dependencias separadas. As dependencias do Xulgado de Instrución están nun cuartucho onde se gardaban as escobas e o propio Goberno di que vai acondicionar para que sexa máis cómodo antes de que remate a reforma. O mesmo nos dixo a comezos do ano 2017. Só hai un aparato de vídeoconferencia para todo o edificio, pero hai cinco xulgados do penal que, evidentemente, celebran xuízos ao mesmo tempo. Imos esperar ao novo xulgado a ver se, efectivamente, continúan esas dependencias de agarda para os menores.

Cando un vai a esa guía de boas prácticas que non é máis que unha guía de «sentidiño», recomenda que o ambiente para a declaración debe ser de intimidade; que na fase previa ao xuízo deberíase ofrecer á vítima a posibilidade de declarar na vista oral mediante vídeoconferencia, para evitar o contacto visual co acusado. Porque non en todos os xulgados hai biombos, e o biombo, aínda que exista, provoca medo tamén porque a vítima sabe que o agresor está ao seu lado; ten unha táboa de madeira polo medio, pero el está aí. E xa na vista oral os xuíces e xuízas deberán impedir preguntas sobre a vida privada da muller non relevantes ou as que vaian dirixidas a facer que se sinta culpable por denunciar o maltrato.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Perogrullo —vou rematando—.

Evidentemente, imos votar a favor. Estas recomendacións son moi distintas de cando esta rapaza foi ao xulgado. E dicir que se sigan levando a cabo reformas cando dende 2013 levamos 972 mulleres asasinadas e 27 nenos e nenas, é un pouco arriscado. E aínda que esta sexa a última fase, hai que tomar solucións drásticas xa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Sorpréndenos que a principal argumentación do Partido Popular sexa que se fala deste tema no Parlamento, que se fala reiteradamente deste tema no Parlamento. Hai que falar deste tema reiteradamente no Parlamento por unha razón, e é que non se cumpre con aquilo que se acorda no Parlamento. Pasan os meses, pasan as semanas, pasan os anos e a situación dos xulgados segue sendo a que é. E o problema que teñen os xulgados é que normalmente a xente que pasa por alí pasa no momento no que está sendo o proceso penal, moitas veces unha vez única na vida, e que o xulgado se acabe arranzando 2, 3, 4, 5 anos ou unha década máis tarde, non soluciona os problemas de quen pasou polo xulgado unha década antes. Esta

é a razón pola que nós non podemos conformarnos con que no ano 2016 ou a inicios do 2017 se aprobe unha iniciativa que despois non se leva a cabo. Ese é o problema. E de aí deducimos unha consecuencia e unha advertencia: traerémolo as veces que faga falta ata que se cumpra. Porque moitas veces o que hai que facer é soste-lo no debate político un tema ata que se faga por fin unha materialización auténtica que é o mandato; á parte de que este Parlamento, de forma unánime ou de forma maioritaria outras veces, exhorte a Xunta de Galicia.

Despois hai outra cuestión, e é que nós soamente temos iso como mecanismo de control do que se aproba aquí no Parlamento, porque intentamos unha reforma do Regulamento para verificar o mecanismo de control, incluso parlamentario, sobre as decisións adoptadas por esta Cámara que foi rexeitada polo Partido Popular. Polo tanto, o único mecanismo que temos as demais forzas políticas para que se cumpran os acordos e que non sexan sempre papel mollado, é, no caso de que pase o tempo e non se verifique, volvelas traer.

O que traemos hoxe os distintos grupos parlamentarios é a denuncia dunha situación que existe a día de hoxe e que non se solucionou desde as anteriores veces que tratamos este tema ou similares, porque temas similares, ademais deste, trouxémoslos non soamente unha vez, senón moitas máis veces, e casos singularizados levámoslos á comisións en moitas ocasións. E imos ter que seguir levándoos porque non nos queda máis remedio.

Non estamos de acordo con que a señora deputada diga que hai que cumprir en función da capacidade das instalacións xudiciais. Non é iso o que di a lei. A lei o que di, e o Pacto de Estado o que di, é que hai que facer obras de adaptación para que isto sexa realidade, non simplemente adaptarse a cal é a realidade. Non, hai que modificar a realidade física, a realidade estrutural, a realidade arquitectónica, a realidade tecnolóxica, e diso é do que ía esta emenda. O que non pode ser é que en todos os xulgados de Galicia estean xa instalados os sistemas de vídeoconferencia e que internamente, dentro do propio xulgado, dunha sala a outra, non se poida facer unha vídeoconferencia, e iso está pasando.

O investimento máis caro está feito, o que é nos equipos; agora basta con establecer protocolos ou sistemas que permitan facelo realidade. Pero iso non está pasando neste momento. Polo tanto, era ben fácil, se é que non tiña ningunha complicación, telo feito xa desde a última vez que debatemos isto en comisión. Sen embargo, non se ten feito, e iso, polo tanto, queremos denunciá-lo.

Sobre o tema da acción de goberno, basta repasar o que dixo esta mañá o vicepresidente do Goberno para ver que en ningunha das tres grandes liñas que anunciou fixo referencia a isto. Fixo referencia a outros temas, evidentemente, pero estamos falando dun tema que complementa o que se falou esta mañá, só unha vez, de *soslayo*, e como consecuencia dunha réplica a unha das intervintes doutro dos grupos da oposición, se dixo que se estaba traballando. Ben, queremos saber en que se está traballando e en que se vai concretar. E, sobre todo, traemos aquí unha iniciativa para impulsar politicamente ese traballo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Vou rematando xa.

Existen neste momento edificios que están en construción, tamén sometemos aquí a unha consideración e é se están dialogadas a nivel arquitectónico as necesidades cos profesionais que saben disto, porque moitos deles nos están dando queixas de que non se está facendo de acordo con esas prescricións.

E remato xa cunha referencia. Quero mostrar tamén á Cámara a Memoria anual do Tribunal Superior de Xustiza do ano 2017, polo tanto, publicada recentemente, onde se fala da seguridade dos edificios e das persoas. Denúnciase a falta de elementos estruturais que complementen a seguridade —de todo o que estamos falando—, e dise concretamente que o escáner e a monitorización da seguridade pola sala de control e as vídeocámaras non resolveu os problemas de seguridade, especialmente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—remato— nas grandes cidades como A Coruña e Vigo, onde se rexistraron incidentes en dita materia. E insístese na necesidade dunha maior dotación de persoal de seguridade nos mesmos. Todo isto na Memoria do...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Esperamos, polo tanto, unha reflexión e un impulso político.

Por certo, nós non temos ningún problema en...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Non, non, é sobre a emenda, porque...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): É que xa imos...

O señor VILLARES NAVEIRA: Ben, rematamos.

Estamos dispostos a construír. Esperemos que vostedes estean dispostos a cumprir.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señor Conde.

Sabe vostede perfectamente a opinión que temos desde o nacionalismo galego da constante estafa e disparate que supón o sistema eléctrico do Estado español. Non lle sorprenderá que opinemos que a estas alturas é un feito obxectivo, sen ningún lugar a dúbida, que os cambios da última década pois só fixeron afondar no escurantismo dun oligopolio cuxo funcionamento está nos antípodas da transparencia e tamén que a estas alturas contribuíu a legalizar a constante suba da luz, ao tempo que se renunciaba por parte dos sucesivos gobernos a intervir neste sector e neste mercado.

Desta forma, o que debera ser un ben básico e un motor de desenvolvemento económico vimos como se convertía progresivamente no que é hoxe en día, unha mera mercadoría coa que especulan grandes *lobbys*, grandes *lobbys* aos que ademais hai quen lles pon unha alfombra legal ao servizo dos seus intereses e das portas xiratorias. E o resultado desta doutrina da desregulación ten consecuencias; ten consecuencias para os consumidores e consumidoras domésticos, ten consecuencias para a pequena e mediana empresa e ten consecuencias tamén para a nosa industria, para a grande industria.

E hoxe temos unha urxencia como país. Supoño que coincidirá comigo, señor Conde, en que sería unha irresponsabilidade non centrar a iniciativa de hoxe na cuestión que entendo que nos ten que estar a preocupar a ambos e as nosas forzas políticas e tamén o Goberno galego: a situación de Alcoa, que hai máis dun mes que anunciou o peche da súa fábrica na Coruña.

E dános a impresión —teño que dicirlo con todo respecto e con todo o ánimo construtivo— de que non están a facer todo o que está nas súas mans e temos —a verdade— certa decepción con como se está a poñer en práctica aquilo que acordamos xa no 24 de outubro a través dunha declaración institucional neste mesmo Parlamento galego, tendo en conta, ademais, que, se mal non estou informada, vostede entendo que adiantou esta interpelación á tarde de hoxe porque mañá se desprazará a Madrid con motivos deste asunto. Pois entendo que hai cuestións que poderemos poñer en común.

Nós entendemos que a solución diante da crise de Alcoa é política, porque é política tamén as causas que ten detrás dela, e hai dúas esferas nesa resposta política: urxente e tamén a medio prazo, pois a mudanza que precisa tanto o sistema, a política industrial, como o propio sistema enerxético.

A liña de traballo urxente nós entendiamos que a fixabamos xa naquela declaración institucional. E eu hoxe pois quero instalo a que se manteñan nese texto, a que aposten pola unidade de acción, a que aposten por seguir instando Alcoa a retirar ese ERE e tamén por apostar por esa cuestión aínda pendente de abrir unha mesa de negociación con todas as partes implicadas. Nós tamén nos mantemos e hoxe faremos propostas ao respecto con achegar entre todos e todas propostas para un marco estable para a nosa industria.

Nós entendemos que vostedes están fallando neste momento na unidade de acción, que non están contando —non temos nin sequera demasiada información— nin cos grupos parlamentarios nin —o que é máis grave— coas organizacións sindicais e cos traballadores e traballadoras, e dános a impresión de que está a haber unha diferenza bastante grande entre o grao de cohesión que se ve, por exemplo, desde Asturias e o grao de cohesión que somos quen de trasladar. Non sei por que lle dá a risa. Supoño que me explicará despois que somos quen de trasladar desde este país, pero eu dígolle con sinceridade que nos preocupa, que lle pedimos unha mudanza de actitude, que conten con nós e que conten tamén coa parte social, a comezar por constituír esa mesa plural de negociación que a día de hoxe —que nós saibamos— non existe.

En canto á retirada do ERE, sabemos que tamén na tarde de hoxe hai unha reunión importante a respecto desta cuestión. Non sei se ten algunha novidade e, se é así, se nola pode trasladar, porque nós vemos que o Goberno central está un pouco despistado —por así dicilo—, pero o certo é que vemos tamén bastante escurantismo por parte da Xunta de Galiza. O meu propio grupo no pleno pasado tamén trouxo este tema para dialogar co presidente da Xunta de Galiza, pero non sacamos demasiado en claro.

En todo caso, aínda que a miña visión non é satisfactoria respecto destas cuestións, nós vimos hoxe aquí, señor Conde, trasladar tamén propostas en positivo e con sinceridade. Entendemos que hai que avanzar noutra política enerxética e noutra política industrial, porque é precisamente esa política enerxética, esa política industrial, a que nos ten levado a esta situación.

Nós entendemos que non acertaron os demais gobernos cando vemos a día de hoxe tanto a destrución de emprego industrial como a situación que está a atravesar Alcoa, e non só, porque detrás de Alcoa poden vir outras empresas e tamén nos preocupan.

Por unha banda, temos que recordar —e eu creo que é unha cuestión relevante, tamén do punto de vista das propostas que se poden facer— que Alcoa era anteriormente Inespal, era unha empresa pública, e foi o señor Aznar, cunha venda un tanto cara para as arcas públicas, que tendo en conta que tiña beneficios esta empresa e acabou custándonos máis de catrocentos millóns de euros, pois non creo que fora unha compra moi acertada. Pero, en todo caso, é relevante desde o punto de vista das propostas que podemos facer.

Eu creo que é obvio tamén que non acertaron cando temos un marco enerxético industrial que é absolutamente inestable. Sabe vostede perfectamente que para Alcoa máis do 50 % dos seus custos fixos pertencen a electricidade. Sabe que consome aproximadamente un 6 % do consumo total de enerxía de Galiza e que, polo tanto, é un absoluto disparate a situación na que estamos, que a día de hoxe esta empresa non sabe canto vai pagar pola enerxía a día 1 de xaneiro. E, polo tanto, entendemos que un sistema no que iso depende dunha poxa de vinte segundos pois non é o maior garante para a estabilidade das empresas, que non é o maior garante tampouco para incentivar que fagan investimentos en modernización.

E temos insistido nisto máis dunha vez tamén no que vai de lexislatura. Temos en reiteradas ocasións proposto enriba da mesa sistemas alternativos ao de poxas, porque só provocan incerteza nos custos a medio prazo e desincentivan eses posibles investimentos. E isto, ade-

mais, é algo que é posible, que xa existiu, que xa existiu e que existe noutros países de Europa e que, polo tanto, non é ningún disparate e é tamén unha demanda do propio sector.

Nós entendemos que é un problema o marco inestable, pero que tamén ten sido un problema unha política industrial entre ausente e errática. Porque tamén hai que dicir que, a través de concorrer ás poxas de interrompibilidade, empresas como Alcoa recibiron contías importantes de diñeiro público sen que ninguén vixiara en ningún momento se estaban a facer modernización, se estaban a fixar emprego de calidade e se estaban a prepararse para o futuro.

Pero, en todo caso, nós vimos aquí falar de propostas. Temos feito moitas no que vai de lexislatura. Non hai máis de mes e pico que volvemos insistir na necesidade de que había que sentarse co sector e facer unha mesa de avaliación de cal fora o resultado das poxas e que medidas de mudanza queríamos para o futuro, porque estamos nun escenario —e vostede sábeo— perfectamente aberto. Sorprendentemente, vostedes sempre votaron en contra, ata que hoxe pola mañá lin na prensa que agora si son partidarios de facer unha mesa co sector e sentarse a falar. A min paréceme unha boa noticia. Agora ben, tamén teño que dicir que botei de menos nesas fotografías unha parte importante. Eu non entendo como se pode ir a un escenario de negociar, valorar, falar, medir que tipo de modelo, que tipo de tarifa ou de modelo enerxético estable precisa a nosa industria e que non se conte coa parte social. Entón, esta dúbida tamén teño que trasladarlla aquí, porque a verdade é que nos parece complicada esta situación sen contar cunha parte que é absolutamente fundamental.

Eu quero pensar que a situación que está atravesando Alcoa, e tamén a situación política en Madrid, lles permite ser un pouco máis libres de ter unha posición propia de país, que faga que poidamos avanzar nesa liña.

Entón, tamén me gustaría saber se vostedes teñen avaliado a proposta en materia de industria que lle ten remitido algunha forza sindical ao respecto. Gustaríame saber que teñen pensado de cara ás próximas reunións que haxa de ámbito estatal e tamén a respecto da proposta do comité de empresa que o pasado 31 de outubro nos remitiron a todas as forzas políticas e que no pleno pasado a súa forza política non quixo votar favorablemente. Non sei se é que temos que entender que están en contra de todas esas propostas e que temos que entender que están a trasladar algunha ou qué, pero a verdade é que, tendo en conta a urxencia da parte social destas negociacións, é un pouco inescrutable saber o que pasa nelas.

Tamén me sorprende o momento que estamos a vivir. Non sei se vostede se enterou —porque creo que estaba na China—, pero na súa ausencia Feijóo díxonos —creo que o repetiu vostede hoxe— que estaban a favor de fomentar unha poxa a cinco anos vista, un marco estable a cinco anos vista. Eu non sei se non deron ben o recado ou qué, pero hai poucos días, o propio 14 de novembro, saía no *Boletín Oficial do Estado* a orde de poxa de interrompibilidade, outra vez, por seis meses, non por máis tempo, e cunha resolución do 6 de novembro de 2018. Esta reunión da que eu lle falo foi o 8 de novembro. Eu non sei se vostedes alí non defenderon nada, se é que non lles contaron nada ou se é que lles dixeron outra cousa, pero tamén me gustaría que nos falara sobre isto, porque nos parece importante o que esa poxa poida dar como resultado para Galiza e se está habendo interlocución ou non entre o Goberno galego e o Goberno de Madrid.

En todo caso, na segunda quenda eu falarei de propostas máis concretas, pero penso que temos marxe, señor Conde, para que vostedes trasladen en Madrid unha posición de país que permita situar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...esta crise de Alcoa tamén como unha oportunidade para a industria galega.

Polo momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, efectivamente, hai dez días estiven en China, mañá estarei en Madrid, defendendo en ambos os dous casos os intereses do tecido produtivo galego. Vostede non sei onde estaba, ben cando redactou a pregunta ou ben cando preparou esta intervención, porque nada practicamente ten que ver a súa pregunta da interpelación coa intervención que ten feito. En calquera caso, voulle responder ás dúas cousas, á interpelación e á súa intervención.

Ademais, tampouco sei, señora Presas, onde están as súas propostas. Estivo dez minutos anunciándome as propostas que me ía trasladar. Non sei se esas propostas se refiren a esa proposta dun sindicato que non nomeou; non sei, por tanto, como hai varios sindicatos, a que proposta se refire, pero, en calquera caso, vostede non fixo referencia a ningunha proposta. Eu, como lin a súa interpelación, pois intentarei tamén respostar.

O que non me sorprende é, unha vez máis, a postura ideolóxica e incoherente do Bloque Nacionalista Galego. Porque, señora Presas, parece que vostedes nunca estiveron no Goberno e parece que vostedes nunca gobernaron co Partido Socialista de Galicia en Galicia, e parece que vostedes nunca apoiaron o Partido Socialista Obreiro Español en Madrid, e parece que veñen aquí de novas, e parece que veñen aquí para descubrir como funciona o mercado eléctrico. E cando vostedes estiveron no Goberno non fixeron nada. E agora sorpréndeme —iso si que me sorprende— que durante toda a intervención falou cara ao Goberno, cara á Xunta de Galicia en primeira persoa, en todos os aspectos en que vostede realmente se estaba dirixindo ao Goberno de España.

Se vostede se quere dirixir ao Goberno de España e entende que hai unha inacción do Goberno de España, dígallo ao Goberno de España. Seguramente porque non quere molestar os seus socios pois non quere facer esa referencia e fai referencia a como se a Xunta de Galicia realmente tivera algo que ver na determinación da poxa da interrompibilidade ou como se a Xunta de Galicia tivera algo que ver sobre as propostas que, dadas as súas competencias, ten que ter o Goberno do Estado. Por tanto, señora Presas, eu pediríalle un pouco, primeiro, de coherencia e, segundo, de rigor. E, na súa intervención, nin coherencia nin rigor.

En calquera caso, como lle dicía, eu claro que lle vou responder, porque este goberno, a Xunta de Galicia, non mudou en ningún momento a súa posición, en ningún momento. E estou trasladar en todos os ámbitos.

Cando vostede me plantexa a unidade de acción e me plantexa a defensa da posición dos traballadores, dígame en que momento a Xunta e Galicia deixou de estar nesa unidade de acción, deixou de estar defendendo os intereses dos traballadores e deixou de defender a posición de Alcoa. Dígame unha soa declaración deste goberno onde se poña en dúbida esa unidade acción e, por tanto, a defensa dos traballadores, en primeiro lugar, para que Alcoa retire o expediente de regulación de emprego; en segundo lugar, para que Alcoa inicie un proceso de negociación para darlle continuidade á actividade industrial na Coruña; en terceiro lugar — cousa que só está escoitando este goberno — para exixirlle ao Estado un marco estable do prezo e do custo da electricidade para garantir que o conxunto das empresas electrotensivas teñan ese acceso á electricidade a un custo competitivo. Iso si o está a demandar a Xunta de Galicia, (*Aplausos.*) estou a demandar dende o primeiro momento.

Polo tanto, señoría, lamento que vostede se refira á Xunta de Galicia en expresións como que nós estamos fallando, como que nós non estamos acertando e como que nós non temos iniciativas. Nós estamos cos traballadores, nós claro que temos claro cal é a solución e a vía para que Alcoa poida continuar a súa actividade industrial e claro que estamos tendo iniciativas.

Señora Presas, política industrial. ¿Vostede ve algunha diferenza na situación que nestes momentos teñen os traballadores de Alcoa e a situación que teñen os traballadores de Elnosa? ¿Ve algunha diferenza?, porque este goberno non ve ningunha diferenza. Nós defendemos exactamente igual os postos de traballo de Alcoa, de Elnosa, de Reganosa e incluso tamén do sector naval (*Aplausos.*) cando se plantexa calquera tipo de iniciativa como a construción das corvetas. Polo tanto, cando queira falar de política industrial, non veña aquí con demagoxias, veña aquí con propostas e con compromiso para esa actividade industrial en todos os sectores produtivos e en todos os sectores estratéxicos da nosa economía.

E iniciativas. ¡Claro que este goberno está poñendo iniciativas! E sobre todo o que estamos mantendo é o criterio. Este goberno non está defendendo nada distinto do que defendía co Goberno de Mariano Rajoy, nada distinto. E durante todos os anos a Xunta de Galicia defendeu a posición de Alcoa, defendeu que o Goberno tiña que establecer un marco eléctrico estable e non mudamos en ningún momento a nosa posición.

E, señoría, Alcoa sempre tivo unha solución, ata o momento Alcoa sempre tivo unha solución, e a Xunta de Galicia demandou esa solución onde a tiña que demandar, que era no Goberno de España. E o Goberno de España con Mariano Rajoy durante todos estes últimos anos deu unha solución a Alcoa. E nós seguiremos demandando coa mesma forza e coa mesma intensidade esa solución para Alcoa. (*Aplausos.*)

E fálame vostede de propostas. Señoría, como dixó que ía plantexar algunha proposta, pois eu escoitarei atentamente as súas. Polo de agora nós estamos tomando a iniciativa, estamos tomando a iniciativa co Goberno e estamos tomando a iniciativa co sector das empresas electrotensivas en Galicia. E estamos defendendo os seus intereses, porque nesa Lei de cambio

climático e de transición ecolóxica que puxo enriba da mesa o Goberno hai plantexado un estatuto para as empresas electrointensivas. E claro que nos reunimos esta mañá coas empresas electrointensivas e claro que constituímos un grupo de traballo para identificar cales poden ser as solucións de curto e de medio prazo para establecer ese marco estable, de Alcoa e do conxunto das empresas electrointensivas, porque, señoría, son catro mil quiñentos empregos os que teñen as empresas electrointensivas en Galicia. E, polo tanto, nós defendemos un a un eses catro mil quiñentos empregos para encontrar ese marco estable de electricidade para as empresas electrointensivas.

¿A súa solución é a tarifa independentista? (*Murmurios.*) Porque se esa é a solución, señoría, lamento enormemente que vostede pretenda xerar falsas expectativas aos traballadores de Alcoa. Vostede sabe que a súa tarifa independentista non é a solución para Alcoa, sábeo perfectamente, e o único que está a facer con esta interpelación é facer oportunismo político. Se a solución do Bloque Nacionalista Galego, dende logo, é a tarifa independentista que están vostedes a propoñer, sabe que esa non é a solución. Primeiro, porque é ilegal; en segundo lugar, porque é máis cara para os galegos; e, en terceiro lugar, porque en ningún caso lle vai dar unha solución de continuidade a Alcoa.

Polo tanto, o Goberno si está a plantexar medidas que entendemos que poden supoñer unha solución para Alcoa. Defenderémolas en todos os ámbitos, tanto en Galicia como nas diferentes reunións co Goberno. E insístolle: a Xunta de Galicia mantén esa unidade de acción co Principado de Asturias, co Goberno de España, cos traballadores e cos sindicatos. Mantemos ese posicionamento para que Alcoa retire o expediente de regulación de emprego e mantemos esa proposta tamén para que o Goberno, que ten as competencias en materia de política enerxética, faga unha proposta que permita ese marco de estabilidade e que permita que Alcoa poida acceder a un prezo competitivo e en igualdade de condicións que os seus competidores. Ata o de agora o único que estamos é preocupados, porque nesa poxe redúcense os bloques de 40 megavatios e increméntanse os bloques de 5 megavatios. E claro que a Xunta de Galicia está preocupada, e por iso non se preocupe, que mañá estará enriba da mesa, porque será a Xunta de Galicia a que poña esa posición para defender os intereses de Alcoa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Este é o espírito de diálogo do Goberno galego. Ou sexa, o BNG trae unha interpelación — ¡que vostedes aprazaron! — aquí a esta Cámara, (*Aplausos.*) preocupados por un problema importantísimo da industria do noso país, e vostede vén aquí cos seus clixés de sempre a dedicarse a desprezar os demais e na súa estratexia habitual.

Ben, mire, eu recórdolle varias cousas, señor Conde. Efectivamente, o BNG nunca gobernou no Estado español, somos unha forza nacionalista galega, temos boas ideas que podemos exportar pero, desde logo, nunca gobernamos no Estado español. Iso si, no momento da reforma da Lei do sector eléctrico a nosa representación galega en Madrid emendou a Lei do

sector eléctrico do Partido Popular para mudar a poxa de interrompibilidade, ese sistema, por unha tarifa industrial estable. Non sei en que estaban vostedes, na inopia entón, cando promulgaban esa lexislación, porque —que eu saiba— as dúas leis do sector eléctrico deste Estado fíxoas o Partido Popular. Polo tanto, eu bastante correcta e a prol do diálogo fun, pero teño unha responsabilidade fundamental, fundamental: polas súas políticas estamos como estamos neste momento.

Nós no 2012 emendamos esta cuestión. Nós durante este tempo fixemos propostas para que isto non fora así e vostedes votaron sistematicamente en contra; a última vez, cando votamos unha ILP que vostedes travestiron totalmente. Tamén nesa proposta había unha tarifa industrial estable para a industria que vostedes desprezaron. O noso si é coherencia e si é rigor, non sei o que é o de vostedes. E creo que non ten lexitimidade ningunha para vir aquí botarme a bronca, máis aínda cando quen reduciu dun ano a seis meses a poxa de interrompibilidade —¡igual foi o Espírito Santo!— foi un goberno do señor Rajoy, señor Conde, e sábeo perfectamente.

Eu tamén estou preocupada pola poxa anunciada, estou preocupada. Xa rexistramos iniciativas ao respecto. Quen non sei se estaba preocupado era o señor Tahoces e o señor Feijóo, que foron a unha reunión o día 8 —que vostede non me aclarou se lle contaron algo disto ou, se non, se os toman polo pito do sereno ou non—, ¿e que dixeron? Pois: «*Feijóo bendice las medidas urgentes para Alcoa.*» (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) Pois supoño que bendice esta poxa e que non lle parece entón que hai que mudar os bloques. Pois non o sei, igual mo pode aclarar vostede.

Logo vén e di que non fixemos propostas. ¡Home!, xa lle dixen que non me dera tempo de dicirullo todo, pero a primeira proposta que lle fixen é que non rompan o consenso emanado deste Parlamento e desa declaración institucional que están vulnerando sistematicamente. Primeiro, non hai unidade de acción. Unidade de acción é vir aquí botarlles a bronca aos demais se preguntan algo; esa é a unidade de acción. Para a unidade de acción ten que haber diálogo, señor Conde, e non hai diálogo cos traballadores e traballadoras. Non minta, como fixo o señor Núñez Feijóo aquí, e cando saímos fóra todos e todas falar co comité de empresa de Alcoa están sorprendidos de que dixera que estaba en contacto permanente cando non era así. Non cometa o mesmo erro. E tampouco hai diálogo nin negociación cos grupos parlamentarios. Vén aquí insultar os demais. Se tanto o preocupaba esta cuestión, tiveran enviado outro conselleiro ou conselleira a responder a esta interpelación hai quince días; o Goberno é solidario, ¿non?, cando lle apetece. Pois en fin...

A segunda cuestión que nós plantexamos é se respaldaban ou non a proposta do comité de empresa. Nós xa dixemos que si nesta Cámara e xa propuxemos que se aprobara esa batería de propostas. Digan se as van defender ou non.

Pero, en todo caso —eu insisto—, a nós o que nos preocupa é a industria deste país, e, polo tanto, se quere propostas, pois vainas ter. Nós entendemos que, primeiro, hai que apostar por un novo marco enerxético que sexa estable e competitivo para as industrias electrointensivas. E nós entendemos que hai que volver a unha tarifa industrial estable, similar á que hai noutros países da nosa contorna. Tamén, que nesa tarifa ten que haber unha compen-

sación a Galiza por ser un país produtor. Vostede pode vir aquí e dicir: ben, como lle parece que independentista é un insulto, di: ¡bah!, é unha tarifa independentista. Eu non sei se lle parece que en Asime tamén son independentistas pero... (Aplausos.) 2015: «*La industria gallega urge una tarifa eléctrica especial y más barata para ser competitiva.*» (A señora Presas Bergantiños mostra un documento.) Hai dous debates: unha tarifa industrial estable e se dentro desa tarifa industrial estable merecemos un trato preferente, si ou non. Nós pensamos que si, pero cando menos dean o debate da tarifa industrial estable e atrévanse.

E tamén entendemos que iso hai que vinculalo aos postos de traballo, porque parte do problema actual é que durante este tempo non se avaliou en ningún momento se esa interrompibilidade e se eses recursos públicos destinados a iso se estaban ligando á vinculación ao territorio, ao emprego e á modernización. E saben vostedes que erraron, e sábeno porque xa volvemos aprobar iniciativas neste Parlamento que contemplaban esas cuestións que antes vostedes non tiñan en conta.

Para nós, desde logo, é inadmisibile que nunha Galiza na que producimos e exportamos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha media dun 35 % de enerxía non teñamos neste momento ferramentas para facer que eses catrocentos postos de traballo queden no noso país.

En todo caso, temos vontade, malia a actitude hostil deste goberno, e temos confianza en que hai capacidade...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de que esta cuestión teña outra resolución.

E —remato xa, señor presidente— o BNG xa rexistrou unha nova modificación da Lei do sector eléctrico —teño aí unha copia para que a leve, se quere—.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E teñen tempo de abrir un novo debate e de mandar a Madrid unha proposta que estea participada por todo o mundo cando superemos esta urxencia de Alcoa.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Para o turno de réplica, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moi ben.

Señora Presas, pois nada, como non lles gustan as verdades e identifican como sinónimo cando lles trasladan de forma clara a posición do Goberno en defensa dos traballadores e en defensa da posición de Alcoa e da política de industrial —non quere falar vostede de política industrial—, pois vou falarlle loxicamente con toda a sensibilidade, non vaia ser que sexa por falta de delicadeza, porque iso, dende logo, dende este goberno sabe que vai ter sempre a man tendida. (*Murmurios.*)

O que si lle podo trasladar —insisto, con toda a delicadeza, porque parece ser que vostede hoxe viña cunha especial sensibilidade— (*Murmurios.*) e eu o único que lle trasladei foron as verdades tal como son. O único que lle preguntei é por que esas medidas que vostede plantexa non as levaron a cabo co Goberno bipartito. (*Murmurios.*) Pregunteille e non me respostou.

Tamén lle preguntei por que vostedes, se tiñan a posibilidade de facelo en Madrid cando apoiaban o Partido Socialista Obreiro Español, (*Murmurios.*) non o fixeron. Ningunha iniciativa ao respecto se lle coñece ao Bloque Nacionalista Galego. Seguramente daquela, señora Presas, vostedes estaban preocupados por outros aspectos e non precisamente nin pola política industrial nin pola política enerxética.

Fálame vostede da iniciativa lexislativa popular. Mire, sobre as súas propostas e sobre a súa proposta de tarifa —que parece ser que, segundo vostede di, a apoia algunha patronal— nunca deron ningún dato. Vostede sabe perfectamente que o sistema eléctrico non é só a xeración de electricidade. Vostedes falan simplemente da xeración pero non falan nunca nin da distribución nin do transporte, (*Murmurios.*) en ningún caso. E nunca dan, como lle digo, ningún tipo de dato.

Vou recordarlle dúas citas dun ponente, o señor Blanco Parga, que participou nesa ponencia da Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo: ¿por que o 30 %?, que é a proposta do Bloque Nacionalista Galego —autopreguntábase Blanco Parga—. Porque é unha decisión política —dicía Blanco Parga—. ¡Ah!, unha decisión política. ¿E por que 30? Non, nós pedimos o 30, seguramente vostedes poden pedir o 20 e outros o 50. Ese é o xogo. *Dixit Blanco Parga.*

Segunda cita. ¿Quen paga a tarifa eléctrica galega? ¡Ah!, o sistema eléctrico. Moi ben, eu poño as normas pero que sexan outros os que veñen pagar. Esa é a proposta do Bloque Nacionalista Galego. Así non se fan propostas. Fanse propostas con datos concretos e explicando, efectivamente, cal é o impacto da súa proposta cando a queren concretar.

Vostedes saben que a tarifa que vostedes propoñen é máis cara, sábeno perfectamente. Porque Galicia paga 100 millóns de euros menos de peaxes do que se inviste por parte do sistema eléctrico, e saben que adicionalmente a eses 100 millóns de euros hai 200 millóns de euros que se ingresan por interrompibilidade, que veñen directamente do Estado. Nunca explicaron de onde ían sacar os 300 millóns de euros que nestes momentos ten Galicia e dos que se beneficia pola solidariedade do conxunto do sistema. Nunca poñen datos, e así, dende logo, non se vai encontrar ningún tipo de solución.

Señora Presas, non mudamos, mantemos esa unidade de acción, apoiando os traballadores, mantemos ese marco estable para Alcoa, para o conxunto das empresas electrointensivas e,

claro, señora Presas, que imos trasladar esas propostas, esa defensa tanto de Alcoa como do conxunto das empresas electrointensivas.

Esperamos unha aclaración por parte do Goberno de España sobre a poxa que vén de convocar, con eses dous bloques de menos de 40 megavatios e eses bloques adicionais de 5 megavatios. E, dende logo, dende a Xunta de Galicia o que si saben os traballadores de Alcoa, os traballadores das empresas electrointensivas e o conxunto das empresas do tecido industrial de Galicia é que aquí terán un goberno que vai defender os seus intereses por riba de todo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

O primeiro que quería era saudar as mulleres que nos acompañan hoxe dende a tribuna. Son algunhas das mulleres que traballan no noso país como camareiras de piso, que, por desgraza, teñen que soportar condicións laborais de miseria. Por iso xustamente hoxe traemos esta interpelación, porque consideramos que non pode permitirse que se estean dando estas condicións laborais nun sector tan importante para o noso país sen que o Goberno tome medidas.

Como dicía, a maioría das mulleres que nos acompañan hoxe, e tantas outras, as que limpas hoteis, albergues ou pisos, que son coñecidas tamén como *kellys*, levan moito tempo vendo como van perdendo progresivamente dereitos e como van perdendo progresivamente condicións laborais.

Xa preguntamos na Comisión de Industria sobre este tema. A verdade é que as respostas nos pareceron totalmente insuficientes, bastante insultantes, porque falouse de case todo menos deste sector concreto. Por iso traemos hoxe esta interpelación, porque esperamos que o Goberno galego dea unha resposta adecuada a esta situación.

E tamén temos que dicir nun pleno como o de hoxe, que estivo marcado pola defensa de iniciativas de igualdade, pola comparecencia do señor Rueda, que vemos bastantes contradicións moitas veces entre os discursos que fan sempre da defensa da igualdade, de pór a igualdade e o feminismo como unha prioridade absoluta do Goberno, e despois os feitos, porque nós cremos que se manteña o inmovilismo ante situacións tan graves como a destas traballadoras non é feminista nin defende a igualdade.

Hoxe estamos falando dun sector moi precarizado, fortemente feminizado, como sabe, que, como dicía, non fixo máis que perder dereitos segundo foron pasando os anos. E como temos falado moitas veces neste pleno, tamén noutras comisións, a precariedade xa non é un caso illado, non é unha excepción; a precariedade xa é unha característica estrutural do mercado laboral de Galicia.

Pero, sobre todo, se falamos das mulleres, e con este 8 de marzo tan recente, onde as mulleres demos unha lección saíndo á rúa e dando mandatos claros, tamén temos que dicir que a precariedade ten rostro tamén de muller. As desigualdades nas mulleres aínda son moito peores que nos homes. Por iso nós cremos que hai que tomar medidas e solucións de maneira urxente.

Nós cremos que a base de que este tipo de traballos estea tan mal pagado é que non se valora, e o que non se valora, o que non se nomea parece que non existe. Non se valora nin economicamente nin socialmente, porque son traballos que tamén nos nosos fogares realizamos de maneira gratuíta: coidar, limpar... E cremos que o primeiro paso é valorizar e pór en valor todo este traballo. Hai que acabar coa discriminación histórica que sufrimos as mulleres en todos os nosos ámbitos.

Como dicía, o problema destas mulleres, das camareiras de piso, non é unha situación nova, leva moitos anos sendo un problema, pero é verdade que a raíz das últimas reformas laborais agudizouse aínda máis o problema. Porque, a pesar de que se repetiu en moitas ocasións que as reformas laborais ían servir para crear máis e mellor emprego, sabemos que as únicas consecuencias das reformas laborais é que se abarataron os despedimentos, abaratáronse os salarios e reducíronse os dereitos.

Ademais, unha das consecuencias que afectou especialmente este sector, como outros —xa o falamos noutras ocasións tamén—, foi a externalización masiva, a externalización progresiva que se efectuou e que veu acompañada obviamente dunha diminución salarial moi importante. E nós cremos que isto hai que cambialo. Non se pode permitir que haxa empresas que se descolguen do convenio colectivo para pór salarios de miseria, como os que están impondo nestes momentos en moitas situacións, sobre todo cando falamos dun sector que moitas veces se nomea neste pleno, o turismo, un sector moi importante para o noso país cando se fala en termos económicos, pero nunca fan unha reflexión de que hai detrás do turismo, de que condicións laborais se están impondo neste sector laboral. Porque, ademais, precisamente nun sector onde a estacionalidade é unha das súas características fundamentais, haberá que pór medidas para que o emprego non sexa tan precario como é na actualidade. Cremos que non se pode perpetuar un emprego coas condicións laborais que se están dando nestes momentos e que hai que rachar con este círculo de discriminación.

Como dicía, as reivindicacións destas traballadoras levan tempo pódose enriba da mesa, están saíndo, están mobilizándose e entón estase visibilizando un problema que levaba moito tempo oculto, que levaba moito tempo sendo silenciado, e cremos que o Goberno ten que tomar medidas de maneira inmediata. Non se pode permitir que haxa tantas mulleres no noso país con estas condicións, como dicía, de miseria, sobre todo porque as reivindicacións que se están pondo enriba da mesa son totalmente xustas, totalmente asumibles, que

se cumpran os mínimos dereitos: poder vivir co que se gana do seu traballo; non están pedindo nada que non se poida cumprir.

Recentemente coñecemos unha boa nova respecto deste sector: que se recoñecían por fin algunhas enfermidades profesionais. Cremos que este paso tamén axuda a que se visibilicen as condicións que hai detrás deste sector, porque sabemos que moitas mulleres tiveron que aguantar durante moito tempo ir a mutuas e que a única resposta fora que as causas eran, por exemplo, a menopausa ou ir a unha mutua para que che pinchen un analxésico e seguir na roda do traballo, e cremos que que se recoñeza que existen enfermidades profesionais obviamente é un paso moi positivo.

Pero falta moito máis. Falta que este recoñecemento de enfermidades profesionais, dunha situación específica que crea enfermidades, teña tamén un correlato noutras cuestións, como, por exemplo, na exixencia de rebaixar a idade de xubilación. E, ademais, cremos que está totalmente xustificada esta cuestión, e despois falareille un pouco máis dalgúns datos.

Estas traballadoras, obviamente, polas condicións de traballo, teñen que soportar ritmos infernais, moitas están cobrando 2,50 euros a hora, imaxinen cantas habitacións, a que ritmos e a que velocidades teñen que facer para chegar a un salario mínimo interprofesional, cantas horas teñen que dedicarlle sen ter ningún tipo de dereito máis que traballar a ese ritmo infernal. E, como dicía, isto, este traballar a esta velocidade, traballar como se estiveras nunha cadea de montaxe a toda velocidade, tamén ten consecuencias na saúde física e tamén mental. Moitas veces hai máis estudos das doenzas físicas, son máis cuantificables, pero tam-pouco se fala das doenzas mentais que tamén están detrás: da ansiedade, do estrés e de todas estas cuestións, que moitas veces nin sequera poden coller unha baixa polo medo ao despedimento, polo medo xustamente ao despedimento, pola externalización das empresas, que favorece e facilita o despedimento dunha maneira moi evidente.

Por iso, unha das cuestións que queríamos preguntarlle era se tiñan algún estudo a nivel galego sobre estas afeccións que afectan este sector. Cremos que non é así. Por iso algunhas das conclusións extraémolas doutros estudos, algún por exemplo feito en Valencia polo Instituto de Seguridad y Salud en el Trabajo, que deixa datos moi alarmantes. O 66 % das traballadoras perciben molestias na zona dorsal, lumbar, das costas, seguidas por molestias nos ombreiros, nos brazos e no pescozo, por riba do 50 %. Máis da metade das traballadoras teñen doenzas físicas, lumbares, músculo-esqueléticas, máis da metade. O que dá unha cifra que evidencia que o ritmo e a situación laboral non é admisible.

E é que, ademais, se constata que as molestias percibidas están moi relacionadas cos anos que levan no posto de traballo e coa antigüidade e tamén coa idade da traballadora. E isto vén moi vinculado co que comentaba de rebaixar a idade de xubilación, unha cuestión evidente que se constata cos poucos estudos que hai. Unha das reivindicacións e das cuestións que queríamos preguntarlle é se teñen pensado indagar máis en estudos específicos para saber a situación real destas traballadoras.

E, por outra parte, como dicía, a externalización favorece que se despida as traballadoras dunha maneira moito máis sinxela. E isto está pasando. Pasa cando hai moitas traballadoras

que non collen baixas por medo e tamén pasa cando hai traballadoras que se mobilizan e que despois son represaliadas. E isto pasou na nosa cidade, pasou en Compostela, non pasou hai moito tempo. Pode ler a prensa e darse conta de que a represión está acontecendo a día de hoxe en hoteis do noso país. E, obviamente, ante iso tamén hai que actuar e haberá que ver por que a Inspección de Traballo non está chegando e está permitindo que haxa condicións tan de miseria como as que dicía.

Por iso cremos que o Goberno galego non sabemos se é consciente desta situación. Se é consciente, cremos que ten que tomar medidas. Queremos preguntarlle cales son as medidas que teñen enriba da mesa para solventar a situación, porque, como dicía, todas as reivindicacións que están pondo enriba da mesa estas mulleres son de xustiza, son moi básicas, son dereitos do máis básico: salarios para poder vivir, salarios para poder pagar o alugueiro, as facturas. Non están pedindo absolutamente nada máis, están pedindo unicamente que as súas condicións laborais sexan dignas, non ter que enfermarse, non ter que ir traballar con analxésicos todos os días. Cremos que é totalmente asumible, que o Goberno ten que tomar medidas. Por iso esperamos que na resposta nos diga algo máis que o que nos dixo a súa directora xeral, da que —síntoo moito— foi bastante insultante o seu discurso.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, eu lamento que a súa intervención fora desafortunada, que fora impropia e irresponsable cun sector económico como é o sector do turismo e, ademais, que falte á verdade cando se refire á secretaria xeral de Emprego.

E voulle trasladar as tres explicacións. Mire, desafortunada porque vostede, dunha forma bastante gratuíta, pretende vincular o mercado laboral galego coa precariedade. Iso é simplemente desafortunado, porque non responde á realidade e, ademais, non responde a todos os esforzos que se están a trasladar por parte de todos os axentes económicos e sociais para mellorar a situación do mercado laboral en Galicia.

Pero, ademais, vostede intenta trasladar dunha forma, na miña opinión, impropia e irresponsable unha situación cara ao sector do turismo. Seguramente eu pensei que o comentario desafortunado do seu portavoz sobre o turismo de bocadillo fora simplemente un lapsus, pero vexo que non. E, lamentablemente, cando vostedes se están a dirixir ao sector do turismo, creo que deberían de pensar que están referíndose ao 11 % do produto interior bruto galego, que se están referindo a vinte e tres mil empresas e que se están referindo a cento vinte e nove mil persoas que traballan no sector do turismo. E non se merece esa vinculación de precariedade co labor que se está a desenvolver por parte das empresas, por parte dos

propios traballadores para traballar por un turismo de calidade e para prestixiar unha actividade económica. (*Aplausos.*)

Pero é que, señora Quinteiro, vostede fala de precariedade dunha forma totalmente xeneralista e non repara en que a Xunta de Galicia leva vinte e cinco anos traballando por un emprego en igualdade, vinte e cinco. Porque sabe perfectamente que o primeiro plan de acción en materia de igualdade se aprobou por parte da Xunta de Galicia no ano 1992-1994. A primeira lei galega de igualdade é deste goberno, ano 2004. Garantíronse todas as accións para difundir os dereitos dos traballadores e traballadoras e tamén a tutela antidiscriminatoria nas relacións laborais.

Sabe perfectamente que este goberno está traballando polo emprego en feminino, para permitir a reincorporación das mulleres ao mercado laboral, para desenvolver a súa cualificación profesional, para garantir a igualdade na empresa, tamén o emprendemento feminino. E sabe tamén, perfectamente, que estamos aplicando medidas concretas para corrixir a situación do mercado laboral, que vostede veu aquí, nunha frase, dicir simplemente que era precario. Iso, señora Quinteiro, non responde á realidade.

E estanse aplicando medidas concretas para favorecer o emprego feminino a través dos diferentes programas tanto de formación como de programas integrados de emprego. Estanse dando máis axudas á igualdade, máis axudas á conciliación, máis axudas á responsabilidade social e empresarial. Estamos desenvolvendo unha nova guía de boas prácticas de igualdade na negociación colectiva. Estase desenvolvendo un novo estudo sobre a fenda salarial. E tamén no ano 2019 imos seguir con medidas específicas para a igualdade retributiva e tamén outras iniciativas.

Señora Quinteiro, revise os datos. Revise os datos e verá que o mercado laboral galego presenta datos no emprego feminino mellores que a media de España. Galicia presenta unha menor taxa de paro, presenta maiores taxas de actividade de emprego, presenta menores taxas de temporalidade e de precariedade, presenta datos en materia de emprego de calidade onde oito de cada dez mulleres ocupadas en Galicia traballan a xornada completa, oito de cada dez mulleres ocupadas en Galicia traballan a xornada completa, sete de cada dez teñen un contrato indefinido, e, ademais, hoxe hai máis mulleres cun contrato indefinido e máis mulleres cunha xornada a tempo completo que no ano 2009.

Eses son os datos, señora Quinteiro. Polo tanto, creo que, se quere falar do mercado laboral e do emprego en igualdade, veña aquí con datos e entón podemos facer un debate. Pero vir aquí xeneralizar, simplemente dicir que hai precariedade no mercado laboral, é simplemente faltar á realidade que ten o mercado laboral en Galicia.

Pero a súa interpelación trasladaba tamén os diferentes aspectos para mellorar as condicións laborais das mulleres que traballan na limpeza de pisos nos hoteis e nos apartamentos. Efectivamente, explicouno hai uns días a secretaria xeral de Emprego, con total respecto institucional; non sei por que utilizan a palabra insulto, debería explicalo. Porque están aí os *Diarios de Sesións* e a secretaria xeral de Emprego contestoulle con total respecto institucional e simplemente dándolle as explicacións pertinentes sobre o que vostede estaba preguntando.

Non creo que sexa xusto vir aquí e dicir que a secretaria xeral de Emprego a insultou; iso é impropio por parte dun deputado.

En calquera caso, se non estivo atenta ás explicacións que lle deu a secretaria xeral, eu con todo gusto lle traslado as diferentes iniciativas, porque lle recordo que o Goberno do Partido Popular foi o que constituíu unha mesa pola calidade no emprego do sector da hostalería para tratar todas as cuestións que vostede recolleu na súa intervención e que afectan este colectivo, tanto na estabilidade do emprego como na formación, no regulamento do tempo de traballo e tamén na seguridade e na saúde laboral, o Goberno do Partido Popular, señora Quinteiro.

E tamén a Xunta de Galicia, non tendo as competencias, incorpórase a esa mesa de traballo e, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, está participando, xunto co Goberno central, para facer todo tipo de análises e iniciativas para mellorar a situación deste colectivo, tanto nas diferentes enfermidades profesionais que afectan as traballadoras como para avanzar na prevención de riscos laborais.

E froito dese traballo, que levamos desenvolvido dende o ano 2017, é ese recoñecemento das lesións nas mans e nos brazos que vostede menciona como enfermidades profesionais e que xa é unha realidade dende o pasado mes de agosto. Tamén ese acordo sobre a valoración técnica doutras doenzas que padecen e tamén esa elaboración dunha guía práctica para avaliar os riscos ergonómicos e psicosociais.

Esa é a realidade das iniciativas que xa ten levado a cabo o Goberno e a Xunta de Galicia.

E para o 2019, señora Quinteiro, o Instituto da Seguridade Social (o Issga) de Galicia ten previsto tamén desenvolver liñas de traballo. En primeiro lugar, desenvolvendo unha guía para a promoción da seguridade e saúde no traballo, a través dunha edición de material sobre prevención dos trastornos músculo-esqueléticos para mellorar esa prevención. Imos impulsar campañas dirixidas ao sector da hostalería e tamén imos actualizar toda a documentación para renovar a imaxe e a presentación e a súa difusión. E tamén, señora Quinteiro, ofreceremos asesoramento e asistencia técnica na correcta xestión do risco ergonómico.

En definitiva, estamos actuando, estamos actuando con medidas concretas, estamos actuando en coordinación co Goberno do Estado, e tamén lle daremos continuidade, señora Quinteiro, ao labor que vén desenvolvendo a Inspección de Traballo, porque a Inspección de Traballo tamén ten un traballo moi importante para garantir o respecto e os dereitos das traballadoras en Galicia, e, polo tanto, no ano 2019 prestarase unha especial atención ás traballadoras cedidas por empresas de traballo temporal e aquelas vencelladas a empresas multiservizos.

En definitiva, medidas concretas para este colectivo en materia de prevención, en materia de seguridade e saúde laboral, en materia de todos aqueles aspectos que permitan unha mellora das súas condicións, e, por suposto, facer e desenvolver un labor a través da Inspección de Traballo.

Con respecto ás condicións laborais, simplemente lle recordo o papel da Xunta de Galicia con ese colectivo das traballadoras dos produtos do mar, dos produtos elaborados do mar. Recórdolle que foi precisamente a Xunta de Galicia a que impulsou un acordo.

Polo tanto, aquí o único que van encontrar os colectivos en Galicia é un apoio da Xunta de Galicia, primeiro, para garantir o cumprimento das nosas competencias e, en segundo lugar, para tamén defender os seus dereitos, no eido nacional, cando a negociación colectiva sexa de ámbito estatal, como é o caso. E aí nos atoparán sempre para defender eses dereitos e para garantir ese emprego en igualdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: O primeiro, por comezar polo final, non foi a Xunta —e non é o tema—. Que saque aquí o tema das traballadoras do mar, cando sabe que o único grazas ao que se chegou ao acordo foi o esforzo das mulleres, pois xa ¡por Dios! E que intenten apropiarse das folgas das traballadoras xa é o colmo. (*Aplausos.*)

Eu a verdade esperaba —e dígollo de verdade— que ía ter unha intervención totalmente diferente. Eu si que creo que a súa intervención foi desafortunada e irresponsable. E digo outra vez que foi insultante, e voulle explicar por que creo que foi insultante. É insultante porque non falan a maior parte do tempo do que lles preguntamos. É insultante porque describen unha realidade que non se corresponde coa realidade que viven as traballadoras e traballadores deste país. E por iso é insultante, non pola cortesía parlamentaria. É insultante porque falan dun país que non é Galicia, falan dun país que está nos seus discursos, está moi ben, pero que non se corresponde coa realidade que viven todos os traballadores e traballadoras do noso país.

Vostede di: datos. Pois voulle dar un dato. O 48 % dos afiliados do réxime xeral da Seguridade Social traballan a tempo completo e contrato indefinido. ¿Onde está o resto? Máis da metade, máis da metade dos traballadores e traballadoras son precarios. ¿Por que non fala deses datos? ¿Como pode dicir que todo vai ben, que o emprego non é precario?

Eu o único que lle diría é: escoite os traballadores e traballadoras, escoite, preguntelles a todas as persoas canto cobran, cantas horas traballan ao día, que condicións laborais, que contratos, cantas persoas teñen contratos por días, por horas, por semanas, cantas persoas están traballando nunha roda interminable entre o paro e o traballo. Iso é a realidade laboral deste país, só ten que saír deste parlamento e falar con case calquera sector, pero especialmente co sector servizos.

E especialmente hoxe non falamos do sector servizos en xeral, falamos das traballadoras camareiras de piso. Fale con elas, vaia preguntarlles aos hoteis as condicións laborais que hai neste sector, e despois veña aquí e diga que non hai que facer nada, porque a verdade é que si que me parece bastante irresponsable que non diga absolutamente nada. Eu pensei que ía vir cunha intervención dicindo que hai que mellorar a autocrítica. A verdade é que moitas veces non serve para nada, porque só serve para que teñen aquí un discurso de boas palabras e que despois non leven adiante ningunha medida. Pero xa ¡que veñan dicindo que

a situación é totalmente diferente á que é...! É que non o dicimos nós, é que mire os datos e fale coas persoas que están traballando no sector.

¿E como pode dicir que é insultante co turismo? Non, nós o que dicimos é que teremos que ver cales son as condicións do emprego que xera o turismo. Se tantos millóns empregan para defender o turismo, pois haberá que dedicarlle tamén diñeiro a que os traballadoras e traballadores teñan unhas condicións mínimas, unhas condicións coas que poder vivir.

É que non di nin unha soa medida, ningunha, que vai levar adiante especificamente para o sector. Ou sexa, non vale que me veña relatar aquí as leis de igualdade, xa as coñezo. E din moitas cousas, que hai que acabar coa desigualdade entre os homes e as mulleres —marabilloso—, pero despois, se estas leis non teñen unha aplicación real...

É o que lle dicía na miña primeira intervención: a conciliación, a fenda salarial. Vostedes no Congreso dos Deputados estaban bloqueando unha lei para acabar coa fenda salarial. Ou sexa, poden dicir que queren acabar coa fenda salarial, pero se despois nas iniciativas que se trouxeron tamén aquí a este Parlamento, se despois nas iniciativas que se traen a debate sobre a fenda salarial votan en contra, pois o discurso, a verdade, é que pouco ten que dicir.

E, despois, sobre todos os esforzos que fai a Xunta de Galicia e todos os esforzos que leva facendo, pois eu dígolle que lles pregunte a todas as traballadoras que traballan no sector que opinan deses esforzos, se lles está chegando algo de todos estes esforzos, se aumentou algo o seu salario, se teñen menos risco de despedimento que hai uns anos. Non. Fale con elas, escoite.

É que a min, de verdade, o que me parece alucinante é que traíamos aquí unha situación dun sector que é dos máis precarios —as traballadoras e traballadores do mar é un sector tamén cunhas condicións de miseria— e nin un mínimo de empatía, un mínimo de —non sei— conciencia pola situación das persoas que traballan, e sobre todo que están aquí presentes —e, aínda que non estiveran, podían velo despois—.

É insultante, a verdade, que diga que a situación é marabillosa, que fale en termos macroeconómicos, que non vaia á realidade concreta. Eu díxenlle realidades concretas, traballadoras que cobran 2,50 euros por unha habitación. Faga as contas, bote contas de cantas horas teñen que estar traballando para acadar o salario mínimo interprofesional. Bote contas e, entón, despois de facer esas contas, diga que todo é marabilloso, que hai igualdade entre homes e mulleres e que a Xunta está facendo todo o posible para que as mulleres e os homes teñan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...igualdade salarial.

De verdade, eu creo que hoxe, coa súa intervención —e aínda ten tempo de rectificar—, amosou unha falta de respecto increíble e unha falta total por xente que está traballando durante moitísimas horas con enfermidades profesionais que están indo a traballar moitas veces tomando analxésicos. Moitas mulleres teñen que estar tomando analxésicos diarios...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...para traballar, para cobrar 2,5 por unha habitación, e aínda por riba teñen que escoitar barbaridades, que creo que foi o único que dixó. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, para o turno de réplica, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, en primeiro lugar, este goberno sempre mostra toda a sensibilidade con calquera colectivo, con calquera, con todos, con todos os colectivos que precisan calquera tipo de axuda, de colaboración e sobre todo de traballo conxunto para mellorar as súas condicións laborais, e, polo tanto, ..

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe.

Déanlle voz ao escano... Perdón, ao escano non. Probe agora.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moi ben.

En primeiro lugar, o que lle estaba trasladando, señora Quinteiro, é que este goberno sempre mostra toda a sensibilidade cos colectivos.

Hoxe acompañanos, efectivamente, un colectivo que ten unha situación laboral moi concreta, que se está a traballar dende o Goberno central e dende a Xunta de Galicia, e dende logo o que teñen todas as traballadoras deste colectivo é a man tendida por parte da Xunta de Galicia para seguir defendendo os seus dereitos, para seguir traballando, para mellorar as súas condicións, e, polo tanto, para que de cara ao futuro ese traballo conxunto entre as diferentes administracións cos sindicatos e tamén coas propia traballadoras dea resultados, como xa están a dar resultados concretos. (*Aplausos.*)

Señora Quinteiro, o que non é razoable —porque eu non vou cualificar a súa intervención, como fixo vostede coa miña— é pretender patrimonializar o emprego en igualdade. Vostedes teñen a tendencia de entender que o emprego en igualdade é un patrimonio seu. Non é certo. O emprego en igualdade é un patrimonio de todos, de todos os galegos e as galegas, de todos os partidos políticos e, por suposto, da xente de Galicia. E aí é onde imos traballar, con todos os colectivos e nomeadamente neste caso coas traballadoras correspondentes a un sector onde, efectivamente, a situación do sector da hostalaría, da limpeza de pisos, de hoteis e apartamentos, ten peculiaridades que hai que afrontar e que estamos afrontando.

Eu trasladeille medidas concretas, señora Quinteiro. Díxenlle como o Issga, a Xunta de Galicia está traballando co Goberno central nesa mesa de traballo que se constituíu, e trasla-

deille como conseguimos, froito dese traballo, o recoñecemento das lesións nas mans e brazos como enfermidades profesionais. ¿Como que non estamos a facer cousas? E trasladeille ese acordo sobre a valoración técnica doutras doenzas que padecen e que teñen unha orixe profesional, como son as dorsolumbares, as cervicais ou as hernias. Trasladeillo, señora Quinteiro. E trasladeille que tamén estamos elaborando unha guía práctica para avaliar os riscos ergonómicos e psicosociais. E trasladeille que para o ano 2019 temos un plan específico de traballo para editar material sobre prevención laboral neste sector. E trasladeille que neste sector imos facer unha campaña específica no eido da hostalería para mellorar as súas condicións. E trasladeille tamén que imos actualizar toda a documentación e imos trasladar todo o asesoramento e asistencia técnica a este colectivo.

Estoulle falando de medidas concretas, señora Quinteiro. ¿Por que nega vostede a realidade? E seguiremolo a facer. E tamén para o ano 2019 imos seguir de forma moi especial as condicións laborais e contratación das traballadoras deste colectivo. E ímolo facer a través da Inspección de Traballo, porque este goberno ten tolerancia cero con calquera tipo de incumprimento da normativa laboral en todos os sectores e, nomeadamente, no sector da hostalería.

Imos seguir con esa actividade inspectora e, polo tanto, imos seguir actuando. Imos seguir actuando no eido da seguridade e a saúde no traballo, con perspectivas de xénero, con iniciativas específicas nos sectores onde hai unha maior presenza feminina, e, sobre todo, imos seguir participando no colectivo das limpadoras de pisos e de hoteis para seguir nese grupo de traballo en colaboración coa Administración xeral do Estado para mellorar as súas condicións de traballo e, polo tanto, para que se lles poida seguir recoñecendo as enfermidades como son a síndrome do túnel carpiano e tamén esa elaboración da guía práctica para riscos ergonómicos e psicosociais.

Polo tanto, señoría, tolerancia cero con calquera incumprimento, máxima colaboración co sector para seguir traballando e desenvolvendo medidas, e, sobre todo, insisto e recórdolle: a igualdade laboral non é un patrimonio do seu partido, a igualdade laboral é un patrimonio dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora á seguinte iniciativa, ás preguntas ao Goberno, e substánciase en primeiro lugar a pregunta 7.3.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da misión especial á China encabezada pola Xunta de Galicia para participar na I Feira Internacional de Importación

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Logo das intervencións das profetas da Galicia apocalíptica, eu quixera que falásemos da Galicia real, da Galicia que avanza, da Galicia que crece, da Galicia que traballa todos os días por superarse. Esa é a Galicia sobre a que nós queremos preguntarlle no día de hoxe.

Eu teño que comezar, conselleiro, con dúas críticas cara á súa intervención. Eu teño que dicirlle que pedirlle coherencia e rigor á oposición deste país é como pedirlle peras ao olmo ou é como falarlle sinxelamente en chinés, porque non entenden nada. *(Risos.)* A oposición dende logo non está nesta Cámara para practicar a coherencia e o rigor. *(Aplausos.)* Igual que tampouco me parece de recibo agardar que BNG ou as Mareas critiquen nalgún momento o Partido Socialista; non o van facer, non o van facer nunca, porque son socios naturais e é o que busca. *(Murmurios.)*

Na pregunta, efectivamente, no pleno pasado, hai quince días debatíamos neste hemiciclo unha proposición non de lei sobre Alcoa e varios voceiros de distintos grupos da oposición criticaban de forma airada a ausencia do conselleiro de Economía e Industria nese debate. Vese que para a oposición hai empresas de primeira, empresas de segunda e empresas de terceira, porque eles é verdade que piden a continuidade dalgunhas empresas e piden o peche doutras; é o que vemos aquí habitualmente. Para a esquerda deste país hai traballadores de primeira, traballadores de segunda e traballadores que non merecen nin sequera conservar o seu emprego, porque a esquerda ten decidido poñer a súa empresa na diana da destrución e do peche desa empresa e, polo tanto, téñenas condenadas ao peche.

Para nós todos os traballadores son igual de importantes, non hai traballadores de primeira e de segunda nin de terceira. Para nós son iguais os traballadores de Alcoa, son iguais os traballadores de Ence, de Elnosa, de Reganosa, das centrais térmicas de Meirama ou das Pontes, exactamente igual.

Preguntámoslle hoxe, señor conselleiro, pola súa viaxe á China, que realizaba hai quince días e que lle impediu asistir a esa sesión plenaria, unha viaxe institucional, non turística, como fan líderes da oposición como o señor Lores ou o señor Xulio Ferreiro, que van á China facer turismo. Vostede estaba nunha viaxe institucional, nunha viaxe onde se trataba de levar á I Feira de Importación da China, en Shanghai, empresas galegas e acompañalas nese labor de exportación.

Seguramente non é casual que Galicia bata nos últimos anos récords en número de empresas exportadoras nin que a facturación desas empresas exportadoras non deixe de crecer.

Preguntámoslle, señor conselleiro, pola valoración que fai o Goberno galego desa viaxe á China para participar na I Feira Internacional de Importación, de Shanghai. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Para o turno de contestación, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, en primeiro lugar, moitas grazas ao Grupo Parlamentario Popular pola oportunidade que lle dá ao Goberno de trasladar tanto os obxectivos como os resultados da misión comercial que vimos de realizar á China.

Efectivamente, o Goberno estivo onde tiña que estar, porque neste caso catorce empresas galegas do sector agroalimentario estaban a participar na I Feira Internacional de Importación, que se celebrou en Shanghai, unha feira promovida polo Goberno chinés, promovida e inaugurada tamén polo presidente chinés, que permitiu o mellor escaparate posible para Galicia e para as empresas do sector agroalimentario que alí participaron. Sen dúbida, foi unha oportunidade para mostrar a calidade e a capacidade que está tendo o sector agroalimentario para innovar e, sobre todo, para ofertar produtos de calidade.

O primeiro que quería destacar é que o mérito dos resultados da exportación están sendo do magnífico comportamento que está tendo o tecido produtivo. E as empresas galegas están sabendo, primeiro, desenvolver un produto de calidade que ten posicionamento no mercado; en segundo lugar, identificando mercados para poder desenvolver e incrementar as súas exportacións e, polo tanto, mellorar o emprego tamén en Galicia.

O que fixo o Goberno foi simplemente acompañar dende o punto de vista institucional esta delegación e, polo tanto, representar o tecido produtivo galego ante a Administración chinesa e tamén ante as diferentes empresas e institucións que alí se presentaban. A oportunidade foi única, por un dobre motivo. En primeiro lugar, porque era a primeira feira internacional promovida polo Goberno chinés na estratexia de apertura que ten en materia de importacións e, sobre todo, a apertura a través da ruta da seda, e, polo tanto, unha oportunidade para que Galicia se poida posicionar neses mercados. En segundo lugar, foi unha magnífica oportunidade porque Galicia tivo a ocasión, grazas á invitación institucional da multinacional chinesa Bright Food, para asistir a esta feira a través dun espazo propio de *Bright Food* no que participaron as empresas galegas. Polo tanto, as empresas de Galicia tiveron a oportunidade de estar nun *stand* dunha multinacional chinesa que serviu de escaparate, polo tanto de presentación, dos seus produtos. Era a mellor forma que nós entendiamos de que puideran ter unha continuidade os datos das exportacións.

E a partir de aí o Goberno tivo unha axenda institucional que trasladarei na réplica, tanto a nivel institucional, cunha reunión co vicealcalde de Shanghai, como a través dese memorando que firmamos coa Cámara de Comercio para a importación e exportación de maquinaria, que vai permitir abrir novas oportunidades ao tecido empresarial para que novas empresas poidan ter na China un destino das súas exportacións.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para o turno de réplica, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Ao Partido Socialista faille moita graza a pregunta e esquece que estas empresas galegas foron buscar mercados fóra cando aquí padeciamos unha gran crise económica provocada por un goberno irresponsable como era o Goberno de Rodríguez Zapatero. E, polo tanto, non lles debería facer tanta graza que preguntemos por iso, porque hoxe as empresas galegas están situadas nos mercados exteriores cando aquí non había mercado e aquí a situación era tremendamente grave, señor Losada. E, polo tanto, nós alegrámonos de que en viaxes como esta poidamos levar o viño, o aceite galego, os lácteos, as conservas, o peixe, a carne, o mel galego, para vendelos en mercados exteriores como é o mercado da China. Lamento que a vostedes os preocupe. *(Murmurios.)* E, polo tanto, aquí está o Goberno galego, do lado dos traballadores de Alcoa, por suposto, pero tamén do lado dos traballadores de Ence, de Elnosa, de Reganosa, da central de Meirama e da central das Pontes, que ven novamente ameazados os seus postos de traballo, sempre por gobernos socialistas.

A Galicia sempre lle foi mal cando houbo un goberno socialista en Madrid. Polo tanto, nós o que lle pedimos, señor conselleiro, é que atenda as empresas galegas, que as acompañe, que faga de cicerone nesa saída ao mercado exterior, que é o que todo o mundo demanda nestes momentos.

E, polo tanto, eu lamento esa frivolidade do Partido Socialista, frivolidade acompañada de irresponsabilidade permanente. Cada vez que gobernan, as empresas galegas teñen problemas, as grandes e as pequenas. De momento, o Goberno galego fai o que ten que facer, no caso de Alcoa, no caso da central de Meirama, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* no caso das Pontes, no caso de Reganosa, de Elnosa, de Ence, de todas as empresas que os grupos da oposición queren pechar.

Polo tanto, conselleiro, nós animámolo a seguir con iniciativas como esta, porque, como co Partido Socialista non se pode contar, que saiban as empresas galegas e todos os seus traballadores que van ter sempre do seu lado o Goberno galego e a maioría parlamentaria que o sustenta e que dá estabilidade á política galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Perdón, desculpe un momento.

Señor Losada, vostede está intentando durante todo o día que o chamen á orde, de verdade. Si, estao intentando e vaino conseguir, vaino conseguir. Non está vostede no uso da palabra. Leva intentando falar e interromper dende hai un montón de iniciativas, así que lle prego, por favor, que cale, que escoite os que están falando e, se vostede quere intervir, presente unha iniciativa... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non está vos-

tede no uso da palabra. Se quere intervir, presente unha iniciativa e diga o que teña que dicir, que o escoitaremos atentamente. Píddollo por favor.

Ten a palabra o señor Conde. Adiante.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moi ben.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, efectivamente, esta viaxe foi unha viaxe importante, importante polo que significaba, en primeiro lugar, o vínculo e a relación que Galicia ten con Bright Food dende o punto de vista dos investimentos que ten en Galicia e tamén dende o punto de vista da capacidade de *Bright Food* para axudar o tecido produtivo galego a incrementar as súas exportacións no sector agroalimentario en Galicia.

Seguramente o fito máis importante desta viaxe é que deu continuidade á que realizou o presidente da Xunta en xuño do ano pasado, e, polo tanto, a viaxe daba resposta a esa viaxe institucional do presidente, que marcou un fito moi importante para identificar a China como un dos destinos prioritarios do noso tecido produtivo. E iso deu lugar á participación nesta feira, unha feira das máis importantes do mundo nestes momentos nun país que está abrindo a súa economía, nun país que está reducindo os seus aranceis e nun país que está incrementando as súas importacións.

E, como lle dicía, poder estar presente neste evento debémoslo a *Bright Food*, que, no seu momento, cando apostou por algo, confiou na experiencia da industria conserveira galega e que agora volveu dar mostra desa confianza, permitindo e contribuíndo a consolidar a alianza estratéxica que a multinacional ten con Galicia.

Pero, sobre todo, a viaxe senta un precedente moi importante, porque pode ser un exemplo para que outras empresas galegas inicien este camiño en colaboración con outras empresas chinesas que permitan a introdución dos nosos produtos ou que tamén loxicamente queiran investir en Galicia.

Un escaparate único o que puidemos desenvolver nesta participación e —como lle dicía— cunha presenza institucional importante, en primeiro lugar, coa reunión de traballo co vicecalde de Shanghai, que permitiu afianzar os lazos entre Galicia e A China, non só dende o punto de vista económico e comercial senón tamén dende o punto de vista cultural, e tamén traballando para impulsar o Camiño de Santiago e, polo tanto, a capacidade de atraer turistas dende A China.

Tamén asinamos un memorando coa Cámara de Comercio para a importación e exportación da China, que vai converter e que converteu Galicia na primeira comunidade autónoma de España en asinar un convenio destas características, que vai permitir o desenvolvemento de misións comerciais directas e inversas entre Galicia e A China.

E, finalmente, señor Tellado, a viaxe constituíu unha oportunidade para que o sector agroalimentario siga crescendo dende o punto de vista das exportacións. No ano 2017 o 20 % das

exportacións galegas á China eran do sector agroalimentario; nestes momentos, no que vai de ano, incrementouse por encima do 30 %. E, polo tanto, temos neste momento que o sector agroalimentario na China xa ten un peso do 25 % en total das exportacións.

Temos que seguir traballando, pero, sobre todo, temos que seguir acompañando o noso tecido produtivo para que siga gañando mercado e siga incrementando as exportacións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...nun mercado tan importante como é A China.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia en Ferrol

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Despois dos minutos cómicos, pois imos aos problemas que preocupan a este país.

Señor Conde, hoxe ten a oportunidade de demostrarnos se lle importa máis o noso naval ou defender as prácticas e as miserias do seu partido. Porque hai días soubemos —supoño que en parte do traballo dese auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional que é o Partido Popular— que un proxecto vital para Navantia e Ferrol como son as fragatas F-110 levan cando menos dous anos de atraso. E o único que se lle ocorreu neste tempo dicir ao señor Feijóo é que vostedes de mísiles nin falan nin entenden. É sorprendente tendo en conta que vostedes posúen en exclusiva o rigor e o coñecemento neste país.

Pero, en todo caso, o BNG non vén aquí pedirlle que saiban de mísiles e si a que falen disto e a que dean explicacións, porque é o que lles corresponde como Goberno. Porque hoxe sabemos que responsables políticos —insisto— do seu partido quixeron impoñer un modelo concreto e que iso implicou un atraso de dous anos. Soubemos que non era un debate técnico, senón que é casualmente o modelo que respondía aos intereses dunha empresa vinculada ao ex-ministro Morenés ata hai dous telediaros. Sabemos tamén que cada vez é máis evidente que o Goberno de Rajoy buscou favorecelo. E sabemos tamén que tiveron incluso desde o Goberno central a pouca vergonza de outorgarlle a dedo un contrato a esa mesma empresa para que avaliara se era mellor esa propia empresa ou a súa competidora; ou sexa, xa surreal.

Polo tanto, señor Conde, nós pensamos que isto non hai por onde collelo. E, polo tanto, pedímoslle dúas cuestións moi claras: primeiro, que sexan honestos, que expliquen en sede parlamentaria se vostedes coñecían esta situación. Porque igual de grave é que non a coñeceran e que, polo tanto, non estean desenvolvendo o seu labor de fiscalización como que o soberan e non dixeran nada ou non se enteraran.

E, polo tanto, tamén entendemos, en segundo lugar, que estamos falando dunha cuestión moi grave. É que non se trata de saber ou non saber de mísiles, senón de defender a boa xestión dos recursos públicos, a carga de traballo para Ferrol e o naval galego, e tamén de non tolerar unhas actuacións lesivas que poderían ser a punta do iceberg dunha trama meirande. Polo tanto, entendemos que o seu Goberno debe actuar.

E xa que vostede vai a Madrid mañá, pois a min gustaríame que nos aclarara se a Xunta de Galiza se vai dirixir á Fiscalía Anticorrupción para que investigue esta cuestión. Porque, señor Conde, tapar as vergoñas do seu partido podería saír moi caro para o sistema produtivo do noso país. E, polo tanto, queremos saber que vai facer diante desta cuestión que vimos de coñecer publicamente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor presidente.

Señora Presas, eu lamento enormemente que vostede se mofe do sector exportador galego. Creo que falar das exportacións non son minutos cómicos, señora Presas. Creo que falar do sector exportador galego é falar dun sector que xera 21.000 millóns de euros en exportacións en Galicia, *(Aplausos.)* que está xerando emprego en Galicia e que, polo tanto, creo que merece un mínimo respecto por parte do Bloque Nacionalista Galego. Porque, señora Presas, estamos nunha economía aberta e Galicia nin termina no Padornelo nin termina en Pedrafita.

En calquera caso, fálame vostede dun sector exportador. ¡Fíxese que casualidade! Agora resulta que o sector naval lle interesa. Outros sectores exportadores parece que lle interesan un pouco menos.

A min o que me gustaría saber é cal é a súa prioridade cando se fala das fragatas. ¿A súa prioridade onde está? ¿Está na mesma prioridade que nas corvetas, que resulta que vostedes non defenden a construción das corvetas e que, polo tanto, non defenden man de obra para o sector naval e para Navantia? ¿É a mesma posición a que teñen no caso das fragatas? ¿Cal é a súa posición? A deste goberno está moi claro, señora Presas, que non é outra cousa que se concrete dunha vez o contrato das fragatas. E a posición da Xunta de Galicia, tanto co Goberno do Partido Popular como co Goberno do Partido Socialista, é que se poida firmar esa orde de construción, esa orde de execución das fragatas, da cal dependen sete mil empregos en Ferrolterra. Así o fixemos e o Partido Popular puxo nos orzamentos esa partida de 252 millóns de euros para iniciar a construción das fragatas. Esa é a realidade.

E a decisión nestes momentos é responsabilidade única do Goberno Socialista: poder firmar esa orde de execución e, polo tanto, poder firmar ese contrato. Seguramente, non sabemos se co apoio ou non dos partidos independentistas, como o Bloque Nacionalista Galego, ou con Podemos, non sabemos se vostedes van apoiar realmente ese contrato. Outros contratos de Navantia, dende logo, non os apoian.

En calquera caso, dende que se aprobaron os orzamentos, señora Presas —neses orzamentos hai 252 millóns de euros para iniciar a construción das fragatas—, o Goberno do señor Sánchez ten paralizada a orde de execución. Esa é a realidade. A cuestión que se debería preguntar —se realmente defende os intereses de Galicia, de Navantia ou dos traballadores do sector naval— é por que iso é así. E sabe perfectamente que esa firma se podería levar a cabo sen necesidade de definir os mísiles. E, polo tanto, este non é un tema técnico, é un tema efectivamente da vontade que teña o Goberno de asinar esa orde de execución e, polo tanto, trasladar a tranquilidade e a certeza ao sector naval galego, ao sector naval de Ferrol e, polo tanto, aos traballadores de Navantia para que se concrete esa orde de execución e, polo tanto, se inicie a construción das fragatas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Ten a palabra, para réplica, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Está vostede, señor Conde, para falar de respecto esta tarde, ¡eh!, está para falar de respecto. Para comezar, se quere falar un pouco de respecto polo naval do noso país, ¡pois conteste ao que se lle pregunta! (*Aplausos.*) ¡Conteste ao que se lle pregunta, señor Conde!

¿Coñecían ou non coñecían que o intento do Partido Popular de favorecer a empresa de Morenés supuxo un atraso de dous anos, si ou non? É igual de grave que o coñeceran e calaran como que non se enteraran da movida, (*Aplausos.*) porque absolutamente incumpren a Lei do naval e non participan da toma de decisións cunha empresa pública —teoricamente pública— que é Navantia, ¡igual de grave!

Tampouco me contestou se van poñer isto en coñecemento. Se non o fai o Partido Socialista e o Goberno central, se non o fan eles, ¿por que a Xunta de Galiza non se dirixe á Fiscalía Anticorrupción para que investigue algo que, evidentemente, atentou contra os intereses de Galiza? Pídolle a vostede, igual que llo pido ao Goberno central: isto hai que investigalo. E, desde logo, o BNG traerá a esta Cámara iniciativas para que isto así se faga, (*Aplausos.*) porque estamos falando do naval galego e estamos falando do uso de recursos públicos que saen dos nosos petos, de todos e de todas, señor Conde.

Polo tanto, a ver, eu son consciente de que vostede está acostumado a escorrer vultos sobre contratos que nunca chegan ao naval, como en Pemex. Pero nesta cuestión ten un pouquiño aí a sorte de que ten un novo goberno para botarlle a culpa, pero hai que render contas tamén. ¿Supuxo o intento do Partido Popular de favorecer a Morenés, nesa eficaz rede de

corrupción institucional, algo lesivo para Ferrol, si ou non? Nós estamos convencidos de que si. Mínimo perdeu un 2 % de poboación esa comarca durante estes dous anos. Mentres vos-
tedes amañaban contratos, Ferrol padecía importantes problemas sociais e económicos, e iso debe ter unha investigación e tamén responsabilidades políticas no seu Goberno, por omisión das súas funcións ou por omisión de poñer isto en coñecemento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Ten unha confusión competencial verdadeiramente preocupante. Esta tarde a verdade é que non ten situado moi ben o mapa en Madrid, *(Murmurios.)* en Galicia, e realmente iso para establecer un debate cun mínimo rigor é realmente difícil.

Eu o que me pregunto é: ¿de que pretende acusar a Xunta de Galicia neste tema? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Realmente non o sei. Vostede sabe que se trata dunha decisión que lle corresponde en exclusiva ao Goberno de España e a Navantia. Sabe que a Xunta de Galicia non ten ningún tipo de competencias nesta cuestión. E, polo tanto —non sei—, se vostede entende que hai algo tipificado que hai que trasladar á Fiscalía, pois é o que debe facer, ¡digo eu! ¿Ou tamén quere trasladarlle ese tipo de responsabilidades?

O que non sabemos é por que vostedes pretenden danar o sector naval galego. *(Murmurios.)* E o que non sabemos é por que vostedes pretenden danar o programa de construción das fragatas, como intentaron danar o programa de construción das corvetas, porque o Bloque Nacionalista Galego se opón á construción das corvetas en Navantia. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

En calquera caso, nós estamos aquí para defender o interese dos traballadores de Navantia. Non teña ningún tipo de dúbida. Para nós, para a Xunta de Galicia, o prioritario é que o Goberno do Estado faga uso desa partida de 250 millóns de euros e que se concrete ese contrato para Navantia. En ningún momento da súa intervención vostede aludiu a ese paso que ten que dar o Goberno e, polo tanto, xera a dúbida de se o Bloque Nacionalista Galego realmente está co sector naval.

En calquera caso, señoría, a Xunta de Galicia vai seguir apostando polo programa de construción das fragatas. Vai seguir apostando para que o Goberno desbloquee a orde de execución do programa de construción das fragatas e que, polo tanto, permita que eses sete mil empregos en Ferrolterra teñan certeza sobre o seu futuro e que se garanta a carga de traballo para este estaleiro para a próxima década. E nese contexto é onde nós imos traballar.

A partir de aí, señoría, a Xunta de Galicia non mudou en ningún momento a súa posición, en ningún momento, e, polo tanto, nós imos seguir mantendo esa posición.

E de aspectos técnicos, señoría, Navantia e o Goberno de España. A Xunta de Galicia defenderá a posición dos traballadores e que ese contrato entre en vigor canto antes.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e dous minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25